

O INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO E O COLEXIO SAN CLEMENTE

Autores
Carmen Alonso, Jesús Alvarez Flórez, José Arca, María Ascariz, Pablo Carou Barros, Leonor Deive, Mª José Díaz Lorenzana, Mª José Enríquez Morales, Pedro Antonio Fernández, Pilar Fernández Mira, José Filgueira Cobos, Marivel Freire Freire, Rosario García Echave, Concepción G. Adán, Xosé Manuel González Reboredo, Cristina Jato, Miguel Ángel López Fariña, Francisco L. Piñeiro, Maribel Martín, Francisco Montero, Xabier Mouriño, Gemma Paredes, Mª Teresa Pérez Mateos, Soledad Pite Sanjurjo, Ana Quintáns Vázquez, Xesús Rábade Paredes, M.C. Ríos Panisse, Ubaldo Rueda, Manuel Varela Duro

Agradecementos
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Medios de Comunicación
Concellería de Cultura e Educación do Concello de Santiago
Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago
Autores dos textos
Alicia Mosquera Fernández

Deseño da cuberta
Pedro Ávila Durán

Deseño e Maquetación
Mª José Enríquez Morales
Gráficas Garabal, S.L.

Impresión
Gráficas Garabal, S.L.

Depósito Legal
C 195-2012

O INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO

E

O COLEXIO SAN CLEMENTE

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CONCELLO DE
SANTIAGO

Parabéns e recoñecementos

É para min unha grata satisfacción abrir con estas liñas a primeira páxina deste libro que conmemora o 400 aniversario do Colexio San Clemente e o 70 do IES Rosalía de Castro.

Como Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, síntome fondamente orgulloso do pasado deste nobre edificio fundado polo ilustre Arcebispo D. Juan de San Clemente, sede de prestixiosas institucións ao longo dos seus catro séculos de historia e que hoxe acolle o Instituto Rosalía de Castro.

Síntome igualmente satisfeito dese presente que é hoxe o IES Rosalía de Castro, tanto polos seus resultados académicos como polos seus múltiples proxectos culturais nas disciplinas mais diversas. Os máis importantes cristalizaron nos Premios San Clemente e Bento Spinoza –referentes ambos no noso ámbito cultural–, nas excelentes exposicións que organiza no seu Claustro, e nos premios de investigación que nos permitiron representar a toda España en varias ocasións en diferentes concursos internacionais.

Este alto nivel de calidade só se consigue con moita ilusión e con moito traballo. Por ese motivo eu quero darlle as grazas e felicitar a toda a Comunidade Educativa, porque co seu estilo de centro está transmitíndolle ao seu alumnado o máis importante para a súa vida futura: a ilusión, a sana ambición, o esforzo e o cultivo dos valores.

Moitas felicidades e parabéns por estes dous aniversarios e que se cumpran moitos máis coa mesma ilusión e a mesma paixón, ao servizo do ensino público galego, ao servizo da nosa sociedade.

Xesús Vázquez Abad,
Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

Unha aventura educativa e cultural

A liturxia profana ofrécenos diferentes formatos para celebrar os aniversarios sobre todo cando estes xa son centenarios. Talvez a mellor forma de rememorar, de celebrar o pasado sexa transcendelo nun acto creativo a través de novos proxectos que garden dese pasado, desa terra natal, como diría Hölderlin, a súa forza creadora.

Este libro que é un canto na honra do edificio de San Clemente sitúase sen ambaxes neste xeito de celebración. Brillante Colexio de Pasantes, fundado polo arcebispo D. Juan de San Clemente no século XVII co afán de competir co Colexio de Fonseca; máis tarde, Seminario Conciliar, para terminar acollendo no seu seo unha das entidades máis dinámicas de finais do século XIX e de principios do XX, "A Sociedade de Amigos do País", promotora de innumerables proxectos para un país necesitado de formación e de modernización. Proxectos que tiveron no edificio de San Clemente o seu principio vertebrador.

A antorcha desta aposta pola educación e pola cultura recolleraa neste emblemático edificio, o Instituto Rosalía de Castro, cando da man de Dona Pura Lorenzana comeza a súa andadura nos anos 40 do século pasado. A ambición de Dona Pura, muller recia e de gran formación, nun mundo case exclusivamente de homes, era nada máis e nada menos - explicábame cando a coñecín nos anos 90- que o destino das nosas mozas non comezase e rematase en "sus labores". Curioso reencontro con D. Juan de San Clemente que preocupado pola situación das orfas do Reino de Galicia funda un Colexio, o Colexio das Orfas, para que as acolla e lles ofreza unha formación propia daqueles tempos. E vaia se o consegue Dona Pura, porque a primeira xeración de alumnas do Rosalía, que aparece reflectida neste libro en distintas etapas da súa vida, cursaría, practicamente toda, estudos universitarios nas facultades da Universidade Compostelá.

Esta paixón pola formación da nosa mocidade, que aflora en todas as intervencións de Dona Pura, continuará viva na Comunidade Educativa do Rosalía ata os nosos días converténdose probablemente no noso principal sinal de identidade.

Pero na realidade concreta, que significa esa aventura educativa e cultural que baixo o nome de San Clemente/Rosalía presentamos aquí? Se vostedes atravesan a porta da fermosa fachada barroca do noso edificio vislumbrarán rapidamente as inquietudes, proxectos e ilusións que latexan no seo deste Centro de Ensino. Inquietudes e proxectos que nos reenvían a outros momentos gloriosos da historia de San Clemente: Época Colexial, Sociedade de Amigos do País, Exposición de 1909…

Incluso se se recrean nos nosos corredores disfrutando dalgunha exposición poderían encontrarse con algún dos nosos ilustres visitantes como Saramago, Suso de Toro, Hawking, Paul Auster, Rosa Aneiros ou Murakami que lle fan eco aos non menos ilustres colexiais e membros da Sociedade de Amigos do País como Andrés Aguiar, Francisco A. Valle Inclán, Domingo Fontán, Joaquín Díaz de Rábago ou Montero Ríos.

Os que paulatinamente fomos tomando o relevo, soubemos dende o primeiro momento cales eran os nosos sinais de identidade, a nosa herdanza; o noso proxecto educativo, o que se esperaba de nós e tamén a estratexia ou modo para levalo adiante, evidentemente marcado todo polos distintos tempos que nos tocaron vivir. Por poñer un exemplo, moitas das preocupacións de hoxe eran xa as dos nosos predecesores nos anos 40: a formación en linguas, as actividades culturais, as inauguracións solemnes, os festivais escénicos, a preocupación polos resultados académicos, as actividades deportivas, a conservación do edificio…

Ás veces embárganos a impresión de que o edificio cultural e educativo marcado pola impronta do arcebispo D. Juan de San Clemente é como un molde que nos vai formando a todos, profesorado, persoal non docente, alumnado e eu diría mesmo aos pais e nais de alumnos. Ata me atrevería a dicir que os diferentes Directores que tivo o Centro, cada un co seu estilo, temos máis puntos en común do que a primeira vista parece.

Finalmente, para rematar, unha reflexión sobre a etapa actual, creo que o Instituto está a día de hoxe embarcado nos proxectos mais ambiciosos do sistema educativo e estou seguro que os nosos predecesores sentirían por nós o mesmo orgullo que nós sentimos pola herdanza que eles nos transmitiron. E como estamos celebrando o centenario de Cunqueiro cunha extraordinaria exposición, instalada no noso claustro, queremos parafraseando a D. Álvaro reclamar mil anos máis para o Ensino Público, mil primaveras máis para o San Clemente/ Rosalía.

Ubaldo Rueda
Director do Instituto Rosalía de Castro

ÍNDICE

1. O EDIFICIO E OS SEUS ANEXOS

1.1 A construción do Colexio de San Clemente **13**
Cristina Jato

1.2 A arcada gótica do claustro do Colexio de San Clemente **19**
Pablo Carou Barros

1.3 Instalación do Museo Arqueolóxico da Sociedade Económica en San Clemente no ano 1884 ..... **25**
Miguel Ángel López Fariña

1.4 O pavillón polideportivo de San Clemente: facendo cidade sobre a cidade **31**
Pedro Antonio Fernández

1.5 Rehabilitación e conservación do Colexio de San Clemente **35**
Jesús Alvarez Flórez

2. ANTES: COLEXIO DE SAN CLEMENTE DE PASANTES

2.1 Vida e obra do arcebispo Don Juan de Sanclemente **41**
Manuel Varela Duro

2.2 O Colexio de San Clemente de Pasantes nos séculos XVII e XVIII **49**
Mª José Enríquez Morales

2.3 Breve apunte sobre os usos de San Clemente nos séculos XIX e XX **59**
Mª José Enríquez Morales

2.4 Persoeiros que nos séculos XVII, XVIII e XIX estiveron vinculados ao edificio San Clemente **61**
Xosé Manuel González Reboredo

3. DESPOIS: INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO

A Rosalía **75**
Xesús Rábade Paredes

3.1 O INSTITUTO

3.1.1 A creación do Instituto Feminino **79**
Carmen Alonso / Francisco L. Piñeiro

3.1.2 Entre Actas… **85**
Carmen Alonso / Francisco L. Piñeiro

3.1.3 As semanas temáticas **99**
Carmen Alonso / Francisco L. Piñeiro

3.1.4 Publicacións e revistas **103**
Carmen Alonso / Francisco L. Piñeiro

3.1.5 Obradoiros de iniciación aos estudos superiores e ás actividades profesionais **107**
Carmen Alonso / Francisco L. Piñeiro

3.2 SEMBLANZAS

3.2.1 Mª Pura Lorenzana Prado, primeira directora do Instituto Feminino **111**
Mª José Díaz Lorenzana

3.2.2 A Don Hilario desde o recordo **113**
Leonor Deive

3.2.3 Don Gonzalo Anaya: vinte anos ensinando Filosofía (1954-1973) no Rosalía de Castro **115**
Mª Teresa Pérez Mateos

3.2.4 Don Alfredo Llecha e o gabinete de Ciencias Naturais **117**
Rosario García Echave / Concepción G. Adán

3.2.5 **Aquilino Iglesia Alvariño: poeta da xeración de 1936 e profesor destacado do claustro do Instituto Rosalía de Castro** 121
M.C. Ríos Panisse

3.2.6 **Don Antonio Fraguas Fraguas, ilustre claustral do Instituto Rosalía de Castro** 129
Xosé Manuel González Reboredo

3.2.7 **Don Ricardo Carvalho Calero** 139
Marivel Freire Freire

3.2.8 **Don Francisco Luís López Carballo** 149
Soledad Pite Sanjurjo

3.2.9 **Don Cástor Lata Montoiro** 151
Soledad Pite Sanjurjo

3.2.10 **Freire, o rapaz que se namorou do Instituto Rosalía de Castro** 153
Maribel Martín

4. AGORA: O ROSALÍA DE CASTRO, UN CENTRO DO SÉCULO XXI

4.1 **Un Instituto con vocación europea** 157
Xabier Mouriño

4.2 **Un Centro de Bacharelato Internacional** 159
José Filgueira Cobos / Ana Quintáns Vázquez

4.3 **Ante o reto da globalización: o proxecto lingüístico** 163
Mª José Enríquez Morales

4.4 **O Rosalía abrindo horizontes: os premios San Clemente e Bento Spinoza** 169

4.4.1 **Premio Arcebispo Juan de San Clemente** 171
Maribel Martín

4.4.2 **Premio Bento Spinoza** 175
Ubaldo Rueda

4.5 **Comprometidos coa cidade: o Rosalía de Castro como espazo expositivo** 179
Soledad Pite Sanjurjo

4.5.1 **Xacobeo 2004: Compostela e o Colexio de San Clemente de Pasantes** 193
Mª José Enríquez Morales

4.5.2 **2009: A Exposición Rexional Galega de 1909** 195
José Arca

4.5.3 **2011: Lorca, San Clemente, Compostela e os seis poemas galegos** 199
Ubaldo Rueda

4.6 **Mens sana in corpore sano: o club deportivo** 205
Francisco Montero

4.7 **Artes escénicas no Rosalía** 209
Xabier Mouriño

4.8 **Aposta pola innovación científico tecnolóxica** 213
María Ascariz

4.9 **A importancia de educar** 219
Pilar Fernández Mira / Maribel Martín

5. REMATE

PASEO GRÁFICO POLOS SETENTA ANOS DO ROSALÍA 225
Carmen Alonso / Mª José Ascariz / Francisco L. Piñeiro / Maribel Martín / Xabier Mouriño / Gemma Paredes

GALERÍA DE DIRECTORES 261

LISTADO DE PROFESORES: 1940-2012 265
Carmen Alonso / Francisco L. Piñeiro

1

O EDIFICIO E OS SEUS ANEXOS

1.1
A CONSTRUCIÓN DO COLEXIO DE SAN CLEMENTE

Cristina Jato

A Mariló, in memoriam

INTRODUCIÓN

O perfil relixioso que a cidade de Santiago ofrece ata a fundación da Universidade reloce na escuridade; os coidados prestados aos peregrinos son os distintivos que a singularizan respecto a calquera outra urbe medieval; o sinal da relixiosidade practicada neste santuario occidental é o servizo prestado, precisamente por razóns de caridade fraterna, aos que ata aquí camiñan; deseñada en círculos concéntricos cuxo epicentro sitúan no sarcófago do Fillo do Zebedeo, recibe un novo eixo de coordenadas cando Alonso de Fonseca decide fundar un centro de estudos destinado á mellor formación dos clérigos, precisamente nun momento no que tanto as peregrinacións coma o espírito relixioso medievais perden o pulo que noutrora fortaleceran o ánimo dos cristiáns cando o Islam asolaba os vales do norte hispánico.

Fundada a Universidade, axiña aparecen outras construcións e institucións como complementos necesarios daquela. Todas elas forman un conxunto que ten como denominador común cooperar na transmisión do saber e na boa práctica do labor docente. Unhas e outras responden ás decretais do Concilio de Trento que urxe ás igrexas locais –sés episcopais– a fundaren centros de formación para o clero diocesano.

Polo que se refire á identidade do Colexio San Clemente, os trazos distintivos son, se cabe, máis obvios aínda: fundado por don Juan de San Clemente y Torquemada, oriúndo de Córdoba e bispo da diócese de Ourense no momento de ser nomeado arcebispo da sé compostelá, o novo arcebispo recibe do Papa Clemente VIII autorización para testar e destinar 30.000 ducados á fundación dun seminario ou colexio. Xunto a Santiago, Alcalá, Córdoba ou Salamanca serán as cidades posibles indicadas polo testador para proceder á construción do correspondente edificio; de faltar el, Juan de Landeras sería o testamenteiro encargado de que a vontade do fundador se cumpra.

O Colexio San Clemente de Pasantes

Mortos ou ausentes os clérigos directamente relacionados coa acta fundacional, a obra queda nas mans de don Pedro Sanz del Castillo, responsable último da definitiva colocación do edificio en Compostela. El é o verdadeiro pai espiritual da nova casa, quen, en lembranza do profundo amor profesado polo Arcebispo para coa cidade, xamais dubidou en colocar en Santiago o colexio que o testador mandara construír.

Na cidade do Apóstolo, pois, o Concilio de Trento e a vontade de Juan de San Clemente cúmprense conxuntamente na edificación do Colexio de San Clemente "no que se instruirán e formarán os mancebos estudantes para que aproveitaren e brillaren en virtude e saberes"[1].

Na documentación referida ao novo centro de instrución para clérigos sempre figura o apelativo de "pasantes". É a expresión da especificidade propia dentro do organigrama formativo que a Universidade lle atribúe. En efecto, o Colexio de San Clemente só admitía clérigos seculares cos estudos regrados xa rematados (postgrao), mentres no de Fonseca cursaban os teólogos e no de San Xerome facíano os filósofos.

Nos últimos lustros do século XVIII coinciden o ocaso desta institución docente co da Universidade e resto de centros auxiliares creados arredor da "alma mater". Coa chegada das tropas francesas a Compostela, o edificio San Clemente convértese en cuartel xeral dun exército maioritariamente anticlerical: queiman a biblioteca, inutilizan o arquivo, espolian todo obxecto de valor e o edificio deixa de ser de pasantes e pasa a ser de ocupantes estranxeiros. Paradoxalmente tanto a finalidade coma os medios que don Juan de San Clemente pensara e destinara para a súa función quedan reducidos a pura nada. Os propósitos fundacionais desaparecen de calquera actividade e función realizadas dentro das paredes dese singular edificio.

Si permanece na súa orixinaria estrutura o edificio que, sucesivamente, vai sendo ocupado ao largo dos dous últimos séculos polo Exército (Colexio de Cadetes e Batallón de Santiago), Igrexa (Seminario Conciliar), Institucións sociais (sede da Sociedade Económica de Amigos del País) e autonómicas (IES Rosalía de Castro).

ASENTAMENTO, MESTRE DE OBRAS E PROXECTO

Asentamento. Os terreos elixidos para construír o edificio están situados extramuros da cidade, moi próximos ao paseo da Ferradura e da carballeira de Santa Susana. Unha grande explanada de 6000 m^2, rodea e prolonga cara ao norte o promontorio que se levanta na zona das Hortas. Boa parte desa extensión servirá de solar para o novo edificio que hoxe podemos contemplar nas coordenadas 42º52´39" latitude N., 4º 51¨32" lonxitude O.

Mestre de obras. Poucos e pouco precisos son os documentos que temos á man para reconstruírmos tanto avatar sufrido polos distintos mestres de obras e, mesmamente, polos que deseñaron os planos que aqueles debían seguir. A primeira noticia escrita sobre o supradito colexio achámola datada no ano 1607 cando o escribán refire "o que deica agora está feito do colexio, coa horta, xardíns e fontes, é obra dun gran príncipe"[2]. En 1609 encontramos citado polo seu nome propio a un mestre de obras, Jácome

Fernández, dirixindo os labores de edificación e, sobre todo, rexistrado o orgullo que para este mestre supón figurar nos documentos co título de "mestre de obras do colexio de San Clemente". Título que, pola contra, nunca aparece rexistrado cando se fala das obras da catedral, sabendo, por outro lado, que esa mesma persoa tamén era mestre de obras na catedral. Só o mestre de San Clemente merece os honores de figurar nas memorias escritas ademais de dispor dunha ben ampla horta e dunha casa para toda a súa familia dentro do recinto do colexio.

Entre os anos 1609 e 1619 figura como aparellador Leonel de Aballe quen, morto Jácome Fernández, pasa a desempeñar o cargo de mestre na dirección das obras.

Proxecto. Quen imaxinou o edificio de "Pasantes"?

A falta de datos directos, só nos queda facer hipóteses máis ou menos probables.

Segundo Bonet Correa[3], o autor sería Ginés Martínez de Aranda, arquitecto do arcebispo Maximiliano de Austria e membro preeminente do seu séquito, quen arribou no ano 1603. Como probas para tal suposto achega as semellanzas entre o plano do edificio santiagués e o do hospital de Santiago de Úbeda, de Andrés de Vandelvira, ademais de diversos elementos das respectivas portadas que son propios do modelo utilizado pola escola granadino-xienense.

A hipótese de Bonet foi aceptada durante moito tempo por estudosos do tema coma Rosende Valdés[4] e Valle Pérez[5].

En 1991, a profesora da Universidade de Santiago de Compostela, Mª Dolores Vila Jato, propón a tese de que os autores dos planos foron o mesmo Jácome Fernández e o arquitecto portugués Mateo López, este de total confianza para Juan de San Clemente e mestre, á súa vez, de Jácome Fernández.

Os argumentos veñen todos da banda das semellanzas entre as fachadas do colexio de San Clemente e a Colexiata de Santiago de Cangas, na que, de certo, traballou Jácome Fernández, así coma dos parecidos cun amplo grupo de fachadas-retábulos no que traballou o equipo de escultores dirixido polo portugués. As similitudes entre as fachadas deseñadas polo arquitecto Mateo López coa do Colexio de "Pasantes", engadidas ao papel de factótum desempeñado por Jácome Fernández na execución concreta das obras planeadas polo seu mestre, fan desta hipótese a máis probable.

Non esquece a profesora Vila Jato a obriga de todo bo investigador: probar as propias afirmacións e refutar as que considera erróneas. A rebater a tese de Bonet Correa dedica unha presada de razóns. Son estas: a proba achegada –plano cadrado con patio interior semellante ás construcións civís andaluzas– nada proba, porque tamén pode tratarse dun plano que segue o modelo do Colexio Fonseca –igualmente cadrado con patio interior– máis próximo no espazo cós andaluces. Polo demais, tamén puido ocorrer que o fundador do Colexio de San Clemente quixer "imitar na fachada, a portada do Colexio Fonseca, símbolo da fundación da Universidade compostelá e do seu promotor, o arcebispo don Alonso III. Quizais nunha arroutada por imitar ao mecenas do renacemento santiagués, don Juan cavilou na forma de permanecer vivo na memoria do pobo e pensou nun recordatorio idóneo: copiar na fachada da súa fundación un retábulo cun desenvolvemento iconográfico no que o propio escudo fora o eixe principal de toda a composición"[6].

Fachada do Colexio Fonseca

Fachada do Colexio San Clemente

Nesa mesma liña argumental, prosegue Ana Goy amoreando probas a favor da autoría de Jácome Fernández e, tamén, recalcando as razóns en contra da tese de Bonet Correa. O resultado final é que a hipótese deste último nin sequera pode cualificarse de probable. Nada, tanto para a profesora Vila Jato coma para Ana Goy Diz dá soporte racional á tese de Ginés Martínez de Aranda como autor do proxecto do Colexio de "Pasantes" de San Clemente.

A CONSTRUCIÓN

Tres son as etapas que podemos distinguir na construción do nomeado edificio: 1) Inicial (1605-1609). Nesta etapa destacan a realización da fonte e da explanada. 2) Etapa de Jácome Fernández (1609-1618). É a máis importante. 3) Etapa de Leonel de Aballe (1619-1635). Ao morrer este no ano 1629, sucédelle Juan Vidal ao fronte do proxecto ata 1635, ano no que se elaboran as Constitucións e o Colexio empeza a funcionar como tal.

DESCRIPCIÓN DO EDIFICIO

O edificio é de planta cadrada, de dous pisos cun grande patio no centro, ao redor están distribuídos os espazos necesarios para o exercicio da docencia e para a ordenación da vida estudantil.

Da repartición interior do Colexio só resta a escaleira, o demais foise perdendo nas distintas transformacións e adaptacións, segundo os usos diversos aos que estivo destinado. A escaleira repite a do claustro procesional do mosteiro de Celanova (Ourense), onde Mateo López, mestre de Jácome Fernández, traballara.

Franqueada a porta de entrada, éntrase nunha estancia ampla, cadrada, que fai de distribuidor. As portas están fronte por fronte unhas das outras, podendo verse o patio desde a rúa e viceversa. Á dereita estaba situada a capela e á esquerda o espazo destinado para actos literarios[7]. Desta maneira, a capela mantén a dirección leste-oeste coma nas igrexas cristiás e reproduce o mesmo esquema do Colexio Fonseca. Da bóveda orixinal desta capela hoxe nada se conserva.

A ala dereita do edificio estaba dedicada a refectorio. Na do norte estaban as cociñas e os espazos destinados a almacén. Na parte central, onde Bonet Correa di que estaba a capela, dispoñíanse as adegas, despensas e saída para a horta, currais e cortes dos cabalos, aproximadamente nos mesmos sitios que hoxe ocupan o polideportivo do IES Rosalía de Castro e aparcadoiro subterráneo de San Clemente.

O conxunto estaba cercado por un muro de pedra asentada en masa de recebo; actualmente aínda se conserva na costa de San Clemente unha portada de servizo e no lintel gravado, e ben á vista, o escudo do fundador.

Escudo de San Clemente sobre a porta de servizo aberta no muro occidental

No sobrado, estaban as habitacións dos colexiais, a cámara, o salón reitoral e maila biblioteca.

Das catro fachadas, tres son de perpiaño revocado en cal e unha, a principal, de cantería asentada. Todo o muro é moi sobrio, dominado polo ritmo horizontal da sucesión de fiestras en dous corpos, separados por unha sinxela moldura. No centro atópase a portada, formada por dúas ordes superpostas de columnas emparelladas, dóricas no corpo inferior e compostas no superior; teñen, asemade, o terzo

inferior de fuste tallado con motivos florais e estriado o resto. Ámbalas dúas ordes érguense sobre altos plintos decorados con motivos xeométricos e están separadas por unha cornixa. O friso da cornixa ten ménsulas en vez de triglifos e pequenos resaltes cadrados en lugar de métopas.

No primeiro corpo, entre os intercolumnios hai nichos para esculturas rematados por un frontón triangular.

No segundo corpo repítese a estrutura do primeiro, agás no centro, onde se sitúa unha grade ventá rectangular con balcón de ferro rematado por un frontón curvo fendido polo escudo do arcebispo San Clemente. Enriba deste, o cornixamento e mailo frontón triangular con pináculo rematados en bóla que denotan a influencia de modelos casteláns, en concreto do Escorial.

Bonet Correa[8] considera esta portada coma unha obra sobria e elegante que lle dá medida e proporción aos descarnados muros da fachada; relaciónaa con modelos galegos anteriores como a fachada do Colexio Fonseca, a Colexiata de Cangas e San Martiño Pinario.

Vila Jato[9] tamén sostén a relación coas portadas de Cangas e Fonseca, aínda que o tempo transcorrido entre unha e as outras determine que a ornamentación sexa diferente e, mesmo, que a de San Clemente destaque pola súa solemnidade romana.

Pero a tese máis probable, tal cavila a citada profesora, é a xa apuntada: don Juan de San Clemente ou os seus testamenteiros buscaron emular na fachada a portada do Colexio Fonseca, ao cabo o símbolo indiscutible da Universidade de Santiago e recordo visible do seu fundador.

O edificio no seu conxunto está centrado por un patio cadrado de grandes dimensións, de sete tramos por lado e dúas plantas. O andar inferior ten os arcos de medio punto rebaixados e os tramos están organizados por un xogo de dobres pilastras toscanas que se elevan sobre plintos decorados con motivos xeométricos; nos interpiares hai paneis co mesmo tipo de ornamentación. O andar superior repite a mesma estrutura excepto os vans que son rectangulares e en cada terceiro interpiar, comezando polos ángulos, están colocadas as armas do tantas veces nomeado arcebispo.

Ao igual que na fachada existen arcos no primeiro corpo e vans-balcóns no segundo.

Este tipo de claustro difire da tipoloxía habitual ata o daquela; que a planta inferior se abra por arcos separados por piares e columnas é algo novo na arquitectura da época; o Barroco consagrará definitivamente esta alternancia entre materia e oco, van e sólido.

Finalmente, ao falar do Colexio de San Clemente tamén debemos dicir algo sobre un elemento accesorio mais non secundario: é a fonte que hoxe está na Alameda e sempre estivo fóra do recinto colexial.

Por que a situaron fóra? Porque o concello no documento de concesión de auga esixe que a fonte servira tamén para servizo público dos veciños "de las faxeiras y los peregrinos" que chegaran á cidade. Foi costeada con cargo á tantas veces aquí nomeada Fundación e motivada porque, malia á abundancia de auga na zona das hortas, dentro do recinto escolar non lles chegaba a dos pozos e fontes propios.

A fonte na súa primeira ubicación, diante da fachada do Colexio de San Clemente

Pola feitura está na liña da tipoloxía portuguesa de chafariz, modelo introducido en Galicia por João Lopes a partir do patrón creado por Mateo López.

Jácome Fernández realiza unha fonte monumental cunha ampla pía para a auga estancada. Do medio emerxe un pedestal cúbico que fai de base a un piar decorado con motivos vexetais e rematado nunha grande cunca, en forma de copa de beber.

Na decoración son perceptibles a cruz, o castelo e maila áncora, símbolos arcebispais que tamén se repiten na fachada do edificio. Outra volta, rematando o conxunto aparecen a alcachofa e maila bóla.

A fonte foi desprazada ao Campo da Estrela en 1900 e substituída pola estatua do Bispo Figueroa

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- Bonet Correa, A., *La arquitectura en Galicia durante el s. XVII,* Madrid: CSIC, 1984.
- González García Paz, S., *O Colexio de San Clemente de Pasantes de Compostela,* Santiago: USC, Consorcio, 1996.
- Goy Díaz, Ana, *La arquitectura en Galicia en el paso del Renacimiento al Barroco, 1600-1650, Santiago y su área de influencia (Microformo),* Santiago de Compostela: USC, Servicio de publicaciones e intercambio científico, 1995.
- Vila Jato, Mª Dolores, *O Renacemento, a arte de Compostela,* Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1993.
- Idem, *Sobre el Renacimiento en Galicia. Mateo López y la arquitectura clasicista. Jornadas Nacionales de Renacimiento Español.* Príncipe de Viana, 1991.
- Idem, *Galicia. Arte,* A Coruña: Hércules Ediciones, 1985.
- Idem, *Santiago de Compostela, Patrimonio histórico galego, cidades,* A Coruña: Xuntanza editorial, 1993.

Notas

1 Vila Jato, M.D., O *Renacemento. A arte en Compostela,* Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1993, p. 102.

2 "Memorias del Cardenal Jerónimo del Hoyo", p. 32. Ver en Antonio Bonet Correa, *La arquitectura en Galicia durante el s. XVII,* CSIC, 1984, p. 127.

3 Op. cit., p. 127.

4 Cfr. "El Renacimiento", Véxase *Historia del arte gallego,* Madrid: Ed. Alhambra, 1982.

5 Cfr. Voz El Renacimiento, *Enciclopedia temática de Galicia, Arte,* Barcelona: Ediciones Nauta, 1988.

6 Ana Goy Diz, *La arquitectura en Galicia en el paso del Renacimiento al Barroco, 1600-1650, Santiago y su área de influencia (Microformo),* Santiago de Compostela: USC, Servicio de publicaciones e intercambio científico, 1995.

7 González García Paz, *O Colexio de "Pasantes" de San Clemente de Compostela,* Santiago de Compostela: USC, Consorcio, 1996, p. 72.

8 *La arquitectura en Galicia durante el s. XVII,* Madrid: CSIC, 1984, p. 129.

9 *Renacemento. A arte de Compostela,* Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1993, pp. 102-105.

1.2
A ARCADA GÓTICA DO CLAUSTRO DO COLEXIO DE SAN CLEMENTE

Pablo Carou Barros

Introdución

A conmemoración do catrocentos aniversario da construción do edificio do Colexio de San Clemente en Compostela, trouxo consigo o interese por unha das pezas artísticas que acolle no seu interior. Trátase do enigmático arco gótico que se conserva na á este do claustro baixo do edificio, e que non pertence ao antigo Colexio.

O estudo das pezas arqueolóxicas medievais é en si mesmo moi complicado, sobre todo en casos coma o presente, en que aparecen descontextualizadas por completo. As investigacións sobre o pazo dos Ocampo, situado na praza de Cervantes, ao que pertencía a citada arcada comezaron a interesar aos historiadores de fins do século XIX como consecuencia da desaparición do inmoble. Entre eles destacará, por facer o maior achegamento histórico, o insigne estudoso Bernardo Barreiro de Vázquez Várela, que, na revista Galicia *Diplomática*, por el dirixida, escribirá, tras a desaparición do vello pazo, un extenso artigo no que achegará documentación de grande importancia e dará noticias moi interesantes para o achegamento histórico ao arco conservado e, por extensión, ao resto do inmoble.

Os historiadores posteriores, en ningún momento estudarán máis profundamente o pazo desaparecido, senón que se limitarán a dar pequenos datos que non achegaron nada novo ao xa publicado, equivocando en ocasións os datos e mesmo falseándoos[1].

A casa solar dos Ocampo e a súa situación na cidade de Compostela

Do antigamente denominado pazo de Altamira, situado na Praza do Campo, logo do Pan e hoxe de Cervantes[2], en Santiago de Compostela, non queda máis vestixio que o arco principal de ingreso á súa zona asoportalada, conservado no Colexio de San Clemente.

A Praza do Campo, dende a súa fundación, é unha das prazas máis civís de Compostela. Así, a documentación da primeira metade do século XII denomínaa "forum", e era neste lugar onde se custodiaban os pesos e medidas utilizados no comercio[3] e se facían públicos os acordos do Concello e as ordes dos Arcebispos Señores da cidade.[4] Será esta praza o lugar elixido pola fidalguía e burguesía para as súas residencias[5], onde a Igrexa tamén está presente coa parroquia alto medieval de San Bieito do Campo e distintas propiedades de carácter civil.[6] A súa importancia irá en aumento cando no ano 1583 se instale o Concello da cidade nun dos seus edificios. En 1753, o académico da historia Antonio Rioboo e Seijas, ante unha petición do Concello, fai unha descrición da cidade na que a praza, que neste momento é denominada Praza Mayor,[7] é resaltada como a máis importante da cidade apostólica,[8] sendo, ademais, lugar de encontro e de mercado, como así o asegura Pascual Madoz en 1845.[9]

A situación da casa-pazo na praza do Campo, non é unha simple casualidade xa que esta é unha zona de grande actividade comercial, situada nun dos nós estratéxicos da complexa rede urbana compostelá. Nesta praza teñen o seu punto de encontro as principais vías que atravesan a cidade, sendo unha destas o denominado Camiño Francés de Santiago e a outra a vía que dende San Roque chega ata a Porta da Mámoa.

A Praza de Cervantes, no ano 1884 coa
triple arcada gótica do pazo dos Ocampo

O pazo dos Ocampo na Idade Media

O que hoxe podemos coñecer sobre o antigo pazo medieval é sempre a través de fotografías, debuxos, planos e descricións do século XIX.

Situado na fachada norte da praza de Cervantes, era unha edificación con fronte principal á devandita praza, entre medianeiras e con soportal, que presentaba unha aliñación que, seguindo a das casas laterais, estaba disposta en forma achafranada, como podemos apreciar no plano que debuxa Domínguez Coumes-Gay en 1886.[10] Pola súa planta vemos que as súas proporcións son maiores que as das casas veciñas; ademais, indícanos a presenza de dúas columnas e dúas semicolumnas pegadas aos robustos contrafortes exteriores que ao tempo fan a función de muros medianeiros.

O seu alzado aparece perfectamente definido a través de fotografías decimonónicas e, sobre todo, nun debuxo a plumilla[11] pertencente á colección de manuscritos de Antonio de la Iglesia González.[12] Trátase dun edificio de dúas plantas e baixo asoportalado entre medianeiras, de moi boa construción xa que todo el estaba feito en cadeirado de granito. Na súa zona baixa atopamos tres arcadas apuntadas sobre dous capiteis historiados, un con figuración humana e outro con predominio de vexetación, soportados por dúas robustas columnas na súa parte central e por dous capiteis encaixados sobre semicolumnas nas medianeiras e nas zonas laterais. Na zona do soportal ábrense tres vans; no centro, a porta principal de entrada á casa; ao lado dereito, un portal de entrada a unha tenda e, ao lado esquerdo, unha ventá. O soportal atopábase así mesmo separado das casas veciñas por un arco en cada unha das súas medianeiras, estando estes dous arcos dispostos sobre semicolumnas pegadas rematadas por capiteis encaixados con decoración vexetal nos que se podían ver *ramos moi rudos cinguidos e largos*[13] ao igual que nos capiteis pegados da arcada principal. No primeiro piso dispoñíanse dúas ventás e unha porta de aire no centro e no seu último piso, dúas ventás. Esta disposición dos vans do primeiro piso non é arbitraria xa que ten a intención de alixeirar o peso mural que afecta á arcada principal.

Nos cinco vans da fachada principal apreciamos na súa parte superior a pegada dos arcos oxivais tapiados, posiblemente, na segunda metade do século XIX para transformar as ventás en modelos decimonónicos alintelados.

Como remate aparece un tellado moi saínte que deixaba ver na súa zona voada unha singular carpintaría disposta en espiña de peixe, cuberta de tella curva, toda ela sostida por canciños pétreos. A posición do tellado a tres augas, fixo pensar a Bernardo Barreiro que puido ser un edificio exento.[14]



Vista da fachada do pazo, debuxo a plumiña da colección de Antonio de la Iglesia

Neste edificio o aspecto pechado do muro de granito alixéirase coa apertura das arcadas do soportal, o que dá unha vertente pública do pazo ao introducir o espazo da praza no ámbito privado; esta característica favorecerá a instalación dos mercados semanais no devandito lugar. Presenta a esvelteza que lle dá non só a súa grande altura, o que lle confire un aspecto torreado, senón tamén os elementos artísticos da fachada, ademais, a ascensionalidade non só quedaba remarcada pola presenza de arcos oxivais no soportal, senón tamén polo seu uso nos cinco vans da fachada, transformados con posterioridade.

Aínda que hoxe en día non atopamos esta tipoloxía de casa civil urbana de fins da Baixa Idade Media en Compostela, como consecuencia das distintas transformacións do casarío urbano, si podemos mencionar edificios na vila de Noia, nos que se aprecian as principais características mencionadas, como os muros lisos de cadeirado, arcadas góticas sobre columnas que forman soportal na súa zona de fachada, presenza de pedras heráldicas, grande esvelteza do edificio ou tellado sobre canciños pétreos; trazos, todos eles, que atopamos nos noieses Pazo Dacosta ou a Casa de Xouba.[15]

Poucas noticias temos do vello edificio; sabemos que tería unha grande significación e importancia na cidade, tanto pola súa aparencia externa coma pola posición social dos seus moradores tras a súa construción, a non ser as declaracións que fai Jacome de Montaos, alcalde ordinario da cidade de Santiago, no ano 1543 ante unha petición de Rodrigo Ponce Docampo, da que levantará acta o notario Macías Vázques.[16] No documento Jacome de Montaos fai referencia á antigüidade da casa do Campo dicindo *que as ditas casas son as máis antigas e mellores que na dita plaça ay* e confírmaas como propiedade do conde de Altamira. Así mesmo, indícanos que no momento da declaración o edificio está ocupado polo señor de Montaos.[17]

O pazo no século XIX

No ano 1842 o empresario Francisco Rodríguez de Arijón compra a vella casa do século XV para instalar nela parte dos seus negocios. O matrimonio da súa filla Antonia con Manuel Pérez Saenz será o comezo dun frutífero facer empresarial[18], que se verá culminado en 1847, cando Manuel Pérez establece no edificio do seu sogro unha oficina de banca que terá gran futuro. Nestes momentos o pazo apenas sufriu cambios externos, a non ser a transformación das antigas ventás góticas noutras modernas, ao tapiar os arcos e resgar o peitoril da ventá central do primeiro piso. Será a partir do ano 1884 cando os fillos de don Manuel Pérez compren as casas lindantes para, tras derrubar todas elas, incluído o vello casarón dos Ocampo, construír un edificio acorde coas necesidades dos seus negocios bancarios e que seguise os ditames da moda da época. Para iso solicitan licenza municipal con planos do mestre de obras Manuel Pereiro Gaeiro,[19] o 27 de novembro de 1886,[20] licenza que será concedida na sesión ordinaria do Concello celebrada o 9 de decembro de 1886.[21]

Nesta orde de cousas, comezado o derrubamento dos edificios a pesar de que houbo propostas de conservación da fachada,[22] don Olimpio Pérez, membro con grande protagonismo da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, doa a esta Sociedade o arco medieval da fachada, que será trasladado á sede que a institución ocupaba no Colexio de San Clemente,[23] onde será destinado a entrada do seu Museo Arqueolóxico.[24] Para iso encárgase a Agustín López Miras un modelo de reixa artística de ferro fundido,[25] na que se representan motivos xacobeos, como a vieira e formas coa cruz de Santiago, que será fundido en Carril por Antonio Alamparte.[26]

A arcada conservada no Colexio

Trátase dun arco apuntado, composto de 10 dovelas de igual forma e tamaño[27], sobre columnas cilíndricas de pedra de granito,[28] no cal se aprecian os arranques dos arcos laterais desaparecidos tras o seu traslado.

Detalle do arco

Capitel esquerdo, vista frontal

Capitel esquerdo, vista lateral esquerda

Capitel dereito, vista da zona esquerda

Base dereita

Notas

1 Refírense a el sen máis complicación que mencionar aos seus propietarios: *o moderno edificio con arcadas sobre a Praza ocupa o sitio das antigas "Casas d ' ou Campo" propiedade dos Condes de Altamira,* López López, (1915), páx. 92. Indican o século de construción e dan o seu sobrenome: *casa do século XV... coñecida como casa da lámpada, Pereiro* Alonso, (1996), páx. 30. O xa falando só do arco gótico algún autor afirma que *Jesús López de Rego, con motivo da exposición rexional do 1909, presenta esta entrada para a sección arqueolóxica instalada no colexio S. Clemente,* Costa Buján e Morenas Aydillo, (1989), páxs. 132 e 133.

2 Denominación, que toma no ano 1840 ao colocarse o busto de Miguel de Cervantes sobre a columna da fonte que a preside. Sánchez Rivera, (1947), páxs. 156 e 157.

3 López Alsina, (1988), páx. 257.

4 García Iglesias, (1993), páx.82.

5 García Oro, (1987), páx. 74.

6 *Item as casas do Canpo, que están en dereito a pila do Canpo, en que adoitaba morar Miguel Peres e pero... tendeiros e outros, que son quatro e son do arçibispo, salvo que ha e o mosteiro de San Pedro. E ítem vos han de dar a muger e fixos de Gutierre Fe mandes, carniçero, por unha casa que esta na Rua del Canpo e por oirás dous en que ten dato carniçeria onde puxeron mesas para cortar carne, que están jimias coa a devandita casa.* O Tombo Vermello de don Lope de Mendoza, (1995), páxs. 5 e ilustración 24.

7 Santiago Retrospectivo, (1955), páx. 9.

8 Pérez Costanti, (1993). páx. 38.

9 *A do Campo ou del Pan está novamente empedrada: na súa metade ten soportais, e é o punto onde o comercio se esforza en colocar as súas tendas, porque nela é continua a concorrencia e animado o mercado.* Mádoz, (1845), páx. 1189.

10 Costa Buján e Morenas Aydillo, (1989), páx. 132.

11 Utilizo para o estudo o debuxo do Manuscrito 600 da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, ademais da fotografía que publican Pablo Costa e Julián Morenas, (1989), páx. 132.

12 Antonio de la Iglesia González (1822-1892), historiador e investigador da lingua galega, ademais de poeta, será, xunto ao seu irmán Francisco, un grande dinamizador da cultura galega da segunda metade do século XIX. *Grande Enciclopedia Galega,* (1974), tomo 17, páx. 202.

13 Barreiro de Vázquez Várela, (1889), páx.154.

14 Barreiro de Vázquez Várela, (1889), páx. 153.

15 García Vidal, (1991), páxs. 71 a 73.

16 Barreiro de Vázquez Várela, (1889), páx. 154. (17)

17 *E remata a testemuña declarando que a súa familia ten e posúe ao presente a dita casa da dita praza do Campo, soar tido por o mais antigo da cidade.* Barreiro de Vázquez Varela, (1889), páx. 156.

18 Pereiro Alonso, (1996), páxs. 30 a 32.

19 O novo edificio pouco ten que ver coas seis edificacións históricas anteriores; de grande implantación na zona, a obra de Pereiro Caeiro suporá unha nova aliñación da praza de Cervantes, así como o aumento considerable de volume construtivo, pasando a ser unha das fachadas representativas do casco histórico e símbolo da nova burguesía decimonónica compostelá. Seguindo a tradición da praza, o arquitecto Pereiro organizará o novo edificio cunha ampla zona asoportalada sobre a que se dispoñen tres pisos con balcóns; catro galerías de ferro nos extremos do primeiro e segundo piso e pequenas ventás no último.

20 Libro de Licenzas de Obras do Concello de Santiago do ano 1886, páx. 139.

21 *En vista da instancia de don Olimpio e don Cándido Pérez Rodríguez, veciños e do comercio de esía Cidade, solicitando licencia para edificar de nova planta as casas números 16, I7, 18, 19 e 20 da praza de Cervantes; do informe do Arquitecto e ditame da Comisión de Construcións: o Concello acordou acceder aos desexos dos interesados suxeitando a obra ao plano e condicións establecidas por devandito facultativo satisfacendo o imposto de licenza e o de ocupación da vía pública que se lle fixa no devandito ditame.* Libro de Actas de Sesións do Concello de Santiago, do ano 1886, páx. 268.

22 Que chegarían tarde. *Seria obra máis custosa, pero lucidisima, que a fachada da nova casa se houbese de construír cos restos venerables e aínda fermosos, baixo os planos da antiga, axeitados ás construcións modernas. A arcada dos soportais, levantada sobre o pavimento á conveniente altura e na nova liña, seguindo a orde dos tres ocos primitivos e restaurados, ¡aínda coas súas danzas de nenos e as súas sinxelas espinacas gravadas nos capiteis, tomaría un aspecto de pazo soberbio e monumento histórico (sen prexudicar aos modernos usos, divisións e comodidades inferiores) ese edificio que se perdeu para sempre!.* Barreiro de Vázquez Várela, (1889), páx. 154.

23 A Sociedade Económica pagou 309 pesetas a *D. Salustiano Sanmartín e outros por condución ao Museo da Sociedade do Arco da casa da Praza de Cervantes, propiedade do Excmo. Sr. D. Olimpio Pérez.* Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela, Libro de Tesouraría Exercicio Económico 1886-1887.

24 E formará parte, xunto con outras pezas arqueolóxicas, da Exposición Rexional Galega de 1909, que ten a sede da Sección Arqueolóxica no Colexio de San Clemente. López Ferreiro e outros, 1909, sen Páx.

25 Pola que se pagou 60 pesetas *ao Porteiro conserxe para pagar a Dn. Agustín López Miras por facer os modelos dun enreixado para o Museo Arqueolóxico da Sociedade.* Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela, Libro de Tesouraría Exercicio Económico 1888-89.

26 *Cobrando 304 pesetas D. Antonio Alamparte de Carril por 785 de... ferro fundido para a porta do local destinado a Museo Arqueolóxico e construción desta.* Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela, Libro de Tesouraría. Exercicio Económico 1888-89.

27 O que nos indica a presenza dun mestre e dun proxecto reitor.

1.3
INSTALACIÓN DO MUSEO ARQUEOLÓXICO DA SOCIEDADE ECONÓMICA EN SAN CLEMENTE NO ANO 1884

Miguel Ángel López Fariña

Agosto de 1868. No salón principal da Sociedade Económica, situada no edificio do Mosteiro de San Martiño Pinario, celébrase unha multitudinaria Asemblea á que asisten "patriotas gallegos" procedentes das catro provincias co fin de fundar un Centro cuxo principal obxectivo sería o de *fomentar el estudio de la Historia, de la Arqueología y de las Bellas Artes en Galicia*[1].

Este encontro, organizado por D. Manuel Murguía e entusiasticamente apoiado pola Sociedade Económica[2], tamén busca fundar o gran Museo Arqueolóxico Central de Galicia. En apenas media hora de reunión xa se recollen promesas de valiosas doazóns, de individuos e institucións, coas que se elaborou unha lista inicial de pezas arqueolóxicas que dera forma ao museo. Nesta reunión elíxese unha comisión que tería como finalidade principal a fundación e posta en marcha do museo.

Por desgraza, os acontecementos políticos de setembro de 1868 fan fracasar este proxecto, xa que provocan que moitos dos homes implicados teñan que deixar o país mentres que outros adhírense con entusiasmo aos comités revolucionarios creados en diferentes cidades de Galicia. O mesmo Manuel Murguía participa activamente na creación da Xunta Revolucionaria de Santiago de Compostela, sendo elexido secretario da mesma. A súa primeira acción é a de emitir unha proclama ao pobo de Santiago e da recollida de adhesións á causa revolucionaria:

> *[…] SANTIAGUESES; la pátria por tanto tiempo afligida, ha recobrado por fin, sus olvidados derechos, su desconocida Soberanía. La Marina, el pueblo y el ejército, unidos en ese dulce lazo que hace de todos los ciudadanos un solo cuerpo, han logrado por fin sacudir el yugo que la agoviaba y ponia á la nacion española al nivel de las mas abyectas y degradadas […] De hoy más la libertad será una cosa cierta, y los derechos individuales quedan tan asegurados como tiene derecho á esperar esta nacion magnánima. Santiagueses, VIVA LA LIBERTAD, VIVA LA SOBERANIA NACIONAL, VIVA LA MARINA ESPAÑOLA, VIVA EL EJERCITO, VIVA EL PUEBLO.*[3]

Entre as adhesións á Xunta Revolucionaria cabe destacar a do propio Cabido da Catedral, como podemos comprobar na súa resposta:

> *Contestando á la atenta comunicacion de V. S. fecha de ayer, debo decir que este Cabildo reconoce la gravedad de la revolución, que acaba de verificarse, desposeyendo del Trono á Da. Isabel de Borbón; y que, aun cuando su misión es completamente agena á la politica, y si solo de paz, caridad y oración, en presencia de la gravedad y solemnidad de las circunstancias, no vacila en manifestar á V. S. su adhesion, declarando que acata la autoridad creada por el reciente movimiento político, como acatará y se adherirá al gobierno, que ahora se dé la nación, rogando al Todopoderoso le ilumine para que pueda hacer la felicidad de nuestra patria.*[4]

A implicación de moitos dos membros da Sociedade Económica nos acontecementos políticos do momento apartan a un segundo plano a idea da creación do Museo, aínda tendo a posibilidade de atopar un espazo axeitado para a súa instalación xa que o "Edificio San Clemente" estaba moi próximo a ser abandonado polo Seminario Conciliar, polo seu pronto traslado á súa nova sede de San Martiño Pinario.[5] A Xunta Revolucionaria non dubida en apremiar ao Arcebispo para que desaloxe o Edificio de San Clemente coa finalidade de acuartelar tropas nel:

> *Necesitando esta Junta el edificio Ex-Colegio de S. Clemente para alojar con la comodidad que merecen, las tropas que han llegado y mas que llegarán para sostener el orden en esta Ciudad, apoyando al propio tiempo las disposiciones que las circunstancias requieren á causa del pronunciamiento Nacional verificado; espera que Va. Ema. tenga á bien dar las ordenes convenientes para que el citado edificio sea puesto inmediatamente á su disposicion…*[6]

Nos anos seguintes o edificio San Clemente convertirase en "caixón de xastre" da cidade, acollendo sucesivamente novos acuartelamentos, produto da inestabilidade política que se instaura en España durante 6 anos.[7] Pérdese así unha oportunidade única de ter un edificio histórico con capacidade suficiente para acoller o proxecto do gran Museo Arqueolóxico de Galicia.

No ano 1877 retómase moi tímidamente a cuestión da creación do Museo Arqueolóxico. A revista *Galicia Diplomática*, dirixida por Bernardo Barreiro, arquiverio do Concello de Santiago, publica un artigo[8] encamiñado a concienciar ás deputacións, concellos, sociedades e particulares en pro da fundación do tan esperado Museo en Galicia. Con todo, o proxecto cae de novo no esquecemento e non será ata 1883 cando se retome o asunto con forza e co aliciente da celebración, ao ano seguinte, do primeiro centenario da Sociedade Económica. *Galicia Diplomática* avanza noticias sobre a creación de dous museos na cidade, o Museo do Seminario e o Museo da Sociedade Económica:

> *[…] Damos ya por hechos ambos museos dada la respetabilidad de las corporaciones y el talento de las personas que han determinado su fundación. Primero la Sociedad Económica cuya comisión de informe la componen los doctores D. Vicente Martínez de la Riva y d. Antonio López Ferreiro, y los Excmos. Sres. Marqués de Algara de Gres y Rodriguez Seoane. Después el gran Seminario Central, por iniciativa del Eminentísimo Cardenal Arzobispo de esta diócesis y con el concurso de un distinguido cláustro de profesores…*[9]

Neste mesmo artigo razóase exhaustivamente sobre a necesidade de ambos os dous museos na cidade, sendo significativa a opinión vertida en relación á función principal que deberían ter os Museos dos Seminarios:

> *No nos cansaremos de suplicar uno y otro día al Eminentísimo Sr. Cardenal complete los estudios del Seminario con brevísimas nociones del arte antiguo á fin de que nuestros curas párrocos respeten y restauren con inteligencia los monumentos confiados a su celo; ayuden á descubrir las antigüedades que abundan en lugares y villas, y se hagan amar cada vez más por la ilustración y el patriotismo de sus estudios y obras. Cada vez estamos viendo con más frecuencia que en las iglesias románicas de Galicia desaparecen altares y cornisas, tápianse ventanas y pórticos, derríbanse sepulcros y se pican inscripciones de gran valor sin preceder informe ni dejar de todo ello un simple cróquis.[…] y como quiera que en todo el*

distrito no haya otra persona ilustrada que el párroco, si éste no lleva del Seminario algunos conocimientos de historia y arqueología fácil es que al soltar una burlona carcajada (como acontece hoy) dé al traste con cuantas esperanzas tenemos de escudriñar las edades que pasaron, y envanecernos de una cultura que estamos muy lejos de atesorar.[10]

Con respecto ao Museo da Sociedade Económica, os traballos da comisión presidida por Rodríguez Seoane fructifican nun extenso informe presentado á Sociedade no transcurso da Sesión ordinaria do 11 de xuño de 1884[11], escasamente un mes antes da súa pretendida inauguración. O informe realiza un percorrido sobre as anteriores tentativas de creación do Museo e xustifícase a necesidade da súa fundación pola Sociedade ante a falta de iniciativa das entidades públicas tanto nacionais como locais. Despois dunha ampla exposición dos feitos e da concreción dos apartados histórico-artísticos que debería ter o Museo,[12] abórdase de novo o problema da súa ubicación. Para a Comisión é unha cuestión primordial xa que *en un buen local los objetos duplican su mérito y hermosura* e poñen como exemplo á recente fundación do Museo Nacional de Lisboa ao que califican de *hermano del nuestro por infinitos conceptos*. Temos constancia de que a Comisión viaxou a Lisboa a visitalo e quedou gratamente sorprendida ao constatar que *tal vez la joya mas preciosa que encerraba en arqueología era el mismo Museo Arqueológico, es decir, el local en donde se halla instalado*.



Claustro de San Clemente. 1919

A busca do pretendido local para o Museo vai ser infructuosa xa que non atopan, nin na cidade nin nas súas proximidades, un edificio coas características de espazo e nobreza apropiadas para acollelo. De novo sae a relucir o edificio de San Clemente, que agora xa non está baleiro, pois desde o outono de 1882 aloxa a recén fundada Escola de Veterinaria e desde xaneiro de 1883 a propia Sociedade Económica.[13] Á vista da falta de locais,[14] a Comisión propón os propios que posúe a Sociedade en San Clemente, non sen antes aconsellar as reformas necesarias como o cerramento do seu claustro "*por medio de vidrieras en los arcos y un techo de cristal*." As obras no Edificio van consistir basicamente no peche do claustro, a substitución de pavimentos e diversos traballos de carpintería e tapicería así como gastos de imprenta, labores de limpeza e traslado de pezas artísticas ao Museo, o que supón a suma de 9409,75 reais. O que non consegue a Sociedade é o peche mediante unha cuberta de cristal do amplo claustro do edificio, non sabemos se por falla de presuposto ou dos permisos necesarios para a súa realización.

O museo vai abrir as súas portas o día 20 de xullo de 1884, sendo o acto principal dos organizados para celebrar o primeiro centenario da Sociedade Económica. Diante dun público numeroso e entusiasta D. Luis Rodríguez Seoane inaugura o tan esperado Museo Arqueolóxico nunha cerimonia solemne recollida pola prensa da época:

> *Por fin la tan ansiada como justa aspiración de Galicia se ha visto realizada y tal necesidad ha sido cumplida por la Sociedad Económica á instancias de uno de sus socios mas exclarecidos.*
>
> *El Excmo. Sr. D. Luis Rodriguez Seoane, honra y prez de la sociedad y á la cual ésta tantos beneficios debe, con una abnegacion sin límites inició el proyecto de instalar un museo que fuese susceptible de atesorar algo de lo mucho que Galicia encierra y que es objeto de la admiración del viajero que visita la monumental é histórica Compostela. Su afan se ha visto coronado por el éxito mas lisonjero y ayer ante un concurso lucido y numeroso se ha inaugurado el Museo Central de Galicia.*[15]

Que dicir dos obxectos expostos no Museo? Ante a falla dunha colección propia, a Sociedade Económica acode ás doazóns procedentes de variados lugares: particulares como D. Luis Rodríguez Seoane, que cede a súa colección privada en depósito, D. José Villamil y Castro[16] ou D. Joaquín Díaz de Rábago; entidades públicas como o Concello e entidades privadas, principalmente as relixiosas, como a Catedral, o Seminario Conciliar ou a parroquia de Sar. A mesma Sociedad Económica era propietaria dunha pequena colección que en 1885 contiña un total de 105 pezas.

Durante os primeiros anos de funcionamento do Museo aparecen con frecuencia noticias na prensa local instando á Comisión ou ao propio Concello a incorporar obxectos en perigo de destrución e que pola súa calidade son dignos de ser conservados. Este é o caso, por exemplo, do cruceiro de San Lourenzo:

> *[…] el hermoso crucero debido a la devoción de Bernardo Vidal y María Freire en 1679 y colocado al terminar la calle de San Lorenzo ya no existe. […] Cedió al impetuoso ciclón haciéndose pedazos la columna y estropeándose completamente la efigie del Crucificado […] Encarecemos á nuestro Ayuntamiento que no deje perder esa joya inestimable y restaurarla en el modo y forma que se pueda, y, si eso no fuese hacedero á conservar en el Museo Arqueológico esos restos. Lo urgente es que no queden abandonados en la robleda de San Lorenzo*[17]

Escaleira principal. Exposición Rexional Galega 1909

A actividad do Museo reactivarase en 1909 con motivo da Exposición Rexional Galega na que unha das xoias foi precisamente o Museo Arqueolóxico. Así e todo pouco a pouco a actividade do museo vai perdendo forza, retirando paulatinamente os seus propietarios as pezas en depósito.

Deste pasado museístico, o Edificio San Clemente aínda conserva, na súa á leste do claustro baixo, a arcada gótica que facía de porta de entrada á galería de estatuas do Museo. Esta arcada foi unha doazón á Sociedade Económica de D. Olimpio Pérez e procedía do antigo pazo Ocampo-Altamira[18] situado na praza de Cervantes.[19] O traslado ao Museo[20] lévase a cabo en 1887 e, para cumprir a función de porta de entrada, encárgaselle a Agustín López Mirás un modelo de reixa artística de ferro fundido[21], na que o artista vai representar motivos xacobeos como a cuncha de vieira e a cruz de Santiago. Esta reixa foi fundida en Carril por Antonio Alamparte[22].

O Museo Arqueolóxico pecha definitivamente as súas portas en 1944 xa que o "Ministerio de Educación Nacional" destina o inmoble para sede do *Instituto Nacional de Enseñanza Media Rosalía de Castro*, ordeando desaloxar[23] do edificio á Sociedade Económica e á Escola de Artes e Oficios, últimos inquilinos do pasado decimonónico.

Notas

1 A.R.S.E.A.P.S. libro de actas nº 5 (1883-1890)*: Sesión Ordinaria de 11 de Junio de 1884.*

2 Nestes tempos preside a Sociedade o distinguido escritor D. Narciso Zepedano y Carnero.

3 ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO. FONDO MUNICIPAL. *Documentación de la Junta Revolucionaria en 1868. Libro 808.* A Xunta Revolucionaria está presidida polo Insigne notario da Cidade, D. Ildefonso Fernández Ulloa, e nela aparecen coñecidos persoeiros da vida política, económica e académica da cidade como o Catedrático D. Antonio Casares (Reitor da Universidade e Presidente da Sociedad Económica entre os anos 1850 e 1858), o Catedrático de Anatomía D. Maximino Teijeiro (Reitor e Presidente da Sociedad Económica entre os anos 1869 e 1871), Remigio Ochoa (Accionista do Banco de Emisión de Santiago, fundado en 1864), Patricio Andrés Moreno (Presidente do Banco de Emisión de Santiago e posuidor dun tercio do seu capital), ou Francisco García Barros, avogado de prestixio.

4 ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO. FONDO MUNICIPAL. *Documentación de la Junta Revolucionaria en 1868. Libro 808.*

5 En 1865 o Cardeal García Cuesta pide permiso á Santa Sé para levar a cabo o intento de recuperar o antigo mosteiro de San Martiño Pinario baixo o pretexto da necesidade dun espazo cada vez máis amplo para albergar ó crecente número de seminaristas. Obtida unha resposta afirmativa de Roma, o Cardeal consulta ao Cabido da Catedral, en abril de 1866, a posibilidade de facerse con San Martiño ou, no seu lugar, ampliar o Edificio San Clemente dotándoo doutra planta. Finalmente, decidese permutar San Clemente por San Martiño Pinario e adicar o diñeiro que costaría a mencionada ampliación para acondicionar o vello Mosteiro.

6 ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO. FONDO MUNICIPAL. *Junta Revolucionaria. Documentación relativa al establecimiento de acuartelamiento de tropas en San Clemente, 1868. Libro 808.* Oficio enviado pola Xunta Revolucionaria "Al Exmo. Sr. Cardenal Arzobispo de esta Ciudad". 3 de outubro de 1868.

7 Nos sucesivos anos documéntanse diversos acuartelamentos en dependencias do edificio como por exemplo o do *Batallon provincial de Santiago* (abril de 1872) ou o *Batallon de voluntarios francos de la Republica* (abril de 1873).

8 BARREIRO DE VÁZQUEZ VARELA, B.: "Un Museo Histórico-Arqueológico" , en *El Diario de Santiago*, 15 de setembro de 1877.

9 BARREIRO DE VÁZQUEZ VARELA, B.: "Los museos de Antigüedades en Santiago", en *Galicia Diplomática*, Tomo II, n º 22, 8 de decembro de 1883.

10 BARREIRO DE VÁZQUEZ VARELA, B.: "Los museos de Antigüedades en Santiago", en *Galicia Diplomática*, Tomo II, n º 22, 8 de decembro de 1883.

11 Preside a sesión o Director da Sociedade Económica D. Salvador Parga e actúa como Relator da Comision D. Bernardo Barreiro.

12 Unha das discusións no seo da Comisión é a de se o Museo ten que albergar únicamente obxectos galegos o unha colección xeral de antigüidades como case todos os Museos de Europa: *Examinado este punto, la Comisión cree que, si bien debe atenderse á recoger con toda preferencia objetos pertenecientes á la región y su historia, […] no deben desecharse ni cederse, los donativos que muchos gallegos residentes en otros países hagan.*

13 […] *resultando sobrantes en la planta alta todo el lado Este del edificio que con su galeria correspondiente y un local que existe en la union de los lados Este y Sur, se ha puesto á disposicion de la Sociedad Económica juntamente con uno de los salones pertenecientes á la planta baja del mismo lado Este, el mas próximo al lado Sur. Dichos locales sobrantes le fueron concedidos á la mencionada Sociedad Económica por decreto de 16 de Enero de 1883…* ARAMBURU Y ALTUNA, P.: "Memoria sobre la instalación de la Escuela de Veterinaria de Santiago y resultados obtenidos en la enseñanza del curso de 1882-1883". Imprenta de José M. Paredes, Virgen de la Cerca nº 12. Santiago, 1883.

[14] Para reparar esta deficiencia, a JUNTA GESTORA DE LA SOCIEDAD DE OBREROS fai chegar á Sociedade Económica un amplo informe sobre a construción dun edificio de maneira *que pueda satisfacer cumplidamente á todos los fines de la Sociedad Económica, y sea de la propiedad exclusiva de esta Corporación*. O edificio tería unha superficie total de 3000 m^2, distribuidos en dúas plantas. O presuposto estimado ascendería a un total de trescentas setenta e cinco mil pesetas (30.000 ptas. pola adquisición do terreo e 345.000 ptas. pola construción). Para a súa financiación a Xunta propón a subscrición popular, tanto a nivel local como nacional e internacional […] *Puesto que no se trata de la explotación de un negocio en que el interés material deba ser la base de los cálculos que hayan de preceder á su planteamiento, y si de un asunto de aura popular, á cuya realización debemos contribuir todos, absolutamente todos…* Desgrazadamente para a Sociedade este proxecto non chegou a materializarse nunca. OTERO Y LÓPEZ, M.: "Informe de la Junta Gestora de la Sociedad de Obreros sobre la construcción de un edificio para dedicarlo a la Sociedad Económica de Amigos del País de la ciudad de Santiago, en el día de la celebración de su primer centenario." Imprenta de la Gaceta, Felipe de la Torre y Cª, San Francisco nº 5. Santiago, 1884.

[15] *Gaceta de Galicia*. 21 de xullo de 1884.

[16] En 1885, a Sociedade Económica organiza unha exposición na que se presenta a colección privada do Sr. Villaamil. Unha vez finalizada a exposición, a colección vai formar parte, en calidade de depósito, do Museo Arqueolóxico. Sen dúbida, esta colección vai ser a máis importante das que se amosan en San Clemente estando constituída por un total de 238 pezas, moitas delas de grande valor histórico.

[17] *Gaceta de Galicia*. 21 de marzo de 1890.

[18] As casas de Altamira, nome popular para denominar as diversas casas que configuraban o pazo, foron derrubadas por Olimpio Pérez no ano 1886 para construír a vivenda familiar e a nova sede do banco Olimpio Pérez.

[19] Denominación que toma no ano 1840 ao incorporar o busto de Miguel de Cervantes enriba da columna da fonte que a preside. Anteriormente a praza levou outras denominacións como "Plaza del Pan" ou "Plaza del Campo". SANCHEZ RIVERA, CELESTINO. "Notas compostelanas: historia, tradiciones, leyendas, miscelánea" (1948). páxs. 156 e 157.

[20] A Sociedade Económica pagou 309 pesetas a *D. Salustiano Sanmartín y otros por conducción al Museo de la Sociedad del Arco de la casa de la Plaza de Cervantes, propiedad del Excmo. Sr. D. Olimpio Pérez.* A.R.S.E.A.P.S.: Libro de Tesorería. Ejercicio Económico 1886-1887.

[21] Importou 60 pesetas *al Portero conserje para pagar a Dn. Agustín López Mirás por hacer los modelos de una verja para el Museo Arqueológico de la Sociedad.* A.R.S.E.A.P.S.: Libro de Tesorería Ejercicio Económico 1888-89.

[22] *Cobrando 304 pesetas D. Antonio Alamparte de Carril por 785 de..... hierro fundido para la puerta del local destinado a Museo Arqueológico y construcción de la misma.* A.R.S.E.A.P.S.: Libro de Tesorería. Ejercicio Económico 1888-89.

[23] *[…] La necesidad de proceder a la urgente restauración del Colegio de San Clemente en Santiago de Compostela, declarado monumento histórico-artístico, hoy en peligro de ruina, y a la conveniencia de que sea destinado a servicios docentes adecuados a sus propias condiciones, aconsejan la adopción de medidas que puedan facilitar el comienzo inmediato de las obras precisas= por ello, este Ministerio dispone:= 1º.- En el plazo que V. I. acuerde, se procederá a desalojar dicho inmueble por la Escuela de artes y Oficios y por la Sociedad Económica de Amigos del País, que actualmente lo ocupan;= 2º.- El Departamento costeará con cargo a su Presupuesto, el importe de los gastos de alquileres que sean necesarios para acomodar, en las debidas condiciones, dicha Escuela de Artes y oficios, encomendada a su administración y subvecionará a la indicada Sociedad Económica de Amigos del Pais, en su condicion de entidad cultural, a fin de que pueda instalarse adecuadamente;=3º.- En el edificio de referencia, una vez restaurado y debidamente acondicionado, se instalará el Instituto Nacional de Enseñanza Media Rosalía de Castro.* SECRETARIA DO INSTITUTO ROSALIA DE CASTRO. Oficio enviado á dirección do Instituto e aos directores da Sociedade Económica e da Escola de Artes polo Director Xeral do Ministerio de Educación. Madrid, 25 de maio de 1944.

1.4
O PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE SAN CLEMENTE: FACENDO CIDADE SOBRE A CIDADE

Pedro Antonio Fernández

Nesta onda de recordos refluente, a cidade embébese como unha esponxa e dilátase. Unha descrición de Zaira tal como é hoxe debería conter todo o pasado de Zaira. Pero a cidade non di o seu pasado, conténo como as liñas dunha man, escrito nas esquinas das rúas, en reixas das fiestras, nos pasamáns das escaleiras, nas antenas dos pararraios, nas astas das bandeiras, cada segmento surcado á súa vez por arañazos, amosegas, incisións, comas…

ITALO CALVINO, *As cidades invisibles.*

Hai catrocentos anos que o edificio que alberga o Instituto de Ensinanza Secundaria Rosalía de Castro iniciou a súa andaina na historia, froito do cumprimento da vontade, expresada polo Ilustre Arcebispo D. Juan de San Clemente –que faleceu nese mesmo ano 1602–, de crear o Colexio de San Clemente de Pasantes de Compostela. Un ano antes, obtivera do Papa Clemente VIII, a facultade necesaria para testar determinada cantidade de ducados que servise para ser empregada na construción e mantemento dun edificio de "estudantes naturais das partes onde goza renda esta dignidade arcebispal".

Este edificio tamén serviu de cuartel, cárcere público, colexio de cadetes, seminario conciliar, Escola de Veterinaria e Facultade de Dereito. Foi sede da Asociación Económica de Amigos do País, da Escola de Artes e Oficios e do Seminario de Estudos Galegos e, por fin, do Instituto Rosalía de Castro. Non debemos esquecer, tampouco, que a principios dos anos oitenta estivo a piques de ser a sede do Parlamento de Galicia, institución creada a partir do Estatuto de Autonomía de Galicia. Decisión que de ter triunfado suporía un dobre erro: urbanístico e cidadán. A incompatibilidade arquitectónica do uso pretendido coas características funcionais do edificio, suporía a modificación estrutural definitiva do mesmo e a perda do seu valor histórico-patrimonial. Efectos perversos que se estenderían a toda a contorna urbanística do mesmo, que modificarían de maneira irreversible unha parte fundamental do núcleo histórico a partir do punto de vista de tráfico, usos, etc. Tería suposto, asimesmo, a

desaparición da paisaxe urbana dun sector da poboación xuvenil e do coñecemento que supón para eles o funcionamento e a ocupación da cidade histórica. Afortunadamente, o emprazamento definitivo da sede do Parlamento no edificio do Cuartel do Exército de Terra, posibilitou non só recuperar o mesmo e axeitalo ao novo uso, senón ademais a recuperación de toda a contorna, cos seus novos equipamentos, vivendas e espazos públicos, que serven para unha parte importante do Ensanche.

Vista exterior do Pavillón

Pois ben, despois desta breve incursión na historia do edificio, chegamos a finais dos oitenta e principios dos noventa, concretamente o período 1989-1993, anos nos que tivo lugar a construción do conxunto de edificios para aparcamento público, polideportivo, salón de actos e espazos públicos de San Clemente, cos obxectivos de conseguir resolver a dotación de servizos públicos e de aproveitar un espazo de oportunidade nunha das zonas máis sensibles da cidade histórica, permitindo a actuación o remate construtivo e urbanístico do mesmo. A aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Urbana permitiu ao longo de toda a década a execución do Proxecto Urbano que estaba expresado no mesmo. Tanto esta actuación concreta, como as que se refiren aos aparcamentos da Praza da Constitución e a Praza de Camilo Díaz (terminal de autobuses) son exemplos, do que podemos denominar "facer cidade sobre a cidade". Logo virían outros proxectos e realizacións do que podemos denominar "facer cidade nas periferias", isto é a expansión e o crecemento da cidade.

Por un lado, era evidente o déficit de equipamento deportivo e de espazos apropiados para reunións que tiña un centro de ensino público con preto de dous mil alumnos. As actividades recreativas e deportivas desenvolvíanse precariamente no terreo adxacente ao edificio, e de igual modo a capela do mesmo servía de salón de actos, sen apenas capacidade nin dotación para cumprir as esixencias que estas actividades demandan.

Doutra banda, a situación do terreo presentábase como unha oportunidade única para atender o obxectivo de creación de prazas de aparcamento público, que servirían a unha ampla área do núcleo histórico. E presentábase a oportunidade de facelo sen cometer os tremendos erros que outras actuacións cometeran nun pasado recente. O Concello tíñao claro. Só faltaba atopar un bo arquitecto que realizase un bo proxecto. A elección de Josep Paul Kleihues foi un acerto a teor dos resultados obtidos e de todo o proceso que supuxo a execución do mesmo.

Sempre me seduciu a capacidade de síntese e precisión que contén a definición de Santiago que expresou Kleihues, que foi director do Plan Especial da Cidade Histórica. Esa definición fai notar a simplicidade e beleza, froito da súa arquitectura, que posúe Santiago, e que se manifesta en tres segredos "evidentes", seguindo as súas palabras:

En primeiro lugar, a relación dialéctica entre a escala grande e a pequena, que se percibe na masa da cidade como contraposición entre a preeminencia dos edificios públicos e relixiosos e o mundo cotián, miúdo e polifacético do caserío. Todas as cidades europeas, di, mostran de maneira similar esta relación, pero ningunha de maneira tan consecuente como Santiago.

Vista da cancha do Pavillón

En segundo lugar, o manexo da topografía, contra tal natureza impóñense os edificios relixiosos e públicos, que establecen o seu propio nivel coa axuda de muros e contrafortes, afirmando o carácter artificial da súa implantación; mentres as casas se curvan e comprimen, escalonando os seus accesos e cubertas, tal como prescribe a súa adaptación ao relevo.

Por último, a redución dos materiais construtivos á trindade formada polo granito, o ferro forxado e a madeira lacada, e a súa predominancia determina a unidade da cidade histórica, subliñada polo saber limitado das ramas artesanais para facer evolucionar o seu manexo. E finaliza sinalando que os tempos modernos facilitaron algunhas simplificacions mecánicas, que non alteraron substancialmente as súas técnicas tradicionais de uso. Se repasamos máis dunha vez as palabras anteriores creo que se pode comprender, dunha forma global e complexa, a Santiago.

Pois ben, a construción dun edificio, nos primeiros anos 90, para aparcamento público e equipamento deportivo e dotacional para o Instituto de Ensino Secundario e Bacharelato Rosalía de Castro, é unha expresión contemporánea deses tres segredos, como o mesmo arquitecto sinalaba no libro *Santiago de Compostela: A cidade como presente.* Esta coincidencia é froito, indubidablemente, non dun proxecto audaz, senón dunha decisión meditada, nunha cidade que ao longo dos últimos anos, posuíu a forza necesaria para cambiar e modernizarse a partir da "orde que lle é propia, establecida no pasado", ao tempo que permaneceu fiel a si mesma.

O proceso iníciase mediante un concurso público múltiple, no que se licitaban, ademais do Proxecto de San Clemente, outros dous proxectos, que tamén contiñan aparcamentos públicos subterráneos, espazos libres e espazos adicionais de equipamento. A execución dos citados proxectos non foi fácil, como non o é ningunha obra de impacto no corazón da cidade histórica e especialmente

non o foi o proxecto de San Clemente. Visto o proceso coa perspectiva de hoxe, o resultado foi extraordinariamente positivo para a comunidade escolar e para o desenvolvemento dos programas de intervención, conservación e rehabilitación do noso núcleo histórico, nos intensos anos seguintes, que viviu a cidade.

Podería ter sido doutra maneira? Como antes sinalaba, seguindo as reflexións de Kleihues, era o froito de decisións meditadas e non dun apresurado proxecto audaz. Aínda que a dicir verdade, tamén participaba de certa iniciativa innovadora, na medida en que, despois de longo tempo se interviña na cidade histórica, establecendo uns parámetros que serviron de referencia para múltiples intervencións públicas e privadas na rehabilitación do noso núcleo histórico, que anos máis tarde mereceu o Premio Europeo de Urbanismo. Pero cando se intervén na cidade histórica, incluso con decisións tan meditadas non está garantido o éxito, pois o intenso debate que se orixina e os distintos obxectivos que se perseguen polos distintos sectores sociais protagonistas do mesmo, conflúen nun remuíño, que soamente a claridade en orixe dos obxectivos a conseguir e a contrastación doutras experiencias europeas, xunto coa firmeza no mantemento dos mesmos polo Concello, permiten chegar ao cabo de maneira axeitada.

Seguindo as palabras do autor do Proxecto, este componse basicamente de catro partes: o aparcamento subterráneo, de tres plantas (finalmente foron catro), cun total de, aproximadamente, 550 prazas para coches.

En segundo lugar, a construción sobre este subterráneo dun edificio ou pavillón polideportivo e salón de reunións. O "revestimento" do aparcamento subterráneo mediante unhas construcións periféricas, que ofrecen sitio para tendas pequenas e para un restaurante. Os espazos libres, situados enriba do aparcamento e das construcións periféricas. A composición do conxunto retoma implicitamente os tres segredos iniciais de Santiago, que marcan o carácter único e a beleza desta cidade: a dialéctica, que define o corpo e a estereometría de Santiago, reflíctense na claridade xeométrica e autonomía construtiva do proxectado edificio público, é dicir, do pavillón polideportivo e do salón de reunións.

O mesmo é aplicable para o estilo arquitectónico das construcións periféricas. A utilización da topografía, no marco onde os edificios públicos, o pavillón polideportivo e o salón de reunións e os seus espazos libres en terraza, acentúan a horizontalidade mediante un nivel constante, opoñéndose ás irregularidades e movementos topográficos, mentres que as tendas situadas nas construcións periféricas subliñan os distintos niveis do terreo.

Por fin, o emprego de materiais construtivos que se limitan a granito cortado, fiestras de madeira lacada branca e aceiro negro pintado, sen que, xa que logo, deixen de cumprirse os requisitos da arquitectura moderna.

O resultado de todo iso pode apreciarse hoxe en diferentes perspectivas, que unha cidade como Santiago permite.

A primeira, podemos obtela ao pasear pola Ferradura, a extraordinaria "solaina" da cidade. Podemos apreciar como, nunha das máis características perspectivas dela, intégrase perfectamente a actuación de San Clemente, respectando a orde interna da trama urbana, ao mesmo tempo que se pode identificar a contemporaneidade da mesma, no seu tratamento formal.

Se cambiamos a perspectiva e nos situamos ao lado do conxunto edificado, podemos apreciar a súa solidez e a perfecta integración das fachadas na topografía e na trama das rúas da súa contorna. A sensación que nos trásmite é a de "estar aí" dende sempre. E doutra banda, como espazo público de nova configuración sitúase a terraza superior. Desde aquí podemos apreciar a continuidade da cidade histórica. Primeiro, compacta e pétrea, na contorna da Catedral; despois lixeira e verde, para o territorio agrario e a paisaxe do oculto val do Sarela, que de contado conecta coa ladeira do Monte Pedroso, co que a cidade establece un diálogo permanente, apenas roto nos días de intensa néboa, e que constitúe un dos acenos de identidade de Santiago.

1.5
REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO COLEXIO DE SAN CLEMENTE

Jesús Álvarez Flórez

O paso previo para intervir nun edificio é coñecelo e non só a súa forma, o seu sistema construtivo ou estrutural senón tamén a súa historia, o seu estilo ou a súa relación coa trama urbana. Ese coñecemento axuda a non cometer imprudencias, a abordar as intervencións dende o respecto e a necesidade de preservar o legado que supón para todos o feito cultural que representan. Se un edificio é recente, o seu carácter pode ter unha única pátina; cando ten máis de 400 anos, posúe diferentes pátinas que se deben descubrir para non alterarlle a súa alma.

Nos inicios do século XVII comeza a construción, nas inmediacións da Porta Faxeira, do colexio que decidira fundar o arcebispo Juan de San Clemente. En estilo manierista, subestilo tardío do renacemento italiano, sitúase extramuros, fóra da zona histórica e constrúese de planta cadrada: unha forma pura, nova, sen engadidos e alleo á trama urbana que tiña Compostela nese momento, contrapondo así a idea de racionalidade á de organicidade que tiña e ten a zona monumental, unha arquitectura culta a unha arquitectura popular, a construción dun edificio dun estilo único á doutros edificios cultos pero rematados en diferentes estilos, tomando a idea dun edificio dunha peza feito coma un home simétrico na fachada, na súa planta ou na súa sección. Cun nacemento realizado dende un cadrado debuxado no chan, isto supoñía o recoñecemento do home como centro do universo a través da arquitectura, supoñía tamén a dialéctica entre razón e organicidade, a da orde do home e a da natureza que representaban as arquitecturas populares que o rodeaban.

Os pazos renacentistas tiñan esa relación que describimos co seu contorno construído máis inmediato. Así, o pazo de Carlos V na Alhambra ou o Hostal dos Reis Católicos no Obradoiro emerxen orgullosos con forma pura fronte a un tecido orgánico ou medieval que representaba outra época. Moitos deses edificios foron alterados ou redefinidos pero o noso Pazo de San Clemente segue inalterado coas súas carecterísticas iniciais. Iso di moito da súa calidade e do respecto que nos merece e 400 anos despois é a única permanencia que aínda queda nese lugar. Ningún dos edificios que agora vemos ao seu arredor existían naquel momento.

As intervencións documentadas no século XX foron dúas certamente importantes que souberon entender o ata agora comentado. A primeira foi realizada nos anos corenta, en plena posguerra, polo arquitecto asturiano Joaquín Vaquero Palacios (Oviedo, 9 de xuño de 1900 - Madrid 1998), adaptando o edificio a un Instituto de Educación Secundaria e executando unha nova construción para Instituto de Formación Profesional (hoxe IES San Clemente). Vaquero entende a importancia do construído e sitúa a nova edificación nun extremo, nunha cota máis baixa, intentando que o novo edificio teña a menor interferencia co vello Pazo no que realizara basicamente un traballo de reforzo na súa cuberta, un novo forxado do piso de formigón na planta primeira e unha nova escaleira á dereita da súa entrada, dándolle a esta un estilo novo, o Neorrománico que tamén utilizou na Praza de Abastos e no comentado IES San Clemente. Esa escaleira é realmente distinta da renacentista do outro extremo pero dálle ao edificio unha simetría da que antes carecía.

O Neorrománico é un estilo menor dentro do eclecticismo, repetía formas propias do medievo cunha distancia no tempo e no contexto das súas orixes realmente preocupante. Por esta razón pode parecernos estraño que Santa María del Naranco, unha construción levantada polo monarca asturiano Ramiro I a mediados do século IX, fose capaz de inspirar un mercado de abastos tantos anos despois, cando en Europa xa se desenvolve a arquitectura contemporánea dun modo global. Moitos contemporáneos mofábanse desta repetición de elementos tan alleos para unha nova arquitectura. Así 1942 é o ano no que se realiza a nosa praza de abastos, dez anos despois de que le Corbusier construíse o pavillón suízo en París en 1932, é dicir, que se trata dun traballo alleo á contemporaneidade.


Sta. María do Naranco. 842

Praza de Abastos. 1942

Pavillón suizo en París. 1932

A segunda actuación importante do século XX é a ampliación que realiza Josef Paul Kleihues (1933-2004), arquitecto que supuxo un referente no deseño urbano na última parte do século XX. Kleihues realiza unha ampliación que ten as mesmas caracteríticas ca comentada de Vaqueiro respecto do volume previo, nada de engadidos que desvirtúen a forma e permítese a licenza de colocar unha cheminea no exterior, na parte máis afastada do edificio, que é copia literal da arquitectura de Aldo Rossi que sempre soñaba coa aparición destes elementos dentro da silueta da cidade histórica. Reafunde, así, o polideportivo e sitúao no eixe do San Clemente, dando idea dunha aliñación coa forma previa, e coloca unha nova escaleira, para acceso unicamente do patio posterior e do auditorio soterrado, que coloca no mesmo eixe de simetría, dándolle valor á simetría e ao volume do trazado inicial do edificio.

Xa no século XXI realizáronse obras de rehabilitación das que eu fun o seu primeiro responsable. Estas obras supuxeron a rehabilitación do artesoado do claustro e de parte dos teitos das aulas. O proceso de deterioro dalgúns elementos de madeira fixo necesaria esta actuación e, ao contrario das actuacións precedentes que pretenderon dar unha marca estilística ou de época, agora traballouse sen intención de darlle ao edificio ningunha pegada formal ou construtiva nova. O traballo supuxo o estudo de como se executara no seu día o agora deteriorado e foi reconstruído co interese de non alterar o carácter singular do que alí nos encontramos. Atopámonos, ás veces, con formas superpostas de falsos teitos ou outros elementos construtivos. Neses casos, o criterio adoptado foi o da calidade, é dicir, refíxose coa mellor calidade que se encontrou, intentando sempre ofrecer a mellor resposta.

En xeral, o que se fixo viviuno toda a comunidade escolar, carpintarías exteriores novas, artesoados reconstruídos con madeira de castiñeiro orixinal e nova, traballos de estabilización de fábricas con zunchos metálicos na súa coroación, traballos moi intensos que supuxeron un importe económico alto pero que unha vez realizados son difíciles de detectar, pois pretendeuse traballar co máximo respecto a unha tecnoloxía, a unha arquitectura que leva aí máis de 400 anos pero coa súa utilidade actual sempre como guía.

O salón de claustros, antes, durante e despois das obras de reabilitación dirixidas polo arquitecto Jesús Álvarez Flórez

2

ANTES: COLEXIO DE SAN CLEMENTE DE PASANTES

2.1
VIDA E OBRA DO ARCEBISPO DON JUAN DE SANCLEMENTE

Manuel Varela Duro

Cando se creou o Instituto Feminino de Santiago de Compostela, quíxose honrar a memoria dunha muller galega, insigne poetisa, Rosalía de Castro. A elección estivo moi acertada. Pero, ao mesmo tempo, a memoria agradecida do pobo mantivo no seu rueiro e na designación oficial do edificio que acolleu o Instituto, o nome do arcebispo Don Juan de Sanclemente y Torquemada, un dos prelados promotores da cultura dende a capital de Galicia.

Familia

Naceu Don Juan de Sanclemente y Torquemada na cidade andaluza de Córdoba o 19 de agosto de 1534. Seus pais foron Don Juan de Sanclemente e Dona Catalina Torquemada. Non temos datos da súa infancia; pero si da adolescencia universitaria, como diremos no apartado seguinte. Tivo Sanclemente dous parentes de moita sona na historia de España: un, o que logo sería Patrón do Clero secular eapañol, hoxe canonizado, Juan de Ávila, graduado en Salamanca e Alcalá, escritor e incansable predicador nas terras ibéricas do Sur, polo que se chamou Apóstolo de Andalucía. Precisamente cóntase que Juan de Ávila, cando Juan de Sanclemente tiña uns cinco ou seis anos, díxolles aos pais deste: "El niño ha de ser un gran siervo de Dios e grande operario en su Iglesia". O outro parente foi o erudito, e cronista oficial de Felipe II, Ambrosio de Morales.

Retrato do arcebispo Don Juan de Sanclemente, conservado no Colexio das Orfas (hoxe de Nosa Señora dos Remedios)

Universitario

Foi precisamente como hóspede de Ambrosio de Morales o comenzo dos estudos universitarios de Juan de Sanclemente na Universidade de Alcalá, onde obtivo o grao de Mestre, cando só contaba con 19 anos. Posteriormente frecuentaría outras dúas Universidades, a de Sigüenza, como becario do Colexio de San Antón, e a de Valladolid, como colexial do da Santa Cruz. Suficientemente preparado en materias teolóxicas e xurídicas, ía comezar o seu recorrido polo mundo eclesiástico, recibindo as ordes sagradas coroadas, de momento, coa do Presbiterado.

Predicador e cóengo

Seguindo a liña marcada polo seu parente Juan de Ávila, tamén Juan de Sanclemente se adicou á predicación intensamente. Lémbranolo no seu testamento con estas verbas:

> *Declaro que en el discurso de mi vida por la profesión de theólogo que é profesado, é leído y predicado en muchas partes, en especial en la ciudad y universidad de Siguenza, donde fui colegial, y en la de Valladolid, donde asimismo fui colegial en el colegio del Cardenal, mi señor.*

Con tal preparación teórica e práctica, non resulta raro que saíra victorioso nas oposicions á coenxía de Maxistral, e dicir predicador oficial do Cabido, na Catedral de Badaxoz. Sucedía esto no ano 1569.

Bispo de Ourense

Foi providencial o asentamento de Sanclemente na cidade pacense, porque tivo alí a oportunidade de entrar en relación co monarca Felipe II. El Rei instalárase preto de Portugal, na fronteira, para seguir sen tregua a decisión, por Felipe II desaconsellada, do seu sobriño Sebastián de Portugal de declarar a guerra en África. A enfermidade da gota que lle sobrevíu ao monarca forzouno a trasladarse a Badaxoz e coñecer e tratar familiarmente ao cóengo maxistral. Precisamente naqueles días quedou vacante o bispado de Ourense por nomeamento do seu titular, Fernando Tricio, para a sé de Salamanca.

Confesou Sanclemente o seu temor a non ser quen de asumir as responsabilidades do bispado; pero, ante a insistencia das autoridades civís e eclesiásticas, consultou con tres personalidades do momento: o seu parente Ambrosio de Morales, Frei Luis de Granada e o arcebispo compostelán D. Francisco Blanco, fundador do Hospital santiagués de S. Roque. O 25 de xaneiro de 1579 consagraríao, na Catedral de Compostela, como bispo de Ourense o arcebispo Blanco, asistido dos bispos de Tui e Lugo. Nos oito anos de actividade episcopal na diócese ourensá foron moitas as obras de Sanclemente. Como resumo de todas elas, deixemos constancia da súa contribución ao embelecemento da capela do Santo Cristo, especialmente venerado polos ourensáns.

Arcebispo de Compostela

A renuncia, por incapacidade física do arcebispo santiagués D. Alonso de Velázquez, deixou vacante a Igrexa Metropolitana, e Felipe II, "descargando a súa conciencia", como el di expresamente, propuxo para ocupar a sede apostólica o bispo de Ourense Juan de Sanclemente. Se este tivera dificultades de conciencia para aceptar a mitra de Ourense, máis tivo agora, porque lembraba as palabras do seu amigo e antecesor D. Francisco Blanco, que dicía que para unha diócese tan extensa facía falla un "arcebispo de ferro".

Tampouco agora quixo Sanclemente aceptar a decisión real sen consultar con persoas de probada experiencia e de fonda amizade con el: o célebre arcebispo de Braga Frei Bartolomé de los Mártires e o bispo de Vellosillo, que fora seu mestre en Sigüenza. Tomou posesión do Arcebispado compostelán, por poder outorgado ao licenciado Juan de Landeras, o 12 de outubro de 1587. O 11 de novembro do mesmo ano facía a súa entrada solemne na Catedral de Santiago pola porta do Obradoiro, desenvolvéndose o acto xurídico da posesión ante o altar da Santísima Trinidade, que daquela se atopaba naquel lugar.

Escudo do Arcebispo
Juan de Sanclemente

Un mapa do Arcebispado

Tan pronto tomara a decisión de aceptar o nomeamento para Santiago, encargou Sanclemente que lle fixeran un mapa do extensísimo territorio que ía gobernar pastoralmente. A súa primeira inquedanza era a de coñecer todas as parroquias, máis de mil, e todos os fregueses que fora posible. Como era lóxico, a primeira visita pastoral fíxoa á Catedral, xa no mes de febreiro de 1588. Despois pasou visita ás parroquias da cidade de Santiago. O seu programa de acudir cada ano a cen parroquias quedou interrompido pola ameaza da invasión inglesa do pirata Francis Drake.

Ocultamento das reliquias xacobeas

Aos problemas interiores da diócese, moi pobre e atrasada, xunguíronse na conciencia do arcebispo Sanclemente os creados pola cobiza dos ingleses. Felipe II quixo darlles unha lección, que, desgraciadamente, resultaría fallida, na que o papel máis negativo xogouno a Armada Invencible formada na Coruña. O Arcebispo contribuíu con trinta mil ducados a este programa bélico, considerado, naturalmente, dende o ángulo da defensa lexítima da integridade nacional.

As intencións e a forza coa que viñan os ingleses púidose apreciar nas súas primeiras incursións en localidades próximas á Coruña, como as igrexas románicas de Cambre e de Sigrás, que foron incendiadas. En Santiago procedeuse con urxencia a tomar as medidas precautorias convenientes para que Drake e os seus colegas corsarios non puideran levar a cabo a súa intención de atacar o máis sagrado dos galegos: as reliquias de Santiago. Acordouse repartir en casas de amigos os obxectos relixiosos de valor que había na Catedral e os documentos máis significativos do Arquivo da Basílica. En canto ás reliquias de Santiago e dos seus discípulos Atanasio e Teodoro, considerouse necesario mantelas ben defendidas dos depredadores ingleses, nun lugar oculto. Non parecía oportuno que deixaran, nin por un momento, de estaren presentes no templo que fora construído como santuario martirial para o Apóstolo que chegara coa menxase do Evanxeo ao lugar máis occidental, a Fisterra, "ata o confín da terra", como lemos no libro do profeta Isaías.

Apóstolo da caridade

Nestas medidas tomadas para defenderse dos ingleses estaba presente tamén a preocupación por defender a fe católica contra os que se rebelaran contra Roma. Dío o mesmo Felipe II en carta dirixida ao Cabido compostelán en demanda de axudas económicas para as campañas por el capitaneadas. As guerras traen sempre outras consecuencias, como é o caso dos feridos. A favor destes fixo o Arcebispo Sanclemente donativos e tamén llos pedíu á corporación capitular da Basílica.

Pero os males non veñen nunca sós. A fame e a peste, que están tan presentes na historia de Galicia naqueles séculos, tamén atacaron á poboación galega, especialmente a partires de marzo do 1597. Os cóengos nomearon unha comisión para que tratara co Arcebispo da axuda que era preciso prestar aos pobres. Era tal a cantidade de menesterosos que chegaban a Santiago en procura de axudas, que foi imposible levar adiante o proxecto dunha casa de acollida, como se pensaba ao principio, porque ningún local tiña capacidade suficiente.

A peste producíu unha desbandada na cidade compostelá. As persoas que tiñan posibilidades abandonaron a capital diocesá e marcharon a lugares nos que se sentían máis alonxados do perigo de contaxio. Dos clérigos e leigos que formaban parte da casa arcebispal morreron dez. A totalidade de vítimas da peste calcúlase nunhas seis mil persoas. En Compostela habilitáronse algunhas casas da Rúa de S. Pedro para illar aos apestados. Arcebispo, Cabido e Concello sumaron as súas forzas para facer frente á praga. Non faltaron diferencias á hora de facer a derrama para satisfacer os gastos. Pero o flaxelo pasou e houbo que aportar novas forzas e novas cantidades para iniciar unha nova vida. O capítulo triste cerrouse cunha nova mágoa: a morte de Felipe II o 13 de setembro de 1598.

O Sínodo Diocesano

Un sínodo é unha reunión dunha diócese ou dun grupo delas ou de toda a Igrexa para examinar a situación doutrinal e disciplinar e marcar unha unidade de acción, un camiño común, como o di a mesma etimoloxía grega do vocablo sínodo. Parece que non había grandes problemas na diócese de Compostela, porque o sínodo do ano 1594, que facía o número cuadraxésimo noveno dos celebrados

a nivel diocesano, contentouse con aprobar o decretado polo que presidira o arcebispo D. Francisco Blanco en 1576. Por outra parte, para garantir a ortodoxia doctrinal, xa publicara un catecismo D. Juan de Sanclemente ao facerse cargo do Arcebispado.

Unha institución fundamental eclesiástica era o Cabido catedralicio. D. Juan de Sanclemente considerou válidas para o réxime do clero da basílica as Constitucións do tempo do arcebispo Blanco. Quedaban sen aclarar algunhas providencias de menor calado, que non deixaron de preocupar e de darlle algún disgusto a Sanclemente; pero que, ao fin e ao cabo, resolvéronse rapidamente.

Para coñecer a fondo o estado diocesano son importantes os informes que os bispos teñen que entregar en Roma con motivo da Visita "Ad límina". Esta visita á Santa Sé comprende tres actos: veneración dos sartegos dos Apóstolos, entrevista co Papa e relatorio do estado da Diócese. Só coñecemos unha do tempo de Sanclemente e precisamente non a puido facer o Arcebispo en persoa, porque non llo permitíu a súa saúde. É a do ano 1594, na que representou a Sanclemente D. Cristóbal de Salinas, que formaba parte do grupo de asesores do Prelado, na súa condición de Provisor do Arcebispado.

Non sabemos se Roma pedíu algunhas aclaracións ao informe levado por Salinas. O caso é que no ano 1595 Sanclemente mandoulle unha carta ao Papa Clemente VIII por medio dun novo procurador arcebispal: o cóengo da colexiata de Iria Flavia D. Andrés de Morales. Sanclemente nesta misiva agradecíalle ao sumo Pontífice a gracia otorgada ao primeiro emisario, Salinas, a quen o Papa fixera cóengo compostelán, e, ademais, fálalle da dificultade para visitar a Diócese, pola extensión e terreo abrupto desta e a saúde precaria do Prelado, e tamén dos problemas creados polos ingleses.

Home de carácter

Se todo canto levamos dito da actividade pastoral e, especialmente, caritativa, do arcebispo Sanclemente, demostra o acerto da súa elección para a Sé compostelá, non o acredita menos o seu sentido da xustiza, que o levaba a manifestar o seu desagrado, fora quen fora, cando algo lle parecía incorrecto. Non se trata, por conseguinte, dun carácter incómodo, e menos descalificador de Sanclemente, senón dunha calidade positiva que contribúe a magnificar máis aínda a súa figura de bispo.

Un feito significativo acredita o que acabamos de dicir. O Nuncio da Súa Santidade, residente en Madrid, era o Colector ou delegado do Papa para recoller os tributos da cada unha das igrexas diocesás á Santa Sé. En cada unha das dióceses nomeaba un Subcolector, que en Compostela era, naquel momento, Álvaro Vélez de Guevara. Entre este e o Nuncio fixeron un acordo para agregarlle a Vélez tres colaboradores, que resultaron seren cóengos xoves, coñecidos da Curia romana, dise que mesmo amigos do Papa, que non eran moi doados para ese cargo, a xuizo de Sanclemente. Di o Arcebispo, con gracia e ironía ao mesmo tempo, que, en lugar de darlles o cargo recaudatorio, fose mellor "entregarlos a los pedagogos para su enseñanza en la disciplina y en las buenas costumbres".

Parece que tampouco Vélez era un modelo de clérigo, como sería de desexar. Vélez e os seus tres colegas, polo oficio que lles conferira o Nuncio, quedaban exentos da autoridade xurisdiccional do Arcebispo e sometidos á do Nuncio. Pero este vivía en Madrid, distante –escribe Sanclemente– de Santiago "máis de trescentos mil pasos" e non era fácil "enviar al Nuncio-colector las pruebas de la vida indisciplinada de los tres canónigos, resultando que estos tales carecían de prelado y de juez".

Por todo eso pídelle Sanclemente, que se laia de ter que dar estas noticias, ao Papa Clemente VIII que declare ilegais –xuridicamente írritos– tales nomeamentos. Primeiro, porque os títulos dados aos tres, os de fiscal, avogado e notario, só teñen razón de ser en vacante do Arcebispado, e, ademais, porque hai en Compostela seglares peritos que poden desempeñar os oficios con toda seguridade. Temos, pois, en tempos tan alonxados dos nosos, unha aposta a favor da secularidade na administración da Igrexa. O Nuncio da Santa Sé, Camillo Gaetani, recibíu o correspondente aviso da Curia Romana.

Reliquias para Compostela

Non se accedeu no tempo de Sanclemente a repartir con Braga algunhas das reliquias que trouxera de Portugal o arcebispo Xelmírez. En troques enriqueceuse a Catedral, durante o pontificado de Sanclemente, con novas memorias de Santos. Chegaron restos óseos de S. Rosende, S. Torcuato, os santos Jenaro, Fausto e Marcial, estes tres procedentes de Córdoba; unhas anónimas remitidas dende Granada foron rexeitadas por careceren de documentación autentificadora.

Era Sanclemente moi devoto do Papa San Clemente, orixe do seu apelido. Non sabemos se pola súa mente pasaría a idea de facerse coas reliquias do santo Papa Clemente. Pero quen si tivo interés en contar con elas foi o arcebispo Frei Rafael Vélez, que no ano 1830, fíxoas vir de Roma e colocounas no Colexio fundado por Juan de Sanclemente, o que acolle agora ao Instituto Rosalía de Castro. Pero, cando o seu sucesor García Cuesta levou o Seminario Conciliar, establecido por Vélez en Sanclemente, a San Martiño Pinario, trasladou tamén a San Martiño os osos do Papa San Clemente e, revestidos como estaban de cera, púxoos debaixo do altar da capela interior do centro formativo de Sacerdotes.

A piedade do arcebispo Sanclemente non se cinguía ás reliquias de Santos. Tiña outras manifestacións que condensa nas fundacións por el feitas no seu testamento. Instituíu con fondos proporcionados por el a festa anual do Papa San Clemente na Catedral compostelá. Preocupouse da celebración da festa da Traslación dos restos do apóstolo Santiago, que ten lugar o 30 de decembro de cada ano. E sobre os textos litúrxicos desta celebración pediulle un informe ao cultísimo Ambrosio de Morales.

No seu testamento hai moitas mandas a favor da Catedral de Ourense, de parroquias e Catedral de Santiago, á que lle deixa varios instrumentos litúrxicos para o culto apostólico. Por curiosidade, facemos referencia á fundación e dotación da Capelanía do Silencio, que debía estar a cargo dun presbítero maior de corenta anos. A súa función era a de procurar que non houbera ruídos dentro da Basílica, especialmente durante a celebración dos oficios e durante os sermóns. Algo que non abondaría hoxe.

Promotor da cultura e fundador

Para promover a cultura popular, especialmente das xentes menos dotadas economicamente, seguindo vieiros marcados por algúns antecesores seus na mitra compostelá, como é, por poñer un exemplo, D. Alfonso III de Fonseca, D. Juan de Sanclemente creou, no Colexio da Compañía, fundado por D. Francisco Blanco, escolas de primeiras letras e unha Cátedra de Teoloxía Moral, encomendadas todas a membros da Compañía de Xesús.

Non tiña outra finalidade que non fora a cultural, a fundación do Colexio de San Clemente para pasantes ou graduados, orientado á ampliación dos estudos universitarios. Designou cumpridores desta vontade ao seu sobriño homónimo Juan de Sanclemente e ao seu secretario particular, Pedro Sanz del Castillo. Tiñan preferencia, á hora de disfrutar das dezaoito becas creadas, estudantes procedentes das dióceses que pagaban o Voto de Santiago. O documento fundacional do Sanclemente asinouno o arcebispo facendo a visita pastoral, en 1601, na parroquia de Sta. Uxía de Ribeira.

Un ano antes fundara, en casas compradas ao Cabido, o Colexio das Orfas, que tiña como finalidade acoller a dezaoito xoves, carentes de pai ou nai –de aí lle ven á casa o nome de Orfas– para que se prepararan para a vida, a relixión e o matrimonio. Recibían instrucción cristiá e coñecementos de amas de casa para o día no que quixeran cambiar de estado. Culminaba deste xeito a acción emprendida anos antes por Sanclemente en favor de rapazas xoves necesitadas, para as que habilitara unha casa. O actual Colexio das Orfas, hoxe de Nosa Señora dos Remedios, foi reconstruído, poucos anos despois de Sanclemente, polo arcebispo Frei Antonio de Monroi.

Preocupación de Sanclemente foron tamén os acólitos e nenos de Coro da Catedral. Aloxounos no "Seminario novo"; despois mandounos a vivir cada un deles cos seus pais, pasándolles unhas

pensións. Finalmente, polo menos os Nenos de Coro, voltaron á vida de comunidade baixo a custodia dun formador, seguramente para que estivera mellor garantizada a educación, da que formaba parte importante a instrucción musical.

Podería parecer puramente anecdótica a fundación do cárcere dos clérigos; pero aínda así ten a súa importancia nesta síntese biográfica do arcebispo Sanclemente. Por outra parte, no edificio de San Martiño Pinario hai unha parte que se veu chamando tradicionalmente Cárcere dos Curas, un lugar indispensable para evitar que os que cometeran algún delicto non pasaran ao cárcere común. Habilitouse un cárcere para todos, exceptuando aos membros do Cabido, que tiñan como lugar de reclusión unha dependencia dentro da Catedral.

Non só favoreceu Sanclemente a cultura en xeral, senón que tamén axudou a persoas concretas que se adicaban ao estudo. Sabémolo polo testemuño de algúns deles. Ambrosio de Morales agradécelle ao Prelado os frecuentes socorros económicos que lle prestou para que puidera continuar os seus traballos literarios. Frei Pedro Cañedo adícalle a Sanclemente o tratado dos sacramentos que escribira e que puido editar gracias á xenerosidade do Arcebispo. Co historiador Mauro Castella sostuvo unha longa correspondencia epistolar. Tamén foi munificente con Frei Gregorio Alfaro, tradutor ao castelán da obra de Blosio.

Reformador tridentino

Aínda que hoxe, ás veces, se empregue o adxectivo "tridentino" para calificar unha doutrina, unha postura ou un talante dunha persoa como algo pasado de moda, hai que seguir dicindo que o Concilio de Trento tivo grande importancia na historia da Igrexa, non só respaldando as verdades de fe e formulándoas axeitadamente, senón tamén no campo moral e disciplinar. Queixábase o Papa Clemente VIII, nunha carta de xullo de 1596, do esquecemento de non poucos obispos absentistas, algúns deles vivindo en Madrid, despreocupados dos seus fieis.

Un ano e seis meses despois escribíalle Juan de Sanclemente ao Sumo Pontífice, satisfeito de que non tivera ese problema con ningún dos doce bispos da provincia eclesiástica compostelá, que presidía o mesmo Sanclemente. E mesmamente procura disculpar a outros, dicindo que sen dúbida teñen cousas xustas para vivir fora da diócese respectiva. En canto a si mesmo recorda que leva dezanove anos como bispo en territorio galego, en Ourense e en Compostela, e que traballou arreo por cumprir co seu deber episcopal, eloxia a piedade do rei Felipe II e manifféstalle ao Papa a preocupación que ten polas incursións dos ingleses, dos hugonotes franceses e dos piratas, a todos os que considera como inimigos da fe.

Morte sentida

Morreu D. Juan de Sanclemente y Torquemada o 20 de abril de 1602. Días antes do seu pasamento chamou aos administradores para cerrar contas, preparou a mortaxa propia, engadiu algunhas notas ao testamento e escribiu o texto que quería para a lápida. Enterrárono preto do púlpito do Evanxeo da Catedral. Os seus cumpridores completaron os datos biográficos da lápida cun xuizo sobre a persoa e o seu pontificado, calificando a Sanclemente, cordobés, como un novo Séneca, un xefe ínclito, gloria de Pontífices, alabanza da Patria, honra da familia, controlador dos ricos e pai dos probes.

O sentimento polo seu tránsito agudizouno a fantasía do pobo e falouse da aparición dun cometa nese día, da capacidade profética do bispo difunto e dos milagres que se producían achegándose a súa tumba, especialmente de curación de dores de cabeza. Cando menos, todo isto é mostra do aprezo e veneración dos composteláns pola persoa do arcebispo Sanclemente.

Unha mostra máis da súa personalidade é o seguinte poema, escrito dous séculos despois, do cal transcribo dúas estrofas:

...En todas las virtudes distinguido,
el Mundo os admiró digno Prelado:
exemplo de todas havéis sido
con una profesión de heroico grado:
de Santo en la opinión haveis vivido,
que, aunque á dos siglos vá, no se há olvidado,
porque mira piadosa la memoria
con respetos de eterna vuestra gloria...
...Las Huérfanas en Vos Padre han tenido,
y tendránlo, como lo hoy están teniendo:
de las *Letras Mecenas* haveis sido,
sereislo, como lo estais siendo;
pues aunque de los Tiempos combativo,
sus injurias un poco están sintiendo;
espera florecer Vos, como antes,
vuestro ILUSTRE COLEXIO DE PASANTES.[1]

BIBLIOGRAFÍA

- Antonio López Ferreiro (1905). *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela,VIII. pp. 301-364.*
- A. Saez (1975). San Clemente Torquemada, Juan de, *en Q. Aldea (dir). Diccionario de historia eclesiástica de España, IV, Madrid,p. 2160.*
- J. Ferro Couselo y L. Lorenzo Fernández (1943). *Capilla del Santo Cristo de Orense, art. en Boletín del Museo Arqueológico y Provincial de Orense, I, p. 63.*
- Manuel R. Pazos (1946). *Episcopologio Gallego Arzobispos de Santiago,I, Madrid, pp. 100-117.*

Notas

[1] Tese con retrato calcográfico do Arcebispo Juan de Sanclemente. Colección de D. Fermín Bouza Brey. Museo do Pobo Galego.

2.2

O COLEXIO DE SAN CLEMENTE DE PASANTES NOS SÉCULOS XVII E XVIII

María José Enríquez Morales

DE COMO SE FUNDOU O COLEXIO

En Compostela, o seu arcebispo Don Juan de San Clemente y Torquemada sabe que se debe opoñer resistencia ao avance da Reforma e coñece a resolución tridentina que recomenda a creación de Seminarios para perfeccionar a educación dos diocesanos. Decide que a el pode corresponderlle fundar un e obtén do Papa Clemente VIII a facultade necesaria para testar por valor de 30.000 ducados destinados a tal fin. No mes de novembro de 1601 outorga escritura de doazón e fai depósito en Valladolid de 18.000 ducados, a razón de 1.000 de renda anual, para empregalos nun *Seminario y Colegio..., donde se crien estudiantes naturales delas partes donde goza renta esta dignidad arzobispal*[1]. Na primavera de 1602, *Su Señoria Don Juan de San Clemente Arçobispo de Santiago estando enfermo en la cama de enfermedad que Nuestro Señor fue servido darle* –levouno ante El o 20 de abril– manifesta que resta aos iniciais 30.000 ducados os necesarios para satisfacer todas as súas mandas testamentarias[2]. Esta disposición ameazou a existencia da fundación, pero os seus albaceas, se ben non lograron a erección dun *Seminario y Colegio*, foron quen, alomenos, de impulsar o segundo. O bo tino do Licenciado Don Pedro Sanz del Castillo propiciou a acumulación de rendas a base de pospoñer a efectiva existencia do mesmo, conseguir novos legados e situar de modo adecuado os réditos obtidos, por exemplo en xuros sobre as alcabalas de Santiago a razón dunha renda anual do sete e pico por cento (a catorce mil o milleiro en linguaxe de entón)[3].

Paseniñamente, aqueles ducados ascenderon a máis de 38.000 e ao Licenciado Sanz del Castillo, pareceulle que se podía manter o Colexio. O 23 de novembro de 1629, día de San Clemente, concedéuselle a primeira beca a Juan de San Clemente y Córdoba, sobriño-neto do fundador, cando estaba a piques de rematarse o edificio. Iniciada a súa construción vintecinco anos atrás, *en sitio desembarazado e de vista libre*[4] que o Concello cedera aos testamenteiros do arcebispo, fóra das murallas pero moi á man dunha das sete portas da cidade –a Faxeira–, as obras desenvolvéronse sen présas. O Colexio adquire vida en 1630 ao entregar Sanz del Castillo aos colexiais as constitucións que rexían o daquela Colexio Maior de Cuenca en Salamanca, vixentes ata o 13 de febreiro de 1635, data na que con toda solemnidade son lidas e aceptadas na Capela as novas e propias constitucións[5].

O tamaño da Casa, levantada sobre unha superficie de cerca de cinco mil metros cadrados, foi continua fonte de preocupación por mor das grandes cantidades que debían gastarse no seu mantemento coa fin de evitar a súa ruína. De entrada, e sendo o arcebispo Don Juan de San Clemente moi dado a taxar polo baixo, os dezaoito bolseiros para os que concebíu a súa fundación nunca pasaron, por razóns económicas, de oito. As rendas percibíanse irregularmente e, suxeitas como estaban ao tesouro real, sempre en apuros, diminuíron de forma gradual ata que en 1807 a penas superaban os 12.500 reás. Nesa data obtivo a derradeira bolsa o que logo sería cóengo de Mondoñedo Simón María Cajide Taboada. En agosto, un documento subscrito polos colexiais subliña a falta de recursos do Colexio e un ano despois –o 1 de agosto de 1808– estaba acuartelado en San Clemente o 2º Batallón de Infantería de León. Desde entón a Casa tivo os máis variopintos destinos ata que acolleu o Instituto Rosalía de Castro. Ao longo da súa existencia cento cincuenta e tres colexiais vestiron a beca cor azul de San Clemente de Pasantes –é dicir, para aqueles que xa tiñan obtido o grao de Bacharel–, que os distinguía dos de Fonseca, de grana, cos que mantiveron teimosa e secular rivalidade.

Pier María Baldi foi quen ilustrou o Informe da Viaxe de Cosimo de Medici por España e Portugal na segunda metade do Seiscentos. A el pertence esta vista de Compostela onde pode observarse o emprazamento do Colexio de San Clemente de Pasantes, extramuros da cidade e próximo á Porta Faxeira, coa fonte no exterior para que tamén dera servizo aos veciños

DE COMO ERA O GOBERNO DO COLEXIO

Segundo as constitucións, a asamblea de colexiais, máximo órgano de goberno, reunida en ***Capela*** a toque de campá, debía deliberar alomenos unha vez ao mes. Esta denominación de Capela non significa que tiveran que xuntarse obrigatoriamente na Capela do Colexio, e moitas testemuñas amosan que as reunións eran a miúdo na Sala Reitoral, máis abrigada nas longas invernías da cidade. A convocatoria correspondía ao Reitor e, se era o caso, impedíase a presenza do colexial interesado en calquera asunto que se tratase.

O ***Rector*** era o responsable directo do que acontecía na Casa. Precisaba ser maior de 24 anos e estar en posesión da beca desde facía dous, que era o que duraba o período de noviciado. A elección tiña lugar o día do fundador, 23 de novembro, por sufraxio secreto entre os colexiais. A permanencia no cargo reducíase a un ano aínda que, polas circunstancias difíciles do Colexio, esta disposición non sempre foi respectada. Auxiliado por dous ***Consiliarios***, elixidos do mesmo xeito entre os colexiais veteranos, o Rector debía vixiar os costumes dos seus colegas e o seu poder estendíase a todos os servizos e asuntos do Colexio.

Con todo, o Reitor e todos os membros da Casa estaban suxeitos, segundo a constitución LXXXI, á ***Visita*** dunha persoa respectable encargada de comprobar o puntual cumprimento dos estatutos. Ao estar o Colexio baixo o Padroado do Cabido compostelano era este quen elixía o día 23 de novembro

–festa de San Clemente, como no caso do Reitor– a un dos seus membros para realizar este labor de inspección. O electo pasaba aviso do seu nomeamento aos colexiais e, admitido por estes, comezaba a visita polas persoas de colexiais e familiares por mor de indagar os seus costumes dentro e fóra do Colexio. Investigaba logo o estado dos bens mobles e inmobles e, no seu caso, castigaba ao Reitor, consiliarios, bolseiros, familiares e criados menores se contra eles resultase falta. As decisións do Visitador eran inapelables, salvo que a maioría dos colexiais protestase ante o arcebispo para que mediase a xustiza. A súa función remataba o día de Nadal, recibindo en pagamento tres ducados e dous pares de perdices ou capóns por valor dun ducado. Dado o carácter do seu cargo non sempre o cóengo visitador era ben recibido e os bolseiros en numerosas ocasións facían todo o posible por recusalo.

O ***Secretario de Capelas***, cargo non previsto polas constitucións pero necesario para a boa marcha do Colexio, era escollido entre os colexiais e desempeñaba funcións semellantes ás dos escribáns públicos: redacción e autorización das Capelas, certificacións, edictos e Visitas. Estas últimas resultaban

tan molestas para os bolseiros, polo que supuñan de pescuda na súa vida e obras, que os propios cóengos visitadores, ao non fiar en secretario tan parcial, lograron levar consigo escribáns autorizados.

A miúdo o cargo de Secretario estivo unido ao de ***Bibliotecario*** e, en ocasións, ao de ***Cabrón de nuevos***. Respondía tan irreverente denominación a un colexial antigo encargado de instruír aos recén chegados, segundo o prescrito na constitución XXVIII, aínda que nela non se lle dá tan rechamante nome. Estaban os ***nuevos*** tan suxeitos aos mandatos do seu ***cabrón*** que calquera desobediencia podía valerlles os castigos de ***poste***, ***rejilla***, ***pretil e tronco*** ou ***cepo***, que o Reitor confirmaba, sendo normal que o ***nuevo*** contase coa alianza dalgún veterano como ***protector***, que tentaba evitar a imposición da pena.

Todos os Colexios e Universidades tiñan o malfadado costume de someter aos recén chegados a *novatadas* máis ou menos duras segundo o capricho dos veteranos. Podían consistir en aguantar un chaparrón baixo as pingueiras, estar no cepo durante un tempo e outras moitas *cabronadas.* Quizais haxa que buscar aquí a orixe da carga semántica desta palabra como *xogada*, acción malintencionada realizada por unha persoa contra outra (María MOLINER). Pese as advertencias feitas aos Reitores, os Visitadores non son quen de evitalas. Referíndose ás *atroces novatadas de San Jerónimo*[6] A. Fraguas recolle unha Orde do Real Consejo remitida ao claustro da Universidade o 19 de xuño de 1781, para que *se prohiban absolutamente las rídiculas y perjudiciales ceremonias con que mortifican los colegiales antiguos a los recién entrados en dicho colegio, como son.... que continuamente los hacen andar agolillados y arrimados a las paredes, sin más delito que el ser nuevos, poniéndolos a ciertas horas del día, de poste en posturas violentas y a la inclemencia del tiempo: y últimamente les hacen sufrir los rudos exercicios comprendidos en lo que se llama pretiles, con atraso de su salud y del estudio; nombrándose también, además, un colegial, el más travieso, con el*

nombre de cabrón que es el que impone a los nuevos dichas penas. Estas prácticas eran tan habituais que o Diccionario de Autoridades[7] na voz *poste* indica que así *se llama tambien la mortificacion que en los Colegios se dá à los nuevos colegiales, poniendolos en un lugar señalado, de pié derecho, algunas horas*. Polo tanto, tales feitos non eran privativos dos estudantes de *pan e sardiña*[8] do Colexio Menor de San Xerome que, adicados aos estudos de Filosofía ou Artes durante tres anos, non gozaban do extraordinario poder e a vida luxosa que, en comparanza, disfrutaban os de Fonseca ou, incluso, os sanclementinos. Maior ou Menor, cada Colexio tiña o seu *cabrón* (ou varios, quen sabe).

Por vontade do fundador debía haber entre os colexiais dous clérigos seculares que desempeñaran a función de ***Capelán*** por semanas alternativas. Esta clase de beca estivo vacante a maioría das veces e empregáronse os servizos de non colexiais a cambio de dispoñer dunha habitación.

A constitución LXXXII especifica as funcións e deberes dos ***Familiares***. Segundo ela, o Colexio debía ter catro servidores, pero os atrancos económicos obrigaron a dispoñer só de dous. Os fámulos presentaban escrito de solicitude e memorial xenealóxico para facilitar o proceso de información de vida e liñaxe, a cargo do párroco respectivo; se era aprobada en Capela, o Reitor mandábao entrar, dictáballe o xuramento e o familiar antigo poñíalle o manto de burel, longo ata os calcañares, co escudo e distintivo das armas da Casa. Foi normal tratalos con menosprezo, mais quen soubo aguantar arbitrariedades e impertinencias permaneceu longos anos no Colexio. Dábanse por satisfeitos se a fin de contas levar o escudo lles facilitaba a obtención dun curato ou dunha capelanía.

Os colexiais novos debían encargarse do reparto do pan e porción de comidas (const. LIX e LX), pero o costume reservou estas tarefas a ***fámulos*** e ***criados menores*** que, xunto co ***cocinero***, ***recadero*** e ***barbero*** coidaban de que a vida na Casa transcurrira con normalidade.

Finalmente, para o bo goberno do Colexio, había na Corte un axente encargado de seguir os trámites de preitos, rendas e asuntos varios. Adoitaba estar acompañado por un ou dous colexiais que velaban para que actuase coa dilixencia debida. Estes ***procuradores*** recibían gratificacións ás veces excesivas, polo que o Visitador recomenda aos bolseiros proceder con moderación[9].

DE COMO VIVÍAN OS COLEXIAIS

A constitución I fixa en dezaoito o número de colexiais: oito canonistas ou civilistas e dez teólogos, de entre os que se escollerían os dous capeláns encargados de celebrar misa diaria. Pero as dezaoito becas previstas para aspirantes do Reino de Galicia, de Córdoba –patria chica do fundador–, ou dalgunha das dioceses que pagaban tributo á Igrexa de Santiago, nunca se cubriron na súa totalidade polas razóns antes indicadas e, polo mesmo, apenas houbo colexiais de fóra de Galicia.

A proposta e designación de pretendentes viña regulamentada nas constitucións, que establecían o dereito de presentación de determinadas persoas (arcebispos, bispos, parentes do fundador para as becas de Córdoba) ou institucións (Cabidos e o propio Colexio). Mais, como en tantas outras cousas, do dito ao feito vai moito treito e a forza da experiencia e as circunstancias completaron baleiros e anularon disposicións.

A declaración de beca vacante facíase en Capela, a proposta do Rector, e o Secretario mandaba fixar os edictos nos que constaba a calidade da beca e as circunstancias que debían concorrer nos aspirantes: idade, entre 18 e 30 anos –35 nos capeláns– (const. III); parentesco, motivo de nulidade se o pretendente tivese un familiar entre os colexiais ata cuarto grao de consanguinidade (const. III); grao académico, como mínimo de Bacharel (const. IV); pobreza, *que no tengan patrimonio, más que la suma de cien ducados de moneda española cada año* e que fosen cristiáns vellos, fillos lexítimos, fisicamente robustos e libres de enfermidade contaxiosa (const. VI). Ademais da limpeza de sangue os seus ascendentes

Claustro do Colexio de San Clemente de Pasantes

non podían ter exercido oficio vil, nin ter sido traidores á Coroa, perseguidos polo Santo Oficio ou infamados de dereito. Estas duras condicións, sobre todo a de pobreza, foron repetidamente obviadas.

Cumpridos estes requisitos, o solicitante debía render ante os colexiais reunidos en Capela os exercicios pertinentes. Primeiro facía a ***toma de puntos***, ou sexa, "picaba" (marcaba, sinalaba) tres veces no libro ordenado (*Decreto* para canonistas; *Instituta* para civilistas; *Maestro de Sentencias* para teólogos) *para que eligiese en uno de ellos, y después de haberlos mirado todos muy por menor, escogió en el... pique... y... se le mandó salir y volver al día siguiente a la misma hora a hacer su oposición y pasar el examen*[10]. Ese día, de novo xuntos en Capela, os colexiais escoitaban a disertación que durante media hora facía sobre o tema o opositor e as respostas que daba ás preguntas dos pasantes da súa Facultade. Logo, retirábase para que os colexiais deliberasen e depositasen o seu voto en bolsa ou chapeu. Como a miúdo só había un opositor a unanimidade era habitual e a cualificación *nemine discrepante* era comunicada a través dun dos familiares ao pretendente.

Realizada a información de limpeza de sangue, restaba un último acto para que o aspirante se convertira en colexial. Ante os colegas reunidos en Capela o Reitor tomaba xuramento ao novo bolseiro, que debía comungar na misa do Espírito Santo. Tras vestirlle o manto e a beca mandábao sentar no asento correspondente como sinal de posesión. O manto, de pano burel –dito de Aragón–, redondo e longo ata os pés, debía axustarse ao pescozo con corchetes; a beca, do mesmo pano, dunha cuarta e de cor azul, era tida en gran estima polos becarios ata o punto de arquivarse na Libraría se ocorría a morte ou saída pacífica da Casa dalgún dos colexiais.

Xunto coa investidura, a toma de posesión completábase coa ocupación do apousento que correspondía á categoría de colexial novo. De pobre enxoval, *una cama hecha de cuerdas, dos almohadas, dos esteras, cuatro sábanas y tres servilletas,* ademais de dúas sillas, mesa, banco, estante para libros e unha cortina de pano ordinario para a porta (const. XIII), debía usarse ata a súa total inutilidade. As liortas por conseguir un bo cuarto foron moeda corrente e, para evitalas, dispúxose que a asignación de

apousento fose feita por riguroso turno de antigüidade conformándose os novos coas habitacións que ninguén desexaba por mal situadas, ruinosas ou *por la incomodidad y perjuicios que me causan las goteras que con tanta abundancia experimentamos en este pueblo,* segundo queixa dada o 23 de decembro de 1787 polo becario Benito Francisco de Castro Barbeito.

O tempo de permanencia no Colexio era de nove anos, dous de ***noviciado*** e sete de ***antigüedad***, pero foi habitual a permanencia como hóspedes de excolexiais sen voz, ración nin voto, agás en circunstancias excepcionais ou por graciosa concesión dos actuais que lles permitían asistir á Capela podendo opinar e votar.

A vida e os costumes dos colexiais estaban previstos nas constitucións cun ríxido programa que a realidade se encargou de flexibilizar. Ao alborexar abríanse as portas do Colexio e os becarios asistían a misa. Semanalmente confesaban e comungaban. Ata mediodía o tempo transcurría na Universidade ou no propio Colexio adicados ao estudo.

Xantar ou cear fóra da Casa estaba prohibido a non ser que se tivese a sorte de estar invitado á mesa do arcebispo, dun cóengo ou dun mosteiro. Entre os colexiais novos de seguro producía respecto a comida en comunidade, en silencio no refectorio. Un familiar alimentaba as almas lendo en voz alta, segundo a época, a *Biblia*, a *Historia Pontifical*, o *Cantar dos Cantares* ou *Vidas de Santos*, mentres os colexiais se ocupaban de nutrir o corpo dando conta da súa ración diaria: trinta onzas de carneiro, dúas libras de pan, medio azume de bo viño de Avia, así como cantidade equivalente en peixe e figos. A ración aumentaba nas festas solemnes ou, máis habitualmente, diminuía polos xaxúns determinados na constitución XXXII.

As tardes pasábanse de novo na Universidade ou no Colexio, e aqueles que con permiso do Reitor saíran polas rúas –debendo ir en compaña doutro colega– tiñan que se recoller antes da caída do sol, momento en que soaba a campá para que o porteiro fechase a porta e os becarios acudisen á Capela onde se cantaba a antífona da Virxe. Non cabía o retraso porque iso significaba pasar a noite fóra do Colexio e ser castigado a pan e auga a primeira vez e expulsado no caso de reincidir.

Logo da cea podían empregar unha hora nalgún xogo virtuoso, sempre que fixeran uso do latín –lingua única dos colexiais– e non mediasen nin o azar nin os cartos. A noite debía adicarse ao descanso. Propicia a toda sorte de vicios e debilidades, sobre todo as da carne, as constitucións XXXVIII, LIV, LVI e LXIX eran taxativas respecto á presencia de calquera muller –*aunque sea honesta*– nos cuartos, coa excepción da nai, irmá ou aquela que por lei natural non resultase sospeitosa e contando, incluso nestes casos, co permiso reitoral. Pernoctar cunha muller no Colexio ou manter concubina dentro ou fóra da cidade, significaba, por suposto, a expulsión do bolseiro.

Os estatutos tamén establecían a obriga de acudir ao barbeiro cada quince días para manter o aspecto de clérigo propio da condición dos pasantes; entregar á lavandeira todas as semanas a súa roupa de liño; gardar o secreto respecto aos asuntos do Colexio; castigar ao ladrón de bens da comunidade; non empregar armas, agás a navalla para cortar o pan no refectorio; non inxuriar, difamar ou levantar falso testemuño...

En fin, unha longa e pormenorizada regulamentación que non sempre foi cumprida. O latín non se falaba –os libros de Capela están redactados en castelán–; o xogo practicábase; pasear polas rúas sen permiso do Reitor e sen compañeiro foi costume case constante; colexiais houbo que levaron libros e alfaias e, verbo das mulleres, *habiendo subido... al quarto rectoral... ha salido del... una muger, que no se su nombre* denuncia maliciosamente o escribán Andrade, sendo daquela Reitor Francisco de Riomol y Quiroga quen chegaría a Fiscal do Consello de Facenda, en 1704, e do Consello Real, en 1706.

DAS FOLGANZAS E LIORTAS DOS COLEXIAIS

Ademais dos días festivos sinalados nas constitucións, a entrada en beca dun novo colexial era celebrada cun xantar, ***comida de nuevo***, sufragado polo interesado ou polo seu informante de vida e liñaxe. Tamén tiña un carácter semellante a tradicional comida de campo ofrecida por aqueles que, terminado o noviciado, abandonaban para sempre as obrigas e castigos vexatorios impostos polo seu *cabrón*; a denominación ***día de campo***, utilizada nas actas das Capelas, indica que os bolseiros saían a divertirse fóra do Colexio, á carballeira de San Lourenzo, ao Pedroso ou á veciña Santa Susana, para comer á luz do sol abandonando a escuridade do refectorio. Os tempos –e as necesidades– mudaron tan ecolóxico costume por un donativo de mil reás para a de cote baleira arca do Colexio.

O gusto polo bo comer, en absoluto exclusivo dos colexiais sanclementinos, adquiría aspecto máis solemne nos ***obsequios por el Apóstol***, refresco dado polo Reitor *a las señoras que vinieren a ver desde el Colegio la feria*. Non todos aceptaron tal carga polo excesivo do gasto que, en principio, corría da súa conta o que provocou trasladalo ao Colexio ou, no seu defecto, a prorrata entre os seus individuos. Ademais, a noite do 24 de xullo era tradicional asistir desde un palco alugado ao fogo do Apóstolo; substituido durante un tempo o espectáculo pirotécnico polas menos populares corridas de touros, o aluguer pasou de 40 reás a 300 e, en 1780, o Colexio decide desterrar tal práctica por ser demasiado onerosa.

Os colexiais, arredados por vontade do fundador, dos perigos do Mundo, Demonio e Carne, e suxeitos *de iure* ás 83 constitucións que coidaban da salvación das súas almas, *de facto* tiveron momentos de lecer e comportamentos que porían os pelos como escarpias ao máis ben timorato D. Juan de San Clemente y Torquemada.

Coñécese o episodio protagonizado por Francisco Antonio Valle Inclán de los Santos –a rebeldía debe ser inherente ao apelido– que, elixido Reitor en 1769, negouse a vestir o manto con incómoda cola propio do seu cargo, enoxosa prenda que ás veces se impoñía aos novos en sinal de castigo. Foi quen, ademais, de levar a vivir consigo a Miguel Valle, o seu irmán menor, estudante de vida pouco santa que perturbaba a tranquilidade da Casa con *la gritería de varios soldados y otros estudiantes y mujeres que concurrían a acompañarle jugando y divirtiéndose en tocar vigüelas y bailes en el cuarto.* Na Capela do 5 de decembro de 1774 tomouse o acordo de expulsar a ámbolos dous irmáns, mais alzouse Francisco Antonio Valle e conseguíu que o Licenciado Burriel, oidor da Audiencia, xirase visita e fallase ao seu favor.

Tamén foron frecuentes as liortas cos colexiais de Fonseca, das que quedou cumprida reseña. Unha delas non podo deixar de relatala porque tiven primeira noticia da mesma a través de D. Antonio Fraguas, manantío permanente de anécdotas e saberes e de quen tiven a honra de ser alumna neste Instituto cando cursaba o meu bacharelato (o tempora!, o mores!). O 28 de agosto de 1736, preto das nove da mañá, o reitor de San Clemente, Francisco Somoza, topou de fronte, a poucos pasos da igrexa dos agostiños (era a festividade deste Santo e había Misa Maior), ao reitor de Fonseca, Manuel Noriega. Tras saudárense, discuten sobre o paso preferente que cada un deles pretendía. O de Fonseca, *por mor do privilexio e autoridade que goza o seu Colexio* (o de San Clemente perdera a condición de Colexio Maior) pretende que o sanclementino lle ceda a beirarrúa. Non chegan a un acordo. Dar volta era deshonroso para a comunidade que representaban. Emprendela a puñadas resultaba, dado o seu cargo, inadecuado. Deciden enviar cadanseu propio para que lles traian cadeiras e poder matinar con tranquilidade e repouso na solución adecuada. Comeza o espectáculo. Ao ser de balde acude a xente cada vez en maior número. O rebumbio aumenta e ao sarxento maior parécelle oportuno enviar forzas para protexer aos litigantes e garantir a orde pública. Ficaron sentados todo o día. Só a chegada da noite e o toque de oración fixo aos rivais volver sobre os seus pasos.

En ocasións os incidentes non tiñan tan educado desenlace. En xullo de 1739 a Porta Faxeira estaba moi concorrida. Os campesiños coas súas mercadorías esperaban ao recadador da portaxe, retrasado esa mañá de sol que invitaba ao paseo. Desde o campo da feira achéganse os colexiais de San Clemente Jacinto de Parga e Felipe de Leis; desde a cidade aproxímase un grupo formado por Martín de Zúñiga,

Félix Porrúa e Francisco Pardiñas, hóspede do Colexio de Fonseca, que ía seguido do seu criado. Parga pegouse á parede para non deixar sitio a Pardiñas que, incomodado, berra: *¡Caballeros!, ¿no ha de haber más cortesía en el pasar? Pues hay camino bastante.* A resposta de Parga, imprecando e dicindo que non cedería, foi que *lo agarró y le dio un voleo arrojándole encima de unas cestas que allí estaban con fruta de unas tratantas.* O criado acude en defensa do seu amo Pardiñas pero o sanclementino Parga *le sacudió una bofetada que le alcanzó los labios y hizo arrojar sangre por la boca*[11]. A intervención dos presentes rematou co lance, retirándose o agredido hóspede de Fonseca a casa próxima para compoñer a figura e os sanclementinos o seu cercano Colexio.

DAS RELACIÓNS DO COLEXIO CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

Estas retesías non deben facernos esquecer que o Colexio mantivo relacións cordiais con outras comunidades. Franciscanos, agostiños, bieitos, dominicos, mercedarios e xesuítas estableceron firme alianza cos sanclementinos por mor de resistir, sobre todo, as pretensións dos de Fonseca. Era normal cursar invitación ao Colexio para funcións solemnes nas casas de relixión e, algunha vez, chegou a asistir en pleno á igrexa da Compañía cando un colexial deixou a beca para tomar a chambra de xesuíta. O mesmo cabe dicir da longa amizade co Concello e Rexemento da cidade, que cedera non só os terreos para a construción do Colexio senón tamén dous *cornados* de auga para a fonte que se levantaba fronte a súa porta.

Presididos polo mesmo fundador, os Pasantes de San Clemente e as Orfas de Nosa Señora dos Remedios gardaron tradicional irmandade. O Colexio de Doncelas Orfas foi creado para que nel *se recogiesen algunas doncellas pobres y de buena vida y costumbres y allí les enseñasen la doctrina cristiana y otros lauores de por casa y les doctrinasen para que después de enseñadas pudiesen servir en casas honradas* segundo comunica o 23 de marzo de 1600 ao seu Cabido o arcebispo Don Juan de San Clemente, que tomou por pauta o costume da súa irmá, Dona María de Torquemada, a cal dotaba as súas sevidoras, chegada a idade propicia, para contraer matrimonio. Tendo idéntico fundador e padroado os Colexios de San Clemente e mais das Orfas mantiveron excelente relación, na que había por parte do de Pasantes unha certa actitude de protección que provocou algún tropezo co Cabido, como o orixinado cando se abriu ao culto a nova igrexa das Orfas. A polémica xurdíu polas habituais cuestións de preferencia, solventadas polo acordo suscrito o 29 de novembro de 1671 que deixou a salvo as *preheminencias en procesiones, asiento en la Iglesia y Capilla Mayor y más actos y funciones*. Nas solemnidades o Colexio disporía dun banco ao lado do Evanxeo, baixo o arco principal, e ademais recoñecíaselle o dereito a retirar as chaves do sagrario o día de Xoves Santo.

Verbo da Universidade, ao ser o Colexio autónomo, ás veces as relacións distaban de ser fluídas. Xa en 1632, no claustro celebrado o 4 de febreiro, o Reitor da Universidade espuxo *que los collegiales del collegio nuevo de San Clemente, leyan dentro de su collegio en cathedra publicamente las Artes y Cánones* en prexuízo da Universidade. O acordo para cortar tal práctica foi terminante: ameazábase aos oíntes coa perda de matrícula[12]. Sen embargo, a lectura seguiuse a facer e, no claustro do 4 de novembro de 1641, deter-

Detalle da porta principal do Colexio das Orfas, fundado polo arcebispo Juan de San Clemente

minouse que *se hable al Rector del Collegio de San Clemente para que no se lea lección pública en su Collegio, ni lo consienta, y si alguno su collegial quisiere leer en el estudio desta Universidad ofrece hora competente para ello, que no empida las del curso*[13]. Con todo, a concesión de permisos non sempre resultaba doada e mesmo os sanclementinos, unha vez obtidos, debían renunciar á asistencia do *maestro de ceremonias con la insignia, ni el secretario, ni bedel*[14].

Así mesmo, a provisión de cátedras foi fonte de numerosos incidentes. Parecía lóxico que na Universidade tivese preponderancia o Colexio Fonseca, que a ela pertencía. Axudado polo maior número de colexiais, os seus votos supoñían repetidos éxitos para os seus aspirantes a cátedras. As protestas dos de San Clemente non impediron aos de Fonseca continuar coa súa especial situación de favor.

A inimizade entre os axentes da Universidade e do seu Colexio cos de San Clemente de Pasantes era coñecida na cidade e fóra dela. Desde o mesmo momento da súa fundación, ao figurar o de San Clemente como Maior, levantou as suspicacias dos de Fonseca. En secular retesía o asunto non se resolve ata 1730, data na que, despois de longo e soado preito, un Real Decreto outorgado por Felipe V o 10 de outubro, ordena que só fose considerado o Colexio de Fonseca como Colexio Maior perdendo o título o de San Clemente[15]. Tal disposición, lonxe de acabar coas rivalidades afondounas, e aos preitos de cátedras engadíronse as disputas polos asentos procesionais ou pola preferencia de paso nas beirarrúas, como xa relatamos ao referírmonos ao insólito espectáculo das cadeiras do día de San Agostiño de 1736.

DE COMO SE EXTINGUE O COLEXIO

Case que desde a súa fundación as dificultades económicas acuciaron a existencia do Colexio. A mediados do século XVIII arrastraba tan triste condición que, con só 3.000 reás de xuros e un único colexial, o Reitor Don Antonio Arias Teixeiro, pretende –por extraño que pareza– a fusión co Colexio Fonseca, tamén daquela en serios apuros. A situación de ámbalas dúas comunidades facilitou tan insólita intelixencia, apoiada en razóns de peso: falta de pretendentes a beca, escaseza de renda, imposibilidade de cumprir os estatutos, etc. A xuntanza celebrouse en San Clemente. De lograr as necesarias autorizacións, pontificia e real, o Colexio resultante sería Maior pola prerrogativa que tiña o de Fonseca, o cal tamén imporía a beca granate pero adoptando o manto longo de San Clemente. Para non ferir susceptibilidades chamaríase dos Arcebispos e os retratos dos prelados fundadores, Don Alonso de Fonseca e Don Juan de San Clemente, presidirían a Sala Reitoral. Os caudais reunidos nun fondo común servirían para dotar vinteseis becas, delas dezaseis de Teoloxía e dez de Cánones e Leis. Outras condicións, verdadeiro adianto dos futuros estatutos, quedaron especificadas en escritura outorgada o 28 de xullo de 1750 ante o escribán Francisco Antonio Arias[16]. Deste acordo nada houbo; a intervención do Cabido abortou o proxecto.

Tampouco callou a idea, presentada en longo informe polo arcebispo Rafael de Múzquiz e Aldunate ao monarca Carlos IV en 1804, de crear un Seminario Conciliar na diócese de Compostela aproveitando as instalacións de San Clemente, *a la orilla de esta ciudad y no largo de mi palacio, la firmeza de su fábrica, su capacidad y disposición ofrecen ventajas... es muy limitado el número de colegiales que hoy mantiene... Sus individuos por lo común ya son graduados, y como que están allí esperando alguna colocación proporcionada a su carrera concluida...*[17]. Mais tampouco se instalou o Seminario e o Colexio esmorece empobrecido.

Por modesta que pareza a súa traxectoria, o prestixio do Colexio no vello Reino de Galicia era indudable. Nas testemuñas para probas de liñaxe quen contase entre os seus cun colexial sanclementino nunca deixaba de mencionalo, claro índice da súa importancia social. Cando xa desaparecera, a súa lembranza estaba presente nos que nel foran becarios. Desde o humilde crego rural, que ostentaba con orgullo o daquela xa ficticio título de *Colegial en la de San Clemente único de Pasantes,* ata os máis favorecidos pola fortuna, que gardaban a elegante beca azul no fondo das súas arcas e dos seus

corazóns, e prestaron a súa axuda e a súa voz ao proxecto do arcebispo Fr. Rafael de Vélez que retoma a idea de fundar un Seminario na Casa que eles habitaran[18]. Cando, en 1829, se toma tal decisión as venerables pedras xa acolleran o 2º batallón de Infantería de León, o Cárcere público e o Colexio de Cadetes.

O Colexio de San Clemente *produjo varones doctísimos* e *tuvo muy lúcidos colegiales*[19] que conseguiron importantes prebendas tanto en Santiago, principalmente cátedras e canonxías, coma noutras cidades de España. Nos anos finais do século XVIII colexiais sanclementinos ocuparon as cátedras reformadas e tiveron ao seu cargo as ensinanzas máis prestixiosas. A rica e nova Biblioteca da Universidade tivo nos pasantes de San Clemente lectores asiduos ou dilixentes bibliotecarios, como o multifacético Francisco Antonio Valle Inclán de los Santos fundador, asemade, do primeiro periódico semanario galego, *El Catón Compostelano*, aparecido o 1 de maio de 1800.

Nos días finais da Casa, colexiais, familiares e criados acuden á chamada patriótica contra a invasión francesa. Ocupado o nobre edificio pola soldadesca, a fundación extínguese tras dous séculos de existencia.

Notas

1 "Escritura de dotación del Colegio, otorgada por el arzobispo Don Juan de San Clemente, ante el escribano Cristobal Ramiro (12 de noviembre de 1601)", recollida por GONZÁLEZ GARCÍA-PAZ, Sebastián, *O Colexio de San Clemente de Pasantes*, Santiago, 1993, páx. 289. Esta tese de doutoramento, defendida en 1935 na Universidade de Madrid e publicada polo Consorcio de Santiago e mais a Universidade compostelana no ano indicado, servíu de base para elaborar este traballo.

2 "Codicilo del arzobispo San Clemente (18 de abril de 1602)", in op. cit., páx. 285.

3 O pago dos intereses dos xuros –préstamos feitos á Coroa polas que esta abonaba un rédito anual– quedaba garantido cunha renda determinada (servizo e montazgo, portos secos, alcabalas dalgunha localidade -neste caso de Santiago- etc).

4 RIOBOO Y SEIXAS, *Descripcion geografica y topografica del Reino de Galicia conforme a los limites que al presente tiene* (Provincia de Santiago, Colegios, El de Pasantes de Sn. Clemente), Biblioteca da Academia de la Historia de Madrid. Papeles de Rioboo, D-44, sen foliar.

5 Conservadas na Universidade de Santiago tamén posúe un segundo exemplar, copia autorizada por escribán público, o Arquivo do Cabido compostelano.

6 FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, "La vida colegial compostelana. Los hombres y las instituciones", in *Liceo Franciscano*, 2ª época 82-84, Santiago (1975), páx. 207.

7 Diccionario de Autoridades (1726), edición facsímil, Ed. Gredos, Madrid, 1979.

8 BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón, *A Galicia do Antigo Réxime. Ensino, Ilustración e Política*, A Coruña, 1991, páx. 167. Na indumentaria dos tunos composteláns pervive a lembranza do *pan e sardiña* nunha especie de logotipo.

9 Visitas, fol. 49. Arquivo do Cabido de Santiago.

10 Libro de Capillas, fol.44. Biblioteca da Universidade de Santiago.

11 Lanze entre Don Francisco Pardiñas y dos colegiales de San Clemente. Arquivo da Universidade de Santiago, Letra C, Nº155.

12 Arquivo da Universidade de Santiago, Libro de Claustros, 63, fol. 56v.

13 Ibid., 64, fol. 287.

14 Ibid., 65, fol. 294v.

15 BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón, op. cit., páx. 169

16 Ibid., Colegios, Nº71.

17 "Representación del Arzobispo Múzquiz al Rey Carlos IV el 20 de mayo de 1804, sobre la erección de un seminario en Santiago", in *Compostellanum*, vol. XLIV, Santiago, 1999, páx. 606.

18 COUSELO BOUZAS, José, *Fr. Rafael de Vélez y el seminario de Santiago*, Santiago, 1931.

19 MARTÍNEZ MURGUÍA, Manuel, *Galicia*, na colección "España sus monumentos y su arte", Barcelona, 1888, páx. 450.

2.3
BREVE APUNTE SOBRE OS USOS DE SAN CLEMENTE NOS SÉCULOS XIX E XX

María José Enríquez Morales

A diminución gradual das rendas e a falta de recursos provocaba en 1808, ao iniciarse a *Guerra de Independencia*, a fin da actividade do Colexio. A partir daquela a traxectoria de tan magnífica construción está suxeita a diversos avatares e aos usos máis diversos que, en aras da brevidade, me limito a enumerar.

No **século XIX**, entre 1808 e 1829, acolleu non só o 2º Batallón de Infantería de León, senón tamén un escuadrón de cabaleiría, o cárcere público e o Colexio de Cadetes. Na última das datas citadas o seu destino cambia. Presos e militares –de a pé ou dacabalo– dan paso a inquilinos de maior sosego.

O nobre edificio non estaba afeito a tanto rebumbio e recobra o seu pulso cando, en 1829, o soño que tivera don Juan de San Clemente de crear un Seminario toma forma baixo o arcebispado de Fr. Rafael de Vélez. Nesa data comeza a súa andaina o Seminario Conciliar de Santiago, que vai reservarse en exclusiva (con algunha interrupción que non paga a pena citar) o uso de San Clemente ata 1866, momento no que, por resultar insuficientes as súas instalacións, o arcebispo don Miguel García Cuesta solicita a Isabel II, e consegue da raíña, permutar San Clemente polo exclaustrado mosteiro de San Martiño Pinario.

Durante o sexenio democrático unha compañía de infantería, un destacamento do Corpo da Orde Pública e un acuartelamiento de Voluntarios Francos da República, sucédense na utilización dunha Casa que todos cobizan, pero que parece cobrar vida cando non son do seu gusto quen a ocupan. Así, a partir da Restauración, pasa a ser un edificio que alberga diferentes institucións, pero sempre ligadas ao mundo da cultura e/ou do ensino.

O meritorio labor da Real Sociedade Económica de Amigos del País está detrás de tal feito. En 1877 engade ás ensinanzas da Escola de Debuxo, que creara o mesmo ano da súa fundación (1784), as de Modelado e Música, que se impartirán desde 1883 en San Clemente, onde, por fin, a Real contaba cun local digno. As xestións dalgúns dos seus socios en Madrid trouxeron como froito, en 1886, a creación da Escola de Artes e Oficios; dous anos despois ten lugar a súa inauguración oficial, e comparte as súas dependencias coas da Sociedade Económica. A elas engádenselles as da Escola de Veterinaria e, provisoriamente, as da Facultade de Dereito.

Ao iniciarse o **século XX** cada quen vai atopando o seu sitio. En 1899 os estudos de Dereito e Veterinaria están a piques de ser suprimidos por razóns en teoría orzamentarias mais, na práctica, políticas. O temor mobilizou non só aos claustrais senón tamén a toda a cidade e buscáronse recursos e novas instalacións tanto para Dereito coma para Veterinaria (en 1912 a Escola de Veterinaria conta cun edificio construido *ex-novo*, ocupado actualmente polo Parlamento de Galicia).

Escola de Veterinaria, actual sede do Parlamento Galego

En San Clemente fican a Escola de Artes e a Real Sociedade Económica de Amigos del País, que cede, en 1926, un dos seus locais ao Seminario de Estudos Galegos ata que este, en 1930, consegue da Universidade un domicilio estable no pazo de Fonseca. A vida da Real e mais da Escola trancorre sen incidencias ata o estoupido da Guerra Civil que, como para tantos, troca os seus destinos. Incluso antes do remate do conflicto era sabido que, de vencer os sublevados, toda a obra da II República sería reducida a cinza.

A ríxida separación de sexos que imporá a Ditadura franquista conduce a creación de Institutos Femininos. O de Santiago toma corpo en 1939 e, nese edificio de usos múltiples que foi San Clemente dende a súa decadencia como Colexio de Pasantes, axiña atopa acubillo. O que era solución transitoria vai converterse en definitiva para contrariedade dos seus máis antigos inquilinos que, non sen razón, consideran que se viste a un santo para deixar outros en coiro. Sen présa pero sen pausa, o Instituto Feminino, dirixido por dona Pura Lorenzana, muller de carácter segundo os que a coñeceron, acaba desprazando a Real Sociedade Económica (1944) e a Escola De Artes e Oficios (1945), que viviron o seu desaloxo como un auténtico drama. Desde aquela os composteláns identifican o Colexio de San Clemente de Pasantes co Instituto Rosalía de Castro.

Don Juan de San Clemente disque era home de convicciónns firmes e pouco dado a que foran cuestionados os seus proxectos. Tal determinación, se se me permite a licenza, parece ter chegado ata hoxe, por canto o Colexio por el fundado non admite máis usos que os relacionados co mundo da cultura e/ou da formación de colexiais. A tales labores está dedicado desde hai 400 anos. Todos os intentos de dar acubillo nel a outro tipo de actividades ou institucións quedaron reducidos a tan breves espazos de tempo que só serven para corroborar o que dicimos. Respectando as súas orixes, e ao tempo inserto no mundo actual, o Rosalía de Castro segue a formar colexiais, doutra índole e de ambos sexos, claro, pero colexiais.

2.4

PERSOEIROS QUE NOS SÉCULOS XVII, XVIII e XIX ESTIVERON VINCULADOS AO EDIFICIO SAN CLEMENTE

Xosé Manuel González Reboredo

Como é sabido, dende a súa programación, na alborada do século XVII, ata case a metade do XX o edificio San Clemente foi sede do Colexio universitario deste nome e, posteriormente, despois de usos efémeros, da Real Sociedade Económica de Amigos do País da Cidade de Santiago. O feito de ser lugar de ensino, ciencia e cultura fixo que dentro dos seus muros se formasen ou traballasen persoas merecentes de lembranza pola súa biografía e obra. Sería longa tarefa, e desmedida como contribución a un libro colectivo, falar de todos os que se debería. Por iso limitareime a seleccionar algúns, sacados da lista de colexiais do San Clemente e de Directores da RSEAP. Habida conta que toda selección leva consigo certas doses de arbitrariedade, ou de que cada un trate de varrer *pro domo sua*, advirto que a que segue está feita non por desprezo cara a ningún dos posibles ausentes, senón como homenaxe aos presentes. Velaquí o resultado.

I. COLEXIAIS ILUSTRES DO COLEXIO SAN CLEMENTE (S. XVII-XVIII)

Sebastián González García Paz recolle datos dun total de 153 colexiais no seu libro sobre o Colexio (González García Paz, 1993: 135 e ss.), ingresando o primeiro nesta institución universitaria en 1629 e saíndo o último en 1808. De entre todos eles mencionarei os que seguen.

— Dr. Juan Pallares y Gayoso (colexial entre 1636? e 1638)

Natural de Lugo, onde naceu en 1614. Fixo estudos de Filosofía e Teoloxía na Universidade de Santiago, chegando a obter o grao de Doutor. Sendo aínda novo, en 1638, conseguiu o cargo de cóengo lectoral do Cabido de Lugo, corporación na que desenvolverá un apreciable labor intelectual ata o seu pasamento, que segundo Sebastián González tivo lugar en 1693, pero outros retrasan cinco anos. Deixou varios escritos inéditos, como:

* *Memorial de la Sancta Iglesia de Lugo a las nobles Ciudades del Reino de Galicia sobre el asunto del culto al Santísimo Sacramento dia y noche siempre patente en el Altar de su Capilla Mayor.*

* *Memorial al Rey N. S. Felipe IV sobre deber tributar los clérigos como los legos en el repartimiento de sisas y millones.*

* *Fundación y grandezas de Lugo,* unha especie de cronicón con fantasías de intención apoloxética sobre a diocese e cidade de Lugo.

Pero a súa obra máis importante é *Argos Divina. Sancta María de Lugo de los Ojos Grandes...,* editado postumamente en Santiago no ano 1700 (Pallares y Gayoso: 1988 [1700]). Malia ser tamén un escrito apoloxético –feito común no seu tempo–, adoita ser considerada como a primeira historia de Lugo e a súa igrexa, e por esa razón Pallares ocupa un lugar de relevo na historiografía galega anterior ao mundo contemporáneo.

— Dr. Joseph Vicente Piñeiro y Cancio (colexial entre 1752 e 1761)

Naceu en Mondoñedo en 1725. Antes de entrar no Colexio San Clemente obterá o grao de Bacharel na Universidade de Santiago, e posteriormente outros , ata chegar ao máximo de Doutor. Foi avogado da Audiencia do Reino de Galicia e profesor na Universidade compostelá. En 1761 logra a prebenda de lectoral do Cabido de Lugo, e nesta estadía lucense, que dura ata 1775, dedícase aos estudos históricos, como o seu antecesor Pallares. Foi colaborador do Padre Flórez, a quen facilitou datos e documentación. Compuxo un escrito titulado *Colección Diplomática y memorias para la Historia de la Ciudad e Iglesia de Lugo.*

No ano 1775 pasa a desempeñar un posto de cóengo da Catedral de Santiago. Nesta etapa compostelá seguen as súas inquedanzas eruditas, mantendo, por exemplo, correspondencia co ilustrado coruñés José Cornide. Tamén foi nesta etapa Reitor da Universidade, á que lle fixo doazón de libros para a súa biblioteca. Morreu no ano 1802.

Claustro do Colexio de San Clemente de Pasantes

— *Dr. Andrés Aguiar y Caamaño (colexial entre 1753 e 1757)*

O seu nacemento tivo lugar no ano 1734[1] na parroquia de San Salvador de Cervaña, actualmente do concello de Silleda, diocese de Lugo. Pero os seus pais residían en Vimianzo, e alí medrou ata que se trasladou a Santiago para cursar Filosofía e Teoloxía. Tamén estudou en Ávila e foi colexial da Santa Cruz de Valladolid. Ocupou os cargos de cóengo na Colexiata da Coruña, Maxistral, Chantre e Penitenciario do Cabido de Lugo, e Chantre e Deán no de Santiago. Así mesmo, exerceu en Compostela como xuíz eclesiástico e gobernador do arcebispado. No ámbito civil foi elevado a Cabaleiro da Orde de Carlos III. Ao parecer nunca esqueceu a terra de Vimianzo na que se criara, pois nela fundou unha capela dedicada á Concepción, na que depositou unha reliquia de San Campio[2], e dúas escolas, unha de primeiras letras e outra de latinidades.

A culminación da súa carreira eclesiástica chegou no ano 1797, cando o rei Carlos IV o presentou para bispo de Mondoñedo, diocese que rexentou ata 1815, data na que falece. Foi bispo querido e preocupado pola súa diocese, e a el dedica Manuel R. Pazos as seguintes verbas:

> *Por muchas razones es venerable la memoria de este obispo de Mondoñedo. No sólo visitó su diócesis con todo cariño, a pesar de sus achaques y la incomodidad de los caminos, sino que fundó en Vimianzo su tierra, una capilla y dos escuelas; demostró su celo por el pasto de una buena doctrina en la pastoral que en 1803 dirigió al clero y fieles de su diócesis. Pero donde más méritos atesoró fue sin duda en los esfuerzos que realizó para detener la invasión napoleónica. Sus circulares y exhortaciones para mantener a su grey fiel a los principios cristianos y patrióticos fueron de mucha resonancia... (Pazos, 1946: III, 472)*

Efectivamente, a súa contribución á bautizada como Guerra de Independencia pola historiografía españolista queda manifesta nunha nota publicada na *Gaceta de Madrid* de 6-IV-1816. Nela faise constar que , malia as escasas rendas do seu bispado, contribuíra a partir de xuño de 1808 con 388.320 reais de vellón, 150 uniformes, 300 camisas e 100 pares de zapatos para a división de Asturias, co equipo de tambores e outros socorros para o Rexemento de Santiago, mandado polo seu sobriño, D. Xoán Bautista Aguiar, e con outras cantidades repartidas entre membros do exército.

— *Dr. Francisco Antonio Valle Inclán de los Santos (colexial entre 1758 e 1770)*

Este tío-avó do escritor Ramón del Valle-Inclán viu a luz en Ruanova, parroquia de San Martíño de Sobrán, diocese de Santiago e actual concello de Vilagarcía de Arousa, no ano 1736 (Cardalda, s./a., *Gran Enciclopedia Galega*, voz "Francisco A. Valle Inclán"). Comezou os seus estudos en Compostela aos doce anos, e continuou logo en Ávila. Despois de obter o grao de Bacharel en Leis en 1753, trasládase a Madrid, onde exerce a avogacía. De volta en Santiago logra os graos de Licenciado (1761) e Doutor (1765). Na Universidade compostelá será tamén profesor, posto no que se verá envolto en conflitos que revelan a súa singularidade de carácter. No ano 1769 o arcebispo Bartolomé de Rajoy nomearao xuíz eclesiástico, cargo que ocupa ata 1772. Participou, por outra parte, como socio na Real Sociedad Económica de Amigos do País de Santiago.

A partir de 1774 foi encargado de establecer e organizar a Biblioteca Pública da Universidade compostelá, labor ao que lle dedica anos e esforzos, mesmo permanecendo temporadas longas en Madrid para adquirir libros, asesorado nesta misión polos libreiros Bernardo Alverá e Antonio de Sancha, ou para tratar de competir coa Academia de San Fernando polos libros do finado Felipe de Castro (Filgueira Valverde, 1955). A este importante labor de bibliotecario dedicou un escrito titulado *Instrucción para el establecimiento de la Biblioteca Pública de la Universidad de Santiago*. Anos despois, en 1794, publicáronse en Compostela as *Constituciones y ordenanzas para el uso y gobierno de la Biblioteca de la Real Universidad de Santiago*, tamén por el redactadas.

Ademais desta meritoria faciana de bibliófilo, Valle Inclán ten outra singularidade no seu haber, a de pasar por ser o creador e *factotum* do primeiro periódico de Galiza, segundo unha opinión de Murguía aceptada por outros estudosos posteriores. Apareceu en Compostela o 1 de maio de 1800 coa cabeceira de *El Catón Compostelano*. A súa periodicidade era semanal e en cada número adoptou a forma

dun <<Discurso>> no que se falaba de cousas tan diversas como a orixe das linguas peninsulares ou a descrición dunha nave para "navegar por el aire"[3]. Foi definido por Filgueira Valverde como " una amalgama de humor y erudición, de reformismo galicista y de apego a lo tradicional" (Filgueira Valverde, 1955, 139). O *Caton* tivo corta vida, só seis meses, pero foi o pioneiro da prensa periódica galega.

EL CATON
COMPOSTELANO.
DISCURSO PRELIMINAR.

Francisco Antonio Valle Inclán era, segundo xa se insinuou antes, un home polémico e polemista, e por iso tivo varios adversarios, entre eles algúns colegas na Universidade que boicotearon o seu nomeamento como Bibliotecario Maior. Por escrito mantivo polémica con Masdeu, quen respondeu a afirmacións de Valle con *Entretenimiento II contra D. Francisco del Valle Inclán. Reflexiones contra unos sueños compostelanos, intitulados Discursos.* Desditadamente a súa obra escrita perdeuse, aínda que Murguía danos un título por el coñecido, *Prenociones a la inteligencia de las Sagradas Escrituras por medio de los conocimientos de las Lenguas originales...* Sebastián González García-Paz defíneo como "o primeiro afrancesado en Compostela", mais o seu debeu ser un proto-afancesamento relacionado co "reformismo galicista" de que fala Filgueira Valverde no parágrafo que acabamos de transcribir, non só polas súas peculiares ideas, senón porque o noso personaxe morre en 1804[4] na súa casa natal de Ruanova, cando as tropas napoleónicas aínda non chegaran a Galiza e os afrancesados, en consecuencia, non tiñan por esas datas a oportunidade de contar cun firme apoio ás súas ideas, malia que fose efémero.

Recentemente, no ano 2003, e por iniciativa da Asociación de Veciños de Vilaxoán, núcleo poboacional da freguesía de Sobrán, foi recuperada a súa memoria, inaugurándose unha placa conmemorativa a el dedicada.

— Dr. Ángel José Patiño de Reloba[5] (colexial entre 1759 e 1768)

Naceu en 1735 na parroquia de Santiago da Pobra do Deán, a cal, xunto con Nosa Señora a Antiga do Caramiñal, deu lugar ao actual concello da Pobra do Caramiñal, na ría de Arousa.

Imaxe antiga do Nazareno da Pobra do Deán

Graduouse na Universidade de Santiago de Bacharel en Filosofía no ano 1754, e Teoloxía en 1758, materia na que con posterioridade obterá os graos de Licenciado e Doutor en 1771. Fixo carreira como profesor desta universidade , chegando a conseguir a cátedra de Prima de Teoloxía, e tamén foi protector da Biblioteca universitaria que organizara o seu colega Valle Inclán. Entre 1769 e 1771 estivo en Madrid e opositou a unha Penitenciaría de San Isidro sen éxito, aínda que logrará ser cóengo en Compostela, onde desenvolve a súa actividade ata 1812, ano no que falece.

Ademais dos seus evidentes méritos académicos, o Dr. Patiño de Reloba ten o de contribuír a reforzar, ou revitalizar, o culto ao Divino Nazareno na súa igrexa natal de Santiago do Deán, centro aínda hoxe, cada terceiro domingo de setembro, dunha romaría das máis multitudinarias de Galiza, definida por V. García Martí como un lugar e momento no que "la vida se disfraza de muerte; es decir, se quita el disfraz" (Casanova Fernández/ González Millán, 2005; J. J. Cebrián Franco, 1982, 145 e ss.; A. Fraguas, 1988, 89 e ss.). En efecto, el foi quen correu cos gastos de construción e acondicionamento para fins de culto da capela do Nazareno, e enriqueceuna con dúas reliquias, unha de San Campio e outra de Santa Oricera (Bouza Álvarez, 1990: 183 e ss.). En lembranza do seu impulsor e benefactor figura na entrada da citada capela un vítor conmemorativo co texto seguinte:

> El Sr. Dr. Dn. ANGEL JOSEPH PATIÑO DE RELOBA, NATURAL DE ESTA VILLA DE LA PUEBLA DEL DEAN, BAPTIZADO EN LA YGLESIA PARROQUIAL DE ELLA, COLEGIAL EN EL DE Sn CLE[men]TE DE PASANTES, CATHEDRÁTICO DE PRIMERO DE SAGRADA THEOLOGIA, CANÓNIGO CARDENAL DE LA Sta. YGLESIA DE SANTIAGO, COSTEÓ E HIZO FABRICAR ESTA CAPILLA DEDICADA A JESÚS DE NAZARENO EN EL AÑO DE 1806, Y FUE UN SINGULAR BIENHECHOR DE ESTE PUEBLO, Y SU YGLESIA, LA QUE ADORNÓ CON VARIAS Y EXQUISITAS ALAXAS QUE HA DADO POR DEVOCIÓN, COMO EXCELENTE PATRIOTA PARA EL MEXOR CULTO DIVINO. REQUIESCAT IN PACE.

— Dr. Agustín Lorenzo López Varela y Temes (colexial de 1798 a 1806)

Con este nome rexistra Sebastián González un ilustre colexial do San Clemente nacido en Santa María de Sabadelle, actual concello de Chantada, en 1773, aínda que na lista de bispos de Salamanca aparece só como Agustín Lorenzo Varela Temes, cousa máis acorde co primeiro apelido do seu pai, que era Varela.

Estudou Cánones en Compostela , pero un seu paisano, o bispo de Oviedo D. Gregorio Hermida, púxoo ao seu servizo durante catro anos, época na que ocupou os cargos de fiscal eclesiástico, secretario de cámara, provisor e visitador xeral. En 1812 obtivo a Penitenciaría de Lugo, pero deixouna cando foi proposto para bispo de Salamanca en 1824. Pola súa condición chegou a ser Senador do Reino, e na cidade do Tormes residiu ata o seu pasamento en 1849, sendo enterrado na catedral nova salmantina.

Como bispo desenvolveu un labor pastoral digno, dando á luz algunhas cartas pastorais, como unha centrada no tema da obediencia ás potestades establecidas para o bo réxime da Igrexa e o Estado (1841). O seu desexo de velar polo mantemento de manifestacións prudentes de devoción deu lugar a unha curiosa anécdota. Trátase de que en Salamanca procesionaba por Semana Santa a confraría da Vera Cruz cun paso da Oración no Horto, o cal ía esaxeradamente decorado con laranxas e limóns, exceso prohibido polo prelado por consideralo pouco respectuoso. De carácter enérxico, Sebastián González cita outra anécdota , consistente en que nunha ocasión, visitando unha parroquia da diocese, atopou un párroco tan desviado do recto ministerio sacerdotal que, con grande indignación, deulle unhas labazadas en público. Polo demais, era home xeneroso, facendo doazóns á igrexa parroquial de Sabadelle, que foi reedificada grazas a el, e tamén ás catedrais de Salamanca e Lugo. A Universidade de Santiago honrouno co seguinte texto conmemorativo:

> Al Dr. D. AGVSTIN LORENZO VARELA Y TEMES COLEGL. EN EL DE Sn. CLEMENTE De PASANTES DEL GREMIO Y CLAUSTRO DE ESTA UNIVERSIDAD PROVISOR EN EL OBPDO DE OVIEDO CANº PENITENCº DE LUGO Y OBISPO DE SALAMANCA AÑO DE 1824.

II. LEMBRANZA DE TRES DIRECTORES DA REAL SOCIEDADE ECONÓMICA DURANTE A SÚA ESTADÍA NO EDIFICIO SAN CLEMENTE (S. XIX)

Ao longo do século XIX a Real Sociedade Económica de Amigos do País da Cidade de Santiago tivo 14 directores (Fernández Casanova, 1981: 18). De todos eles escollín tres que, ao meu entender, teñen unha especial importancia. Son o Dr. Varela de Montes, o matemático e cartógrafo Domingo Fontán e o xurisconsulto, economista e sociólogo Joaquín Díaz de Rábago. A seguir dou conta resumida das súas respectivas vidas e obras.

— *Dr. José Varela de Montes y Recamán*
Presidente da RSEAP de Santiago en 1859-60 e 1861-65

Fondo pictórico da RSEAPS

Naceu en Compostela en 1796, de pai médico. Obtivo o grao de Bacharel na Universidade de Santiago e completou os estudos de medicina na de Madrid. Despois de ser médico en Corcubión e dunha breve estancia en Sobrado, exercerá a actividade profesional na súa cidade natal, no seo da Universidade e do Hospital Real, do que foi médico e director. Na Universidade gaña, en 1826, a cátedra de segundo ano de Institucións Médicas, en 1833 oposita á de 4º ano de Medicina e, finalmente, en 1843, pasa á cátedra de Clínica, ademais de dirixir tamén o Colexio de Prácticas de Curar (*Gran Enciclopedia Galega*, entrada "Varela de Montes").

Xunto coa súa importante actividade clínica dedicouse, así mesmo, a escribir diversas obras. Segundo Ramón Otero Pedrayo, Varela de Montes foi un mestre no que "la prestigiosa Escuela Médica de Santiago tuvo su filósofo, su expositor, su clínico de continuados y serenos lucires" (Otero Pedrayo, 1952:7). Colaborou en publicacións periódicas como *El Siglo Médico* ou *Revista de Ciencias Médicas*, e deu ao prelo varios libros ou folletos, entre eles *Preceptos preventivos contra el cólera morbo* (1833), *Consideraciones sobre la cuestión homeopática* (1851) ou *Preceptos higiénicos y terapéutica sobre la fiebre reinante* (1853). O seu primeiro escrito levaba por título *Distinción entre la verdadera y falsa experiencia en Medicina y caracteres del verdadero médico* (1821) , e nel manifesta unha evidente admiración polo médico suízo-alemán Zimmermann (1728-1795). Unha curiosa obra súa é a titulada *Defensa del pauperismo* (1849), na que critica as teorías do socialismo utópico e trata de xustificar a existencia de desigualdades entre os seres humanos.

Con todo, o seu libro máis importante é *Ensayo de Antropología, o sea, historia fisiológica del hombre en sus relaciones con las ciencias sociales y especialmente con la Patología e Higiene*, editada en Madrid entre 1844 e 1845. O profesor C. Lisón Tolosana considerouno un predecesor dos actuais estudos de Antropoloxía porque "es de los primeros en subrayar sistemáticamente la importancia de los factores socioculturales como <<agentes modificadores>> –según su propia expresión– de las necesidades, instintos y naturaleza humana en general" (Lisón Tolosana, 1971: 102), pero en conxunto debemos aceptar que Varela de Montes desenvolve o seu discurso non como antropólogo sociocultural no sentido actual, senón dende a perspectiva dunha antropoloxía médica, que era no que estaba realmente preparado e interesado (Pereira González, 2001: 118 e ss).

Cuestión curiosa, por outra banda, son os posibles indicios de protoevolucionismo nesta obra, na medida de que nas súas palabras aparece a idea de que os seres humanos forman parte dunha *scala naturae* integrada por todos os seres vivos, presentando semellanzas formais cos máis próximos. Resulta evidente que, cando redacta o *Ensayo*, Darwin e os demais evolucionistas clásicos non deran a coñecer as súas teorías, pero si circulaba por Europa un pensamento transformista propiciado dende comezos de século por figuras como Lamark, a quen cita. En calquera caso o posible protoevolucionismo de Varela de Montes queda totalmente eclipsado pola súa aceptación do creacionismo na súa versión católica ortodoxa, o cal provoca que considere ao home como algo especial e situado a parte da Natureza a causa de posuír capacidades insospeitadas nos demais seres vivos. Por iso debe ser encadrado dentro do pensamento monoxenista e creacionista do século XIX (Barreiro Fernández/ Rodríguez Díez/ Ruibal Sobral, 1971: 542-544; Pereira González, 2001: 120; Iglesias Diéguez, 2009, 56-59).

Para rematar, lembrarei que Varela de Montes tivo outro honor insospeitado, o de ser quen atendeu no parto á nai de Rosalía de Castro, a nosa gran poetisa e símbolo esencial da identidade galega. Tamén foi el quen levou bautizar a neniña recen nacida. Cóntanolo de maneira detallada V. Taibo, en parágrafo citado por Carballo Calero, con estas verbas:

> *Cuando Rosalía nace, su madre, Teresa Castro, aunque herida por la desgracia y alejada temporalmente del seno de su familia, no por eso deja de ser hija del hidalgo de la Arretén, cuyo padre desempeñara, años atrás, el significativo cargo de regidor de Compostela. Y si el autor de sus días contaba en Santiago, como es lógico, con selectas amistades, es natural que no faltase quien, dolido de su mal hado, quisiera prestar a Teresa la generosa protección que tanto había de menester. Entre ellos el gran Varela de Montes, que la asiste en el parto, y luego él mismo lleva la recien nacida, para ser bautizada, a la iglesia del Hospital Real, del cual era médico primero..." (Carballo Calero, 1975: 148)*

O noso personaxe morre en Compostela no ano de 1868, pero a súa memoria perdurará durante anos, e aínda Otero Pedrayo escoitou no seu tempo como un médico vello aludía a el cun amable e respectuoso alcume, <<la perla de Fonseca>>.

— Dr. Domingo Fontán Rodríguez (presidente da RSEAP en 1860-61)

Nace Domingo Fontán na parroquia e concello pontevedrés de Portas no ano 1788. Durante a infancia recibiu ensinanzas no mesmo Portas, e aos 12 anos pasou a estudar a Santiago, onde cursou Filosofía, Teoloxía, Cánones ,etc. Na Universidade compostelá foi discípulo destacado de José Rodríguez González, coñecido como o matemático de Bermés. Grazas a esta influencia Fontán interesouse polas ciencias naturais, matemáticas e cartografía. En 1818 conseguiu, mediante oposición, a cátedra de Matemáticas Elementais, e un ano despois substituíu ao seu mestre, Rodríguez González, na de Matemáticas Sublimes. Tempo despois será nomeado director do Observatorio Astronómico de Madrid e da Escola de Enxeñeiros Xeógrafos (*Gran Enciclopedia Gallega*,entrada "Fontán Rodríguez, Domingo"; Méndez Martínez, 2005).



Fondo pictórico da RSEAPS

Xunto coa actividade universitaria hai que salientar tamén a súa dedicación á cousa pública (Cores Trasmonte, 1990). Xa no ano 1814 foi denunciado por liberal polos Dres. Francisco Cabrera Ron e Manuel del Corral, pero a Audiencia de Galiza declarou a denuncia sen fundamento (Pedret Casado, 1946: 95). En 1817 formou parte da Xunta para o repartimento da contribución na provincia de Santiago. En 1820 foi secretario da Deputación Provincial de Galiza, e logo, en 1822, da Deputación da Coruña ata a súa supresión en 1823. A consecuencia desta actividade durante o trienio liberal será separado da súa cátedra entre 1823 e 1826. Morto Fernando VII, resultou elixido deputado a Cortes constituíntes en 1836, e, a seguir, a Cortes por Lugo (1837) e por Pontevedra (1839), acabando por ser separado de novo da súa cátedra e do Observatorio Astronómico de Madrid. Pero axiña se recupera politicamente e é elixido unha vez máis deputado por Pontevedra en 1841. Numerosas intervencións nas citadas Deputacións ou nas Cortes amosan o seu labor neste eido, moitas delas apoiadas polo seu excelente coñecemento de Galiza, pois puxo este coñecemento ao servizo da reorganización territorial que se estaba a levar a cabo na nosa terra e España en xeral, participando na delimitación provincial, ou apoiando a capitalidade de Pontevedra para a cuarta provincia galega.

Á marxe da súas facianas política e docente, desenvolveu unha intensa vida científica, dedicando tempo ao trazado da rede de estradas de Galiza e á RSEAP de Santiago ou a asuntos con ela relacionados, como a elaboración dos proxectos de camiño de ferro Cornes-Carril, o primeiro que tivo a nosa terra, de Santiago-Betanzos-Ferrol e do chamado Ferrocarril Central de Galiza (Cavanna Benet, 2006). Neste sentido é de destacar que os mapas do trazado previsto para poñer en marcha a liña Cornes-Carril, deseñados polo enxeñeiro Rumball, tomaron como base o mapa de Fontán, magna obra da que se falará a seguir. Noutra orde de cousas, elaborou en 1863 as bases para unha fábrica de papel en Lousame. Tamén foi colaborador de obras como o *Diccionario* de Pascual Madoz.

Mais a obra que fará de Domingo Fontán un referente de primeirísima magnitude é a *Carta geométrica de Galicia* , coñecida sinxelamente como *mapa de Fontán*, que elabora entre 1817 e 1834. En xeral os avances na cartografía levados a cabo en Europa nas décadas anteriores a 1817 non chegaran a España nin a Galiza, e o noso persoeiro era plenamente consciente de que moitos proxectos de modernización, especialmente no que se refire a deseño de vías de comunicación, necesitaban contar cunha boa cartografía. Por iso decide asumir esa tarefa necesaria, a de levar a cabo un mapa rigoroso do país galego[6].

O primeiro paso era obter un referente inicial, que foi a lonxitude, latitude e azimut da Torre do Reloxio da Catedral de Santiago. A seguir, en 1820, mediu unha base de 2744 varas na estrada Santiago-A Coruña, entre Formarís e A Sionlla, podendo comezar a triangulación da parte occidental de Galiza dende esta base, rematándoa en 1823[7]. Con respecto á parte oriental, en 1828 mediu unha base de 5975 varas no Corgo, na estrada de Lugo a Castela, e a partir dela procedeu a levantar as terras do oriente galaico e zonas limítrofes de Asturias, León e Zamora. En canto ás altitudes, dadas tamén en varas, tomou como referente o nivel do mar en Noia.

En 1834, despois de dezasete anos de labor, puido presentar o manuscrito da *Carta geométrica de Galicia* á Raíña Gobernadora Dª María Cristina, documento conservado no Instituto Xeográfico de Madrid. Máis tempo tivo que demorarse a impresión deste importante traballo cartográfico, a causa da dificultade de atopar un impresor capacitado para levar a bo termo esta misión. Por fin encargouse da tarefa L. Bouffard, de París, en 1845. O resultado foi un mapa a escala 1/100000 gravado en doce seccións, acompañadas de outro mapa máis pequeno, a escala 1/800000, a xeito de guía e no que constaba a triangulación básica. A partir de agora Galiza contou durante anos coa mellor realización cartográfica de toda a península, e nela baseáronse moitos estudos, mapas e atlas editados con posterioridade.

Domingo Fontán faleceu en 1866 en Cuntis, sendo enterrado en Compostela. O 30 de decembro de 1988 os seus restos foron trasladados ao Panteón de Galegos Ilustres de San Domingos de Bonaval, onde repousan a carón dos de Rosalía de Castro, Alfredo Brañas, Ramón Cabanillas, Francisco Asorey e Afonso R. Castelao.

— *D. Joaquín Díaz de Rábago y Díaz de Mier*
Director da RSEAP de Santiago de 1886 a 1890

Malia ser de familia foránea, Joaquín Díaz de Rábago naceu en Muros o ano 1837. En Compostela realizou, entre 1847 e 1852, os cinco cursos de Bacharelato en Filosofía con sobresaínte en todas as materias. A seguir comezou os de Dereito, obtendo o grao de Licenciado o ano 1859. Na Universidade compostelá terá como profesor a J. Sanromá y Creus, un destacado mestre que lle transmitiu o gusto pola economía.

Exerceu de maneira circunstancial a docencia universitaria, pois ocupou en 1860 a praza de profesor de lingua hebrea interinamente, e tamén foi secretario interino da Facultade de Filosofía. En 1861 ingresou como socio na Real Sociedade Económica de Amigos do País, institución na que realiza un intenso labor o resto da súa vida; segundo sinala unha investigadora da súa obra, "la existencia de Díaz de Rábago economista responde a un vínculo con la Sociedad Económica. De no ser por la institución nuestro protagonista quizás no superase el dintel de ser otro erudito preocupado por determinadas cuestiones sociales del momento, una figura común en la época"(Martínez Rodríguez, 2006: 303). A vinculación coa RSEAP agroma, por outra parte, na súa preocupación polo ensino, especialmente o das clases modestas, algo que estivo presente nas Reais Sociedades Económicas dende a súa fundación no

século XVIII, e que se reflicte sinteticamente nun dos lemas da santiaguesa: <<Socorre enseñando>>. Será, así mesmo, director da sucursal compostelá do Banco de España e delegado rexio da Escola de Artes y Oficios, un centro docente impulsado pola RSEAP.

Fondo pictórico da RSEAPS

Aínda levou adiante outra misión relacionada, unha vez máis, coa RSEAP, a de participar nas xestións encamiñadas a traer os restos da ilustre poetisa Rosalía de Castro dende Padrón ata San Domingos de Bonaval, inaugurándose así o que hoxe se coñece como Panteón de Galegos Ilustres, onde repousan, segundo xa se anunciou, outros dous persoeiros vinculados á Real Sociedade Económica, Alfredo Brañas e Domingo Fontán.

Pero a sona e prestixio mesmo internacional de Joaquín Díaz de Rábago procede do seu labor como publicista de cuestións relacionados coa Economía, Socioloxía e Xurisprudencia. Ademais de ocuparse de temas diversos, o corpo principal da súa obra abrangue cuestións de economía agraria e mariñeira ou cooperativismo. Tamén foi destacado o seu pensamento con respecto á muller, amosando unha especial sensibilidade polos problemas das mulleres en canto á posibilidade de que fosen capacitadas para ter a patria potestade sobre a súa prole no caso de quedar viúvas, ou no referido á súa integración no ensino, ou, en xeral, no recoñecemento das facultades femininas (Martínez Rodríguez, 2003). O seu pensamento foi cualificado de liberal, aínda que un liberalismo matizado polo seu catolicismo, o cal resulta lóxico nunha persoa que, entre outras cousas, tivo algunha colaboración **c**un político liberal da época, o galego Montero Ríos. A súa obra máis importante foi *El crédito agrícola* (1883), e o conxunto dos seus escritos, algúns inéditos, foron publicados pola Real Sociedade Económica de Santiago pouco despois da súa morte (Díaz de Rábago, 1899-1901), acompañados dunha biografía redactada por Juan Barcia Caballero, dun estudo preliminar de Alfredo Brañas e dun limiar ao tomo 8º de Salvador Cabeza de León. O contido do máis destacable dos diversos tomos pode dar unha idea das cuestións que o preocuparon principalmente.

En efecto, os catro primeiros tomos recollen a súa máis importante obra, *El crédito agrícola*, xa citada. Nela presenta a problemática da modernización dunha agricultura de pequenos propietarios desde a perspectiva das posibilidades de financiamento. No tomo 5º aparecen catorce escritos, entre os que destacan tres, dous dedicados a temas do mar –*La industria de la pesca en Galicia. Estudio sociológico* e *La institución de salvamento de náufragos*–, e o outro consiste nunha historia dos primeiros tempos da RSEAP de Santiago. O tomo 6º conten doce discursos, a metade deles inéditos e moitos centrados en actividades da RSEAP. En canto aos dous últimos tomos, neles aparecen escritos sobre ensino –*La enseñanza técnica e industrial y forma y manera en que se aprestan a dispensarla las Escuelas de Artes y Oficios*– ou cooperativismo e caixas rurais –*Las cajas rurales de préstamos sistema Reifféisen* e *Bases especiales de una ley sobre las sociedades cooperativas*–.

As ideas de Díaz de Rábago trascenderon o ámbito de Galiza, pois foi lido no resto de España e mantivo contactos con figuras europeas, como M. Durand, o propagador das caixas rurais en Francia. Foi precisamente Durand quen o animou a participar no IV Congreso de Sociedades Francesas de Crédito Popular, celebrado en Lyon en 1892. Neste encontro presentou un informe titulado "Bases essentielles d´une loi sur les sociétés coopératives". Pouco despois, en 1895, é invitado por Wolff ao Congreso promovido pola *Cooperative International Alliance* de Londres, ao que enviou unha memoria sobre o cooperativismo en España, e tamén acudiu ao VIII Congreso de Crédito Popular, con sede en Caen (1896).

Don Joaquín Díaz De Rábago morreu na Pobra do Caramiñal no ano 1898.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- AA.VV.,(2006), *Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela, 1784-2006*, ed.Fundación Caixa Galicia, A Coruña.
- J. R. Barreiro Fernández/ Mª R. Rodríguez Díez/ L. Ruibal Sobral, (1971), "El evolucionismo en Galicia en el siglo XIX", en *Compostellanum. IIº Congreso Internacional de Estudios Jacobeos* , Vol. XVI, nº 1-4, Santiago, páx. 539 e ss.
- J. L. Bouza Álvarez, (1990), *Religiosidad Contrarreformista y cultura simbólica del Barroco*, ed. CSIC, Madrid.
- R. Carballo Calero, (1975), *Historia da literatura galega contemporánea*, ed. Galaxia, Vigo.
- T. Cardalda, (s./a.), *D. Francisco del Valle Inclán. Unha páxina da historia do século XVIII*, edición dixital dispoñible en www.bubok.es
- F. Casanova Fernández/ A. González Millán, (2005), *Nobiscum. Nazarenos, Mortajas y Resurgitados*, ed. Concello da Proba do Caramiñal/ Museo Valle Inclán.
- T. Cavanna Benet (2006), " A Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, pioneira do ferrocarril en Galicia", en AA. VV., *Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela, 1784-2006*, ed.. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, páx. 181 e ss.
- J. J. Cebrián Franco, (1982), *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago)*, ed. Arzobispado de Santiago.
- B. Cores Trasmonte, (1990), "Domingo Fontán, pai da patria", *Pontevedra. Revista de Estudios Provinciais*, nº 6, páx. 197 e ss.
- J. Díaz de Rábago, (1899-1901), *Obras completas*, ed. Real Sociedad Económica de Amigos des País, Santiago, 8 tomos.
- C. Fernández Casanova, (1981), *La Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago en el siglo XIX*, ed. O Castro, Sada-A Coruña.
- J. Filgueira Valverde, (1955), "Valle-Inclán en su paisaje", *El Museo de Pontevedra*, vol. IX, páx. 137 e ss.
- A. Fraguas, (1988), *Romarías e santuarios*, ed. Galaxia, Vigo.
- S. González García Paz, (1993), *O Colexio San Clemente de Pasantes de Compostela*, ed. Consorcio de Santiago / Universidade de Santiago.
- *Gran Enciclopedia Gallega/ Gran Enciclopedia Galega*, (s./a. e 2003), Ed. Silverio Cañada, Gijón /El Progreso, Lugo.
- A. Iglesias Diéguez, (2009), "Transformismo e antitransformismo na Galicia do século XIX", en F. Díaz-Fierros Viqueira (ed.), *O darwinismo en Galicia*, ed. Universidade de Santiago, páx. 55 e ss.
- C. Lisón Tolosana, (1971), "Pequeña historia del nacimiento de una disciplina", en *Antropología social en España*, ed. Siglo XXI, Madrid, páx. 1 e ss.
- S. Martínez Rodríguez, (2003), *O pensamento feminista do economista compostelán Joaquín Díaz de Rábago*, ed. Concello de Santiago/ Universidade de Santiago.
- S. Martínez Rodríguez, (2006), *El liberalismo económico y social de Joaquín Díaz de Rábago (1837-1898)*, ed. Fundación P. Barrié de la Maza, A Coruña.
- G. Méndez Martínez, (2005), *Domingo Fontán*, ed. Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Santiago.
- R. Otero Pedrayo, (1952), *El Doctor Varela de Montes, médico humanista compostelano del siglo XIX*, ed. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago.
- J. Pallares y Gayoso, (1988[1700]), *Argos Divina*, Facsímil, Ed. Avarellos, Lugo.
- M. R. Pazos O. F. M., (1946), *Episcopado gallego*, ed.. CSIC, Madrid. Tomo III.
- P. Pedret Casado, (1946), "Fontán en la Universidad de Santiago y diputado por Pontevedra", en AA.

VV., *D. Domingo Fontán y su mapa de Galicia. En el primer centenario de su publicación*, ed. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago, páx. 87 e ss.

- F. Pereira González, (2001), *Raza e alteridade. A reflexión sobre a diversidade humana na Galicia do século XIX*, ed. Deputación provincial, A Coruña.

Notas

[1] Na obra de Sebastián González dáse como data de nacemento o 20 de febreiro de 1728, pero Manuel R. Pazos O.F.M recolle unha copia da súa partida de bautismo na que consta o 20 de febreiro de 1734 (Pazos, 1946: III, 467-468)

[2] San Campio é un santo catacumbal. Os seus restos chegaron a Galiza no ano 1795 grazas a xestións feitas en Roma polo Cardeal D. Francisco Xavier Celada, que tiña o beneficio da parroquia de San Ourente de Entins, na diocese de Compostela. A devoción a este santo estendeuse axiña por Galiza, dando lugar a diversos santuarios romeiros ademais do que aínda congrega hoxe a moitos devotos na citada parroquia de Entíns. Como era habitual, do conxunto do enviado por Roma saíron reliquias repartidas por diversos lugares, entre elas esta de Vimianzo, que seguramente conseguiu D. Andrés Aguíar pola súa condición de membro destacado do Cabido compostelán. Sobre San Campio ver José Luís Bouza Álvarez, 1990: 176 e ss.

[3] A consulta directa de *El Catón Compostelano* é factible dende a páxina web do Consello da Cultura Galega, institución que, ademais, publicou unha edición facsímile.

[4] Teodomiro Cardalda reproduce no libro citado na bibliografía, páx. 85, a súa partida de defunción, que fixa o seu falecemento o 31 de outubro de 1804.

[5] Sebastián González cítao como Patiño y Reloba, pero aquí preferiuse poñer Patiño de Reloba porque así aparece no texto que figura na igrexa de Santiago do Castelo, ou do Deán, o cal se transcribe máis adiante.

[6] O propio Fontán deixou un testemuño escrito sobre a importancia que lle daba ao seu mapa como instrumento útil no planeamento de vías de comunicación. Nel confesa que non podía abordar o deseño da rede de estradas de Galiza que lle fora encomendado sen contar coa *Carta* completa, "pues ella había de dar a conocer por donde debían dirigirse ya respecto a las comunicaciones de las provincias entre sí ya respecto a las del resto de la Península" ("Notas de Fontán sobre los trabajos para su carta", en *D. Domingo Fontán y su mapa de Galicia*, cit. en bibliografía final, páx. 20).

[7] Fontán utiliza como medida a *vara castellana*, equivalente a 0,8359 m. En canto ao sistema métrico decimal, que se instaurara en Francia a raíz da Revolución francesa e será oficialmente asumido polo estado español en 1849, era coñecido por el e utilizouno para certas cuestións, pero carecía de carácter oficial nos anos de elaboración da súa *Carta.*

3

DESPOIS: INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO

A ROSALÍA

Xesús Rábade Paredes

Compostela, abril, 2001

Nai da nosa ventura:
Erguiches no teu verso a Galicia humillada
querendo rescatala dos que a prostituíron
e devolverlle a súa dignidade.

Do sacrificio símbolo supremo,
atormentoute tanto a dor punxente
das viúdas de vivos
como o íntimo cravo que estirpaches
para sufrir na sima do seo oco
o espanto do vacío.

E a sombra vouga da nada da existencia
veu revoando sobre a túa gándara
para tecerche o seu estéril niño.

Desventurada musa, mergullácheste,
nas augas sempre avoltas da nostalgia
(imposible Saudade)
e inda apelaches finalmente aos ceos.
Pero Deus non te oíra, ou non estaba.

3.1
O INSTITUTO

3.1.1
A CREACIÓN DO INSTITUTO FEMININO

Carmen Alonso / Francisco L. Piñeiro

No ano 1939, coa chegada do réxime franquista, prodúcense dous feitos importantes que se refiren aos centros de ensino.

Por un lado, no BOE do 10 de agosto, sae publicada unha Orde Ministerial de 5 de agosto pola que o goberno clausuraba varios Institutos tratando de xustificar tal medida con estas palabras: *La política docente de la República, fundada en la sustitución de la enseñanza dada por las Órdenes Religiosas, creó un crecido número de Centros de Enseñanza Media, innecesarios a todas luces (…) Conviene fijar el número de Institutos que han de quedar funcionando para el próximo curso, sin olvidar el problema planteado por la supresión de la coeducación, que obligará a transformar algunos de los existentes en Centros femeninos, ya que en la actualidad son muy pocos los que funcionan de esta clase y totalmente insuficientes para las nuevas necesidades* (Doc. 1).

Por outro lado, efectivamente, coa supresión da coeducación, os institutos deixaban de ser mixtos. Pero, na República xa había presenza feminina nas aulas e o novo réxime atopou unha dinámica educativa na que as mulleres xa estaban integradas. Resultaba, pois, indispensable e urxente, a creación de novos Centros Femininos polo que, no BOE do 6 de outubro do mesmo ano 1939, debido a: *las urgentes necesidades que han puesto de manifiesto el estudio y la inspección detallada de los problemas suscitados por la rápida integración a la vida normal de las regiones últimamente incorporadas a la España nacional*, ademais de restablecerse algúns

A primeira promoción de alumnas do futuro Instituto Rosalía de Castro, ante a porta do Instituto Xelmírez en 1937

dos Institutos masculinos eliminados, aparece a Orde Ministerial pola que se crean, entre outros, o Instituto Feminino de Santiago. (Doc. 2)

Comeza pois a funcionar na sede do Instituto Xelmírez, baixo a dirección do Ilmo. Sr D.Luis Peña Mantecón, Director do Instituto Xelmírez, o 23 de Outubro de 1939. O 14 de outubro do ano seguinte (1940) reúnese o Claustro de profesores do Instituto Feminino e o Director informa do traslado do centro ao edificio de San Clemente, onde se impartirán todas as clases. Non eran os únicos inquilinos do Colexio San Clemente, xa que a Real Sociedade Económica e a Escola de Artes e Oficios impartían alí as súas clases.

A primeira Directora foi Dona Mª Pura Lorenzana (nomeada o 3 de Novembro de 1942) e dende o primeiro momento as súas preocupacións e as tarefas nas que se volcará con total dedicación van ser: conseguir que o edificio sexa só para uso exclusivo do Instituto Feminino Rosalía de Castro e dispoñer dunhas instalacións dignas e suficientes para dar cabida ao cada vez maior número de alumnas.

Busto do ministro J. Ibáñez Martín
(Salón de Claustros do Instituto Rosalía)

Conta a Directora coa inestimable axuda do seu amigo, o Ministro de Educación Nacional, Ilmo. Sr. José Ibáñez Martín, do que obtén un crédito para iniciar as reformas necesarias (restauración do edificio: 2.500.000 pts. Construción da Capela e do Salón de Actos: 1.800.000 pts.) e adaptar o Centro ás novas necesidades educativas.

No libro de actas do día 6 de Novembro do ano 1942, a señora Lorenzana informa aos claustrais do apoio recibido do Sr. Ibáñez Martín en concepto de cartos e dotación de material para o centro. Agradécelle tamén o nome elixido, Rosalía de Castro con estas palabras: *Llevó su cariño y atención para el centro al detalle de asignarle con el evocador nombre de la insigne poetisa gallega* e propón o nomeamento do ministro coma Director Honorario, proposta aceptada por aclamación. (Doc. 3). Así mesmo, para ofrecer como agasallo ao Sr. Ibáñez Martín en proba de recoñecemento, decide encargar un busto do Sr. Ministro ao profesor de Debuxo do Centro, D. Francisco Asorey, *que le será ofrendado como pequeña prueba de reconocimiento y afecto de sus compañeros de este instituto y que no duda aceptará por verse en éllo una espontánea muestra de admiración y simpatía de los elementos del claustro, que no puede herir la natural modestia del Excmo. Sr. Ministro* (palabras da Directora). Na actualidade, este busto preside o fermoso Salón de Claustros.

No ano 1945 acádase o primeiro obxectivo co traslado da Escola de Artes ao Antigo Mosteiro de Santo Agostiño. Temos, pois, un edificio só para uso do instituto Feminino, aínda que, anos máis tarde, terá que acoller a Escola graduada, logo Colexio de E.X.B. anexos ao Instituto, o que vai provocar novos problemas de espazo e reclamacións de D. Hilario Sainz, director dende o ano 1956. Conseguido o edificio, faise precisa unha ampliación que, empezada no ano 1944, non rematará ata os anos 1994 e 1995 coa inauguración do Pavillón polideportivo e do Salón de actos, sendo xa director D. Ubaldo Rueda. Medio século, pois, de traballos e esforzos para que o Instituto Rosalía de Castro chegase a ser o que hoxe é: un centro público de recoñecido prestixio.

Pero, para chegar a este día, houbo que percorrer un longo camiño, dende a frustrada cesión de terreos do ano 1947, sendo alcalde D. Joaquín Sarmiento, para unha *Residencia de Señoritas escolares del Instituto femenino*, ata a reurbanización da contorna e o peche das instalacións para campo de deportes. Outra vella aspiración foi a da incorporación do edificio contiguo da Casa Cuartel da Garda Civil para uso do Centro. No ano 1974, co inminente traslado do Cuartel ao novo edificio das Cancelas, o Director, D. Hilario Sainz, xustifica a petición do cuartel para instalar: un Salón de Actos, un laboratorio de idiomas, despachos para Seminarios, aulas e ximnasio, reivindicación que segue co director seguinte, D. Ubaldo Rueda, sen chegar a conseguilo.

TEMPOS DIFÍCILES

Un edificio tan fermoso e céntrico ía ter que superar aínda máis problemas: son quizais os tempos máis difíciles. Coa implantación da Autonomía, o novo goberno galego busca unha sede para instalar o Parlamento e pon os ollos no edificio San Clemente. A comunidade escolar do Instituto reacciona na prensa e nas rúas. Unha comisión formada por profesores, alumnos e pais de alumnos entrevístase co Alcalde de Santiago, Sr. Estévez (20/02/84) e co Conselleiro de Educación Sr. Vázquez Portomeñe (24/02/84) para evitaren o traslado do Centro. Así mesmo lévase a cabo unha campaña de prensa con cartas abertas a parlamentarios, conselleiros e cidadáns de Santiago, recabando o seu apoio. Alumnas, profesores e pais, manifféstanse polas rúas, e o 17 de maio de 1984, día das Letras Galegas, faise unha emotiva e reivindicativa ofrenda floral diante da estatua que Rosalía de Castro ten na Alameda compostelá.

En toda esta campaña desempeñou un papel importantísimo a Asociación de Pais de Alumnas, especialmente o seu presidente, o xornalista Emilio Lavandeira. Del serían moitas das iniciativas, entre elas a famosa consigna que repetirían insistentemente as nosas alumnas nas rúas de Compostela: *Non, Rosalía non nos botaría.*

A decidida axuda tanto do Alcalde como da Consellería de Educación permitiu que o Instituto continuase no edificio San Clemente.

La Gestora del A. P. A. del
INSTITUTO "ROSALIA DE CASTRO"
AL PUEBLO DE SANTIAGO.

Pretenden **OCUPAR** el edificio del **Instituto «Rosalía de Castro»** para instalar en él la sede del **Parlamento Gallego,** y no han reparado en los perjuicios que esta medida acarrea a nuestra **Ciudad.**

- Pérdida de puestos escolares en el centro urbano.
- Deterioro de la enseñanza por desplazamiento a las afueras de 1.500 alumnas, cuatro veces al día: más accidentes y peor tráfico.
- Dejar morir el casco histórico.

¡¡HAY OTRAS ALTERNATIVAS CON MENOS COSTO ECONOMICO Y SOCIAL!!

Si contamos con su apoyo
¡¡NO NOS MOVERAN!!

A Asociación de Pais de Alumnas repartiu 4.000 octavillas opoñéndose ao desprazamento

Testemuño das protestas na fachada do Instituto

Ofrenda Floral reivindicativa ante a estatua de Rosalía de Castro

Manisfestacións nas rúas de Compostela. O Instituto aínda era só feminino

E, xa con D. Ubaldo Rueda como director, conséguese empezar as tan desexadas obras do Salón de Actos e o Polideportivo. Na actualidade, o Instituto Rosalía de Castro consta de soto, baixo e primeiro piso adicados a aulas, laboratorios, dependencias administrativas e despachos. No subsoto alberga o Salón de Actos. A parte deportiva está formada por un Polideportivo, no que hai dúas aulas para clases de educación física e un patio exterior con canastras de baloncesto e zona de aparcamento.

O Instituto, neste caso, tivo tamén que mobilizarse para que as obras rematasen. Unha das formas de reivindicación máis sonada foi a utilización da Praza do Obradoiro para disputar a final do campionato de fútbol sala do Instituto, en pleno Xacobeo 1993.

Partido de fútbol sala na Praza do Obradoiro. O Instituto xa era mixto. 1993

TIPOS DE ESTUDOS

Ao longo da súa historia, o Instituto Rosalía de Castro destacou por ofertar todas as modalidades de estudos para alumnos de Secundaria. Ademais das clases en horario **DIÚRNO** dende a creación do centro, fóronse engadindo:

NOCTURNO. Xa na acta do 30 de setembro do ano 1949 está o proxecto de crear unha escola obreira feminina para a que o Ministerio anuncia unha subvención de 5000 pts.

Este mesmo ano, impártense clases de Cultura Xeral para alumnas obreiras da barriada de Santa Marta.

Os estudos nocturnos foron creados polo Decreto do M.E.C. do 26/07/56 (BOE do 13/08/56).

No Instituto Rosalía, a implantación dos Estudos Nocturnos farase no curso 1956-57. A matrícula é de 25 alumnas para Ingreso e Primeiro.

INBAD (Instituto Nacional de Bacharelato a Distanza). Foi creado polo Decreto do M.E.C. 2408/ 1975 do 9/10/ 75. Empezou no Instituto o curso 1975-76.

INGABAD (Instituto Galego de Bacharelato a Distanza). Foi creado pola Xunta de Galicia por Decreto 120/82 do 5/10/82. Principiou no Instituto o curso 1982-83.

BACHARELATO INTERNACIONAL. Os seus estudos foron creados baixo o auspicio da UNESCO e os alumnos teñen prioridade para acceder a moitas universidades. O Instituto Rosalía de Castro é o primeiro instituto público galego que imparte este ensino desde o curso 1989-90.

ESO (Ensinanza Secundaria Obrigatoria). A implantación da ESO para Galicia foi dada pola Orde de 19-6-96 (DOG do 11/7/96). Neste Centro empezou a impartirse no curso 1997-98.

CICLOS SUPERIORES: Resolución do 20/07/97 (D.O.G: 11/8/97)

- Animación de actividades físicas e deportivas
- Animación Turística
- Axencias de viaxes e xestión de eventos
- Guía, información e asitencia turisticas

ENSINANZA PARA ADULTOS: ESA e Bacharelato

Documento 1: Orde Ministerial que determina o número de Institutos en 1939

986 *O. 5 agosto 1939 (M. Educación Nacional). INSTRUCCION PUBLICA: INSTITUTOS. Determina el número de Institutos.*

La política docente de la República, fundada principalmente en la sustitución de la enseñanza dada por las Ordenes Religiosas, creó un crecido número de Centros de Enseñanza Media, innecesarios a todas luces. Ya la Junta Técnica del Estado inició la resolución de este problema, que gravitaba sobre el Presupuesto del Estado con la clausura temporal de algunos Institutos.

Reorganizada la Enseñanza Media y siendo preciso iniciar una política de austeridad adecuada a las posibilidades económicas de la nación, máxime si se ha de conseguir, como es propósito del Ministerio de Educación Nacional, que los Centros oficiales bien dotados sean modelo de su clase, conviene fijar, siquiera de un modo provisional, el número de los Institutos que han de quedar funcionando para el próximo curso, sin olvidar el problema planteado por la supresión de la coeducación, que obligará a transformar algunos de los existentes en Centros femeninos, ya que en la actualidad son muy pocos los que funcionan de esta clase y totalmente insuficientes para las nuevas necesidades.

Por ello, este Ministerio dispone:

1.º A partir del día 1 de octubre próximo, quedarán clausurados provisionalmente todos los Institutos-Escuelas e Institutos elementales y los nacionales que no figuran en el número siguiente.

2.º Los Institutos que quedarán subsistentes para el próximo curso 1939-1940 serán los siguientes:

A.) En capitales de distrito universitario y poblaciones de más de 80.000 habitantes:

Masculinos: Barcelona (Balmes).—Barcelona (Maragall).—Barcelona (Milá).—Bilbao.—Cartagena. — Córdoba. — Granada (Suárez).— Lorca. — Madrid (Cisneros). — Madrid (San Isidro). — Madrid (Cervantes). — Madrid (Ramiro de Maeztu). — Málaga. — Murcia. — Oviedo. — Palma de Mallorca. — Salamanca.— Santander. — Santiago de Compostela. — Sevilla (Antiguo). — Valencia (Luis Vives).— Valladolid.—Zaragoza (Goya). — Total, 23.

Documento 2: Orde Ministerial sobre a creación do Instituto Feminino en 1939

1368 O. 4 OCTUBRE 1939 (MINISTERIO EDUCACIÓN NACIONAL). INSTRUCCION PUBLICA: INSTITUTOS. AMPLÍA EL NÚMERO DE LOS QUE FIJÓ LA O. 5 AGOSTO PASADO (6).

La ordenación y designación de Institutos de Enseñanza Media, establecidos por la Orden de 5 de agosto de 1939 (6), debe ser ampliada y rectificada con arreglo a las urgentes necesidades que han puesto de manifiesto el estudio y la inspección detallada de los problemas suscitados por la rápida integración a la vida normal de las regiones últimamente incorporadas a la España Nacional.

Causarían, por otra parte, graves perjuicios a la estabilidad y continuidad de la Enseñanza la supresión prematura de la enseñanza oficial en localidades de segundo orden antes de haber llegado a una cooperación entre la enseñanza privada, las Corporaciones locales y el Estado, que ha de ser la equilibrada orientación en este respecto para el futuro.

En su virtud, y como ampliación y rectificación a la Orden de 5 de agosto de 1939, este Ministerio se ha servido disponer:

1.º Quedan restablecidos los Institutos masculinos siguientes:

"Menéndez y Pelayo" y "Ausiás March", de Barcelona.

2.º Se transforman en Instituto femeninos los de "Antonio de Nebrija", de Madrid, que en adelante se llamará "Beatriz Galindo"; el "Maragall", de Barcelona, y el Instituto de La Laguna.

3.º Funcionarán provisionalmente y por el curso próximo los siguientes Centros:

Alcalá de Henares, Alcoy, Algeciras, Antequera, Aranda de Duero, Avilés, Calahorra, Calatayud, Ciudad Rodrigo, Ecija, Ibiza, Játiva, Linares, Mérida, Osuna, Plasencia, Ponferrada, Requena, Santa Cruz de la Palma, Torrelavega, Tortosa y Valdepeñas.

4.º De acuerdo con el número cuarto de la Orden de 5 de agosto de 1939, se crean los siguientes Institutos femeninos:

Barcelona, "Montserrat"; Bilbao, La Coruña, León, Lugo, Málaga, Murcia, Oviedo, Palma de Mallorca, Pamplona, Santiago, Salamanca y Valladolid.



Documento 3: Pergamiño do nomeamento de Ibáñez Martín como Director Honorario

3.1.2
ENTRE ACTAS…

Mirei e mirei as súas palabras escritas,
Alentei e vivín do seu espirito,
Mais nunca xamais con ollos revirados…

Carmen Alonso / Francisco L. Piñeiro

Trátase de recoller aquí algúns feitos ou situacións que aporten pinceladas ao mosaico descritor da vida académica do Instituto Rosalía de Castro. Preténdese non introducir interpretacións senón ser o máis fiel posible ás transcricións que dos acontecementos fixeron os protagonistas.

AQUELA PRIMEIRA REUNIÓN

Unha data especialmente significativa é aquel catorce de outubro de mil novecentos corenta, na que se celebra no Instituto Masculino de Santiago a primeira reunión, auténtico xermolo claustral do que será logo Instituto Feminino. Sendo Director D. Luís Peña e Secretario D. Luís Villar reúnense os que serán primeiros profesores e que deberían dar as súas clases ás rapazas no edificio San Clemente, sede por entón da Escola de Artes. Nela comunícaselles a autonomía académica quedando pendente a separación económica do Instituto Masculino. O Director, recollendo instrucións da Dirección Xeral, lembra aos novos profesores que *deberán impartir sus clases con puntualidad así como la prohibición absoluta de dedicarse a la enseñanza privada.* Quérese dar testemuño aquí dos nomes daqueles primeiros ensinantes que, sen dúbida, puxeron a primeira pedra desta insigne institución: Aller Braña, Bernando; Costa Ramos, Mercedes; Escudeiro Salgueiro, Pio; Espurz Sánchez, Demetrio; Franco Toimil, Rosa; Prada Cantalapiedra, Petra; Rio Somoza, Antonio; Ríos Ronquete, Antonio; Ruibal Amor, Gloria; Torres Rodríguez, Casimiro.

AS DIFICULTADES ECONÓMICAS

Ao longo destes anos foron moitas as situacións socioeconómicas vividas en España que afectaron, sen dúbida, a todas as actividades, entre elas á que aquí nos ocupa do ensino público. Describamos dúas situacións:

Tratemos de poñernos en 1945, ano no que o Instituto dispón duns ingresos presupostados en 92.376,79 pesetas que non fan posible, por exemplo, soportar o gasto de calefacción, polo que se solicita ao Ministerio poder cobrar a cada alumna unha cantidade adicional de 10 pesetas para tal fin; a solicitude é inicialmente denegada, aínda que máis tarde, en 1949, aceptarase polos conceptos de calefacción, servizo médico e conservación de mobiliario. No presuposto tamén se contemplan diversos gastos; velaquí algúns ilustrativos: ao persoal docente e administrativo, polo servizo de "permanencias", 34.350,50 pesetas; para subscrición de revistas para a Biblioteca a cantidade de 855,80 pesetas; para gratificacións do Sr. Bibliotecario e o seu mozo auxiliar asígnanse 800 pesetas a cada un; como gratificación aos mozos para servizo de Laboratorios 1.600 pesetas e, finalmente, para servizos relixiosos, deportivos e de asistencia médica asígnanse 1.800 pesetas.

Primeira promoción de alumnas xa no edificio de San Clemente en 1943, diante do "Grupo Minerva e os Xenios" instalado no claustro do Instituto. No centro, Dona Pura Lorenzana

Catro anos máis tarde, en 1949, as subvencións directamente xestionadas co Ministerio de Educación Nacional e a título de exemplo son as que a continuación se dá conta : 15.000 pesetas para *material científico*, 3.000 pesetas para *festividades religiosas y sociales*, 2.000 pesetas para gastos de *Biblioteca*, 3.000 pesetas para gastos da *Capilla*, 2.000 pesetas para gastos de *calefacción*, 2.000 pesetas para *Trabajos Manuales*, 1.000 pesetas para *exposiciones escolares* e 3.000 pesetas para *excursiones escolares.*

Na elaboración dos presupostos aconsellábase *esmerarse* na análise para a concesión de matrículas gratuítas para alumnas oficiais, polo que supoñía de posible redución de ingresos. Como exemplo, en 1952 a distribución de tales matrículas gratuítas aprobouse do seguinte xeito: 23 de Matrículas de Honra

do curso anterior; 5 de orfas de guerra; 1 de filla de Cabaleiro Mutilado; 29 de fillas de funcionarios do Ministerio de Educación Nacional; 31 por escaseza de recursos.

Anos máis tarde, en 1958, houbo necesidade de arranxar o motor da calefacción que se queimara. A Superioridade comunica que non pode facer fronte, dun xeito inmediato, ao montante da reparación, mais é necesario subliñar a solidariedade dos Centros posta de manifesto. A Escola de Traballo de Santiago ofreceu proceder á reparación do bobinado do motor, como traballo práctico por alumnos avantaxados nas horas de clase prácticas. Así se fixo, e o Claustro agradeceu encarecidamente tal atención nun escrito dirixido ao Director da Escola de Traballo (acta de 28 de febreiro de 1958).

En anos posteriores esta circunstancia afectou a situacións tan diversas como o cambio do tipo de focos de iluminación para un maior aforro no consumo eléctrico, ao tratamento antitermítico da Capela e Biblioteca, á reparación do tellado por fortes temporais… pero aí permanece tan nobre edificio con recoñecido esplendor.

INQUIETUDES EDUCATIVAS

O Instituto formou sempre parte activa da cidade pretendendo colaborar en todas as necesidades sociais e educativas. Neste apartado danse conta de dúas delas.

Grupo de alumnas con Don Hilario Sainz diante da arcada gótica na década de 1940

No curso académico 1949-50 proxéctase e ponse en marcha, cunha subvención de 5.000 pesetas por parte do Ministerio de Educación Nacional, a *Escuela Profesional Obrera de Aprendizaje* que impartirá clase de cultura xeral e preaprendizaxe a alumnas desde os doce anos, e cunha finalidade inicial de absorber a poboación escolar feminina obreira da populosa barriada de Santa Marta. Neste primeiro curso algunhas clases incluso se impartiron polo verán de 1950, dun xeito desinteresado por parte do profesorado, atendendo ás necesidades de formación do grupo de alumnas que asistía.

A por entón Directora Dª Pura Lorenzana pretende que nun futuro se converta en Centro Laboral Feminino, e aínda que o Ministerio crea en Galicia dez de tales centros (oito de carácter agrícola e dous industriais) ningún será de carácter feminino.

Outro servizo que consideramos un auténtico fito acontece no curso académico 1956-57, cando mercede ás xestións levadas a cabo polo Catedrático D. Eduardo García-Rodeja Fernández, a quen o Director D. Hilario Sainz e mailo Claustro manifestan o seu agradecemento, establécese un *Estudio Nocturno* para rapazas que teñan alomenos quince anos e que tendo ocupación durante o día desexen realizar os estudos de Bacharelato. A Dirección Xeral emite a aprobación para o seu establecemento provisional coa validez de Estudos de Bacharelato en ingreso e primeiro curso. As clases impártense desde as sete e dez da tarde ata as dez da noite, e neste primeiro curso matricúlanse vinte e cinco alumnas.

Estes estudos seguiron de xeito continuado e exitoso ata os albores de século XXI.

FIN DA PRIMEIRA ETAPA

Atendendo ao criterio de tempo de permanencia no cargo pódense considerar fundamentalmente tres etapas na historia do Centro; as que tiveron ou teñen como Ilustres Directores a Dª Pura Lorenzana Prado, a primeira; a D. Hilario Sainz Sainz-Pardo e D. Gonzalo Anaya, a segunda e a D. Ubaldo Rueda Soto, a terceira, na que o Centro segue a camiñar na actualidade.

Como fin da primeira pode estimarse a data do 2 de febreiro de 1956, cando a Directora Dona Pura Lorenzana convoca un Claustro Extraordinario para dar conta do seu nomeamento como Inspectora Extraordinaria de Ensinanza Media. Esto poñía fin a uns anos de ardua tarefa; mais sen dúbida a abnegación da Ilustre Directora e maila eficiencia dun Claustro comprometido sentaron as bases dun Centro que sempre pretendeu ser exemplar.

No devandito claustro Dª Pura Lorenzana ergueuse e pediu que se lle permitise ler unhas cuartillas, que transcritas aquí en parte, forman un auténtico testemuño dunha parte importantísima da vida do Instituto Rosalía de Castro.

Comezou:

Señoras y señores. En este momento reúno el Claustro Extraordinario en el Instituto Rosalía Castro para comunicarles que al tomar posesión de mi nuevo cargo de Inspectora Extrordinaria de Enseñanza Media para el que fui nombrada por O.M. de 3 de Octubre de 1955, dejo el Centro que fundé y dirigí durante catorce años, siendo la primera Directora. Breves palabras he de dirigiros para hacer la entrega del cargo en la persona del Vicedirector y en vuestra presencia...

Mis esfuerzos en todas las direcciones para abrir paso a un Centro que se levantó pujante, saturado de alumnas anhelosas de perfeccionamiento y destacado entre tantos y tantos Centros y Academias Oficiales y Privadas. A partir de 1942 se levantaron paralelamente edificio e institución de formación con paso firme, sereno y progresivo...

Os lego, ilustres claustrales y Vicedirector, el Centro de Enseñanza Media más profundamente formativo y pretigioso de toda la región, con él os entrego mi dedicación completa durante catorce años, para su elevación presente y futura. Os quedan trazadas las directrices para la total consecución de mis grandes sueños respecto al Centro; no os lo recuerdo como consigna sino como precedente...

El solar adquirido gratuitamente por la Dirección para Residencia Galaico-Sudamericana de Intercambio y Formación cuyo proyecto está sin trazar, pero cuyo destino de solar fue aceptado por el Ministerio; la expropiación de las casas enclavadas en el solar de la fachada este ya han iniciado el expediente en 1950. El Instituto Laboral Femenino, sucursal del Centro como ampliación al sector obrero...

La petición formulada a través del Ministerio de Asuntos Exteriores de un Centro similar al Rosalía Castro en la República Argentina, cuya fundación se haría por un plazo de tres años trasladándose un Claustro en pleno y con el que después se mantendría relación; este proyecto encontró favorable acogida, y para eso se adquirió un solar, pero las circunstancias históricas de Argentina y sus relaciones diplomáticas posteriores no lo hicieron posible. Otro proyecto presentado al Excmo. Sr. D. Joaquín Ruíz Jiménez, Ministro de Educación Nacional, para la creación de un edificio "Residencia de Verano" en Inglaterra o Francia, similar a los de esos países para escolares, postescolares y profesores en los que podrían seguir sus cursillos de perfeccionamiento del idioma...

En el orden social os dejo un Claustro lleno de prestigio, en amplia y cordial relación con todos los de Galicia y España, respetado en los Presupuestos, tenido en cuenta en consultas pedagógicas así como en todas las actividades docentes del Ministerio...

Os lego asimismo la brillante Escuela de Hogar, que a pesar de los pocos años que viene funcionando ha obtenido diplomas y premios diversos en sus actuaciones públicas, acreditando al Centro y despertando alegría y entusiasmo en las propias alumnas...

Dejo como algo muy querido de singular interés y brillante porvenir la Escuela Preparatoria y Jardín de Infancia, con seis o más grados porque nunca puse límites...

La vida e historia del Centro que durante catorce años nunca presentó memoria, quedaría inacabada y deficiente y asumo la obligación de historiarla. He podido reunir documentación suficiente para su pasado. La Providencia permitió que dos de mis compañeros de Licenciatura, Sebastián González hiciera su tesis doctoral sobre el arte de San Clemente, y Antonio Fraguas sobre los colegiales del mismo. A mí me correspondió la reconstrucción del edifico y la síntesis de su historia...

Al despedirme debo afirmar que he recibido hondas satisfacciones. Satisfacción profunda de tranquila serenidad de haber cumplido con mi deber en todo momento y frente a todas las dificultades en las cosas, temas, y personas. En todo momento me olvidé de mí misma para tener en cuenta al personal y a sus problemas. El sentido de responsabilidad y de justicia fue la norma de mi actuación. Para los Profesores ejemplo y para las alumnas comprensión y cariño...

Mi desvelo para fundir e integrar las aspiraciones de todos, dándoles viabilidad y encauzamiento para lograr perfeccionar el Centro, fueron premiadas muchas veces con el prestigio del mismo. Llevo la satisfacción más pura de afecto de familias y alumnas sin excepción, más de catorce mil alumnas desde la fundación del Instituto con sus familias me testimoniaron su gratitud y respeto...

Me honran las palabras escritas por el ex-ministro de Educación Nacional, Excmo. Sr. Ibáñez Martín: en los diez años de mi Ministerio nadie sirvió a un Centro de Enseñanza Media con más inteligencia y eficacia que María Pura Lorenzana, bien merece que los perceptores de este beneficio tributen homenaje de justicia. Miles de cartas particulares perfumaron de emoción el momento siempre doloroso de mi marcha. Prelados, Religiosos, miembros de la Iglesia siempre vigilante al recto espíritu de perfeccionamiento alentaron mi cometido y premiaron mi esperanza...

He de consignar mi gratitud a todas las Jerarquías, Autoridades Nacionales y Locales, a todos los benefactores del Centro, amigos y colaboradores ajenos a la tarea docente, a la Prensa por el apoyo firme a todas las causas nobles e intereses de Galicia, a la Iglesia y a los padres de familia. A todos sinceramente agradecida reconociendo su valioso apoyo moral y social. Resta expresaros que siempre estaré a disposición de los altos ideales de la Cultura y la Enseñanza, y con esta amplitud de miras me ofrezco a todos en mi nuevo cargo de Inspectora Extraordinaria de Enseñanza Media como acto de servicio.

A continuación fixo entrega simbólica das chaves ao Sr. Vicedirector D. Hilario Sainz Sainz-Pardo, co que se produciu a transición a outra non menos fructífera etapa na historia do Instituto Rosalía de Castro.

Don Hilario e Dona Pura Lorenzana
cun grupo de alumnas en 1953

OBRAS

Son incontables os relatos que sobre xestións de obras se recollen nas actas, describindo proxectos, dificultades de realización, aprazamentos reiterados, promesas irrealizables... Describimos algunhas situacións.

En 1947 o Excmo. Concello inicia as obras de urbanización de Entrecercas, Campo da leña e arredores do Instituto; neste contexto solicítase ao Centro a cesión dunha zona angular de 52 m² para mellor alineación da rúa Entrecercas, que lle é concedido.

Na acta do 14 de maio de 1949 faise o agradecemento á Excma. Corporación Municipal por tales obras e en particular polo traslado da estatua do Bispo Figueroa que obstaculizaba a observación da

fachada principal, e que se completa, en 1950, co traslado da fonte ao seu emprazamento actual na Alameda, fronte á fachada do Colexio, o que se considerou un acerto artístico.

Dentro das xestións co Concello antes citadas, este cede gratuitamente, en 1947, unha parcela de 720 m^2 lindante cos da horta de San Clemente, segundo consta en copia da acta da sesión Plenaria de

Vista do Instituto desde a Alameda, coa fonte no seu emprazamento actual

2 de abril de 1947, sempre que se destine exclusivamente a construír no solar unha Residencia para Señoritas Escolares e que o comezo das obras sexa nun prazo de dous anos. Enteirado o Excmo. Sr. Ministro de tal cesión apoia a idea, pero a titularidade da finca ponse en cuestión, como se dá conta na acta do 1 de xuño de 1948. Pese a que puidera ser do Ministerio da Gobernación e non do Excmo. Concello, o Sr. Gobernador da Coruña, no expediente do 15 de maio de 1948, accede a que o citado terreo poida utilizalo o Centro coma dependencia do Ministerio de Educación Nacional. O procedemento culmina meses despois coa súa inscrición no Rexistro da Propiedade (acta do 4 de outubro de 1948).

NIHIL PRIUS FIDE

Núm. 758.

Copia de la Escritura

DE

CESIÓN GRATUITA DE SOLAR.

Otorgada en 17 de JULIO de 1948.

Por EL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A FAVOR DE

EL MINISTERIO DE EDUCACIÓN NACIONAL.

AUTORIZADA POR

D. Constantino Girón Mallo

Notario del Ilustre Colegio de La Coruña
y Archivero General de Protocolos

CON RESIDENCIA EN LA CIUDAD DE

SANTIAGO

Estudio y Oficinas: PUERTA FAJERA, 1

TELÉFONO, 1989

Tal obra nunca se levou a cabo, pero postos a disposición os terreos procedeuse ao proxecto da que non foi a obra máis importante pero sen dúbida a máis reclamada no tempo, a relativa *al cierre y adecuación de los campos de deporte de la finca posterior al Instituto*. Durante moitos anos aparecen descritas as múltiples xestións realizadas, incluída unha visita do Excmo. Sr. Ministro de Educación (en 1961) que suxeriu que para conseguir a inmediatez das obras, fora a Sección Feminina quen empregara parte da parcela para Colexio Menor. As xestións continuaron ata que se anunciou a subasta das obras (BOE 19-2-1965), desaparecendo por

fin ás dificultades. Pero o presuposto aprobado, dado o tempo transcorrido, non é asumido por ningún contratista e soamente un deles afrontarao por unha mellora de 400.000 pts. Dase conta en acta (5-5-1965) que o Magnífico Sr. Reitor promete o seu apoio para a solución definitiva que ía demorarse e que, co paso do tempo, ían aparecer novos inconvenientes que trataban de superarse con novas propostas como as do Alcalde de Santiago, o claustral D. Francisco López Carballo, que a principios de 1966 solicitou o traslado do Cuartel da Garda Civil a un mellor emprazamento, e así dedicar as súas instalacións ao Instituto Rosalía, podendo deste xeito aloxar a Escola Primaria, un Salón de Actos, Aulas-Laboratorios e ata un Colexio Menor. Esta idea, extraordinariamente acollida polo Claustro, quedou nunha ilusión, como con posterioridade se recolle en acta.

Tiveron que pasar moitos anos ata que a gran ilusión por dispor dun Salón de Actos e de instalacións deportivas adecuadas se fixo realidade. É nos primeiros anos da década dos noventa cando despois de innumerables xestións do Director D. Ubaldo Rueda, co apoio do Alcalde D. Xerardo Estévez, conseguía a fórmula de finanzamento e de adecuación ás normas de Patrimonio. Despois dun agrio debate entre arquitectos, con paralizacións da obra e mobilizacións do Instituto esixindo solucións, chegouse a un acordo salomónico. O Salón de Actos estaría baixo terra e a cuberta do Polideportivo debería sobresaír moi pouco para manter unha liña de visión das Torres da Catedral dende o paseo da Alameda. Do finanzamento encargaríase a empresa construtora, á que se lle daba unha concesión de 48 anos para explotación das plantas de aparcadoiro. Hoxe os alumnos e a cidade dispoñen de tales instalacións proxectadas polo prestixioso arquitecto alemán Paul Kleihues.

Construción do polideportivo. 1993

O alcalde de Santiago, D. Xerardo Estévez, o arquitecto Paul Kleihues, o escultor Markus Lüpertz e D. Ubaldo Rueda, na inauguración do polideportivo en 1994, a que tamén asistiron Norman Foster e Álvaro Siza

Inauguración do Salón de Actos. 1995

ASOCIACIÓN DE PAIS

A creación dunha Asociación de Pais de Alumnas suscítase xa en 1958, cando o Director D. Hilario Sainz Sainz-Pardo lle comunica aos claustrais que se dipón dun Regulamento de Asociacións de Pais de Alumnos do Instituto *Ramiro de Maetzu* de Madrid para que da súa lectura se propoñan as suxerencias pertinentes; non parecendo demasiado oportuna a súa creación suxírese establecer, coma noutros Institutos, un *Consello de Pais de Alumnas* que permita dar cumprimento, en parte, do que ordena a Lei de Ensinanza Media.

Transcorren os anos e non é ata 1974 en que o Delegado Provincial de Educación manda un escrito interesando a súa creación, acompañando explicacións normativas, posibles modelos de estatutos e encarecendo o cumprimento na maior brevidade. O Claustro acorda formar unha Comisión de Estudo para ver de introducir aquelas suxerencias e directrices que conveñan. A súa constitución vénse dilatando no tempo e non é ata principios dos anos oitenta cando se converte en Xunta Xestora, e é en 1984 cando o Claustro recibe o escrito de D. Emilio Lavandeira, *Presidente da Asociación de Pais de Alumnas do Instituto Rosalía de Castro*, comunicando a inscrición da mesma no Goberno Civil da Coruña, agradece a todo o persoal do Centro as facilidades atopadas e pon a Asociación a disposición do Instituto. A súa primeira participación na defensa do edifico do Instituto, ante a pretendida ocupación para Parlamento de Galicia, foi de vital importancia e dende entón segue formando parte activa da vida do Centro.

A primeira directiva da Asociación de Pais de Alumnas, co seu presidente Emilio Lavandeira no centro, nunha fotografía de 2012

ACTOS CULTURAIS E FESTIVOS

Hoxe en día as actividades programadas nas distintas celebracións adquiren, en moitos casos, un alto nivel. Sen dúbida as programadas para a Festividade de Santo Tomás de Aquino de 1961 merecen ser destacadas. Damos conta do programa aprobado polo Claustro.

Vixía de Santo Tomás:

1. Acto académico. Conferencia a cargo do Catedrático de Filosofía Sr. Anaya, co título *Quen é o Santo.*
2. Actuación das alumnas de Preuniversitario. Lerán o traballo: *O noso paso por esta casa.*

Día de Santo Tomás:

1. Misa na Capela.
2. Programa radiofónico (con emisora instalada no Instituto) con intervención de alumnas.
3. Cine. Proxección das películas cedidas pola Cinemateca Nacional, cos títulos: *Residencias Reais, París eterno e Ciencia e Técnica.*

D. Gonzalo Anaya, na inauguración do curso académico, 1960-1961

Estes actos deberán celebrarse no Centro á marxe dos demais Centros da cidade, para que as alumnas non atopen nel un día de vacación senón de celebración, e deberán ser compatibles co horario da Universidade, para que poidan asistir os Profesores que así o desexen.

Festival ximnástico. 1960

Queremos resaltar tamén o alto nivel das actividades académicas que se realizaron, e agardamos poder seguir realizando, na última etapa. Para non cansar ao lector, o pequeno feixe de fotografías que poñemos de seguida dan testemuña do que decimos. Os catro últimos Reitores da USC, Conselleiros, o Arcebispo Antonio María Rouco Varela, Concelleiros e moitos outros persoeiros do mundo da cultura, participaron nos actos organizados polo Rosalía de Castro. O Instituto sentiuse honrado coa súa presenza e non pode menos que amosar o seu agradecemento a todos e cada un dos que nos acompañaron.

O Reitor da USC D. Carlos Pajares
na inauguración do curso académico

O Reitor da USC D. Darío Villanueva
coa profesora Ana María Platas

O Reitor da USC D. Ramón Villares co profesor Xavier Madriñán no congreso do Bacharelato Internacional

O Reitor da USC D. Senén Barro entre as escritoras Marilar Aleixandre e Amélie Nothomb

O Conselleiro de Educación D. Jesús Vázquez con An Alfaya, William Ospina, Erri de Luca, Ubaldo Rueda e Francisco López

O Arcebispo D. Antonio María Rouco Varela, acompañado por Don Manuel Varela e Don Ubaldo Rueda pronunciando unha conferencia no Instituto. Xacobeo 93

D. Ángel Currás e D. Rubén Cela na inauguración do curso 2011-2012

Os escritores José Saramago e Gonzalo Navaza, co Director D. Ubaldo Rueda, na IV edición do Premio San Clemente

O Conselleiro Maior de Contas de Galicia, D. Antonio López con D. Francisco Campos, expresidente do Consello de Administración da RTVG, na inauguración do curso 2010-2011

OUTRAS SITUACIÓNS

A preocupación actual pola seguridade vial xa se tiña manifestado en 1968 cando o Claustro estuda a necesidade de *colocar una cadena entre los dos pilares de piedra da la entrada principal del edificio para evitar que las niñas salgan, con peligro de ser atropelladas, a la calzada anterior del Instituto por donde la circulación se hace muy peligrosa.*

Numerosas son as citas relativas a excursións e actividades de intercambio. Respecto ás excursións merecen destacarse algunhas delas:

a) A primeira excursión ao estranxeiro, que tivo lugar en 1949 coa viaxe dun grupo de nenas a Portugal, e da que o Claustro (acta do 14 de maio de 1949) fai constar o agradecemento os Srs. Gobernadores da A Coruña e Pontevedra polas facilidades concedidas para a súa realización, así como unha mención especial ao Sr. Diego de Abreu Teixeira que en Viana do Castelo se puxo a disposición das excursionistas, organizando na súa honra simpáticas festas de arte, e á quen se lle comunicou, por escrito, tal gratitude.

b) A que no ano 1959 levaron a cabo as alumnas de sexto curso e que financiada coa explotación do bar do Centro, tivo o seguinte itinerario, aprobado en claustro: Santiago – Lugo – Ponferrada – Astorga – León – Valladolid – Madrid – Val dos Caídos – Ávila – Salamanca – Zamora – Ourense – Santiago. Merece destacarse que entre as excursionistas figuraban, por vez primeira, tres alumnas do Estudo Nocturno invitadas, e elixidas entre as que tiñan mellores expedientes. Estas tres alumnas, acompañadas polo Director D. Hilario Sainz e o Xefe de Estudos D. Eduardo García-Rodeja, foron recibidas en Madrid polo Ilmo. Sr. Director Xeral de Ensinanza Media, quen dialogou extensamente con elas e as que felicitou e alentou pola decisión de cursar o Bacharelato Nocturno que *puede proporcionarles un mejor porvenir espiritual y material.*

Xa desde os primeiros anos de funcionamento do Instituto houbo actividades de intercambio escolar. Así o "Liceo Nacional Infanta María" de Coimbra, o "Liceo Felipa de Lancáster" de Lisboa, o "Instituto Isabel A Católica" de Madrid, un "Lycée Feminin" de París… foron os primeiros centros que deron proba do carácter aberto e sensible a todo movemento cultural e social do Claustro do Rosalía Castro. Este espírito permaneceu ao longo dos anos, adquirindo nos últimos vinte un desenvolvemento espectacular.

Os alumnos levaron a cabo ao longo dos anos numerosos actos de solidariedade ante diversos acontecementos. Aquí recóllense dous deles:

En 1960, coordinadas polo Director Espiritual do Instituto, as alumnas sumáronse á campaña internacional de axuda aos damnificados da catástrofe sísmica de Agadir, colaboración que foi solicitada mediante circular da Dirección Xeral de Ensinanza Media.

Algunhas actas correspondentes aos anos 1960, 1961 e 1962 dan mostra da tensión e convulsión que os membros claustrais vivían; tal é así que o Secretario Sr. Llecha, solicitou, en varias ocasións, a merca dun *magnetofón* (así se chamaba por entón) para poder gravar as sesións, ante a dificultade de transcribir o que nelas se dicía. Proba irrefutable de tal situación é a dilixencia que o 10 de Setembro de 1962 se escribe, sen sinatura, no Libro de Actas: *Para hacer constar que sobre las reuniones de Claustro de los días: 24 de enero, 14 de febrero y 2 de marzo de mil novecientos sesenta y dos, no figuran en este libro las actas de su celebración por no haberse llegado a un acuerdo aprobatorio sobre ellas.*

En acta de 12-12-1970 dase conta da recaudación efectuada polas alumnas para *la restauración de la casa donde nació Rosalía Castro.* A cantidade entregada na Caixa de Aforros de Santiago (entidade que recentemente tiña doado ao Centro o seu primeiro televisor) foi de 832,30 ptas a máis elevada das publicadas pola prensa local, e do que o Claustro amosa a súa ledicia polo interese do Instituto para tan loable destino e misión.

FEITOS NOS OITENTA

Nos últimos anos da década dos setenta e comezo dos oitenta prodúcese unha gran recomposición do Claustro coa chegada dun número importante de mozos e ilusionados Profesores Numerarios, que tratan de dinamizar a vida académica do Instituto. A elección do Sr. Director D. Ubaldo Rueda Soto en 1985 será un factor decisivo para que as moitas iniciativas que se producen nestes anos reciban o impulso necesario. Sabemos que imos deixar cousas no peto, como a posta a punto do Coro do Instituto por parte do Departamento de Música; a participación do noso alumnado na Carreira Pedestre, que organiza o Grupo Correo Gallego, alentada polo profesorado de Educación Física; a imposición de insignias de ouro a aquelas persoas, xa sexan profesores, exalumnos ou cidadáns (Alfonso Cabaleiro, Francisco Campos, Ruth Gómez, Néstor Rego, e un longo etc.) que, dunha forma ou outra, traballaron a prol do noso Instituto. Pero velaquí algunhas desas iniciativas:

A conversión do Instituto en mixto

Analizada a súa conveniencia ou non en varios claustros, e despois de contar coa opinión da APA, convócase o 20 de Outubro de 1984 un Claustro Extraordinario con ese tema como único punto da orde do día. Despois do correspondente debate procédese á votación secreta que dá o seguinte resultado.

Votos emitidos.....78
Votos a favor de conversión en mixto.....44
Votos a favor só femenino.....31
Votos en branco 3
Ausencias 19

Paulino Estévez, na compaña de Vázquez Portomeñe, Jesús Almuiña e Ubaldo Rueda, na inauguración do curso 1995

Este acordo faise efectivo no curso seguinte, como se pon de manifesto na acta de 2 de setembro de 1985 (*primeira acta escrita en galego e asinada polo Secretario D. Paulino Estévez)* na que se dá conta das cifras correspondentes á matrícula de 1º de BUP: 234 rapazas e 54 rapaces.

O Bacharelato Internacional

A principios de 1986 o Sr. Director D. Ubaldo Rueda informa sobre a conveniencia de incorporarse como centro asociado á OBI, para impartir o Bacharelato Internacional. Informado o Claustro o 2 de marzo de 1986, todos os Seminarios Didácticos pronúncianse a favor coas seguintes excepcións:

- O Seminario de Educación Física opónse de forma unánime por non contemplar á mesma como asignatura e non atender o desenvolvemento integral do individuo.
- O Seminario de Lingua Española entende que pode ser bo, mais non amosa o seu apoio explícito por considerar a información insuficiente.
- O Seminario de Lingua Galega indica que a súa decisión dependerá do resultado da negociación coa Administración para a consideración do galego como Lingua A.

A Directora do BI, Dona Mónica Flodman, con Ubaldo Rueda na súa visita ao Instituto en 1988

As Semanas Temáticas

Aínda que eran moitas as actividades desenvolvidas, é ao final da década cando o compromiso do novo Director D. Ubaldo Rueda, por ofrecer aos alumnos unha maior aproximación aos temas que pudieran ser do seu interese, permite a posta en marcha dos distintos Obradoiros e das Semanas

Temáticas, das que noutro apartado se dá información máis pormenorizada, que fixeron posible que os alumnos tiveran a honra de recibir a personaxes como D. José Luis Aranguren, D. Ramón Piñeiro, D. Francisco R-Adrados, D. Xusto G. Beramendi, D. Santiago Carrillo, D. Luis Hueso,… como algúns dos primeiros visitantes ilustres.

Deixáse aquí constancia que para as celebracións de tales eventos tivo que habilitarse, ante a falla de Salón de Actos, a Capela do Centro unha xa vella reividincación que suscitará múltiples controversias entre os membros claustrais, ata que se aproba a medida de instalar unha cortina que ille o altar e permita a celebración de reunións e actos académicos.

Don Carlos Mella, Don José Luis Aranguren e Don Xosé Manteiga

Don Xesús Otero Costa, Don Carlos Mella, Don Xosé Manteiga e Don Xosé Manuel Rey Nóvoa

Don A. Fraguas, Don Francisco Fernández del Riego e Dona Carme Ríos Panisse

3.1.3
AS SEMANAS TEMÁTICAS

Carmen Alonso / Francisco L. Piñeiro

No final da década dos oitenta e ante os retos que a chegada do novo milenio estaba a producir, experiméntase unha considerable demanda da comunidade educativa por tratar de abordalos.

É así que o Director D. Ubaldo Rueda pon en marcha, coa colaboración da Asociación Cultural Instituto Rosalía de Castro e maila APA, as que poden denominarse Semanas Temáticas que tratarían temas suxeridos polos alumnos e que contarían con importantes personalidades que deixaron impronta da súa grandeza tanto en conferencias, coloquios, mesas redondas… coma no trato persoal con alumnos e profesores do Instituto. Merecente do máximo recoñecemento foi, sen dúbida, o Profesor D. José Luis Aranguren, Catedrático de Ética da Universidade de Madrid, que estableceu auténticos lazos afectivos coa comunidade educativa do Instituto Rosalía de Castro.

A continuación reflíctense os programas dalgunhas das Semanas Temáticas, para amosar as inquedanzas vividas:

MAIO DE 1988

I Semana de Filosofía para Alumnos de Bacharelato: *Ética e Liberdade*, co seguinte programa:

- *A Liberdade e a Moral*, por D. José Luis Aranguren, Catedrático de Ética da Universidade de Madrid.
- *Ética para unha nova convivencia,* por Dª. Adela Cortina, Catedrática de Ética da Universidade de Valencia.
- *José Luis Aranguren: unha ética do século XX,* por Dª Esperanza Guisán, Catedrática da Universidade de Santiago.
- Mesa redonda arredor da obra de Don José Luis Aranguren.



Cartel da Victoria, *de Soledad Pite*

Mesa Redonda arredor da obra de José Luis Aranguren, con Manuel Rivas, Gloria Ferreiro, Adela Cortina, José Manteiga, Esperanza Guisán e Enrique Aldrey

MAIO DE 1989

II Semana de Filosofía para Alumnos de Bacharelato: *Os Dereitos Humanos e a Revolución Francesa*, co seguinte programa:

- *Reflexións históricas sobre a Revolución Francesa,* por D. Jesús de Juana, Profesor de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago.
- *As influenzas da Revolución Francesa en España,* por D. José Luis Aranguren, Catedrático da Universidade de Madrid.
- *Os Dereitos Humanos hoxe á luz da declaración de 1789,* por D. Xosé Luis Rodríguez Pardo, Avogado e Vicepresidente 1º do Senado en Madrid.
- Mesa redonda sobre "Os Dereitos Humanos onte e hoxe".



Cartel dos Combatentes, *de Soledad Pite*

ABRIL DE 1990

Xornadas sobre *Europa a debate* coa seguinte programación:

- Proxección do filme de Louis Malle: *Adiós muchachos.*
- *A unidade alemana no marco da nova Europa,* conferencia-coloquio de D. Guido Bruner, Embaixador en España da República Federal Alemana.
- *As transformacións nos países do Leste,* conferencia-coloquio de D. Santiago Carrillo, deputado no Congreso e Secretario Xeral do Partido Comunista Español.

Numerosas testemuñas deixaron constancia da especial sensibilidade con que se celebrou a conferencia de D. Santiago Carrillo, e na que el mesmo destacou a súa incredulidade por atoparse ante tal marco. Entregado ao seu auditorio fixo doazón dos seus honorarios para a dotación de libros da biblioteca do Centro.

Conferencia-coloquio de Santiago Carrillo, acompañado polos Srs. Rueda e Manteiga

MAIO DE 1991

Recollemos a programación que tivo lugar en maio de 1991 sobre *Reflexións ante un novo século*:

- *A Galicia posible no 2000,* por D. Carlos Mella.
- *A Literatura Galega cara o século XXI: personalidade humana e literaria de D. Álvaro Cunqueiro,* polo Profesor D. Francisco Fernández del Riego.
- *Perspectiva ética e política para un novo século,* por D. José Luis Aranguren, Catedrático da Universidade de Madrid.

José Luis Aranguren recibiría o título de Profesor Honorario do Instituto o mesmo día que a USC lle impoñía o título de Doctor Honoris Causa en 1995.

Todos os actos tiveron lugar na Capela do Instituto, adaptada para tales ocasións, ante a falta de Salón de Actos. A expectación que crearon na comunidade educativa foi de tal magnitude que era de todo certo que se necesitarían varias Capelas para dar cabida aos que desexaban asistir.

D. José Luis Aranguren co seu título de Profesor Honorario acompañado por Magdalena Mora, Ubaldo Rueda, Víctor Campos e Xosé Luís Raposo

D. José Luis Aranguren recollendo o título de Doctor Honoris Causa das mans do Reitor D. Darío Villanueva

Así mesmo celebráronse **Semanas** que non atendían expresamente aos retos anteriormente citados, aínda que sí a un carácter lúdico-educativo claro. Bastan dúas mostras:

No ano 1988 celebrouse unha Semana de Cine e Literatura na que se facía unha presentación da correspondente novela e continuábase coa proxección da película. Este foi o seu programa:

- *El nombre de la rosa.* D. Xosé Luís Cochón, Profesor do Instituto, presentou a novela e D. Luis Hueso, Profesor de Historia do Cine da Universidade de Santiago, a película.
- *Los Santos Inocentes.* Presentou a novela D. Manuel Quintáns, profesor de Literatura, e D. Xosé Folgar, profesor de Historia do Cine da Universidade de Santiago, a película.
- *La Colmena.* O Profesor de Literatura D. Luis Alonso presentou a novela e D. Luis Hueso, a película.
- Conferencia: "Introducción al Teatro de Buero Vallejo", por D. Luis Iglesias, Profesor da Universidade de Santiago.

En abril de 1990 tivo lugar a Semana de Cine e Historia coa proxección das seguintes películas: *Cromwell, La Misión, Senderos de Gloria* e *La Batalla de Inglaterra*, tendo como coordinador cinematográfico ao Profesor de Historia do Cine da Universidade de Santiago D. Luis Hueso, os resumos e prólogo do programa foron realizados polo Profesor de Historia do Instituto D. Xabier Rodríguez Madriñán.



Á dereita da fotografía os profesores da USC, D. Luis Hueso e D. Xosé Folgar, con alumnos e profesores na Semana de Cine e Literatura

3.1.4
PUBLICACIÓNS E REVISTAS

Carmen Alonso / Francisco L. Piñeiro

Unha actividade promovida dende os Departamentos Didácticos de Lingua e Literatura Galega e Castelá foi a creación das revistas escolares. As primeiras tiñan nomes tan curiosos coma *O galiñeiro, As cinzas de Maxín ou Xógara.*



No ano 1987 as profesoras de Lingua Española e de Lingua Galega, Mª Paz Padín Castro e Mª do Carmo Ríos Panisse, impulsan a publicación dos *Cadernos do Instituto de Bacharelato Rosalía de Castro.*

O número 1, *Palabra de mujer*, é unha escolma de doce poemas de autoras novas contemporáneas.

O número 2, *Vinteoito reviravoltas*, reúne os traballos escolares das alumnas de COU.

Os seguintes números recollen os traballos premiados nos certames literarios promovidos polos dous Departamentos didácticos. No limiar, Ana Mª Platas Tasende, profesora de Lingua Española, fai un estudo crítico das obras das alumnas.

Ana María Platas Tasende coordinará tamén *Literatura, Cine, Sociedad*, orientado aos alumnos de Bacharelato Internacional, no que colaboraron os profesores Ángel Casillas, Xabier Mouriño, Xavier R. Madriñán e Ubaldo Rueda.

O 8 de xuño de 1990, en colaboración co xornal El Correo Gallego, aparece o primeiro número de *El Correo del Sar*, xornal elaborado polos alumnos do Instituto Rosalía de Castro, que a partir do curso 95/ 96 pasará a chamarse *O Correo do Rosalía.*



Coa creación nos Centros de Ensino do equipo de normalización lingüística, dende maio do ano 1996 vénse publicando regularmente a revista *Regalía*, da autoría dos alumnos, na que estes recollen a vida do centro e as cuestións de actualidade.

Actúan de coordinadores os profesores encargados da Normalización Lingüística do Centro.

Os alumnos do Rosalía, dirixidos por Xabier Mouriño e José Arca, gañan o premio Lobo no 2008 coa súa revista *Regalía*

Outras publicacións dignas de ser mencionadas son os catálogos realizados polos profesores Soledad Pite, Pedro Ávila e Juan José Raíces, do Departamento de Plástica e Debuxo, recopilando os traballos dos alumnos da disciplina de Plástica e visual de 3º e 4º da ESO sobre o autor homenaxeado por mor do día das Letras Galegas.

Por salientar algunhas: *Orballo de Medianoite, edición ilustrada de Roberto Blanco Torres (1999), Pequena Escolma Ilustrada de Sarmiento (2002), Agasallo de Cores para Xaquín Lorenzo (2004).*

Os traballos escolares dos alumnos de Plástica de 4º da ESO son recollidos tamén nos seguintes catálogos: *Compostela en Ollos Novos (2000)*, para celebrar a declaración de Santiago de Compostela coma capital cultural, *Ronsel Gráfico para Castelao*, no 50 cabodano da morte de Castelao.

O último, *Auga e Cultura: Achegamento Gráfico (2006)*, recolle as obras dos alumnos con motivo do día mundial da auga.





3.1.5
OBRADOIROS DE INICIACIÓN AOS ESTUDOS SUPERIORES E ÁS ACTIVIDADES PROFESIONAIS:

Carmen Alonso / Francisco L. Piñeiro

En 1990 o Instituto, en colaboración coa APA, crea unha serie de talleres para iniciar aos alumnos de Bacharelato ante a súa incorporación aos Estudos Superiores ou ás diferentes Actividades Profesionais, seguindo a recomendación que a *Comisión Educativa da C.E.E.* fai aos centros de ensino medio, para que colaboren activamente no proceso de toma de conciencia dos mozos respecto dos recursos e as posibilidades que se ofrecen no seu entorno.

A fin de desenvolver tal proxecto educativo contaron con especialistas de recoñecida valía, ademais da colaboración de empresas e Institucións de Santiago, tales como *El Correo Gallego*, *Caixa Galicia*, Departamentos da Universidade, etc.

Recóllese a continuación un resumo da memoria dos primeiros talleres desenvolvidos en 1990:

- *A sociedade da Información*, dirixido polo Subdirector de "El Correo Gallego", D. Xoán Salgado coa colaboración de D. Xurxo Fernández, que pretendía achegar os estudantes o mundo dos medios de comunicación dende varios puntos de vista.
- *Análise Económica e Xestión de Empresas* pretendía sensibilizar os alumnos dos problemas socioeconómicos da sociedade galega e das súas posibles solucións. Estivo dirixido por D. Pedro Arias, Profesor de Análise Económica da Universidade de Santiago, e tivo a colaboración de profesionais de "Caixa Galicia" e "Banco Central".
- *Iniciación ás Ciencias da Saúde,* dirixido polo Profesor da Facultade de Medicina D. Antonio Crespo, fixaba como obxectivo fundamental presentar aos alumnos a profesión médica mediante a presenza de diferentes profesionais: Dª Mª Carmen Porto (Profesora de Radioloxía), D. José Carro (Profesor de Anatomía), D. Enrique Jiménez (profesor de Xinecoloxía), etc.
- *Iniciación á investigación en Ciencias Sociais,* dirixido por D. Xosé Manuel Vázquez, Profesor da Facultade de Historia da Universidade de Santiago, contou tamén coa colaboración de profesores de Arte e Xeografía. A súa finalidade era que os alumnos observasen e participasen na práctica cotiá da investigación nas diferentes ramas das Ciencias Sociais.

- *Xestión e Tratamento dos Residuos Sólidos Urbanos*. A sociedade galega comezaba a sensibilizarse polos problemas de xestión e tratamento dos residuos sólidos urbanos, e este obradoiro pretendía achegarse a tal problemática. Dirixido por D. Lisardo Nuñez, Profesor da Facultade de Física de Santiago, contou coa colaboración do grupo de investigación TERBIPROMAT (Termodinámica de Bioprocesos e Materiais) do Departamento de Física Aplicada que adquiriu un notorio prestixio investigador.

Estas iniciativas tiveron unha gran acollida entre os estudantes. Salientar que o día 8 de xuño de 1990 foi presentado o nº 1 do xornal *El Correo del Sar*, editado nas rotativas de *El Correo Gallego* e contando como equipo de redacción cos alumnos do taller *A Sociedade da Información.*

En anos sucesivos fóronse incorporando outros obradoiros que abordaban novos aspectos: *O mundo da radio: unha experiencia*, dirixido por Xosé Ramón Pousa coa colaboración de *Antena 3 Radio da Corporación Voz de Galicia; Electrónica e computadores*, *Introdución á práctica da TV*, etc.

Este proxecto educativo durou perto dunha década, deixando paso ás iniciativas e programas que a Universidade de Santiago puxo en marcha para intentar achegar a súa realidade aos alumnos de bacharelato.

POLÍTICOS E MORAL
Tanto o "caso Guerra" coma o "caso Naseiro" son dous temas de actualidade no noso país. O máis recente dos dous, o que afectou á oposición, é posiblemente unha vingança por parte do Goberno socialista. Así, en moitos cidadáns xurden dúbidas sobre a seriedade dos políticos para dirixi-lo país honradamente.
Carlos Piñón López

CONTAMINACIÓN
En Galicia só funciona, polo de agora, unha única planta de celulosas. Isto fai que resulte difícil comprende-la impopularidade que alcanzou este sector no noso país. Os efectos deste complexo papeleiro sobre a Ría de Pontevedra alarmaron, certamente, á opinión pública, e se se para a pensar un pouco, non é para menos.
Beatriz García

A LITERATURA
O hábito lector, como medio de estimulación do xuicio crítico e como ampliador de vocabulario está de capa caída. A nova sociedade impón un tipo de cultura visual. Neste artigo pretendese ofrecer un esbozo das consecuencias do escurecimento da estrela literaria, así os feitos sochia que determinan o fenómeno.
Héctor Núñez

O CINE
O mundo do cine non deixa de maravillar a cantos se chegan a él. É realmente un mundo máxico que fai estremecer, rir o chorar
L. V. Soler

CAMBIO EDUCATIVO
As profundas transformacións sufridas polo noso país nas últimas décadas esixen un cambio no sistema educativo, anque esta reforma non chegara a suprimi-lo trago amargo da "selectividade". Mediante esta reforma o Estado pretende a similitude cos demáis países da área xeográfica inmediata á española.
Mª Jesús Aldrey Pintor

El Correo del Sar

VENRES, 8 DE XUNIO DO 1990. XORNAL FEITO POLOS ALUMNOS DO INSTITUTO ROSALIA DE CASTRO DE SANTIAGO. Nº1

Brotes de racismo en Europa, a esclavitude do home polo home

Tal vez o máis denigrante nun home sexa o desprecio por outro ser humano, por iso a loita contra o racismo é algo que nunca deberíamos esquecer.

Esta discriminación das persoas pola súa raza, crenzas ou posición social non é un fenómeno alleo a nós, non é algo lonxano que acontece só coa xente de cór dos Estados Unidos ou co *Aparheid* en Sudáfrica.

Os españois consideramonos aberto a todo tipo de xentes e culturas; pero poude que a realidade non se corresponda co que nós imaxinamos. Pensemos, senón, na situación das minorías étnicas que malviven na nosa terra.

España non se vira ata agora afectada por unha excesiva emigración debido a que as condicións económicas e políticas non eran, ata o momento, as máis apropiadas para vivir. Así e todo, moitas persoas doutras razas e culturas habitan no noso país en condicións de vida que teñen moito que ver coa situación infrahumana.

As minorías étnicas máis importantes en canto o número son os árabes, os xitanos e os negros; pero actualmente tamén chega o fenómeno á comunidade xudea. Unhas 15.000 persoas que chegaron a España, na súa maioría, fuxindo da segunda guerra mundial, e que ata agora convivía sen problemas co resto da poboación, escomenza a temer que o antisemitismo que ven de despertar de xeito realmente furibundo en moitos países da Europa Comunitaria - mesmo os casos de Francia ou Alemania-, poda extenderse tamén ó Estado español.
Beatriz García Turnes

Crónica do Leste europeo, o mutismo cede o paso á voz de todo un pobo

A caída do Muro de Berlín foi o espello é que todos nos acomodamos para asistir, non sei si a caída dun sistema, pero cando menos á súa reestructuración. A golpe de martelo destíla ante os nossos ollos a imaxe de aproximamento de dúas illas, ata agora antagónicas, sostidas pola andamiaxe da continuidade e do peso histórico.

Gorbachov, como atlantado representante dunha nova forma de pensar, destapou a pora do cuhivo na que fermentaban os cambios da Europa do Leste; ó tempo que a *Glaznot* e a *Perestroika* convíritense nos sustaxes do despegue dunha política obsoleta, xa desantificada polo berro máis ou menos afogado dos novos usos.

O cambio foi tan rotundo, que nin os ata agora cadiosados analistas políticos, nis ainda as xuntas de *mediaver*, coas súas cartas astrais e a súa parafernalia imperial, poideron augurar o que se nos viña enriba.

É que en menos de seis meses vimos mudar de saia, xa non só á inmensa maioría dos países do Leste, senón tamén ó propio xigante, onde o mutismo rachou para sempre cedendo o adecuado lugar á voz, por anos soterrada, dun pobo que tamén pensa de seu.
Héctor Núñez Amor

Moitos mozos cuestiónanse o para qué dunha "Mili" excesivamente longa

"Milicias", moito tempo cando é iso precisamente o que se vai a perder

Non é moi difícil comprender o rexeitamento e as "caras largas" dos mozos en canto de todo o que "soe" a militar. Falta, quizás, aquí a conciencia dunha necesidade de defensa. Temos en conta que España goza da sorte de ser un dous países que viven en paz e non sofre ameazas.

As protestas van en aumento. Algunx comenzan que é moito tempo cando é iso o que precisamente van a perder. Esta é unha cuestión que está sendo tratada na actualidade polo Goberno, que pretende reduci-lo período de asistencia obligatoria.
Lucía Villaverde Soler

A Casa da Xuventude, antre a utopía e a realidade

Na actualidade a nosa Casa da Xuventude non está exercendo o papel para o que foi concebida e para o que se buscou o seu asentamento no centro da cidade, por outra parte non falto de poéanica dende a súa propia concepción arquitectónica.

A Casa da Xuventude debería ser un lugar de encontro para os mozos, onde éstos poidan desenvolve-las súas actividades libremente, neste caso a xuventude santiaguesa.

Próximamente será posto en marcha o Consello da Xuventude, instrumento institucional onde nós, os xóvenes, terémo-la palabra para traballar unidos nunha serie de ideais, no que si hai verdaderamente sitio e ocasión para facer un planteamento propio para a Casa da Xuventude de capital de Galicia.
Mª Jesús Aldrey Pintor

Deixar a salvo o compromiso dos ideais adolescentes

O máis valioso que temos é aquelo que foi salvo do naufraxio dos nossos ideais adolescentes. A cita de don Ramón Otero Pedrayo ven ó caso para chamar a atención do lector sobre deste insuitado proxecto periodístico que, chees dun ideal bastante alonxado desa pretendida desmoralización social do sentir colectivo, amosean hoxe á opinión pública un fato de alumnos e alumnas do Instituto Rosalía de Castro de Santiago, como compromiso final das actividades dos Talleres de Iniciación de Estudios Superiores.

É claro, dende esta primeiriza experiencia, que os rapaces e rapazas que firman a volta de páxina non queren, recordando ó poeta, cerrar a porta a tódolos errores porque lles preocupa deixar a porta aberta á verdade. Afortunadamente, con este precedente, podemos concluir que os homes que entren no 2.000 irán con un periódico debaixo do brazo, e, polo mesmo, serán un pouco máis libres.
Xoán Salgado

Conta atrás para o Mundial de Fútbol, Italia-90

Os compoñentes da Selección española que debutará o vindeiro mércores, día 13, ante Uruguay, confían en acadar un bó posto na cita transalpina, e manifestaron que a pesares da fartícia data na que farán a súa presentación no campionato, non son supersticiosos e tentarán ofrecer un positivo resultado ós aficionados.

Facendo un pouco de historia, podemos lembrar que ata agora o mellor posto acadado pola selección foi no ano 1950, en Brasil, cando quedou cuarta tras vencer a Inglaterra por un gol a cero, o famoso gol de Zarra.

Apoiado desta experiencia positiva en terras cariocas, as actuacións españolas en campionatos mundiais foron bastante medíocres.

Agora teñen unha oportunidade de ouro. Toda España estará atenta ós sous televisores para ver as evolucións no campo, frente dos contrincantes, dos homes que estrena un galego, Luis Suárez, con éxitos importante ata agora.
Carlos Piñón López

Luis Suárez espera o mellor dos resultados dos seus xogadores na Selección

3.2
SEMBLANZAS

3.2.1
Mª PURA LORENZANA PRADO,
Primeira directora do Instituto Feminino Rosalía de Castro

Algunhas persoas merecen trascender á Historia, ocupar un lugar relevante, polas súas obras, pola súa personalidade, e considero que unha delas é Mª Pura por dúas razón de peso:

Unha pola súa pegada na Historia deste Instituto, foi a primeira directora e converteuno nun modelo educativo na sociedade galega, e a outra pola súa loita cara a que a muller ocupara o seu lugar.

Mª José Díaz Lorenzana

QUEN FOI Mª PURA LORENZANA?

Este Instituto é de seu polo esforzo e a loita denodada que tivo que facer Mª Pura.

Loitou dende varias frontes, pois nas instalacións deste Centro estaban ubicadas diferentes asociacións e institucións. Durante varios anos tivo que enfrontarse con moita xente, moitos intereses, pero ela nunca mudou o seu obxectivo, tíñao moi claro, quería para Santiago un Instituto Feminino. Despois de moitos anos, en 1942, logrouno, non sen moitos disgustos e críticas.

Unha vez acadado este obxectivo, tiña que dotalo pois o seu estado era desastroso. Tería que volver a iniciar unha nova andaina para conseguir un Instituto Feminino dos mellores de Galicia.

A outra vertente pola que debe ser lembrada é pola súa función de cara a que a muller non fose un mero obxecto decorativo.

Cando ela estudaba era unha das poucas que o facía, tiña unha competencia feroz, pero tiña carácter, un carácter forte e non se arredaba por nada, por iso sempre estivo entre os mellores da súa clase.

Tanto na carreira como nas oposicións, foi sempre unha das primeiras.

Aquí decatouse das inxustizas que se producían coas mulleres e a partir de entón, comenza a desvelarse o seu obxectivo principal: o papel da muller na sociedade.

Aínda que hoxe as mulleres non teñen as mesmas oportunidades cos homes, teñen moito terreo andado, gracias ao camiño feito por mulleres coma Mª Pura que lles facilitou o acceso á Educación, o piar fundamental onde deben asentar o seu desenvolvemento de cara á igualdade.

Naquel intre, Mª Pura, foi unha visionaria, anticipouse o seu tempo, construíndo os primeiros peldaños da escaleira por onde as mulleres seguen subindo.

Dona Pura Lorenzana pronunicando a lección inaugural do curso académico na capela do Instituto en 1993

Agora non se lle dá importancia, pero temos que trasladarnos uns poucos anos atrás, non demasiados, para ver como cambiou todo, sobre todo a educación da muller.

A Lei de 20 de setembro de 1938, que reformaba a Ensinanza Secundaria, establecía para as rapazas o estudo obrigatorio de materias como Formación Político-Social, Música, Labores, Cociña, Economía doméstica e Educación Física. Do mesmo modo, a de Educación primaria do 17 de xullo de 1945, establecerá as materias de Formación Político-social, Educación Física, Iniciación para o Fogar, Canto e Música.

A pesar da aparente variedade de materias que debían cursar as nenas, o contido de todas era similar, cuxo fin único era o de canalizar a actividade das mulleres cara o servizo, servizo ao fogar e aos outros, o que chamaba a Sección Feminina "el magnífico destino" da muller: "el matrimonio y la maternidad".

Ademais das dúas vertentes desta muller temos que sinalar que tamén investigou e colaborou con xente moi importante como nas publicacións *La población española en Nueva España en el Siglo XVI,* en colaboración con Pérez Bustamante e Sebastián González. E *Mámoas do Saviñao, a Anta de Abuime e a necrópole do monte da Morá*, (Santiago 1930) en colaboración con Antonio Fraguas e Florentino Cuevillas.

Mª Pura rematou a súa vida profesional coma Inspectora Xefa do distrito de Madrid.

Un apunte máis sobre a lenda desta muller.

Dicían que tiña moito carácter, que non se andaba polas ramas á hora de conseguir os seus obxectivos, sinceramente, tiña que plantar cara a moita xente que consideraba que as mulleres non debían ocupar os postos que ela desempeñaba.

Outra anécdota é a súa data de nacemento, un misterio que eu tampouco vou desvelar. Non sei se sería por coquetería feminina ou por algunha outra razón.

Déixovos con esta adiviña.

3.2.2
A DON HILARIO DESDE O RECORDO

Leonor Deive

Trazar unha semblanza de don Hilario Sainz é para min unha tarefa aparentemente fácil, por telo coñecido, primeiro como alumna, na Facultade de Letras e posteriormente como profesora no Instituto, pero resulta tamén un labor difícil, porque quizá non sexan suficientes estas liñas para manifestar o meu agarimo ao mestre e perfilar ao home en toda a súa dimensión humana. Del teñen eloxiado xa innumerables excelencias compañeiros moito máis relevantes ca min, na homenaxe que se lle tributou con motivo da súa xubilación, o 9 de febreiro de 1985, por iso a miña voz vai partir da sinceridade e do agradecemento, que son dous alicerces básicos á hora de escribir sobre alguén a quen me unen o recoñecemento e o afecto, o que está á marxe de calquera xénero literario ou discurso académico, xa que non se trata de comúns eloxios, senón de entrañables vivencias.

Nunca sospeitei, cando cheguei a Compostela no ano 64 e me instalei na Residencia universitaria San José de Cluny, que me situaba moi preto dunha persoa para min tan significativa, porque foron precisamente as idas e vindas, desde a rúa da Rosa á antiga Universidade, as que me puxeron en contacto coa súa familia, xa que a miña compañeira de camiño era María Jesús, filla de don Hilario, cando eu aínda non o coñecía.

O meu primeiro encontro con el foi có profesor de Facultade, colaborador de don Enrique Moreno Báez, nun momento en que numerosos catedráticos de Ensino Medio alternaban a docencia no Bacharelato e na Universidade. Resúltame grato evocar aquelas clases do curso inicial de Historia da Lingüística pero foi precisamente en segundo, en clases de Literatura, cando don Hilario me sorprendeu máis ao poñer un acento singular, sobre todo ao citar a Pereda, o escritor da súa querida terra cántabra ou ao sinxelo Machado, coma el "no bo sentido da palabra, bo".

Andando o tempo, en cuarto curso da especialidade de Filoloxía Románica, don Hilario impartiu, durante todo o ano, o programa de Literatura Hispanoamericana. Recordo a súa especial énfase ao recitar versos das poetisas, xa fosen as redondillas de Sor Juana Inés da Cruz e o poema *Nocturno* de Gabriela Mistral, sinal inequívoco da súa valoración da muller, ou ben ao ler os poemas de Rubén ou o poema *Veinte* do famoso libro de Neruda, que todos aprendiamos de memoria.

Don Hilario Sainz no acto de homenaxe a Don Isidoro Millán e Don Ricardo Mosquera

O noso segundo encontro tivo lugar tras a miña licenciatura, ao ser nomeada profesora interina no Instituto Rosalía de Castro, unha nova coincidencia do destino, porque tampouco podía imaxinar entón que ese intre abarcaría para min nada menos que coarenta anos de docencia continuada no centro e uns cantos máis de permanencia na cidade do Apóstolo.

Don Hilario era, no ano 69, director, catedrático e xefe de Seminario de Lingua e Literatura españolas, por iso tiven a oportunidade de tratalo máis a fondo, desde dentro, na comprensión e magnanimidade cos seus alumnos; no cumprimento das súas obrigas, como director eficiente, preocupado por manter alto o nivel académico do Instituto; no seu apoio ao profesorado en momentos difíciles, en que a inestabilidade laboral era un problema; na dirección amable e paternal do Seminario, sempre eloxiando o traballo individual e o esforzo dos docentes cun sentido da equidade e da xustiza que se reflectía de contino na consideración igualitaria e afable de todos e cada un dos membros do Rosalía, ao que dedicou toda a súa vida cun saber facer exemplar que compendía as súas innumerables virtudes.

Agora xa non está entre nós, descansa na paz de Oca, nese querido e belo remanso, berce dos antepasados de María Ángeles, a súa muller. Alí segue el aspirando o perfume dos tilos do pazo, o aroma das camelias do solar familiar e alí espero que lle cheguen tamén estas palabras miñas, cheas de gratitude.

3.2.3

DON GONZALO ANAYA: VINTE ANOS ENSINANDO FILOSOFÍA (1954-1973) NO ROSALÍA DE CASTRO

Mª Teresa Pérez Mateos

Profesor e ser humano inesquecible, don Gonzalo pasou vinte anos neste Instituto, dedicándolle moitos esforzos entusiastas na procura dunha mellora do ensino da Filosofía e un breve tempo como Director. Trasladouse despois á Valencia pero o seu recordo e exemplo perdura nos que tivemos a fortuna de disfrutar da súa amizade e ensinanzas.

Mestre en toda a amplitude do termo, descubríu a súa vocación de ensinante durante a Segunda República como Mestre Nacional na provincia de Burgos, onde nacera en 1914. Licenciouse en Madrid en Filosofía e Letras en 1943. Tras doce anos de actividade pedagóxica en diversos centros docentes de Valencia e Burgos principalmente, en 1953 obtivo a Cátedra de Filosofía na Escola de Maxisterio de Santiago de Compostela e en 1954 a Cátedra de Filosofía no Instituto Rosalía de Castro da mesma cidade. Unha grande inquietude intelectual e pedagóxica levoulle despois a proseguir outros estudos e investigacións entre os que poden destacarse a Diplomatura en Psicoloxía Aplicada (Madrid, 1961) e o Doutorado en Filosofía (Madrid, 1969).

En 1960, sendo Director da Escola de Maxisterio Masculina, foi nomeado tamén Director do Instituto Rosalía de Castro, circunstancia inesperada que non resultou precisamente ben acollida por algúns claustrais, quizá –dicía el– porque non era galego nin o máis antigo. Como quera que fose, os conflictos sucedéronse. Ante esta situación, don Gonzalo dimitiu voluntariamente, apenas tres anos despois de ocupar o posto, para evitar que medrara o clima de enfrontamentos persoais, e coherente coas súas convicciónns, dicía: "pienso que la convivencia en el Claustro es un valor cívico superior y quienes no la aman ni la respetan carecen de educación cívica".

Como profesor, esforzouse por combater o reduccionismo e o que el chamaba a "barbarie" –por ignorancia ou menosprezo dos dereitos humanos– no sistema de ensino da Filosofía daquela época, que –afirmaba– "rechazaba la coeducación y no trataba de dar a conocer la evolución del pensamiento humano, sino el adoctrinamiento de los jóvenes en el nacionalcatolicismo de entonces, a través de la instrumentación de la Filosofía aristotélico-tomista". Nas súas clases, xunto cos coñecementos máis importantes da materia, ensinaba a pensar, á maneira socrática, non só ás alumnas sino tamén aos profesores xoves, non numerarios daquela, que tivemos o privilexio de aprender con el e del.

Don Gonzalo Anaya e Don Xosé Manteiga

Pero a súa influencia ía máis aló do académico: na compañía de Maruja, a súa vitalista e agarimosa dona, acollíannos na súa casa, brindándonos consello e hospitalidade. Sempre lembrarei os meus primeiros pasos por Galicia guiada por eles. Conversador infatigable, dedicábanos tempo, coñecemento e experiencias vitais impagables.

A inquietude intelectual, a paixón pedagóxica e a función crítica desenvolveunas don Gonzalo, ademais de nas aulas do Instituto e da Escola de Maxisterio, noutros centros docentes da cidade, como a Facultade de Medicina, a Escola de Formación Social e a Escola de Artes e Oficios, así como en moitas colaboracións nas actividades culturais composteláns, por exemplo na creación e desenvolvemento do Cine Club, que nos anos 60 e 70 do pasado século recollera tantas inquietudes estudiantís, ou nas interesantes e animadas tertulias xunto con outros docentes, como o profesor Manteiga, tamén despois catedrático de Filosofía no Instituto Rosalía de Castro, e profesionais diversos, nas que se debatía incansablemente de todo tipo de cuestións sociais e políticas.

Nunha época na que no noso país a psicoloxía non estaba moi desenvolvida, procuraba ofrecer ás alumnas dos derradeiros cursos unha posibilidade de Orientación Profesional, realizando incluso unha viaxe de estudos sobre este tema por Europa no 1968. Outros centros docentes, así como institucións xudiciais e sanitarias solicitaron tamén moitas veces os seus servizos psicolóxicos.

Resultado do seu traballo en Galicia neses anos foron tamén diversas publicacións, como "La depresión cultural gallega" (Vigo. 1970); "El COU. Análisis de una experiencia" (A Coruña. 1973); "Viaje a las escuelas de Galicia" (A Coruña. 1973) e artigos diversos.

No ano 1973 trasladouse a Valencia onde continuou ensinando, investigando e escribindo incansablemente, sendo nos derradeiros anos profesor emérito da Universidade e director, entre outras, dunha liña de investigación en Socioloxía da Educación. Alí existe, por algo será, o IES Gonzalo Anaya. En 1999 o Ministerio de Educación recoñeceu o seu labor incansable, outorgándolle a Medalla de prata ao mérito no traballo.

A pesar do tempo trascorrido, os seus discípulos e amigos seguimos lembrándoo, por riba de todo, pola súa hombría de ben, rigor intelectual, coherencia e honestidade. A nova do seu falecemento, en xuño de 2008, causou en todos nós un fondo pesar.

3.2.4
DON ALFREDO LLECHA E O GABINETE DE CIENCIAS NATURAIS

Rosarío García-Echave / Concepción G. Adán

Dende hai máis de cincuenta anos existe no IES Rosalía Castro o *gabinete – laboratorio* de Ciencias Naturais. Na súa orixe tivo as características dos antigos *gabinetes*, que eran locais anexos ás cátedras nos que se gardaba o material didáctico, se ensaiaban experiencias e se preparaban as lecciónns e demostracións. Ademais, contaba con instalacións para a realización de actividades prácticas por parte do alumnado feminino da época. Aínda se conservan a mesa central e as poiatas adosadas ás catro paredes, recubertas de losetas brancas, con vinte postos de traballo sinalados con losetas negras.

O espazo consta de dous niveis. O superior é un corredor ao que se accede por unha escaleira de dous tramos. Dende este realizábanse proxeccións na aula de Ciencias Naturais, que estaba situada xustamente á beira e comunicaba co gabinete por unha porta interior. Aínda hoxe se poden ver a mesa dos aparatos de proxección e os orificios na parede polos que se proxectaba.

O primeiro catedrático de Ciencias Naturais do Instituto foi D. Jaime Pallejá Brú, que exerceu o seu maxisterio durante un breve período de tempo. En outubro de 1942 tomou posesión da cátedra D. Alfredo Llecha Ferrer permanecendo ao cargo da mesma durante 43 anos, ata a súa xubilación en 1985. Foi por tanto D. Alfredo o responsable da creación, crecemento e mantemento deste *laboratorio de Naturais,* tal e como se le na súa porta de entrada.

O seu espírito de naturalista tradicional que observa e recolle mostras do medio, xunto coa súa vocación didáctica, leváronlle a iniciar as colecciónns de obxectos naturais que enchen as paredes do departamento. Colecciónns dinámicas que nunca constituíron unha exposición senón un medio de achegar os alumnos á realidade.

A primeira aportación de D. Alfredo ao gabinete foi a súa colección persoal de moluscos, iniciada na súa infancia, froito dos paseos coa súa nai pola praia de Torredembarra en Tarragona. Seguiron as magníficas colecciónns de fósiles, minerais e rochas.

Colección de minerais no Gabinete de Ciencias Naturais

A colección de fósiles contén mais de 200 exemplares, moitos deles con antigüidades de ata 500 millóns de anos, incluíndo animais de notable interese paleontolóxico, como Trilobites, moluscos e outras especies que viviron nos mares de hai uns 400 millóns de anos.

Así mesmo hai abundantes restos fósiles de vexetais que poboaron os bosques da terra no período carbonífero, hai mais de 270 millóns de anos, nun perfecto estado de conservación.

A orixe desta colección foi unha doazón do Museo de Ciencias Naturais de Barcelona no ano 1944, a instancias do profesor Llecha, con exemplares procedentes na súa maior parte de Cataluña, Italia, Francia e Alemania, dun grande valor didáctico.

Máis tarde a colección viuse incrementada con importantes aportacións da profesora Dª Carmen Sanmartín Cornes, especialmente numerosos fósiles da cunca carbonífera de Ponferrada.

As coleccións de minerais e rochas son magníficas, tanto pola súa cantidade como pola súa calidade, e aínda hoxe seguen a ser utilizadas polos alumnos do Centro.

Polos anos 60, a relación de D. Alfredo Llecha co insigne mestre da xeoloxía galega, D. Isidro Parga Pondal, contribuiu a enriquecer estas coleccións cunha completa mostra das rochas e minerais de toda a rexión galega. Pódense estudar as máis de 15 variedades de granitos galegos, as rochas básicas dos nosos máis altos cantís da serra da Capelada e Cabo Ortegal, os xistos e lousas da Galicia oriental e unha das máis antigas e raras rochas como o Ollo de sapo, que nun estreito afloramento percorre Galicia de norte a sur.

Don Alfredo Llecha pronunciando a lección inaugural do curso académico 1960-1961

Outras doazóns de interese foron as de rochas sedimentarias de Cataluña, do profesor San Miguel Arribas e a colección de rochas de Uruguai, doada polo *Estudio geominero de Montevideo* no ano 1977. Esta colección consta de 41 exemplares e conseguiuse pola mediación do Dr. Varela Feijoo, galego residente en Montevideo.

De diferentes rexións volcánicas do mundo están representadas tamén aquí interesantes mostras de man.

É de subliñar, no campo da mineraloxía, os magníficos exemplares de seixo, acibeche, caolíns e outros minerais do noso país e de xacementos de toda España.

Estas coleccións seguen a ser incrementadas por aportacións de profesores que foron pasando polo Centro e así se contan os numerosos exemplares da comarca de Santiago, recollidos por D. Gustavo Varela y Gutierrez de Caviedes ou as rochas de Islandia, Australia, Nueva Zelanda e os Andes, de máis recente incorporación.

En relación co mundo do vivente, no *gabinete de Ciencias Naturais* hai unha colección de preto de 400 exemplares, conservados en formol, de animais invertebrados e vertebrados da nosa xeografía, asi como unha colección entomolóxica de mais de 250 insectos, preparada na súa maior parte por alumnos.

Ademais das coleccións, consérvase no gabinete un arquivo de correspondencia de D. Alfredo Llecha con recoñecidos naturalistas como os xa mencionados D. Isidro Parga Pondal ou o profesor San Miguel Arribas. Relacións persoais que sen dúbida contribuíron ao afortalamento do gabinete, non só mediante aportacións materiais senón tamén por un rico intercambio de ideas.

Pero tal vez o máis importante é que o *gabinete de Ciencias Naturais* foi ao longo destes anos un lugar de encontro e de estudo en común de numerosos profesores e profesoras, o que callou na creación dun espírito de convivencia e de amor polas ciencias da Natureza e polo entorno, que tentan manter e continuar os actuais profesores de Bioloxía e Xeoloxía.

3.2.5

AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO: POETA DA XERACIÓN DE 1936 E PROFESOR DESTACADO DO CLAUSTRO DO INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO

M. C. Ríos Panisse

Cando se pensou en facer unha publicación para conmemorar o catrocentos aniversario da fundación do edificio de *Sanclemente de Pasantes* comprometinme, con moito gusto, a escribir unhas páxinas dedicadas a Aquilino Iglesia Alvariño, profesor e vicedirector varios anos do I. E .S. Rosalía de Castro, centro emprazado na actualidade no devandito edificio.

No Rosalía de Castro estudei o bacharelato e Aquilino Iglesia Alvariño foi un dos meus profesores máis admirados. Máis tarde descubrín que era, ademais, un magnífico poeta ao que intentei coñecer na súa complexidade. Con estes coñecementos farei unha breve lembranza que sirva aos lectores para chegarse á figura do home, do escritor e do docente.

O home

Aquilino Iglesia Alvariño naceu en Seivane, unha aldea do concello de Abadín, o 12 de xuño de 1909. Era o fillo máis vello dunha familia de campesiños formada polos pais e tres irmáns máis. Nun ambiente rural montañés, preto da comarca lucense da Terra Chá, transcorrerá a súa primeira infancia. Será esta paisaxe a que marcará sempre o horizonte do poeta.

En 1923 entrou no Seminario de Mondoñedo, no que adquiriu unha formación clásica e humanística que o identifica con outros autores como Noriega Varela, Crecente Vega ou Díaz Castro. Todos eles teñen en común unha concepción serena e luminosa da paisaxe, o emprego dunha temática relixiosa, que expresa angustia ou confianza, e unha tenrura especial cara ás cousas miúdas, sinxelas,

relacionada co franciscanismo. É neses anos do Seminario cando Aquilino empeza a escribir poemas, a colaborar con distintas revistas e en 1930 publica o primeiro libro: *Señardá*. Álvaro Cunqueiro coñeceu nesta época a Aquilino e fixo del a seguinte lembranza:

"La cabeza rapada, como era de rigor, soportaba un insolente mechón sobre la frente. El hacía sus versos y yo los míos. No nos habíamos hablado nunca pero nos conocíamos. Y yo salí alguna vez a esperar el paso por el Sixto o por el Carrascal, para decirle un tímido adiós. El se sonreía y se quitaba el bonete, con una cortesía que sería de príncipe si no fuese montañesa natural. Yo tenía catorce años y él dieciséis" (Cunqueiro Mora, 1961).

En xaneiro de 1932, cando só lle falta un ano para rematar a carreira eclesiástica, Aquilino abandona o Seminario pola obriga de cumprir o Servizo Militar, que fai en Ferrol. Alí coñece a Ricardo Carballo Calero, outro escritor e investigador que exerceu como docente no Instituto Rosalía de Castro, quen o introduciu nos círculos culturais da cidade nos que atopa como conferenciantes a Castelao, Risco e Otero Pedrayo.

Deixados definitivamente os estudos eclesiásticos, Aquilino continúa coa creación literaria e publica en maio de 1933 o seu segundo libro de poemas: *Corazón ao vento*. Dende abril dese mesmo ano reside en Compostela, onde traballa algúns meses como corrector da Editorial Nós e como director da revista *A Nosa Terra*. A súa permanencia en Santiago é breve pero moi importante. Alí confraterniza con Fermín Bouza, Álvaro Cunqueiro (con quen afonda a superficial relación da época mindoniense), Del Riego e Carballo Calero e ten contactos, cando se desprazan á capital galega, con Noriega, Cabanillas e outros integrantes da xeración das Irmandades, entre eles coas principais personalidades de Nós. En Santiago o seu galeguismo, ata daquela eminentemente cultural, politízase pola influencia, principalmente, de Francisco Fernández del Riego. Aquilino afíliase entón ao Partido Galeguista e á Federación de Mocidades Galeguistas. A súa ideoloxía será de tendencia conservadora e contraria a alianzas con forzas políticas españolas, pero permanecerá no Partido cando se produce a escisión da Dereita Galeguista e acata a decisión da maioría, cando na IV Asemblea se decide participar nas eleccións de 1936 en coalición coa Fronte Popular.

Ao fin do mesmo 1933 trasládase a Vilagarcía para dar clases no colexio León XIII, onde estará de docente quince anos. Para Aquilino, Vilagarcía é a ruptura entre antes e despois da Guerra, tempo de tristeza, pero tamén lugar de evasión e de esperanza. Alí monta a súa familia e toma contacto co mar e coa Galicia atlántica que terá, posteriormente, un papel simbólico, importante, na súa poesía.

En 1940 pasa as probas necesarias para conseguir o título de bacharel e posteriormente fará os estudos de Filosofía e Letras (Sección de Historia) na Universidade de Santiago, estudos que remata no curso 1943-44.

En 1947 publica *Cómaros verdes* e é elixido membro da Academia Galega. Ingresa como académico en 1949, ano no que tamén consegue aprobar a oposición ao corpo de catedráticos de latín de Ensino Medio. Inicialmente ocupa unha praza nun instituto en Lugo, pasa logo a Pontevedra e instálase definitivamente, en 1954, no Rosalía de Castro da cidade compostelá, no que desempeña o cargo de vicedirector ata a súa prematura morte, que acontece o 29 de xullo de 1961. Tiña entón 52 anos. Pouco antes o seu "nume saudoso", como diría Noriega Varela nun coñecido soneto, se plasmaría en tres importantes poemarios: *De día a día* (1960), *Lanza de soledá* (1961) e *Nenias* (1961).

O escritor

a) Integrante dunha xeración.

Aquilino Iglesia Alvariño pertence á xeración denominada de 1936, integrada por escritores nados arredor dos anos 1910 e seguintes. Deste grupo sempre se di que é a xeración rota pola guerra, que retoma de novo a palabra a fins dos anos corenta e comezos dos cincuenta. Unha xeración formada na preguerra, en contacto co mundo galeguista anterior, nunhas condicións culturais óptimas fronte á

pobreza da posguerra. Na xeración de 1936 hai grandes poetas ademais de Aquilino, pero eu non vou agora referirme a eles senón, simplemente, salientar aquilo que creo que os caracteriza como xeración.

Os poetas de 1936 preséntanse nos seus comezos como continuadores da xeración de 1925 ou de vangarda e analízanse segundo os camiños poéticos que elixen: neotrobadorismo, hilozoísmo, clasicismo, ruralismo e, só a mediados do século, o socialrealismo como unha estética distinta das cultivadas polos poetas de vangarda. Todo isto pode ser certo pero, se só fose así, a poesía da xeración de 1936 (agás a unida ao socialrealismo) sería un mero apéndice da de 1925 e non poderiamos considerala aillada. Pero non o é. Na xeración de 1936 danse poetas como Cunqueiro, Aquilino ou Díaz Castro que (sen ser socialrealistas como Celso Emilio) acadan postos moi importantes na nosa literatura. E isto é así porque existe unha clara distinción entre os poetas integrantes da xeración de vangarda e os de 1936, que lles concede a estes últimos independencia respecto dos primeiros. Vexamos cal é esa diferenza.

A partir da xeración de 1925 a lingua galega non precisa da adquisición de novos ámbitos de creación artística, pois os escritores anteriores xa demostraran a súa valía para os diversos xéneros e estaba en situación de ser normalizada como lingua literaria. Podemos pois considerar terminado o período coñecido como Rexurdimento. Agora os intelectuais galeguistas non se senten obrigados a ser escritores e, se o son, non ven xa a necesidade de escribir poesía, novela ou teatro para demostrar a valía do galego nestes xéneros. Este fora o labor das xeracións decimonónicas e das Irmandades e Nós. Así que o grupo de 1925 sente outra necesidade: a da independencia artística. Por iso os vangardistas reivindican a idea de cambio, de innovación, de *ruptura.* Independencia quere dicir para eles ruptura co pasado. Todos eles son rupturistas, pero esta ruptura está en función do que se entende por *pasado*.

O *pasado* para o galeguismo artístico dos integrantes da xeración de 1925 é a literatura produto do Rexurdimento. Mesmo a da época das Irmandades e Nós. Está claro no manifesto "Máis alá": hai que renegar *dos devanceiros* que actuaron dependentes dunha literatura hexemónica e son, polo tanto, froito dun "tempo de choída incultura castelá" (Manuel Antonio, 1989: 162). No manifesto tamén sentimos que o rianxeiro non coñeceu a literatura trobadoresca. Se a coñecese consideraríaa *pasado*? É posible que, como para Bouza Brey ou para Cunqueiro, a lírica trobadoresca galega representase para Manuel Antonio a base da creación autóctona culta, non subalterna, da lingua galega e que podería ser usada como elemento específico de renovación. Así ocorre tamén coa literatura popular, que é algo diferente do *ruralismo* do que renega no devandito manifesto (Manuel Antonio, 1989: 161). A literatura popular como creación foi independente e pode ser utilizada como base da cultura autóctona sempre que se use dende unha perspectiva moderna. Así o intenta facer el cando en forma inesperada introduce unha cantiga tradicional no seu poema vangardista "Garda de 12 a 4" (Manuel Antonio, 1989: 99). Caso semellante é o das temáticas universais como o amor ou a paisaxe ("que aínda agarda a sensibilidade complexa do noso tempo para ser interpretada". Manuel Antonio, 1989: 166). Poden ser recreadas, sempre que fuxan do enfoque tradicional, sometido ao modelo castelán, e sexan vistas con orixinalidade, con liberdade, en forma nova e distinta dende a perspectiva cultural galega. Así o intentaron facer, cada un de forma diferente, Amado Carballo, Bouza Brey ou o mesmo Manuel Antonio cando presenta as paisaxes dunha alborada enigmática ("Ao reverso da noite" (Manuel Antonio, 1989: 120) ou un mar simbólico e pechado: "o mar adentro é unha illa de auga rodeada de ceo por todas partes" (en "Os cóbados no barandal", Manuel Antonio, 1989: 93, nota a pé de páxina).

En resumo, a xeración de 1925 actúa coa máxima de ruptura co pasado galeguista do Rexurdimento para crear un futuro artístico especificamente galego e universal.

A xeración de 1936 parte dunha realidade artística distinta: a xa acadada pola xeración anterior. E isto vai permitirlle unha actuación nova, máis libertaria aínda, menos condicionada. Non se presentan xa como rupturistas co pasado artístico do Rexurdimento, senón como libres intérpretes do pasado literario galego (sen distincións de épocas), que servirá de base para crear un futuro artístico. O importante é crear unha arte nova, orixinal, libre, unha arte de futuro en Galicia, pero para iso non é necesario opoñerse a nada (oposición que indica un certo sometemento) senón, ao contrario, aprender de todo e de todos para usalos libremente.

Iso é o que fai Aquilino nos seus mellores poemas, mesturando obxectividade, sensibilidade clásica, romántica ou posromántica, nunhas formas retóricas e métricas tradicionais ou rupturistas, segundo se lle axeite.

b) O poeta.

Aquilino Iglesia Alvariño é un poeta que ás veces parece escuro, ás veces barroco e elitista, no dicir pero con poucos segredos nos seus gustos e sentimentos. A maioría dos que lemos con coidado a súa obra estamos de acordo nas liñas principais e no seu desenrolo. Aquilino iníciase na poesía moi novo, dende unhas perspectivas romántico-saudosistas e modernistas. *Señardá*, o seu primeiro poemario (escrito en 1928, aínda que publicado en 1930) ten os defectos propios da inmadurez: un pesimismo que se sente falso nun rapaz de 18 anos, unha relixiosidade algo inxenua e un paisaxismo exótico-modernista. Pero, quén aos 18 anos non caeu nestes erros? Pola contra, o libro presenta xa un magnífico dominio da forma, aquí plasmada en soneto, así como da palabra, anunciando un futuro poeta importante.

No seu contacto coa intelectualidade galeguista, Aquilino buscou a modernización a través dos camiños que por aquel entón tripaba a xeración de 1925: o hilozoísmo, o neotrobadorismo, o creacionismo manuelantoniano, o populismo. Así nace *Corazón ao vento* (1933) que representa un paso máis na busca da voz persoal, aquela que só acadará con claridade despois da guerra no poemario *Cómaros verdes* (1947), no que inclúe varias composicións que presentan o mundo da paisaxe amada, dos costumes amados, da lingua amada, coa serenidade e claridade clásicas pero coa forma e sensibilidade modernas. E logo, como el mesmo di, ven a madurez. A serena e demorada de *De día a día* (1960) e a máis aflixida e ansiosa de *Lanza de soledá* (1961), obra na que o poeta parece querer concentrar na brevidade e redondez do soneto (volvendo aos inicios) a angustia dos últimos días do vivir. O Aquilino destes dous libros é un magnífico poeta que nos deleita e atormenta co seu mundo exterior e interior.

Vexamos como exemplos un poema de *De día a día* e un soneto de *Lanza de soledá*.

Empecemos polo de *De día a día.*

Como deter esta ledicia?

Cómo deter, decide, esta ledicia
do serán sobre a terra? E este vento
que refolea os salgueiros, contra o río,
no lusco e fusco, cando se desfollan
antre os acibros as roseiras bravas?

E sentir o dulzor da dor tan leve
do corazón de cada rosa, cando
se enche a roseira dun silencio vivo,
ó esbarruxirse as follas,unha á unha,
caladamente, ás beiras da noitiña!

E aquel sono de son aqueloutrado,
de música tan lonxe que no' oímos
e sabemos que encheu de estrelas vivas
corazós que non son xa deste mundo?

E o trasacordo aquel e aquel abalo
tan sutil que sentira o noso peito!

E aquel verso senlleiro que non puido
entrar nunca no gozo do poema!

1955. (Iglesia Alvariño, 1960: 25).

Carpe diem, goza deste día. Pero, cómo deter o instante para *coller as rosas* de Ausonio, Horacio, Tibulo, Propercio, Ovidio, Séneca, Ronsard ou, neste caso, de Aquilino? A voz do poeta mergúllanos en sensacións fráxiles e inconsistentes, agradablemente evocadoras, que percibimos a través da memoria, na nosa madurez, aquí identificada co lusco fusco do serán. Fainos aos lectores directamente partícipes destas sensacións inapreixables, provocando coa palabra a vista, o tacto, o gusto, o oído... aplicados a fugaces lembranzas que culminan na limitación da voz poética como principal traba para presentar a ledicia dos pequenos praceres: "aquel verso senlleiro que non puido/ entrar nunca no gozo do poema!".

E agora un de *Lanza de soledá*:

Desvestida luz

Anque lle pesa el sabe que no' é súa
a alegría dos ollos e ese fado
de ser escuro lume derramado
na noite xorda que no sangre estúa.

E vólvese, soliño, á estrela crúa,
forte Ulises, de encanto esconxurado,
lonxe do baduar do vrau granado
e a artimaña que tran a mar e a lúa.

Ai non!, no' é súa a cántiga sabida
de amor, que vai e vén. Mais si a luz pura
que ansia do propio ser trai consumida.

Por eso se ergue contra a noite escura
e, en lume de verdá toda vestida,
dura conciencia e soledá o abura.

(Iglesia Alvariño, 1961,1: 34).



A voz do poeta volveuse máis pesimista, pero tamén máis transcendental. No soneto un *el*, nunha actitude enunciativa encubridora, un Ulises no final do seu camiño, preto da noite do vivir, renega das falsas luces, dos enganos dos ollos, da vista, do amor... Decátase de que a verdade final é a estrela crúa, a luz pura, *desvestida*, que emana da propia conciencia, coa que o home debe enfrontarse en soidade.

Aínda foi Aquilino autor doutros dous libros poéticos. Un que deixou na imprenta antes da súa morte, *Nenias* (1961), que contén, como di o título, cantos fúnebres dedicados a personaxes admirados e queridos do poeta. O outro é unha homenaxe póstuma dos seus amigos. Ten como título *Leva o seu cantare* (1964) e recolle poemas soltos de distintas épocas, que Aquilino deixara sen publicar, o que fai que resulte un libro con pouca unidade e desigual valía estética.

c) O tradutor e estudoso da lingua e da literatura.

A creación dunha lingua culta precisa da tradución de obras doutras linguas, que obriguen a usos distintos, máis elaborados. A lingua literaria ten moito de exercicio imitativo que só a tradución pode fornecer a unha lingua que como a galega se viu durante séculos reducida ao ámbito coloquial. Aquilino Iglesia Alvariño decatouse desta necesidade e traballou nela facendo importantes traducións do latín, eido case virxe na época deste escritor. O camiño que empregou non foi, nembargantes, o do uso do cultismo ou do préstamo lingüístico, senón o de erguer o galego cotián, "o que falan as xentes dos nosos campos e ribeiras", como di no "Prólogo" aos *Carmina* (Iglesia Alvariño, 1951: XI), ata a categoría de literario, empregando moitas das palabras comúns en sentido figurado ou amplo. As traducións máis famosas que realizou ao galego foron as dos *Carmina* de Horacio (1951) e a *Aulularia* de Plauto, publicada póstuma co título de *A comedia da oliña* (1962).

Como vimos de dicir, unha das preocupacións constantes de Aquilino foi a busca dunha lingua literaria, rica e orixinal, pero que non resultase artificiosa e rebuscada, de xeito que calquera falante que chegase a ela puidese sentirse plenamente identificado, preferindo caer no vulgarismo que na artificialidade. Por esta razón traballou moito o campo lingüístico, recollendo infinidade de palabras nos lugares que frecuentaba nos que podía haber informantes de interese para a súa busca. Tamén escolmou vocabulario en textos antigos e autores literarios, dende Sarmiento ata a época actual. Con este material quería facer un gran *Dicionario galego*, do que quedaron á súa morte múltiples fichas.

Ademais realizou varios estudos lingüístico-literarios entre os que podemos citar *Lengua e estilo de Cabanillas*, publicado como colofón da *Obra completa de Ramón Cabanillas* (1959), de Edicións Galicia do Centro Galego de Buenos Aires, *A lengua dos poetas do norte de Lugo*, (1949), que foi o seu discurso de ingreso na Academia Galega e o póstumo *Noriega Varela, poeta da montaña* (1969), da Ed. Galaxia.

A obra lingüístico-literaria de Iglesia Alvariño complétase con numerosas colaboracións en xornais e revistas, que non citaremos para non alongar de máis este traballo, pero que son todas elas de grande interese.

O docente

Para min Aquilino Iglesia Alvariño foi don Aquilino, o querido e temido profesor de latín do inicio da adolescencia no Instituto Rosalía de Castro. Don Aquilino chegou a este centro o ano 1954 e eu empecei con dez anos o meu bacharelato no curso de 1956-57. Daquela comezabamos os nosos estudos de latín en segundo, pero don Aquilino procuraba dar clases nos cursos superiores da sección de Letras. Por iso non fun alumna súa ata que, aos catorce anos, empecei a estudar quinto, en 1960-61, o seu derradeiro curso. Así que as primeiras referencias que tiven del foron a través da miña irmá, que é algo máis vella ca min e que tivera a sorte de telo como profesor en 2º, 3º e 4º curso do antigo Bacharelato. Por ela sabía eu que don Aquilino era o amor e o terror do instituto.

Tamén o coñecía dos corredores do centro. Era, daquela, un home alto, ben plantado, cuns ollos vivaces, aguzados pola redondez dos lentes e que, sobre todo, chamaba a atención pola súa preciosa e abundante cabeleira branca, peiteada sen raia para atrás, que o facía o personaxe máis interesante daquel instituto feminino, onde moreas de rapazas non vían outros modelos masculinos que cinco ou seis profesores, bos docentes, pero de pouco atractivo físico. Tamén eu, cando empecei quinto de bacharelato fiquei engaiolada. E quizais por iso foi para min un gran profesor. Porque don Aquilino pedía paixón, pedía amor por el e polo que ensinaba. Se atopaba indiferenza, estudo rutineiro, alporizábase sen control. E os seus enfados eran clásicos, no sentido que lembraban á furia de Zeus. O rostro púñaselle vermello e os ollos comezaban a despedir lóstregos que se completaban con tronantes berros nos que poñía en dúbida a capacidade intelectual das mulleres para estudar latín e renegaba da súa decisión de escoller praza nun instituto feminino. Naqueles momentos puña medo, pero estaba grandioso. A magnífica cabeleira branca, que contrastaba co rostro vermello, despeiteábase e caíalle

enguedellada sobre os lados da cara. Entón el tiraba dela con desesperación e procuraba serenarse, falando baixo e tratándonos cun respecto excesivo, rebuscado, asubiante. Eu admiraba e temía aquelas arroutadas de don Aquilino, que consideraba a mellor garantía da súa preocupación por ensinarnos. Un docente que non queira ensinar non se desespera porque os seus alumnos non aprendan.

Don Aquilino puña paixón en todo, pero especialmente nas traducións dos poetas. Fíxonos amar a Virxilio e a Horacio e abriunos o noso pequeno mundo a novos horizontes ideolóxicos e artísticos. Asociaba o latín co mundo cotián a través dos costumes e da lingua facéndoo máis noso.

O seu interese polo léxico galego levábao a indagar nas clases sobre todo entre as alumnas de orixe rural. Así empecei eu a valorar moitas das miñas compañeiras ás que ignoraba ata entón. Debían ser moi listas, porque don Aquilino lles prestaba atención, preguntáballes a elas en particular, e elas sabían cousas que nós, as cidadás descoñeciamos. E aprendín que ao meu redor existía unha lingua e unha cultura, que eu sabía e na que estaba mergullada, pero da que non era consciente. E, aínda máis, aprendín tamén que aquela lingua, e a cultura a ela ligada, eran algo valorado e valorable a nivel intelectual.

Cando eu lembro todas estas cousas sinto moita gratitude por don Aquilino como profesor. El foi o detonante de que eu, aos quince anos, (moito antes que o personaxe de *Arredor de si,* Adrián Solovio, e perdoen o ambicioso da comparación) atopase o camiño do galeguismo. Se para a conversión de Adrián Solovio é decisiva a morte de don Bernaldo, para min foi a do meu querido profesor de latín. Aquel 29 de xullo de 1961 sentín que don Aquilino se marchaba e non quixen que desaparecera así, de súpeto, da miña vida. Tiña que facer algo para mantelo vivo. E inxenuamente merquei dous dos seus libros de versos, aqueles de recente publicación: *De día a día* e *Lanza de soledá.* Foron dos primeiros libros que lin en galego. Escusado é dicir que entendín ben pouco do seu contido, pero sentín sobre todo o pesimismo e tristeza que destila *Lanza de soledá*, que dende entón foi para min a obra preferida de Aquilino. O seu barroquismo clásico, escuro, retorto preséntame sempre diante as luces e sombras do colérico e tenro profesor, aquel que aos catorce anos amabamos e temiamos á vez, o que, logo de facernos sentir a beleza de Virxilio sentíase fracasado porque nós non reflectiamos nas nosas imperfectas traducións toda a riqueza do gran poeta latino.

Quixera ter aquí a don Aquilino para agradecerlle os enfados e dicirlle que non todos os seus esforzos foron vans. Pero non pode ser...


Trasalba, Orense
30 de julio de 1961

Sres Director y Claustro
del Instituto "Rosalía
de Castro"
Santiago de Compostela

Muy sres míos y distinguidos compañeros:
Profundamente afectado por la inesperada noticia de la muerte de Iglesia Alvariño, mi admirado amigo, expreso a Vdes mi pésame y me uno al dolor de la pérdida de un maestro incomparable.

Siempre de Vdes affmo amigo y servidor
Ramón Otero Pedrayo

Carta de pésame de D. Ramón Otero Pedrayo

Bibliografía:

- L. ALONSO GIRGADO.- (1992). "O enfoque biográfico-psicolóxico: *Lanza de soledá* de Aquilino Iglesia Alvariño" en C. RODRÍGUEZ FER (ed. de): *Comentarios de textos contemporáneos*. Ed. Xerais, Vigo. Páxs. 265-282.
- A. CUNQUEIRO MORA.- (1961). "E solo diante a morte" en *Faro de Vigo*, 1- agosto.
- A. IGLESIA ALVARIÑO.- (1951). "Tradución, prólogo e notas" en Q. HORATTI FLACCI: *Carmina*. Inst. Padre Sarmiento Estudios Gallegos, Santiago de Compostela.
- A. IGLESIA ALVARIÑO.- (1960). *De día a día*. Ed. Celta. Vilagarcía.
- A. IGLESIA ALVARIÑO.- (1961). *Lanza de soledá*. La Editora Comercial. Ourense.
- MANUEL ANTONIO.- (1989). *De Catro a Catro e outros textos*. Ed. Xerais, Vigo.
- L. RODRÍGUEZ.- (s.d.). *Poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*. Servicio Publicaciones Diputación Provincial, Lugo.

3.2.6

DON ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS,
ILUSTRE CLAUSTRAL DO INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO

*Xosé Manuel González Reboredo**

A cátedra de Xeografía e Historia do Instituto Rosalía de Castro contou con destacados catedráticos dende a fundación do centro. Foi a primeira Dª Pura Lorenzana Prado, tamén directora nos anos corenta do século XX. Outro catedrático con importante labor docente e con destacadas publicacións é D. Manuel Fernández Rodríguez, quen ensinou aquí entre 1976 e 1983, ano da súa xubilación. Os dous foron compañeiros de D. Antonio Fraguas no antigo corpo de Catedráticos de Ensino Medio, un importante colectivo de docentes que fixo destacadas contribucións á cultura nos séculos XIX e XX. Precisamente na figura de D. Antonio centraremos este escrito como homenaxe a un home bo e xeneroso que soubo impartir sabias lecciónns nas aulas do edificio que noutros tempos foi Colexio San Clemente de Pasantes.

PERFIL BIOGRÁFICO DE D. ANTONIO

Os primeiros anos. De Cotobade a Pontevedra

Antonio Fraguas Fraguas naceu no lugar de Insuela, parroquia de Loureiro, concello de Cotobade, o día 28 de decembro de 1905 (Filgueira Valverde, s./a.: voz "Fraguas Fraguas"). Os seus proxenitores, Manuel Fraguas Rodríguez e Teresa Fraguas Vázquez, eran dous sinxelos campesiños. Como tantos outros, o seu pai viuse obrigado a emigrar temporalmente a Niteroi, no Brasil, coa finalidade de achegar recursos á familia, polo que boa parte da infancia do noso persoeiro foi vivida en ausencia do pai e baixo a protección agarimosa da súa nai e dunha señora que con eles vivía, chamada familiarmente "mamá Antonia" (González Reboredo, 1997: 3).

* O presente escrito foi redactado hai uns anos, pero lóxicos retrasos na edición fixeron que non vise a luz ata hoxe. Como consecuencia disto non se recollen algunhas achegas á vida e obra de Don Antonio publicadas máis tarde. Nelas aparecen matices de interese, aínda que non alteran gravemente o dito no texto que agora comeza. No caso de que o lector queira coñecer eses matices, é de lectura recomendable unha obra colectiva dedicada ao tema, da que facilito a referencia bibliográfica: VV. AA., (2006), *Antonio Fraguas Fraguas. 1905-1999*. Xunta de Galicia/ Fundación Antonio Fraguas/Museo do Pobo Galego, Santiago.

Os primeiros anos da súa vida transcorren, pois, no medio rural galego, o que lle permitiu asimilar prácticas e crenzas propias dunha cultura campesiña e artesá rica en matices. As limitacións económicas nas que se desenvolvía a familia, como tantas outras da Galiza da época, e o conseguinte desexo de mellorar de situación, fixeron que os pais matinaran de emigrar definitivamente ao Brasil xunto co seu fillo. Segundo el mesmo me relatou, "eu ía marchar para América, porque meu pai levábame para América, para o Brasil. Quería que fose maquinista" (González Reboredo, 1997: 6). Coa finalidade de completar a súa formación antes de marchar, decidiron mandalo algo máis á escola, e tamén que fose traballar nun taller de Vigo para aprender algo de mecánica. De todas as maneiras, a *boa fada* coa que nacera fixo que este proxecto quedase abandonado. A citada fada foi activada por un preclaro mestre asentado no lugar de Famelga, Antonio tamén de nome, que acolleu na súa aula ao neno Fraguas e descubriu as súas capacidades para os estudos, aconsellando ao pai que tratase de darlle unha "carreiriña" (González Reboredo, 1997: 8.- González Pérez, 1998: 7-8).

Malia as estreiteces económicas, os proxenitores aceptaron o consello, e por iso pasará a estudar o bacharelato na cidade de Pontevedra no ano 1919. Na cidade do Lérez toma contacto con varios profesores que deixarán fonda pegada nel, como Castelao, con quen aprende Debuxo, ou Ramón Sobrino Buhígas, catedrático de Ciencias Naturais e autor da primeira gran investigación sobre os petroglifos galegos. Pero de todos eles o que exerceu un maxisterio máis decisivo sobre el foi Antón Losada Diéguez, de quen recibiu ensinanzas de Lóxica, Ética e Rudimentos de Dereito (González Pérez, 1998: 9 e ss). O profesor Losada era, como é ben sabido, un dos mentores das *Irmandades da Fala*, e soubo sementar coa súa actividade un sentimento galeguista en moitos mozos, do que Fraguas é un nidio exemplo.

Na etapa pontevedresa fixo, así mesmo, fondas amizades, especialmente Sebastián González García Paz, logo tamén condiscípulo e colega de docencia en Compostela, ata que o cataclismo da Guerra Civil e o exilio, interior en Fraguas e exterior en Sebastián, separounos fisicamente. Así mesmo, o período pontevedrés configúrase na biografía de D. Antonio como un momento de toma de conciencia sobre Galiza e a súa cultura. Entre algúns compañeiros Fraguas era "un da aldea" , mais este cualificativo non xerou naquel mozo complexo algún, senón que, como el mesmo dixo, "aquelo xa me deu a min o título de nobreza" (González Reboredo, 1997: 10). Sen atordarse ante o desprezo ou a ironía, o noso persoeiro participa na fundación dunha *Sociedade da Lingua,* coa que se pretendía afondar na defensa da lingua galega e tamén elaborar un dicionario (González Pérez, 1998: 11). Desta maneira o remate do seu bacharelato coincide cunha plena asunción dun ideal de Galiza que xa non o abandonará no resto dos seus días.

Os estudos universitarios e os primeiros tempos de docencia

Don Antonio chega a Santiago para comezar os estudos de Filosofía e Letras no curso 1924-25. Tivo aquí profesores como Ciríaco Pérez Bustamante, Salvador Parga Pondal, Luís Pericot García, Armando Cotarelo Valledor ou Ramón Gallego García. Entre os compañeiros adoitaba lembrar a Castillo Elejabeitia, Brey Bouza, primo doutro preclaro persoeiro da nosa cultura, Fermín Bouza-Brey, e a xa citada Pura Lorenzana, que será, segundo xa dixen, a súa antecesora na cátedra de Xeografía e Historia do Instituto Rosalía de Castro.

A súa estadía en Compostela coincide cos primeiros pasos do *Seminario de Estudos Galegos,* que xurdira no ano 1923 en Ortoño por iniciativa de xoves universitarios como Bouza-Brey, Martínez López, Filgueira Valverde, Tobío, etc. O Seminario nace cunha arela básica: levar a cabo unha análise demorada e completa de Galiza nos eidos das Humanidades e das Ciencias da Natureza, incorporando para iso a figuras tan destacadas como Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas, Carro García ou Carballo Calero, este último tamén profesor no Instituto Rosalía de Castro moitos anos despois. D. Antonio comeza a asistir ás sesións do Seminario, aínda que non se fai socio numerario ata que foi animado a dar ese paso polas suxestións do seu anterior profesor en Pontevedra, Losada Diéguez, e polo seu amigo Sebastián González.

Precisamente o Seminario tivo temporalmente o seu local social, por cesión da Real Sociedade Económica de Amigos do País, no edificio San Clemente. Concretamente, estaba na ala dereita do edificio, planta baixa, xusto a carón dunha escalinata construída despois da obra orixinal, que permite chegar ao primeiro andar. O seu acceso era directo, dende a rúa que hoxe leva o nome de Avenida de Figueroa (González Reboredo, 1997: 15-16). Foi aquí onde se incorporará, no ano 1928, ás Seccións de Xeografía e Etnografía do Seminario (González Pérez, 1998: 19).

Ala dereita do Edificio San Clemente, onde estivo instalado o Seminario de Estudos Galegos

Neste mesmo ano de 1928 remata os estudos de Filosofía e Letras, pero continúa en Compostela porque consegue unha auxiliaría na mesma Facultade, que tratará de compaxinar con clases na "Academia Xelmirez", pois o soldo de profesor universitario non daba para moito. Asentado na cidade que coñecerá, por distintas circunstancias, boa parte da súa traxectoria vital, nestes anos ten lugar un feito transcendental na súa vida; o día 16 de xullo de 1932 casa en Valga con María Teresa Martínez Magariños, a que será compañeira fiel en futuros difíciles tempos.

Cando levaba un ano casado consegue praza en Institutos locais que a Segunda República creara en distintas vilas, dentro dun ambicioso proxecto de espallar o ensino secundario máis alá das cidades. Desta maneira pasa a formar parte do claustro do Instituto da Estrada. Nesta vila pontevedresa acaba colaborando coa actividade política do movemento galeguista que se conformou arredor das figuras de Castelao e Alexandre Bóveda. Foi candidato á alcaldía estradense e tamén participou en mitins a favor do Estatuto de Autonomía de Galiza, o cal foi plebiscitado en xuño de 1936 (González Pérez, 1998: 24-25). No mes seguinte negras nubes de treboada anunciarán para el e para moitos outros compañeiros de ideal o comezo de tempos de marxinación e desilusión.

Unha problemática postguerra

Dada a súa actividade en defensa da identidade galega, foi destituído da cátedra da Estrada polas autoridades xurdidas do golpe de estado de 1936. Segundo nos dixo pouco antes do seu pasamento, "no ano 1936 veu a hecatombe...e asunto concluído" (González Reboredo, 1977: 18). Necesitado de conseguir medios de subsistencia, primeiro puxo pasantía na compostelá rúa da Troia, e logo, asociado cun crego que era tamén Licenciado en Filosofía e Letras, na "Academia Menéndez Pelayo", instalada no pazo de Amarante, onde impartiu clases, non sen ser molestado mediante controles burocrático-políticos, durante case dez anos. Polas aulas da Algalia de Abaixo pasaron numerosos composteláns que aínda hoxe lembran con agradecemento as ensinanzas do profesor Fraguas (González Reboredo, 1997: 20.- González Pérez, 1998: 28).

Situado de novo no ámbito da docencia, tamén pode continuar, cando menos en parte, o seu labor como estudoso e divulgador da nosa cultura. Na fin de 1943, xa pasado o vendaval da Guerra Civil, o *Consejo Superior de Investigaciones Científicas* decide crear o *Instituto de Estudios Gallegos "P. Sarmiento"*, destinado a ser un herdeiro imperfecto, pero posible dadas as circunstancias, do vello Seminario de Estudos Galegos. O novo centro de investigación, dirixido por Francisco Xabier Sánchez Cantón, inicia o seu camiñar en 1944 e logra xuntar, non sen certas resistencias iniciais por parte de algúns, a varios dos vellos membros do Seminario (VV.AA., 1947). A eles, por suposto, sumouse D. Antonio, quen ocupou diversos cargos no mesmo ata a súa xubilación en 1975, como os de Bibliotecario, Secretario accidental e Xefe da Sección de Etnografía e Folklore. Roubando horas ao descanso e á familia, traballará arreo no Instituto, elaborando fichas da biblioteca, colaborando nas exposicións anuais que alí tiñan lugar e, por

suposto, publicando diversos artigos na revista do centro, *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Non abandona tampouco a tese de doutoramento que programara antes da Guerra Civil, dedicada ao Colexio Fonseca e os seus colexiais, a cal será defendida no ano 1950 na Universidade Complutense.

Algunhas luces de esperanza

Un home como o noso biografiado non podía conformarse coa súa situación profesional. Por iso intentará obter unha cátedra de Instituto de Ensino Medio, o que consegue, despois dun primeiro intento fracasado a causa dos seus antecedentes políticos, no ano 1950, cando gaña en oposición libre a de Xeografía e Historia do Instituto Masculino de Lugo, onde permanece ata o ano 1959. Na súa estadía lucense será, ademais de Secretario e Xefe de Estudos do citado Instituto, vocal do Museo Provincial e da Comisión de Arte Sacro da Diocese Lucense. Nestes anos foi precisamente cando o que isto escribe coñeceu ao profesor Fraguas, pois fun alumno seu en primeiro e segundo de Bacharelato nas asignaturas de Xeografía Universal e Xeografía de España; con el aprendín cousas que nestes anos case non se ensinaban, como os montes e ríos de Galiza, os que aínda lembro "de corrido": Faladoira, Capelada, Loba, Cova da Serpe, Faro, Testeiro, Suído, Faro de Avión.... Para min, un rapaciño torpe e inexperto, isto supuxo un primeiro descubrimento intelectual da nosa terra, que en anos vindeiros algún outro profesor, como Xesús Alonso Montero, iría completando dentro das escasas posibilidades do momento. Tempo despois reencontrei a D. Antonio cando fun de novo alumno seu na Facultade de Filosofía e Letras de Compostela.

O comezo dos anos cincuenta supón para el outra satisfacción, pois é elixido Académico da Real Academia Galega, en substitución de Castelao, o 19 de abril de 1951. E, xa no final da década, logra o traslado para o Instituto Feminino Rosalía de Castro, de Santiago de Compostela. Segundo consta no seu expediente persoal, gardado no arquivo deste centro docente, tomou posesión o día primeiro de xullo do ano 1959. Aquí ocupará a cátedra de Xeografía e Historia ata o 28 de decembro de 1975, data na que pasa á situación de xubilado forzoso por idade regulamentaria. Ademais de rexentar a súa cátedra, será nomeado Vicesecretario o 28 de outubro de 1960 e, con posterioridade, Xefe de Estudos, e Delegado do Curso Preuniversitario, durante diversos cursos. A bondade e paciencia, virtudes esenciais de todo bo docente, foron exercidas de maneira continuada polo profesor Fraguas coas súas alumnas santiaguesas, o mesmo que antes sucedera cos alumnos lucenses. Nas clases sabía combinar o rigor dos datos coa claridade da exposición, contando as cousas, como el dicía, sinxelamente. Deste xeito poñía en práctica o vello lema que os catedráticos de Ensino Medio comparten cos da Universidade, e que se expresa na máxima latina *perfundet omnia luce*. Tamén os alumnos da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade Compostelá puideron gozar da súa *bonhomie* debido a sucesivos encargos de curso neste centro superior.

Os últimos decenios da súa vida

Na fin de 1975, cando D. Antonio está no límite da xubilación, comezaba un cambio importante no Estado Español. Tras un período de transición, acabou implantándose un sistema político democrático que, malia o seu carácter acusadamente formal, abriu a posibilidade de novas empresas para a recuperación, cando menos parcial, da identidade de Galiza. E neste proceso de rexurdir lingüístico e cultural o profesor Fraguas vai colaborar de maneira moi activa, poñendo de manifesto que o abandono forzado das aulas non reducira para nada a súa capacidade de seguir estudando e divulgando as nosas historia, tradicións ou xeografía. Ademais de pronunciar ducias de conferencias, de participar activamente en programas de radio e televisión, de escribir numerosos artigos nos xornais galegos, colaborará nos anos setenta, oitenta e noventa en moitas outras iniciativas culturais. Algunha delas merece mención especial.

D. Antonio, que xa fora anteriormente nomeado director do Museo Municipal de Santiago, participa en 1976 na creación do Museo do Pobo Galego, sendo elixido director do mesmo. Tamén ocupará o de Presidente do Padroado do Museo despois do pasamento de D. Xaquín Lorenzo Fernández, outro benemérito etnógrafo de Galiza, amigo e compañeiro seu dende os vellos tempos do Seminario. Seguramente o Museo e o Instituto Rosalía de Castro foron as dúas institucións ás que dedicou máis tempo e ilusións, sen prexuízo de que tamén puideran gozar dos seus saberes moitas outras. No que se refire ao

Instituto, basta lembrar que foi o presidente da Asociación Cultural creada por este centro de ensino no ano 1990. Con respecto ao Museo, o seu último servizo a este seu fillo cultural foi a doazón da súa biblioteca particular, composta por varios miles de libros, revistas e separatas, que fora acumulando, como bo bibliófilo que era, dende os tempos de xuventude.

Don Antonio Fraguas, exercendo de Presidente da Asociación Cultural do Instituto, cos profesores Carme Ríos, Francisco L. Piñeiro, Xabier Mouriño, Ubaldo Rueda e Ricardo González

Superados os anos escuros, D. Antonio será incorporado como directivo ou membro de número a diversas sociedades e institucións, como o Consello da Cultura Galega, a Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, a Real Academia Galega de Ciencias, etc. Pouco antes da súa xubilación, en 1973, foi elixido "Pontevedrés do ano". Recibiu condecoracións como a Medalla Castelao, premios como o Premio Galiza das Letras e das Artes, o premio "Otero Pedrayo", o "Pedrón de Ouro" ou o premio "Trasalba". Homenaxeárono concellos como o de Compostela, o seu concello natal, Cotobade, o de Lugo e o de Melide, este último en razón de ser un dos investigadores que colaboraran na obra colectiva *Terra de Melide*, magna monografía editada polo Seminario de Estudos Galegos en 1933. O seu nome será dado a un Instituto de Santiago e a Universidade de Compostela recompensouno coa insignia de ouro da institución, o mesmo que a Sociedade "Fillos e Amigos da Estrada". O Goberno Autónomo de Galiza, pola súa banda, nomeouno Cronista Oficial do Reino no ano 1992. En suma, estes e outros diversos recoñecementos converteron a última etapa da vida do profesor Fraguas nunha continua compensación doutras tristuras pasadas. Soamente a morte da súa benquerida compañeira Teresa encheu de loito os seus derradeiros anos.

Cando falece o día 6 de novembro de 1999 completábase a traxectoria vital dun rapaciño cotobadés que ía para maquinista no Brasil, pero que rematou sendo un venerado profesor e estudoso de Galiza. Mais D. Antonio non foi só un profesor ou un constante investigador, senón sobre todo un home de ben. Unha biógrafa súa dinos ao respecto que "a personalidade de Antonio Fraguas definíase pola súa fonda humanidade, imbuída de sentimento cristián" (Fernández Cerviño, 2000:154). Segundo noutra ocasión dixen, de certo que agora está a gozar no Ceo dos bos e xenerosos, na compaña da súa dona e dos seus compañeiros xa mortos, e na compaña do Apóstolo Santiago, de quen el se proclamaba, máis que devoto, amigo.

INVESTIGADOR E DIVULGADOR DA NOSA CULTURA

Investigación e divulgación máis alá das aulas foron, como xa anunciei antes, dúas actividades moi cultivadas polo profesor Fraguas. Ademais de conferenciante, participou e mesmo presidiu numerosos congresos e simposios, colaborou nos medios de comunicación escritos e audiovisuais, e asesorou na montaxe de varias exposicións. Publicacións como *A Nosa Terra*, onde apareceu o seu primeiro escrito en 1929, *La Noche*, *El Correo Gallego, El Ideal Gallego, La Voz de Galicia, El Progreso, El Diario de Pontevedra, Faro de Vigo,* etc. conteñen un elevado número de artigos seus. Tamén colaborou en revistas como *Lar, Vida Gallega, Outeiro, El Eco Franciscano*, e noutras de carácter máis erudito de Galiza, España e Portugal: *Nós, Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, Cuadernos de Estudios Gallegos, Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo, Boletín de la Comisión de Monumentos de Ourense, Boletín Auriense, Boletín da Real Academia Galega, Brigantium, Revista del Instituto "José Cornide" de Estudios Coruñeses, Abrente, Revista de Dialectología y Tradiciones Populares, Zephyrus, Revista de Guimarães, Trabalhos de Antropología e Etnología(Universidade de Porto),*e *Revista de Etnografía de Porto.* En canto a libros, da súa man saíron

diversas obras das que daremos conta nos apartados que seguen a este. Sería imposible analizar polo miúdo toda a súa inxente produción. Por iso limitareime a ofrecer unha visión global da mesma para rematar cunhas consideracións sobre unha moi importante especialidade de D. Antonio: a Etnografía.

Xeógrafo, historiador, historiador da Arte e biógrafo

Como moitos outros homes do seu tempo formados nas vellas Facultades de Filosofía e Letras, nas que non había unha especialización absoluta, D. Antonio cultivou un descriptivismo que abranguía saberes diversos no ámbito das Humanidades. Nunha Galiza na que, malia importantes antecedentes do século XIX, do que sería sobranceiro exemplo o polígrafo D. Manuel Murguía, a maior parte das investigacións sobre a nosa lingua, historia, arte, xeografía, literatura ou etnografía estaban por facer, tanto el como os seus mestres e compañeiros do Seminario de Estudos Galegos tiveron que se enfrontar a unha tarefa de rescate e organización de datos para dispoñer dun corpus documental básico sobre o que se puideran elaborar futuras análises. Como síntese da súa plural e prolífica producción sinalarei os seguintes campos:

–Xeografía.– A súa máis destacada contribución como xeógrafo foi o libro titulado *Geografía de Galicia* (Fraguas, 1953). Seguindo modelos da xeografía europea de finais do século XIX e comezos do XX, e seguindo tamén o ronsel de D. Ramón Otero Pedrayo, o xeógrafo máis destacado da Galiza de entón, D. Antonio fai un percorrido por asuntos de Xeografía Física, Humana e Económica, así como unha enumeración das divisións político-administrativa e eclesiástica. Pero non se limita a esta visión xeral, senón que, consciente de que a Xeografía era, e é, *a ciencia da paisaxe*, vai dedicar un capítulo específico á paisaxe para logo seguir cunha relación de *comarcas naturais de Galicia*, das que delimita ata 71 de moi diverso grandor, como a Terra Chá lucense , as Mariñas dos Condes e dos Frades, o Val de Neira, o Val do Dubra, O Courel, o Val de Monterrei, etc. A atomización comarcal descrita polo xeógrafo Fraguas responde a unha óptica na que as características físicas, a historia e as actividades humanas xeran numerosas variacións en marcos espaciais concretos. Neste sentido hai que advertir que o adxectivo *natural* aplicado ás comarcas por el descritas non debe ser considerado literalmente, senón como unha suma de factores físicos e histórico-culturais que contribuíron a conformar cada comarca no pasado.

–Arqueoloxía, Historia e Historia da Arte.– Unha parte dos seus escritos estiveron centrados na catalogación de xacementos da nosa prehistoria e protohistoria. Como **arqueólogo** formouse a carón de Florentino Cuevillas, participando en inventarios de castros como os da terra de Melide. Co mesmo Cuevillas catalogou os castros da lucense terra do Saviñao, e aínda antes interveu na escavación da necrópolis megalítica do *Monte da Morá*, nesta ocasión coa colaboración de Pura Lorenzana (VVAA, 1933.-López Cuevillas / Fraguas / Lorenzana, 1930.- López Cuevillas / Fraguas, 1955). Con posterioridade seguiu este camiño con traballos como un dedicado a castros da comarca lucense (Fraguas, 1962).

O seu labor como estudoso da **Historia** a partir da Antigüidade conta con investigacións destacadas. Entre elas figura a centrada nun importante colexio nos primeiros séculos da Universidade Compostelá, o Colexio Fonseca, obxecto da súa Tese de Doutoramento. Foi publicada en dous tomos, e hai que advertir que nesta magna obra, ademais de incluír importantes datos sobre a fundación, a vida no Colexio e unha relación de 550 colexiais, tamén nos dá conta do edificio, co que nos achega a outra faciana por el cultivada e da que logo daremos razón: a historia da arquitectura(Fraguas, 1956a e 1958). Pero non é esta, con ser a máis importante, a única contribución de D. Antonio á Historia de Galiza. Tamén publicou diversos artigos sobre temas como o emprazamento de feiras no século XVIII (Fraguas, 1968), Santiago e a súa terra no Catastro do Marqués de Ensenada (Fraguas, 1970a) ou unha monografía sobre a fundación e primeiros tempos da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago (Fraguas, 1986a). Relacionadas coa historia recente están as biografías e análise de obras de persoeiros como Domingo Fontán, Gumersindo Laverde, Manuel Murguía, Paulino Pedret Casado, Aquilino Iglesia Alvariño, que tamén foi catedrático no Instituto Rosalía de Castro, Alfonso R. Castelao, etc.(Fraguas, 1946, 1956, 1970b, 1986b,1989).

Ao aludir ao Colexio Fonseca anticipei que D. Antonio Fraguas escribíu sobre temas de **Historia da Arte.** Deixando para expertos na materia os seus comentarios sobre exposicións de artistas contemporáneos, que apareceron en publicacións como *Vida Gallega*, menciono agora os seus estudos

das igrexas de Xanza e Loureiro de Cotobade (Fraguas, 1951 e 1959/60). Ocupouse, por outra banda, da historia da compostelá *Sociedad de Amigos del Arte* (Fraguas, 1976), e de artistas que traballaron en terras lucenses nos derradeiros anos do século XVIII e inicios do XIX(Fraguas, 1969). Pero tamén aparecen consideracións sobre tema artístico nos libros que lle dedicou, con afán vulgarizador, ás cidades de Santiago de Compostela e Lugo; nestes escritos combina aspectos artísticos e históricos, situando por veces monumentos ou obxectos nun contexto que permite apreciar non só a súa calidade estética, senón algúns feitos de outra orde con eles relacionados (Fraguas, 1957a e 1974).

O etnógrafo e folklorista

Malia ser importante, abundante e variada a producción do profesor Fraguas nos eidos antes apuntados, creo que non erro moito se afirmo que foi o estudo da cultura oral o campo máis cultivado por el. Hai uns anos advertín nunha intervención congresual que, tras revisar 68 escritos seus nun reconto de urxencia, atopei que 32 tiñan relación coa Etnografía e o Folklore (González Reboredo, 1997b: 10). Segundo se adoita dicir en terminoloxía electoral, a Etnografía e o Folklore gañan non por maioría absoluta, mais si cunha destacada porcentaxe con respecto ao resto da súa producción. A isto habería que engadir, ademais, que algúns dos seus traballos sobre temas históricos teñen, en maior ou menor grado, un carácter que permitiría clasificalos como etno-históricos, e que unha das máis importantes actividades do último tramo da súa vida foi a de asumir a dirección dun museo basicamente etnolóxico como é o Museo do Pobo Galego.

Por todo o dito, debe D. Antonio ser considerado como un membro da importante escola de etnógrafos e etnohistoriadores que xurdiu en Galiza nos anos vinte do século XX e que continuou o seu labor ata a fin da centuria, con figuras como Vicente Risco, o gran mentor da escola, Filgueira Valverde, Bouza-Brey, Fernández Oxea, Lorenzo Fernández, un pouco despois Taboada Chivite, ou os irmáns Carré Alvarellos. Todos eles herdaron de antecesores como D. Manuel Murguía, e dos membros da Sociedade *El Folklore Gallego*, unha primeira teima: a de salvar do esquecemento manifestacións da cultura oral do pobo galego. Pero tamén trataron de utilizar todos os materiais que recompilaban para recompoñer unha historia singular e crear unha identidade galega diferenciada, sen prexuízo de recoñecer as relacións e contactos con outros pobos limítrofes ou co conxunto de Europa Occidental. O enfoque foi, en consecuencia, histórico-cultural, ou historicista, pois nas manifestacións do pobo crían ver pervivencias dun pasado no que os galegos e galegas souberon construír e conservar unha cultura e unha lingua singulares, en íntima relación coa *Terra* e cunhas peculiaridades que podemos cualificar como étnicas (González Reboredo, 1996, 1997c e 1999). Aínda que moitos dos seus traballos se reduzan a unha recollida de formas –cantigas, refráns, contos, crenzas, obxectos...– a intencionalidade do discurso en conxunto tende a contribuír á construción do que , seguindo a Tönnies, podemos chamar unha *comunidade* galega (Tönnies, 1979: 27-29), unha *communitas* diferencial que debe ser asumida por calquera fillo ou filla de Galiza.

Entre todos eles D. Antonio maniféstase como un etnógrafo puro. Nos seus escritos non atopamos propostas teórico-metodolóxicas explícitas, nin análises comparativos minuciosos, consistindo as súas achegas nun esforzo por describir ou divulgar aspectos da cultura tradicional galega vixente hai máis de medio século. No que se refire aos temas por el abordados, podemos dicir que se centrou, como moitos outros compañeiros, no universo das crenzas, relixiosidade, literatura oral e vestimenta, seguindo o camiño aberto polos folkloristas decimonónicos. Resumiremos a seguir esta temática acudindo a uns cantos escritos seus:

1. Festas e romarías.- Deixounos descricións de festas como o Entroido, especialmente o propio da súa terra natal de Cotobade, ou tamén un libro sobre romarías, no que fai unha sintética descrición de 19 santuarios da provincia da Coruña, 10 da de Lugo, 22 da de Ourense e 20 da de Pontevedra (Fraguas, 1930, 1988, 1994).

2. Literatura oral.- Nalgún caso acudiu a ordenar a literatura oral centrada nun asunto concreto, o que sucede no artigo que lle dedicou á Virxe no cantigueiro popular (Fraguas, 1960). Pero tamén fixo unha importante colleita de cantares na súa terra cotobadesa, que foi co tempo publicada

baixo o título de *Aportacións ó cancioneiro de Cotobade*. A colección de pezas aquí rexistradas atinxe a cifra de 992, a maior parte delas, como era de agardar, cuadras con rima de segundo con cuarto e cunha certa anarquía métrica moi atenuada polo predominio do oitosílabo (Fraguas, 1985a). Tamén se preocupou polas lendas, publicando, por exemplo, os relatos lexendarios centrados na Fonte Pormás- Arzúa (Fraguas, 1932).

3. O traxe tradicional.- Foi un dos etnógrafos galegos que máis atención lle prestaron á vestimenta. Froito das súas pescudas, e dos datos tomados de outros autores, é un libro sobre o asunto que segue sendo hoxe guieiro para quen queira afondar neste complexo campo de estudo (Fraguas, 1985b). De maneira máis resumida, ocupouse tamén do traxe noutras publicacións que reiteran a descripción-clasificación proposta na obra anterior (Fraguas, 1998).

4. Crenzas e prácticas do ciclo vital.- Exemplificamos este apartado con traballos como o que lle dedicou ó folklore de voda (Fraguas, 1948), ou os diversos datos que sobre o ciclo vital e as crenzas nos dá no libro *La Galicia insólita* (Fraguas, 1973).

5. Descricións etnográficas arredor de plantas e animais.- Xa no libro antes citado, *La Galicia insólita*, Don Antonio recolle nun capítulo crenzas relacionadas con plantas e animais, seguindo un anterior escrito seu. Mais tamén son de mención un artigo sobre o castaño, a castaña e o magosto (Fraguas, 1957), e outro que se centra no lobo nas terras de Cotobade (Fraguas, 1945-46).

6. Por último, en ocasións achegouse á historia dos estudos de Etnografía e Folklore en Galiza, e deixounos tamén algunhas consideracións de carácter divulgador sobre a Etnografía e a Etnoloxía como ciencias. Mostra do primeiro é o escrito que lle dedicou á fundación da Sociedade *El Folklore Gallego* e a aspectos folkóricos presentes na obra da súa presidenta, Dª Emilia Pardo Bazán (Fraguas, 1974-75). En canto ao segundo, citaremos as entradas "Etnografía" e "Etnología" na *Gran Enciclopedia Gallega*, onde resume o dito por investigadores como o portugués Leite de Vasconcelos sobre o nacemento e concepción destas ciencias, aportando algúns datos para coñecer o cultivo das mesmas na nosa terra (Fraguas, s./a.).

A anterior enumeración non é exhaustiva, nin pretende afondar nos contidos dos diversos escritos. Mais abonda para situar ao profesor Fraguas como un cultivador da Etnografía que, sen grandes pretensións teóricas, foi un descritor minucioso dunha cultura tradicional labrega que non só estudou, senón que tamén viviu dende meniño alá no seu querido Loureiro de Cotobade. Por iso, na conversa diaria e informal, resultaba ás veces difícil separar o investigador do informante. Se algúns antropólogos teñen destacado a necesidade de *estar alí*, é dicir, de vivir tempo no campo de estudo para chegar a comprender a comunidade investigada, non cabe dúbida que el non necesitou facer isto, pois xa estivera *alí,* no marco do universo campesiño galego, dende os días en que viu a luz.

REMATE

Nas páxinas antecedentes fixen un percorrido pola vida e obra de D. Antonio Fraguas Fraguas. Pero o dito de pouco valería se non tivesemos en conta que todo o seu esforzo, todas as súas tristuras e ledicias tiñan un referente esencial, fundamental, sen o que o seu labor carece de sentido: Galiza. En efecto, o profesor e investigador Fraguas sempre desexou que Galiza fose unha terra próspera e con personalidade cultural e lingüística definida. Precisamente este principio está presente no parágrafo final do seu primeiro escrito, publicado en *A Nosa Terra*. Nel crea un ficticio diálogo entre os personaxes representados nas esculturas da catedral compostelá, do cal agora reproduzo un anaco como mostra do seu ideal galeguista:

"David continúa tocando na viola con máis ledicia, ollando chegar logo o día da redenzón en que ás portas da eirexa compostelá ouvirase o Himno da Nosa Terra" (Fraguas, 1929).

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- Mª X. Fernández Cerviño.- (s./a.) "Fraguas Fraguas, Antonio". *Apéndice da Gran Enciclopedia Galega.* Álvarez Conde S. A., A Coruña. Tomo 34, páx 154-155.
- J. Filgueira Valverde.- (s./a). "Fraguas y Fraguas, Antonio". *Gran Enciclopedia Gallega*. Silverio Cañada Ed. , Gijón. Tomo 14, páx. 28-30.
- A. Fraguas Fraguas.- (1929). " Unha serán na catedral". *A Nosa Terra*. Nº 261.
- (1930). " O entroido nas terras do Sul de Cotobade".*Nós,* Ourense. Nº 77, páx. 84 e ss.
- (1932). " As lendas da Fonte Pormás". *Nós,* Ourense. Nº 108, páx. 218 e ss.
- (1945-1946). " El lobo en la tierras de Cotovad". *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense,* Ourense. Tomo XV, páx. 129 e ss.
- (1946)." Una página de la vida académica del Dr. Fontán". En : *Domingo Fontán y su mapa de Galicia en el primer centenario.* Anejo de Cuadernos de Estudios Gallegos. Instituto Padre Sarmiento, Santiago. Páx. 119 e ss.
- (1948). " Notas de folklor de boda en Galicia". *Trabalhos de Antropología e Etnología*, Porto. Vol. XI, fasc. 3-4, páx. 306 e ss.
- (1951). "La iglesia de Santa María de Janza". Separata de *El Museo de Pontevedra,*fasc. 22.
- (1953). *Geografía de Galicia*. Ed. Porto, Santiago.
- (1956 a). *Historia del Colegio Fonseca*. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago.
- (1956b). "Don Gumersindo Laverde y Ruíz, catedrático del Instituto de Lugo". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago. Fasc. 35, páx. 307 e ss.
- (1957 a). *Santiago de Compostela.* Temas Españoles, Madrid.
- (1957b). "Aportación al estudio folklórico del castaño, la castaña y el magosto". *Revista de Guimarâes*, Guimarâes. Vol. LXVII, páx. 443 e ss.
- (1958). *Los colegiales de Fonseca.* Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago.
- (1959-60). "Apuntes sobre la iglesia de Santiago de Loureiro". *Boletín de la Comisión de Monumentos*, Ourense. Tomo XX, páx. 345 e ss.
- (1960). "La Virgen en el cancionero popular gallego". *El Museo de Pontevedra*. Tomo XIV, páx. 3 e ss.
- (1962). "Castros de la comarca lucense". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago. Vol. XVII, páx. 307 e ss.
- (1968). "Emplazamiento de ferias en Galicia a finales del siglo XVIII". *Cuadernos de Estudios Gallegos,* Santiago. Tomo XXIII, páx. 200 e ss.
- (1969). "Notas de artístas en tierras lucenses". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago. Tomo XXIV, páx. 110 e ss.
- (1970 a). "Santiago y su tierra en el Catastro del Marqués de La Ensenada". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago. Tomo XXV, páx. 299 e ss.
- (1970b). "Don Paulino Pedret Casado". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago. Tomo XXV, páx. 5 e ss.
- (1973). *La Galicia insólita.* Ed. Librigal, A Coruña (hai reedición recente en Edicións do Castro).
- (1974). *Lugo.* Ed. Bibliófilos Gallegos. Vigo.
- (1974-1975). "La condesa de Pardo Bazán y el Folklore". *Revista del Instituto <<José Cornide>> de Estudios Coruñeses,* A Coruña. Nº 10-11, páx. 55 e ss.
- (1976). "La Sociedad << Amigos del Arte>> de Santiago de Compostela. *Abrente. Publicación de la Real Academia de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, A Coruña. Nº 6, páx. 39 e ss.

- (1985 a). *Aportacións ó cancioneiro de Cotobade.* Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, Ourense.

- (1985). *El traje gallego.* Ed. fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.

- (1986 a). *Aquilino Iglesia Alvariño. Vida e obra*. A Coruña.

- (1986b). *Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago. Primera época. 1784-1813-1821.*Ed. RSEAP de Santiago.

- (1988). *Romarías e santuarios*. Ed. Galaxia, Vigo.

- (1989). "Castelao e o Seminario de Estudos Galegos". *Actas do Congreso Castelao.* Ed. Universidade de Santiago. Tomo I, páx. 43 e ss.

- (1994). *Do Entroido.* Ed. Museo do Pobo Galego, Santiago (recompilación e versión galega de diversos artigos publicados con anterioridade).

- (1998). "O traxe tradicional". *Galicia. Antropoloxía.* Hércules de Edicións, A Coruña. Tomo XXV, páx. 466 e ss.

- (s./a.) Voces " Etnografía" e "Etnología" en *Gran Enciclopedia Gallega.* Silverio Cañada Editor, Gijón.

- C. González Pérez.- (1998). *Antonio Fraguas.* Ir Indo Edicións, Vigo.

- X. M. González Reboredo.- (1996). " Notas para una historia de la Antropología en Galicia". *Actas del II Congreso de Historia de la Antropología Española.* Ed. Asociación de Psicología de Extremadura, Badajoz. Páx. 707 e ss.

- (1997 a). "Notas dunha conversa con Antonio Fraguas". *Revista Galega do Ensino*. Consellería de Educación, Santiago. Nº 17, páx. 1 e ss.

- (1997b). "Presentación da homenaxe rendida a D. Antonio Fraguas ". *Medicina popular e Antropoloxía da saúde. Actas do Simposio Internacional en homenaxe rendida a D. Antonio Fraguas.* Ponencia de Antropoloxía Cultural- Consello da Cultura Galega, Santiago. Páx. 9 e ss.

- (1997c). "Do nacemento do Folklore ós nosos días". *Galicia. Antropoloxía.* Hércules de Ediciones, A Coruña. Tomo XXIX, páx. 36 e ss.

- (1999). "A construción da identidade galega entre o século XIX e o XX". En: M. Gondar (coord.): *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. III, Antropoloxía.* Ed. Museo do Pobo Galego, Santiago. Vol. I , páx. 51 e ss.

- (2002). "Don Antonio Fraguas. Biografía y obra". *Galicia en Madrid. Revista de Artes y Letras Galaico-hispánicas.* Ed. Grugalma, Madrid. Ano XXI, páx. 4 e ss.

- F. López Cuevillas/A. Fraguas/ P. Lorenzana.- (1930). " Mámoas do Saviñao. A anta de Abuime e a necrópole do Monte da Morá". *Arquivos do Seminario de Estudios Galegos*, Santiago. Vol. V, páx. 63 e ss.

- F. López Cuevillas/ A. Fraguas.- (1955). "Los castros de la tierra de Saviñao". *III Congreso Nacional de Arqueología. Galicia, 1953.* Institución Fernando el Católico, Zaragoza. Páx. 273 e ss.

- F. Tönnies.- (1979). *Comunidad y asociación.* Ed. Península, Barcelona.

- VV.AA. – (1933). *Terra de Melide.* Seminario de Estudos Galegos, Santiago.

- VV.AA.- (1947).*El Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.* Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Santiago.

NOTA:

Agradezo ao Sr. Freire Picallos (†), responsable ata hai uns anos do departamento de administración do Instituto Rosalía de Castro, que me facilitase o expediente de Don Antonio no referido a este Instituto e á súa condición docente de Catedrático de Xeografía e Historia.

3.2.7

DON RICARDO CARVALHO[1] CALERO

Marivel Freire Freire

Introdución necesaria

> *En Santiago ingresei imediatamente no Seminario de Estudos Galegos (...). O Seminario de Estudos Galegos estaba entón instalado no antigo Colexio de San Clemente, hoxe o Instituto Rosalía de Castro.*
>
> *Alí, no Rosalía de Castro, eu realicei un labor para min enormemente agradábel, cunha enorme vocación e cun enorme entusiasmo; eu tiven alí nenas de primeiro ano, ás que había que ensinar a redactar, pero todo iso o facía con enorme gosto, é dicer, que aunque fun profesor universitario, nos anos como profesor de ensino medio e, mesmo referíndome aos meus esforzos coas alumnas dos primeiros anos, para min carecían totalmente de espiñas.*
>
> R. Carballo Calero[2]

En dúas etapas moi distintas da súa vida estivo D. Ricardo Carvalho Calero vinculado ao edificio que alberga o actual Instituto Rosalía de Castro: a primeira, durante a época de estudante universitario, concretamente de 1926 a 1930, en que A Sociedade Económica de Amigos do País cedeu parte das instalacións ao Seminario de Estudos Galegos; a segunda, de 1965 a 1972, en que exerceu a docencia como agregado de lingua e literatura españolas e durante os cales fun algún curso alumna súa.

Cando nunha reunión do seminario de galego se considerou a conveniencia de que alguén se encargase dunha colaboración para o presente volume, non o dubidei moito. Era unha boa escusa para obrigarme a profundizar na vida e obra dun ex-profesor ao que, precisamente por telo sido e por controversias posteriores, nunca lle tiña prestado unha atención especial. Redescubrilo foi unha experiencia gratificante que me fixo comprender que a visión que gardaba del, principalmente desde os anos de estudante de bacharelato (autoritarismo, seriedade *in extremis*...), non era moi obxectiva e distaba bastante de ser a real.

Entrar a contar anécdotas do seu labor docente non aporta nada novo á súa persoa, do mesmo xeito que centrarme exclusivamente nos anos anteriormente mencionados sería dar unha imaxe moi parcial da súa figura e quefacer, aínda que tamén é certo que resulta imposible abordar co rigor debido, no límite marcado para o presente "traballo", a súa personalidade humana e intelectual. Si quero deixar constancia dun feito que durante bastantes anos non cheguei a entender: que un profesor de lingua española impartise cursiños de galego no Instituto, alá polos últimos anos da década dos sesenta e primeiros da dos setenta, cando ao alumnado procedente do rural, galegofalante, non se nos permitía nas aulas articular dúas palabras na nosa propia lingua. Algo disto debeu ter presente o profesor ao darme a máxima nota na materia da lingua do estado cando talvez non a merecese.

Se algo me impresionou, tras as investigacións que durante algún tempo estiven a facer, foron os múltiples avatares que a vida lle deparou ao longo de preto de 80 anos –que me axudaron a comprender mellor e, en certa medida, a xustificar algúns trazos da súa personalidade–, a súa brillante traxectoria intelectual e a enorme capacidade de traballo.

Unha vida dedicada á docencia, á investigación e á creación literaria[3]

O 30 de outubro de 1910, no nº 51 da rúa de San Francisco do Ferrol Vello, nacía Ricardo, Leopoldo, Ángel, José, Gerardo Carballo Calero no seo dunha familia acomodada, primoxénito dos seis fillos que chegaría a ter o matrimonio formado por Gabriel Carballo Naya e Dolores Calero Beltrán. Despois de ter aprendido a ler na casa, asiste a unha escola de primaria na rúa Magdalena, tendo que afrontar xa a esa idade circunstancias familiares especialmente adversas: a morte da nai aos 38 anos, cando el tiña 8, e non moitos despois a da súa madriña e tía, coa que o pai casara intentando así reconstruír a familia, e a de dous dos seus irmáns. Estes acontecementos deixarían unha forte pegada na formación do seu carácter e posterior personalidade: unha infancia marcada polo trauma da orfandade, un neno triste, melancólico e introspectivo. Estes mesmos feitos sumirían o pai nunha forte depresión e a economía familiar irase resentindo paulatinamente.

De 1921 e 1926 cursa os estudos de bacharelato no Colexio do Sagrado Corazón, indo a examinarse por libre ao Instituto Eusebio da Guarda da Coruña. Afeccionado á lectura desde moi pequeno, é nesta etapa escolar cando agroma a súa temperá vocación literaria e, con 14 anos, fai o seu debut como poeta nas páxinas da revista *Maruxa*; o teatro foi outro dos seus pasatempos, chegando a escribir algunhas pezas que representaba cos irmáns no seu cuarto.

En outubro de 1926, a piques de cumprir os 16 anos, desprázase a Santiago para iniciar os estudos universitarios, matriculándose nun curso que era á vez preparatorio de Dereito e 1º de Filosofía e Letras. No segundo ano, decántase polos estudos de leis por parecerlle unha carreira con máis porvir, aínda que a súa verdadeira vocación eran as letras pero, para estudar unha especialidade máis acorde coas súas preferencias, tiña que desprazarse a unha Universidade fóra de Galicia e a economía familiar non o permitía. Remataríaa en xuño de 1931 "cun expediente mui brillante, pero sen verdadeira vocazón"[4]. Foron anos dunha intensísima actividade e tan decisivos na súa orientación e formación intelectual que sen esta etapa non se entendería ao futuro polígrafo. Suporían a súa adhesión definitiva ao mundo cultural do galeguismo.

Aos poucos días da súa chegada a Santiago poñíase en contacto co Seminario de Estudos Galegos[5].

O 23 de outubro[6], acompañando a Ramón Martínez López, acudía ao acto de ingreso na institución de Constantino Candeira e desde finais dese mes[7] xa figura na relación de socios correspondentes. Despois asistiría a un curso-pasantía de fonética histórica galega impartido por Luís Tobío e na Festa da Prosa de 1927 (24 de abril) escoitaría e coñecería aos integrantes do Grupo Nós, cos que logo mantería unha estreita relación; cinco días despois facía o seu ingreso oficial coa lectura dun feixe de poemas titulado "A dór cantareira"[8]. Desde entón quedou incorporado de cheo ao labor do Seminario, que se converte na súa segunda casa, e asumirá plenamente a preocupación polo estudo científico da realidade galega que guiaba a este organismo, sendo un dos socios protectores:

> *Eu era un asiduo no Seminario. Aparte de que desempeñei un cargo naquela institución, o Seminario era para min un fogar, un casino, e lembro que soíamos pola tarde reunirnos para traballar naquel local e despois, cando o tempo o permitía, saíamos a dar un paseo antes de cear (...). Muitas veces con Sebastián González e con Antonio Fraguas teño galgado pola Alameda ou pola rúa do Vilar despois de estar traballando toda a tarde no Seminario[9].*

O cargo ao que se refire é o de secretario de actas, que desempeñou desde finais de 1928[10] ata polo menos 1932, pasando despois a ser un dos conselleiros. Ocupouse tamén da Secretaría Xeral pero por espazo de pouco tempo.

D. Antonio Fraguas lembrábao así, referíndose a estes anos no Seminario:

> *Era un rapaz mui sério. Cando había que contestar as cartas en francés xa sabíamos a quen tíñamos que acudir. El facia-o de forma admirável. Eu admirei-no muito sempre. Escrevia formidavelmente ben e falaba estupendamente. E xa dixen que era mui sério pero campechano e mui amigo dos amigos[11].*

Ademais de cuestións administrativas, colabora en *Arquivos* e coas Seccións Arte e Letras e Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas. En 1930, segundo el ten confesado, era o encargado de elaborar a reforma dos Estatutos do Seminario[12].

Coa chegada da República, participa nas tarefas de espallamento (mitins, conferencias, charlas) da causa galeguista previas á creación do Partido Galeguista, figurando despois entre os seus fundadores. De especial relevo foi a súa participación na elaboración do primeiro Anteproxecto de Estatuto de Galicia, encargado a unha comisión de membros do Seminario integrada polo propio D. Ricardo, L. Tobío e Alexandre Bóveda, sendo os dous primeiros os responsables do texto e Bóveda do estudo económico.

Os inicios da súa actividade investigadora remóntanse tamén a esta época, na que se intensifica ademais a súa vocación poética: publica tres libros, dous en castelán (*Trinitarias*, en 1928[13], e *La soledad confusa*, en 1932[14]) e un en galego (*Vieiros*, en 1931[15]). Colaboracións súas, principalmente poéticas, aparecen tanto en revistas coma en xornais[16]. Deixaría inéditos unha boa manchea de poemas.

Transcorridos bastantes anos, D. Ricardo lembrará con saudade o ambiente de relacións amizosas e profesionais mantidas co grupo de mozos e catedráticos do Seminario e como escritor preferirá ser encadrado no que el mesmo ten denominado Xeración do Seminario:

> *A miña incorporación en Santiago de Compostela ao Seminario de Estudos Galegos marcou-me profundamente. Aquela entidade, tal como estaba concebida e funcionaba entón, estaba feita á miña medida, de xeito que con absoluta naturalidade incorporeime ás tarefas dos "seminaristas" e pódese dicer que a miña incorporación ao Seminario foi o resultado dun proceso de búsqueda dun ambiente e dunha canle por onde puidese discorrer a miña actividade literaria. E entón (...) fiquei incorporado ao plano xeral de desenvolvimento da cultura galega, que era a finalidade principal do Seminario.*
> *Eu sempre me considerei como membro da Xerazón do Seminario[17].*

Tivo un protagonismo destacado na actividade sindical do ambiente estudantil, sobre todo nos dous últimos anos da carreira, no que desempeñou os cargos de presidente da Asociación Profesional

de Alumnos de Dereito, presidente e director do Departamento de Prensa e Membro da Cámara Federal da FUE.

Rematados os estudos xurídicos, vai permanecer algún tempo máis na cidade universitaria cumprindo o servizo militar e seguindo por libre os xa iniciados estudos de Filosofía e Letras. Pilar Briones, que o coñeceu e tratou por ese entón, lembrábao desta maneira:

> *Moi sério de carácter, dunha gravidade nada corrente para os seus anos, consagrado por inteiro ao traballo intelectual e aos problemas que afectaban ao povo galego nos anos trinta. Tomaba parte nos mítins de povos e cidades que naquela altura estaban en boga. Simpatizaba cos movimentos estudiantis. Intelectualmente tiña unha maturidade que sorprendia para a sua idade, por iso non era extraño que se relacionase con profisionais maduros tamén*[18].

En 1933 volve D. Ricardo a Ferrol e alí permanecerá ata 1936. Tras aprobar unha oposición, o 31 de maio de 1933 toma posesión dunha praza de auxiliar administrativo no concello. Aos poucos meses, o 9 de outubro, casaba con María (Ignacia) Ramos Díez[19], a quen coñecera en Santiago no curso 1927-1928, que ademais de compañeira sería a súa constante colaboradora.

Don Ricardo Carvalho Calero, Don Francisco F. del Riego e Don Álvaro Cunqueiro no ano 1932

As actividades culturais e políticas nas que participa en Ferrol son continuadoras das que desenvolvera en Santiago. Colabora activamente co Partido Galeguista, chegando a ser presidente da Xunta Directiva do Grupo Local e un dos dous compromisarios pola provincia da Coruña nas eleccións de presidente da República; participa tamén nos mitins da campaña do plesbicito do Estatuto de Autonomía. En 1934 publica o segundo libro de versos en galego, *O silenzo axionllado*[20]. Segue a colaborar co Seminario e na prensa. Cando en 1935 remata Filosofía e Letras, solicita a excedencia como funcionario do concello e dedícase a preparar as oposicións a cátedras e a impartir docencia en academias.

En xuño de 1936, estando próximo o nacemento da súa primeira filla, marcha a Madrid para participar nuns cursiños para profesores encargados de curso e presentarse ás oposicións; estas últimas non chegaron a celebrarse por mor do estoupido da Guerra Civil e os cursos quedaron interrompidos. Non voltaría a Galicia ata cinco anos despois. Incorpórase como soldado raso ao exército republicano (Batallón Félix Bárzana, V Reximento), participa na defensa de Madrid e en febreiro de 1937, xunto con outros compañeiros, desprázase a Valencia para formarse na carreira militar. É destinado, co grao de tenente, ao Noveno Corpo do Exército de Andalucía, primeiro en Úbeda e despois na cidade de Xaén. Ao rematar a Guerra é detido e condenado, por "auxilio a la rebelión", a doce anos e un día de reclusión maior, dos que cumpre dous no Penal de Xaén.

Mentres tanto, a escasa e dificultosa comunicación coa familia convertérase nunha angustia constante. Francisco Fernández del Riego, amigo desde a época do Seminario e co que mantivo algunha correspondencia durante o tempo en que estivo no cárcere, ten manifestado que as súas cartas estaban cargadas de fondo pesimismo, falaban de "diagnosticada melancolía", de "trinta anos perdidos", de que D. Ricardo se consideraba un fiel perseguido da desventura[21]. Pero nin sequera as circunstancias adversas conseguiron que abandonara a creación literaria, principalmente poesía en castelán –que será editada postumamente por Claudio Rodríguez Fer– e algún que outro poema en galego, que incluiría en obras posteriores. Segundo ten suxerido o profesor Xesús Alonso Montero, é posible que no cárcere escribise *Elementos de gramática galega*[22].

Saíu en liberdade condicional en maio de 1941, tendo que presentarse mensualmente na Comisaría de Ferrol ata a extinción da pena. O reencontro coa vida non lle vai ser doado. Non pode reincorporarse

á súa praza de funcionario en excedencia pois fora expedientado e expulsado por consideralo un "fuxido" as autoridades que o citaran en Ferrol cando estalou a Guerra Civil [23]. Consegue que o admitan como axudante nas academias en que traballa Mª Ignacia pero sen poder figurar oficialmente no cadro de persoal. Aínda que dispón de tempo para actividades literarias, non publicaría nada –desde 1935– ata 1949 en que comeza a colaborar en *La Noche*.

En 1950 trasladáse a Lugo e faise cargo do Colexio Fingoi[24], do que vai ser extraoficialmente director ata 1965, oficialmente e por razóns políticas vai figurar como conselleiro delegado do Patronato, traballo que lle vai supoñer unha mínima estabilización profesional. Sempre que se ten referido a estes 15 anos da súa vida, tenos descrito coma unha experiencia moi gratificante xa que ao tratarse dun ensino experimental permitiulle levar a cabo actividades docentes innovadoras[25]. Vive practicamente recluído no propio colexio:

> *(...) eu tiña, naturalmente, pola miña humilde história persoal, que permanecer à marxe das actividades de tipo público que levasen consigo unha certa espectacularidade, de maneira que vivía isolado en Fingoy[26].*

A pesares deste illamento, asiste ao acto fundacional de Galaxia e participará no proceso de recuperación cultural colaborando en *Grial* e publicando varias das súas obras nesta editorial ou mesmo participando nalgún volume colectivo.

Dedícase de cheo á escrita, tanto no terreo da creación coma no da crítica literaria. En 1950 recibe o premio da editorial Bibliófilos Gallegos concedido á novela *A xente da Barreira*[27] e saca un novo volume poético, *Anxo de terra*[28]; outros dous publicaríaos en 1952 e 1961, *Poemas pendurados de un cabelo*[29] e *Salterio de Fingoy*[30], respectivamente. En 1952 colabora ademais no volume colectivo *7 ensayos sobre Rosalía*[31]. En 1954 le a tese de doutoramento, *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*[32], que publicará ao ano seguinte. En 1958 ingresa na RAG co discurso "Contribución ó estudo das fontes literarias de Rosalía" e en 1963 ve a luz a 1ª edición da *Historia da literatura galega contemporanea*[33]; este mesmo ano fai unha edición dos *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro[34], en 1961 xa editara *Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*[35]. Son numerosas as súas colaboracións en xornais e revistas, mesmo na prensa das colectividades galegas en latinoamérica.

No verán de 1965, o decano da Facultade de Filosofía e Letras de Santiago ofrécelle encargarse da impartición da materia de lingua e literatura galegas de 5ºde Filoloxía Románica[36]. Aínda que D. Ricardo estaba pendente de presentarse en outubro ás oposicións de lingua e literatura españolas, convocadas por primeira vez desde aquelas de 1936, acepta gustoso a proposta porque o ensino universitario fora sempre a súa meta. Nese concurso sacaría o número 1, o que lle permitiu solicitar unha vacante que había no Instituto Rosalía de Castro. Así comezaba outra nova estadía do profesor en Santiago: contratado pola Universidade e profesor adxunto interino de grego no Instituto Rosalía de Castro desde o 1º de outubro (nomeamento oficial do 29 do mesmo mes); o 24 de novembro era nomeado profesor adxunto numerario de lingua e literatura españolas e tomaba posesión como tal o 1º de marzo de 1966. Estas dúas actividades docentes, tan distintas en si, compaxinaráas ata que o 24 de febreiro de 1972 solicita a excedencia voluntaria no ensino medio (concedida con data do 25 de marzo)[37] por ter aprobado as oposicións de catedrático de lingua e literatura galegas da Universidade, na que pasados poucos anos chegaría a ser vicedecano da Facultade de Filoloxía e docente ata a súa xubilación.

No Seminario de Estudos Galegos, agora chamado Instituto Padre Sarmiento, co que viña colaborando nos seus *Cuadernos de Estudios Gallegos* desde 1957, dirixirá durante algún tempo a sección de Lingua e Literatura, será vicepresidente e presidente en funcións.

Froito da investigación lingüística e literaria destes anos son a *Gramática elemental del gallego común* (1966)[38], o *Breviario antológico de la literatura gallega contemporánea* (1966)[39] e *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro* (1972)[40]. Como complemento da historia e da crítica literarias edita obras dalgúns autores galegos (Rosalía[41] e algunhas pezas de teatro do Grupo Nós[42]) e en colaboración coa Cátedra de Lingüística e Literatura Galega saca tres escolmas de prosa galega: *Prosa galega I: Desde os*

primeiros oitocentistas ao Grupo Nós (1976), *Prosa galega II: Dos novecentistas aos nosos días* (1978) e *Prosa galega III: Da época trovadoresca ao neclasicismo* (1980) [43]. Inicia a recompilación de parte da súa obra espallada en revistas e xornais (pezas de teatro, estudos e artigos) e publica en 1971 os volumes colectáneos *Catro pezas*[44] e *Sobre lingua e literatura galega*[45] e en 1979 dous máis, *Estudos rosalianos: Aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro*[46] e *Libros e autores galegos : Dos trovadores a Valle-Inclán*[47].

No entón incipiente proceso de normativización do galego, D. Ricardo xogou un papel destacado, e polémico pola súa postura reintegracionista. En 1970 e 1971 traballa, xunto con Filgueira Valverde e Ramón Piñeiro, no texto das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, que serían publicadas pola RAG. En 1971 creábase o Instituto da Lingua, co que colaborou desde a súa fundación, pero as discrepancias en cuestión de normativa lingüística puxéronse de manifesto a raíz da elaboración das *Bases pra unificación das normas lingüísticas do galego* (1977). Dous anos despois o mesmo conflito volvía a presentarse, coa RAG, ao presidir a Comisión Lingüística da Xunta Pre-autonómica de Galicia encargada de elaborar as *Normas ortográficas do idioma galego* (1980), resultantes do consenso entrambas as dúas tendencias ata entón enfrontadas, normas que serían derogadas polo decreto 173/1982 que establecía a normativa vixente ata hoxe (*Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, elaboradas conxuntamente polo ILGA e a RAG) e na que non participaría D. Ricardo porque xa daquela comezaba a estar "excomungado":

> *En algúns aspectos, como por exemplo o aspecto lingüístico, e dentro do aspecto lingüístico o da normativización do idioma, estou claramente escomungado*[48].

Ao cumprir os 70 anos, en 1980, xubílase da docencia. Os dez últimos anos da súa vida van a estar marcados polo distanciamento persoal, lingüístico e ideolóxico do galeguismo institucional. Encabeza a oposición lingüística de signo reintegracionista e colabora na actividade cultural de diversos colectivos, sectores dos que proceden a maioría das homenaxes e distincións que recibe en vida[49]. Apartado xa dos labores docentes, continúa desenvolvendo unha incansable actividade literaria:

Reedita textos literarios doutros autores (Afonso X[50] e Castelao[51]). Segue colaborando en distintas publicacións galegas, principalmente en *Agália* –da que forma parte do Consello redactor–, e foráneas. Publica novas obras de creación, *Cantigas de amigo e outros poemas (1980-1985)*, en 1986[52], e ao ano seguinte a novela *Scórpio*[53]; o poemario R*eticências... (1986-1990)*[54] era imprimido o mesmo día da súa morte.

No campo da crítica literaria e lingüística, continúa recompilando traballos novos e vellos aos que engade, nalgúns casos, outros inéditos. Sobre temas literarios versan *Libros e autores galegos: século XX* (1982)[55], *Letras Galegas* (1984)[56], *Estudos e ensaios sobre literatura galega* (1989)[57] e *Escritos sobre Castelao* (1989)[58]; sobre temas principalmente lingüísticos publica *Problemas da língua galega* (1981)[59], *Da fala e da escrita* (1983)[60] e *Do galego e da Galiza*[61] (1990, póstumo).

Pero fundamentalmente concentrará os seus esforzos nunha intensa tarefa de escolma, recompilación e revisión lingüística –e estilística, nalgún caso– da súa obra máis persoal anteriormente publicada. Na narrativa, en *A gente da Barreira e outras historias* (1982)[62] aparecían ademais da novela catro relatos e en *Narrativa completa* (1984)[63] engadía á obra anterior dous textos inéditos. En poesía, en *Pretérito imperfeito (1927-1961)* (1980) [64] e *Futuro condicional (1961-1980)* (1982) [65] incluía practicamente case toda a produción póetica en galego dos anos indicados. En teatro, o volume *Teatro completo* (1982)[66] saía con *Catro pezas* e con dúas máis inéditas. Preparados para dar á imprenta deixaría dous libros recompilatorios máis que verían a luz en 1992 e 1993 da man de Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer respectivamente, *Umha voz na Galiza: Artigos de jornal (1933-1989)*[67], que contén 101 artigos xa publicados anteriormente, e *Poesía perdida*, libro no que D. Ricardo reuniu case toda a súa produción poética en castelán édita (algúns poemas dos dous poemarios de antes da Guerra que nunca reeditara) e inédita pero, segundo apunta Rodríguez Fer, a maior parte escrita durante a Guerra e primeiros anos da posguerra ou en todo caso poesía producida ata 1947[68].

Aínda que os primeiros síntomas do cancro de pulmón se manifestaron na primavera de 1988, seguiu traballando ata o derradeiro día. O 25 de marzo de 1990, aos 79 anos, falecía. Na tumba nº 1439

do cemiterio de Boisaca repousan os seus restos. Tras a súa desaparición, foi obxecto de numerosas homenaxes e congresos.

Aportación ao mundo das letras galegas. Fortuna literaria

A aportación de D. Ricardo ao mundo cultural de Galicia é hoxe unha cuestión indiscutible mesmo para aqueles que se teñen mostrado máis críticos coa súa figura. O feito de autoexcluírse, por modestia, da súa *Historia da literatura* e de ser un autor tan prolífico e diverso ten contribuído a que as xeracións máis novas non teñan coñecemento da súa extraordinaria obra e que algunhas facetas do seu quefacer non estean aínda suficientemente estudadas. Cómpre ter presente, ademais, que o seu labor como lingüista, crítico e investigador da nosa literatura, ensombreceu en boa medida a súa obra de creación e a crítica é unánime en sinalar que o aporte principal ao mundo das letras o realizou no campo do ensaio crítico-literario e da investigación lingüística.

Carmen Blanco resumiu moi atinadamente as distintas facetas do seu labor nas seguintes palabras:

> *Independentemente do seu sempre relevante valor cualitativo, resulta evidente que a intervención de Carballo en política foi relativamente escasa; que a súa dedicación ao teatro, á narrativa e á lingüística é notable; que o seu cultivo da poesía foi constante e que a súa contribución á crítica literaria é monumental*[69].

As obras que tiveron máis repercusión no ámbito cultural de Galicia foron a *Historia da literatura galega contemporánea* e a *Gramática elemental del gallego común*, obras que abriron novos camiños para pescudas posteriores e proba de que viñan a encher un baleiro existente e a cubrir necesidades imperantes do momento foi o enorme éxito alcanzado durante algúns anos: 7 edicións da *Gramática* ata 1979 e tres da *Historia da literatura* ata 1981, ampliadas e reformadas en case todas elas[70]. A *Gramática*, coa que intentou superar as deficiencias das escritas ata ese entón, é a primeira que merece plenamente a categoría de científica. A *Historia da literatura* foi, e en certa medida ségueo sendo, a obra fundamental da nosa literatura e cultura e punto de referencia obrigado para posteriores traballos; a súa aparición marcou un antes e un despois nos estudos da literatura galega contemporánea, con anterioridade non existía propiamente unha crítica literaria galega, e ademais foi D. Ricardo o que asentou o criterio filolóxico de que é literatura galega unicamente a escrita no noso idioma. Aínda que abarca un período de menos de 150 anos (de 1908 a 1936) se ademais temos en conta os diversos traballos puntuais ou panorámicos sobre outras épocas, non nos parece esaxerado sinalar que elaborou unha historia case completa da nosa literatura. Obxectividade, rigor, amplitude de perspectiva literaria e cultural son algunhas das características da súa crítica literaria[71].

Busto de Carvalho Calero, fronte a Almeda de Santiago

Se o seu labor como crítico e investigador foi inxente, non o foi menos como creador: 9 volumes poéticos en galego e 3 en castelán, 2 novelas, 6 relatos e 8 pezas de teatro forman o *corpus* destoutra parcela da súa produción .

Na poesía, que foi o xénero creativo que cultivou con máis regularidade durante toda a súa vida porque persoalmente se consideraba ante todo poeta, soe diferenciarse entre a produción anterior e posterior á Guerra aínda que insistindo en que non se pode falar de ruptura entre os primeiros e os últimos libros senón de preferencias temáticas en distintas épocas: na de preguerra predominan as remi-

niscencias romántico-modernistas (pesimismo existencial, exaltación amorosa, desacougo romántico) e pegadas dos movementos poéticos das vangardas, mentres que a partir da contenda civil as súas preferencias se encamiñan polo trascendente, polas reflexións entorno ao ser humano e á súa existencia. De feito, tense sinalado tres liñas temáticas na súa poesía: a/ poesía erótica, b/ a poesía reflexiva, relixiosa e transcendente e c/ a motivación mítica, literaria e histórica.[72]

Algo que cómpre salientar é que se ben ata os anos 50 foi creativamente un poeta bilingüe con clara preferencia cuantitativa polo castelán, editorialmente foi monolingüe desde *O silenzo axionllado* (1934). Este monolingüismo poético editorial é unha boa mostra do seu compromiso co idioma.

Entusiasta do teatro xa desde a infancia, como docente viu neste xénero un elemento de formación, converténdose nun dos seus promotores. D. Ricardo ten confesado que

> *[...] dentro de reducidos círculos escolares, sendo professor em diversos centros, privados ou públicos, de distintas cidades galegas, tenho montado alguns espectáculos dramáticos, em galego, castelhano, francês e latim, segundo as circunstâncias o aconselhavam*[73].

En canto á produción propia, se se ten en conta unicamente a data de publicación das súas pezas, e non a da escrita[74], foi un tanto intermitente, feito que motivou que non fose moi coñecido como dramaturgo. En xeral, tense caracterizado o seu teatro como ideolóxico e con certa carga de intelectualidade, o que en certa medida dificultou a súa posta en escea e ten contribuído consecuentemente a que a súa fortuna escénica fose máis ben escasa. Manuel Lourenzo e Francisco Pillado Mayor teñen dito del que:

> *Se houbera que definir en duas notas o teatro de Carballo Calero, diriamos: clasicismo e experimentalismo. Ambas notas non se contradicen. Se entendemos por clasicismo ese equilibrio orgánico, algo máis que estrutural, de forma-fondo; un dominio da obra polo seu autor, que pule e fixa, non ousando alteracións detonantes. Se entendemos por experimentalismo a percura da forma poética precisa para cada asunto, sendo os asuntos variados e as técnicas diversas. Non podía dar menos un poeta, nin o crítico podía dar moito máis. O autor coñece varias técnicas, tenas analizado noutros autores, galegos e non galegos; ten dirixido teatro na sua etapa de director do Colexio Fingoi, de Lugo –Castelao, Cabanillas, Plauto, el mesmo–, polos anos 60. A obxetivación imponse. O cultivo da autocrítica non desbota a xenialidade, pero pon chumbo nos pés*[75].

No campo da narrativa, ten D. Ricardo o mérito de reiniciar as publicacións deste xénero tras a Guerra Civil coa novela *A xente da Barreira*, unha das escasas obras que aparecen no panorama literario galego entre 1936 e 1950. Con todo, acontece neste ámbito da súa produción algo similar ao que sucedeu co seu teatro. Dado que a maior parte da súa narrativa curta apareceu publicada primeiramente en revistas[76] e non foi recompilada ou publicada en volume ata os anos 80, tampouco foi moi coñecida e durante bastantes anos foi considerado autor dunha única novela, ata que tres anos antes da súa morte aparecía unha segunda e derradeira, *Scórpio*, moito máis ambiciosa ca primeira, que foi moi ben acollida e en 1988 recibía o autor o Premio da Crítica Española.

A xente da Barreira e "Os señores da Pena" son de temática similar, a decadencia da fidalguía no mundo rural galego, enlazando así coa narrativa de preguerra e concretamente coa de Otero Pedrayo de *Os camiños da vida* ou *O mesón dos ermos* pero empregando unha técnica diferente, pola que poden ser encadrados dentro do movemento neorrealista. Con "O lar de Clara" iniciaba o relato de protagonista infantil e a lembranza do mundo da nenez do autor, tema presente tamén en "As pitas baixo a chúvia", "Os tumbos" e en parte en "A cegoña". En "Aos amores seródios" mestura o relato co ensaio e a evocación literaria, partindo de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. En *Scórpio* non resulta difícil adiviñar, detrás da ficción literaria, as primeiras décadas da vida do autor e tecnicamente presenta aspectos orixinais coma o feito de teorizar sobre a propia novela.

Finalmente, cabe sinalar que, en xeral, a obra de D. Ricardo Carvalho Calero non gozou do favor da crítica en parte pola complexidade do seu discurso literario pero tamén por tratarse dunha persoa

controvertida. É de esperar que co paso do tempo as novas xeracións se encarguen de redescubrilo e de colocalo no lugar que se merece pola súa fidelidade á causa de recuperar para Galicia a súa propia cultura.

Notas

[1] Así foi como el escribiu o seu apelido nos derradeiros anos da súa vida.

[2] Vid. Carmen Blanco, *Conversas con Ricardo Carballo Calero*, Vigo: Galaxia, 1989, pp. 23 e 45 respectivamente.

[3] O estudo máis completo e recente sobre a vida e obra de D. Ricardo é o de José-Martinho Montero Santalha, *Carvalho Calero e a súa obra*, Santiago: Edicións Laiovento, 1993; contén ademais unha interesantísima bibliografía anotada, tanto da obra producida coma dos principais traballos de que foi obxecto. Pormenorizado pero parcial, en canto que se limita a algúns anos concretos, é o de Aurora Marco, *Foula e ronsel. Os anos xuvenís de Carvalho Calero (1910-1914)*, Sada-A Coruña: Ed. do Castro / Fundación Caixa Galicia, 1992.

[4] Cf. M. A. Fernán Vello / F. Pillado Mayor, *Conversas en Compostela con Carballo Calero*, Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, 1986, p. 73.

[5] A ubicación exacta da sala de traballo, segundo D. Antonio Fraguas Fraguas, encontrábase "Entrando [no Instituto] á direita hai unhas escaleiras que daquela non estaban. Había unha aula cunha mesa grande, unhas estanterías, un ficheiro, cadeiras e unha máquina de escrever" (vid. Aurora Marco, *Foula e ronsel...*, op. cit., p. 52).

[6] Cf. en *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, Vol. I, Lar: A Coruña, 1927, "Lista de socios ingresados e traballos lidos no Seminario deica o 1º de xaneiro do 1928", p. 271.

[7] Vid. Aurora Marco, *Foula e ronsel...* , op. cit., p. 51.

[8] Cf. en *Arquivos...*, cit., "Lista de socios ingresados e traballos lidos no Seminario deica o 1º de xaneiro do 1928", p. 272.

[9] Vid. Carmen Blanco, *Conversas...*, op. cit., p. 24.

[10] Cf. Aurora Marco, op. cit., p. 53, para esta data; para a de 1932 vid. os volumes correspondentes de *Arquivos*, onde figura a Comisión Directiva.

[11] Vid. Aurora Marco, op. cit., p. 53.

[12] Cf. M. A. Fernán Vello / F. Pillado Mayor, *Conversas...*, op. cit., p. 39. A reforma dos estatutos foi aprobada na Sesión Extraordinaria do 16 de novembro de 1930 pero no *Reglamento del Seminario de Estudios Gallegos de Santiago*, Santiago: imprenta Nós, s/d –¿1931?– non se menciona ao autor.

[13] Ferrol: Talleres Tipográficos El Correo Gallego.

[14] Santiago: Imprenta Nós.

[15] A Coruña: Nós, Pubricazóns Galegas e Imprenta.

[16] Desde entón e ao longo da súa vida, bastantes recensións, traballos breves e notas de periódico –en ningún caso traballos importantes ou obras– aparecerán asinados con algúns dos seguintes pseudónimos: C. Martínez Areal, Eduardo Colmeiro, Fernando Cadaval, Ilex, Leopoldo Calero, Martiño Dumbría, Namiq Ziyá, R. García Couceiro e Rodrigo Vázquez (Cf. José-Martinho Montero Santalha, op. cit., pp. 202-206).

[17] Vid. Carmen Blanco, op. cit., pp. 112-113 e 133.

[18] Cf. Aurora Marco, op. cit., p. 49.

[19] María (Ignacia) Ramos Díez nacera na aldea do Cádavo pero a súa familia acabara instalándose en Lugo, cidade na que cursaría estudos de primeiro ensino no Colexio da Milagrosa e os de bacharelato no Instituto. En outubro de 1927 chegaba a Santiago para seguir a carreira de Filosofía e Letras. Rematada esta en 1930, incorpórase á docencia, primeiro no Instituto de Lugo e despois en academias de Ferrol. Finalmente, acabará sendo profesora no Instituto Rosalía de Castro, onde tamén fun alumna súa na materia de Historia. Animada por D. Ricardo, publicou na revista *Grial*, nos números 36 a 42, unha serie de seis textos narrativos baixo o título de "Historias da miña terra" co pseudónimo de María Silgar (para este último dato, cf. Carmen Blanco, "María Silgar", *La Voz de Galicia*, 11-IV-1990).

[20] Santiago: Editorial Nós.

[21] Vid. Francisco Fernández del Riego, "Traxectoria galeguista dun significado escritor", en *Ricardo Carballo Calero. A razón da esperanza*. Monográfico de *A Nosa Terra*, marzo de 1991, p. 18.

[22] Vid. X. Alonso Montero, "Unha gramática galega escrita na prisión", en *La Voz de Galicia*, 30-III-1990.

[23] Cf. M. A. Fernán Vello / F. Pillado Mayor, op. cit. , p. 100.

[24] Para máis información, vid. Ramóm Reimunde Norenha, "Os anos em Lugo do professor Carvalho Calero", en *IV Congreso Internacional da Língua Galego-portuguesa na Galiza. Actas*. AGAL, 1996.

[25] Para as actividades teatrais promovidas por D. Ricardo en Fingoi, vid. Araceli Herrero Figueroa, *O teatro en Fingoi*, *Cadernos da Escola Dramática Galega*, nº 82, marzo, 1990.

[26] Vid. M. A. Fernán Vello / F. Pillado Mayor, op. cit., p.133.

[27] Santiago: Bibliófilos Gallegos, 1950.

[28] Pontevedra: Colección Benito Soto.

[29] Lugo: Colección Xistral.

[30] Vigo: Galaxia, Colección Salnés.

[31] Vigo: Galaxia. A colaboración de D. Ricardo titúlase "Arredor de Rosalía".

[32] Madrid: Gredos. Volume que ven sendo unha ampliación (engádelle o estudo de dous prosistas, Otero Pedrayo e Castelao) doutro publicado ese mesmo ano: *Sete poetas galegos: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Antonio Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Luis Amado Carballo, Manuel Antonio*, Pontevedra: Galaxia, 1955.

[33] Vigo: Galaxia.

[34] Introducción y notas de Ricardo Carballo Calero, Madrid: Anaya.

[35] Centro de Estudios Fingoy, Vigo: Galaxia.

[36] Tres horas semanais. Despois encargaríase tamén das dúas horas de Lingua e literatura portuguesa medieval de 4º de Historia.

[37] Segundo a documentación obrante no Instituto Rosalía de Castro.

[38] Vigo: Galaxia.

[39] A Coruña (impreso en Barcelona): Publicaciones de la Real

Academia Gallega.

[40] Santiago: Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago de Compostela.

[41] *Poesías: Cantares gallegos, Follas Novas, En las orillas del Sar*, Santiago, 1972 (en colaboración con Lidia Fontoira Surís).

[42] *Teatro Nós: Vicente Risco: O bufón del Rei; Otero Pedrayo: A Lagarada; Castelao: Os vellos non debe den namorarse*. Edición ao coidado de Ricardo Carballo Calero, Santiago: Follas Novas, 1979.

[43] Vigo: Galaxia, os tres tomos.

[44] *Catro pezas: A sombra de Orfeo, Farsa das zocas, A arbre, Auto do prisioneiro*, Vigo: Galaxia.

[45] Vigo: Galaxia.

[46] Vigo: Galaxia.

[47] A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

[48] Vid. Francisco Salinas Portugal, *Voz e siléncio (entrevista con R. Carvalho Calero)*, Pontevedra: Edicións do Cumio, 1991, p. 49.

[49] Membro de Honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega, 1980; Membro da Academia de Ciencias de Lisboa, 1981; Homenaxe Nacional a Carballo Calero, en 1982, organizado pola Asociación Cultural Medulio de Ferrol; Fillo predilecto da cidade de Ferrol, 1989. Pero tamén Medalla Castelao, concedida pola Xunta de Galicia en 1984 e Premio da Crítica Española, en 1988, pola novela *Scórpio*.

[50] Alfonso X o Sabio, *Cantigas de amor, de escarño e de louvor*. Edición ao coidado de Ricardo Carballo Calero, Sada-A Coruña: Ed. do Castro, 1983.

[51] Alfonso R. Castelao, *Antología bilingüe*, Madrid, 1983.

[52] A Corunha: AGAL.

[53] Santiago: Sotelo Blanco Edicións.

[54] Santiago: Sotelo Blanco Edicións, 1990 (25 de marzo).

[55] A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

[56] A Corunha: AGAL.

[57] Sada-A Coruña: Ed. do Castro.

[58] Santiago: Sotelo Blanco Edicións.

[59] Lisboa: Sá da Costa Editora.

[60] Ourense: Galiza Editora.

[61] Santiago: Sotelo Blanco Edicións.

[62] Santiago: Follas Novas.

[63] *Narrativa completa: A gente da Barreira. Os señores da Pena. O lar de Clara. As pitas baixo a chúvia. Os tumbos. A cegoña. Aos amores seródios*, Sada-A Coruña: Ed. do Castro.

[64] Sada-A Coruña: Ed. do Castro.

[65] Sada-A Coruña: Ed. do Castro.

[66] *Teatro completo: O fillo. Isabel. A Sombra de Orfeu. Farsa das zocas. A Árbore. O Redondel. Auto do Prisioneiro. Os Xefes*, Sada-A Coruña: Ed. do Castro.

[67] Presentación de Carmen Blanco, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións.

[68] Ricardo Carballo Calero, *Poesía perdida*, edición de Claudio Rodríguez Fer, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1993, p. 35.

[69] Cf. Carmen Blanco, " Prólogo" de *Conversas...*, op. cit., p. 10.

[70] Para as interpolacións, supresións e descrición da *Gramática*, vid. esta voz, da autoría de Antón Santamarina, en *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago-Gijón: Silverio Cañada Editor, 1974, T. XVI, concretamente as pp. 194-195. Con respecto á *Historia da literatura*, a obra fora concebida como dous volumes; o primeiro, a edición de 1963, abarcaba os 8 capítulos das edicións posteriores correspondentes ao s. XIX; a 2ª edición en 1975, tamén nun só volume, foi ampliada ata 1936 e a 3ª, de 1981, apenas presenta modificacións con respecto á 2ª. As tres edicións saíron en Galaxia.

[71] Para unha caracterización máis ampla, vid. Carmen Blanco, *Carballo Calero: Política e Cultura.* Sada-A Coruña: Ed. do Castro, 1991, pp. 90-101.

[72] Vid., por ex., Anxo Tarrío Varela, *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1994, p. 293, ou Laura Tato Fontaíña, "Carvalho Calero poeta, narrador, dramaturgo", en *Grial*, nº 147, xullo-agosto-setembro, 2000, Galaxia, pp. 453-454.

[73] Cf. *Sobre o seu teatro*, Cadernos da Escola Dramática Galega, 1983, p. 321.

[74] *O fillo* (escrita en 1935) e *Isabel* (en 1945) viron a luz por primeira vez na edición completa do seu teatro en 1982; das *Catro pezas* (1971), *A sombra de Orfeo*, *Farsa das zocas*, *A arbre* (todas de 1948) e *Auto do prisioneiro* (de 1969), as tres últimas foron publicadas en *Grial* en 1963, 1965 e 1970; a adaptación de *O redondel* en 1951, do autor chino Li Hsing-Tao, tamén apareceu en *Grial* en 1979. *Os xefes* (de 1980) que consideraría a súa mellor peza, foi publicada por primeira vez en *Teatro completo*.

[75] Vid. Manuel Lourenzo / F. Pillado Mayor, *O teatro galego*, Sada-A Coruña: Ed. do Castro, 1979, pp. 127-128.

[76] "Os tumbos" (*Alba*, 1950), "As pitas baixo a chúvia" (*Lar*, Buenos Aires, 1952), "A cegoña" (*Vida Gallega*, Lugo, 1957) e "Aos amores seródios" (*Grial*, 1979); dous inéditos que foran escritos nos anos 40, "Os señores da Pena" e "O lar de Clara", publicaríaos por primeira vez na *Narrativa completa* (1984).



Autorretrato

3.2.8
DON FRANCISCO LUÍS LÓPEZ CARBALLO
Santiago de Compostela, 1920 - 1992

Soledad Pite Sanjurjo

Naquel modo de camiñar lento recoñecíase ao lonxe –ampla presenza envolta nun gabán azul escuro– a calma en que habitaba Don Francisco. No seu rostro máis que serio, pensativo, lucía sempre unha mirada acolledora. Preparaba os habanos coa parsimonia que delata un goce anticipado das bocaladas que habían ser. Manexar o cigarro era ocupación da súa man esquerda mentres a dereita debuxaba con soltura. Eran de xesto amplo aqueles trazos que semellaban non rozar o papel pero dos que xurdían, como se fose maxia, coa debida proporción, as formas precisas. Ao tempo, como se debuxar e falar formasen unha unidade indisoluble, ía chamando a nosa atención a este ou aquel "momento" da composición.

Falábanos de eixes, de equilibrios, de imperceptibles esquemas xeométricos que sustentaban o arabesco das zonas particulares situándoas alí, naquel punto preciso, para que puidese gardarse a harmonía entre as partes: *Damos algo de sombra en el fondo para aumentar la luz. ¿Me comprenden?* E explicaba o contraste, ao tempo que, áxil, o lapis voaba tisnando o papel, e o seu dedo polgar –o anular, ás veces– esvaecía o grafito mentres nos nosos ollos se ía debuxando o asombro ata transformarse en marabilla: *¡Bueno! Ahora hágalo usted. Haga así, ¿eh? Que ya verá..., ya verá como le va saliendo…* E ti volvías ao teu sitio convencida de que si, de que o que antes che parecía un imposible agora che ía saír.

Outras veces falábanos da cor, de como se influían mutuamente e de como revivían semellando máis frescos se a man ía solta e a pincelada lixeira. E colléndoche o pincel poñíache un exemplo: *Trabajen siempre del natural: es más rico y le da otros matices. Trabajen, trabajen y no se preocupen ustedes de ser originales: preocúpense de trabajar bien que, si tienen algo propio que decir, ya saldrá… Es importante ser esenciales. ¿Me entienden? Lo otro es cosa de un día, como los pasteles, que tomas uno y bueno, pero dos ya cansan. Fíjense en el pan, que lo tomamos todos los días y siempre gusta. ¿Ustedes me entienden? Hay que procurar pintar lo esencial, como el pan…*

Daquela non sabiamos que quen así falaba, o noso profesor de debuxo, era tamén catedrático da Escola Normal de Maxisterio e de Artes e Oficios, nin que ademais fora director de Mestría Industrial, nin que lle foran concedidas medallas… Si sabiamos que era o alcalde de Santiago, pero nós estabamos a outras cousas: a que os brancos fosen diversos ou a pelexar coas medidas, por exemplo, para que aqueles modelos de xeso ou a casa de bonecas co seu bambi nos quedasen encadrados no caderno.

Dá a memoria un salto, cinco anos daquela –agora un sopro– e sigo vendo o meu xefe de departamento naquel ir e vir cotián ao instituto, atravesando ao carón da fonte e parando, de vez en vez, para atender solícito aos moitos transeúntes que se achegaban a saudalo. Proseguía logo o seu camiñar lento cara ao restaurante Alameda: tomar o café a media mañá coa súa dona era un rito diario. Algunha reunión de seminario rematámola alí. De natural espléndido, sempre nos convidaba.

Na luz do seu estudo quedaba prendido o recendo a liñaza. Da paleta ao lenzo, ir e vir dos pinceis, ir e vir da mirada axustando o valor: *Hay que trabajar todos los días sino se pierde mano. ¿Me comprende?* E podía ser que falaramos logo da paisaxe ou de como lograra que o resío esvarase por sempre naquelas coles de Arcos de Furcos que pintara de mañá, ou amosábache aquela fumareda dos fornos de Avilés, tan ben entoada, que quedabas prendido nas súas gamas e esquecías a dureza do asunto, ou a serena beleza de Pilar sentada… *Me gusta que haya siempre un pequeño bodegón en el retrato. Lo equilibra, ayuda en la profundidad, le da finura. ¿Me comprende?*

Licenciado en Belas Artes por San Jorge, Don Francisco recibira en 1965 a Cruz do Mérito Naval con distintivo branco e en 1975, a Gran Cruz da Orde Civil de Alfonso X el Sabio. Talvez porque non lle facían falta distincións, nada cambiou no seu natural afable cando foi nomeado en 1987 membro da Real Academia de Belas Artes "Nuestra Señora del Rosario". En absoluto vaidoso, os méritos sobrábanlle –había moito tempo que era un excelente pintor: as súas obras garánteno–. Empezara moi novo a estudar exactas pero impúxoselle a relatividade da atmosfera e das cores, ese misterio agochado na luz que el quixo descubrir a pinceladas (no mesmo soño andaba Juan Luís, pai, amigo, mestre, pintor entre os grandes). Talvez por iso poñía tanto empeño en transmitir o goce do feito de pintar: *No es tan importante que lo sepan todo* –dicía– *que en el verano lo olvidan. Procuren que les guste, que disfruten dibujando, que así lo seguirán haciendo toda su vida*.

Na aula de debuxo do Instituto Rosalía seguen prestando servizo algúns dos modelos que Don Francisco utilizaba. E non sei se será que nas cousas deixamos pegada, ou se os días de entón que viven na memoria son os que a gardan, ou que nós persistimos no empeño de ir aplicando as súas ensinanzas pero, ás veces, paréceme velo diante do encerado, debuxando aínda con aquela maxia.

3.2.9
DON CÁSTOR LATA MONTOIRO
Santiago de Compostela, 1928 - 2009

Soledad Pite Sanjurjo

Posiblemente el nunca sospeitase que a fumareda que deixaba tras si, con aquel andar peculiar de rápidas alancadas e o abundante cabelo branco un tanto leonado, lle confería unha certa semellanza con Xúpiter tronante, semellanza que a súa sonora voz realzaba. Tíñalles gusto aos cigarros habanos que apuraba en fondas bocaladas. Baixo o seu brazo adoitaba levar sempre un fato de papeis, unha carpeta ás veces, e alí podían convivir, en perfecta orde, as medidas dun altar, dun relicario, bosquexos das máis diversas imaxinerías, exames, esbozos de maquetas ou mostras de taller… Era home efusivo e, ao saudarte, a risa bailáballe nos ollos mentres se obraba o milagre de que aquela man, tan forte e tan grande, se pousase no teu ombro de modo tan lixeiro que a penas te rozaba.

Aquel ir e vir do Instituto Rosalía ata o Mestre Mateo, máis que camiñar, era para Cástor Lata un transitar do papel e o encerado á madeira e ao barro. Tiña un don envexable: era quen de facer que o máis difícil parecese fácil. Cando debuxaba as vistas isométricas que ía partillando en diversas etapas, para acabar armando unha única peza nun todo alambicado que entendías perfecto, sospeitabas que tal era, sen dúbida, a orde das cousas.

O traxe e a gravata, que sempre o adornaba, non podían ocultar as rexas espaldas. Era, de certo, un home forte. Pero as mans…, as mans fixéranse a golpe de maceta e de cicel, de gubia e de martelo. As mans eran inmensas, foran medrando traballando o ceo: virxes, anxos, santos das máis diversas advocacións, pasos de procesión, retablos enteiros que fora imaxinando naquel ir e vir no que, por veces, se paraba un tanto mentres anotaba as ideas no papel… E, como se nada houbese de especial, víalo mirar o horario, comprobar as aulas e iniciar as clases sempre cun sorriso.

Fora Cástor Lata, de moi neno, alumno de Asorey. Logo viría a Escola de Artes de Santiago, despois Belas Artes en Barcelona para logo devorar cos ollos os museos de Europa… Amaba a madeira e o granito pero tamén experimentar co bronce, o marfil e o traidor acibeche, que para el non agochaba segredos. Dominaba tanto os materiais coma a técnica e gustaba de casar tradición e modernidade, tanto nas esculturas máis pequenas coma naquelas en que cumpría falar de toneladas. As súas creacións ían desde o retrato e a estatuaria relixiosa ata a escultura pública na que adoitaba expresarse en gran formato. Tratábase de obras de encarga, mais, no seu caso, eran sempre de verdadeira creación. Da súa autoría é a Inmaculada que preside o altar da capela do Instituto Rosalía, espléndida obra en madeira policromada, pertencente á súa época xuvenil.

Era Cástor un home valente, capaz de acometer, con exquisito respecto ao orixinal, comprometidos e esixentes labores de restauración como o proba a súa intervención na obra de Gregorio Hernández *Cristo na Cruz* en Santa María a Real de Conxo, para a que, logo dun amplo e rigoroso estudo documental, deseñou e tallou todo un quebracabezas de quita e pon, capaz de encastarse na peza sen tocarlle para non desvirtuar, en absoluto, tal obra de arte.

Cástor Lata, académico da Real Academia Galega de Belas Artes "Nuestra Señora del Rosario", foi catedrático de debuxo no Instituto Rosalía de Castro, ao tempo que de artes plásticas e deseño na Escola de Artes e Oficios Artísticos Mestre Mateo, á que procurou achegar, cando foi o seu director, aires novos, espallando, mediante exposicións, os logros das diferentes ensinanzas que alí se impartían e creando premios que axudasen a fomentar os traballos artísticos, chegando a acadar algún deles –coma o *Mestre Mateo*– categoría nacional. No ano 2000 recibiu a Medalla de Galicia.

Xa apuntei anteriormente que Cástor Lata amaba a madeira. (Na aula de plástica do Rosalía, gardamos un libro sobre o tema comprado por el). Podía explicarche, durante horas e horas, as vetas da madeira, cal era máis apta para a talla, como se curaba ou cal medraba máis lenta. Cando falaba das calidades do buxo, o seu dicir soaba sempre cun inevitable punto de emoción.

O que non lles contei é cantas e cantas árbores plantou. Paseaba contigo pola súa horta mostrándochas de unha en unha, informábate do nome culto e do nome vulgar, de cando podalas mentres coas súas mans lles acariñaba a tona como quen acariña o cabelo ou as fazulas dun neno.

3.2.10
FREIRE, O RAPAZ QUE SE NAMOROU DO INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO

Maribel Martín

O que hoxe é o Rosalía de Castro non podería selo sen moitas persoas que pasaron por el e que se ilusionaron con facer do seu edificio un centro excepcional de ensino. Pero entre todos eles houbo un rapaz que no ano 1952, aos 17 anos e despois de rematar os seus estudos no Colexio dos Hermanos de La Salle, foi chamado, pola súa excelente caligrafía para traballar na Secretaría do Instituto Rosalía de Castro: ese foi o noso inesquecible Xosé Freire.

Qué podería saber Freire naqueles anos cando aínda levaba pantalón curto do que tiña que facer neste centro? Coa súa idade ata lle ruborizaría pensar en estar nun centro que era o Instituto Feminino de Santiago, todo cheo de rapazas que de seguro o ían intimidar. Pero Freire non se arredou nin entón nin nunca e soubo estar onde o chamaban cumprindo todas as expectativas que nel se puxeron.

Fixo tan ben o seu labor, foi sempre tan colaborador, tan fiel, que conseguiu o respecto e a confianza de todo o persoal que pasou polo instituto nos 53 anos nos que traballou alí, que foron case todos os da súa vida porque, aínda que lle ofreceron mellores cargos na Administración, nunca quixo deixar o Rosalía, o centro do que estaba namorado.

Entrou con 17 anos, marchou con 70 e nunca esqueceremos que morreu un ano despois cando seguía en plenas facultades físicas e mentais, cando lle custaba non vir a traballar ao Instituto pero tamén disfrutaba descansando ao lado da súa dona, Margarita, na súa casa de Boa xunto ao mar, paseando e correndo pola praia da Ornanda.

Este Instituto débelle moito a Freire, ao "Sr. Freire" como o chamaba Ubaldo cando falaba del con outros, indicando co de "Sr." o gran respecto, a grande admiración e o gran agradecemento que por el sentía. E é que Freire gañouse o respecto de todos, pero especialmente o respecto dos que foron os seus xefes porque para el o primeiro, fora quen fora o seu xefe, era o servizo, o cumprimento do seu deber, a colaboración para que todo funcionara, e así ensinou a tantos e tantos profesores que tiveron algún cargo no Instituto, a tantos compañeiros que compartiron con el o traballo da oficina, a tantos profesores que ían consultarlle, porque sempre foi o que mellor gardada e clasificada tiña toda a lexislación, quen mellor resolvía todos os problemas administrativos e o que sempre estaba dispoñible.

El foi sempre aprendendo e adaptándose o todas as novidades, veu cambiar leis e leis de educación, veu pasar normativas e normativas de institutos, veu pasar profesores e profesores, veu pasar tecnoloxías e tecnoloxías, desde a máquina de escribir, pasando pola multicopista ata as fotocopiadoras, e os ordenadores, e apuntouse a todos os cambios.

E todo o viviu sen preguiza nin rexeitamento, poñendo sempre boa cara e moita, moita gracia. Era un gran psicólogo que coñecía enseguida a todos, e ata sabía por onde ías saír antes de que falaras. Home tranquilo e con un gran sentido do humor, sempre estaba disposto a gastarche unha broma e a facerte rir con el.

No Rosalía sempre nos acordaremos de Freire e botaremos de menos a súa enxeñosa conversa, o seu bo humor e a súa incansable disposición a traballar e axudar.

O Sr. Freire, na compaña de Josefina Echevers, Margarita Souto, Maribel Martín, Xosé Filgueira, Mª José Díaz Lorenzana, Emilio Pérez Varela e Ubaldo Rueda, no *seu territorio:* a Secretaría do Instituto

4

AGORA: O ROSALÍA DE CASTRO, UN CENTRO DO SÉCULO XXI

4.1
UN INSTITUTO CON VOCACIÓN EUROPEA

Xabier Mouriño

No proxecto educativo do instituto nunca faltou o **E** de Europa, que tamén coincide co **E** de Educación. Entendemos que para ofrecer unha educación de calidade –unha educación con maiúscula– é necesario que o alumnado reciba unha sólida formación europea. Somos un centro plenamente enraizado no seu contorno máis cercano, pero coa firme vontade de que o noso alumnado poida compartir os seus valores e as súas inquietudes con outros xoves europeos. Estamos convencidos de que a interculturalidade é unha das formas máis positivas de formación, e por iso traballamos en programas que implican a relación directa dos nosos alumnos e alumnas con outros xoves europeos da súa mesma idade. Desde hai anos vimos participando en dous proxectos europeos: o **Centre de Culture Européenne**, que ten como finalidade construír unha Europa humana e máis harmoniosa mediante unha pedagoxía intercultural e pluridisciplinar, e o Programa **Euroscola**, un concurso que pretende que os xoves da Unión Europea se coñezan na sede do Parlamento Europeo en Estrasburgo para discutir sobre temas que lles afectan.

O **Centro de Cultura Europea** naceu no ano 1989 co fin de promover a educación intercultural entre os mozos europeos de 16 a 20 anos. O centro está ubicado nunha antiga abadía da localidade francesa de Saint-Jean d' Angely. Organiza tódolos anos sesións de encontros de 15 días de duración con xoves de diferentes nacionalidades. Nestas sesións, os participantes reciben formación europeísta, ao mesmo tempo que participan en obradoiros moi diversos: de cerámica, de

Señores Luís Toxo, Xosé Luís Mira e Xosé Manuel González Reboredo, acompañados pola profesora Ana Quintáns

fotografía, de teatro, de canto, etc. Trátase de que os rapaces e rapazas de diferentes culturas se coñezan mediante a convivencia e o traballo cooperativo proposto a través dos obradoiros. Os nosos alumnos e alumnas de 1º de bacharelato levan participando desde o ano da súa creación neste proxecto europeo. As estancias en Saint-Jean d´Angely, organizadas pola profesora de francés Carmen Alonso, soen realizarse no mes de xuño. En 1993, o proxecto realizouse no noso instituto. Hai dous testemuños materiais realizados en dous obradoiros dese proxecto que aínda se conservan: a vidreira situada enfronte do despacho de dirección e a áncora do xardín exterior.

Alumnado que participou nunha das estancias en Saint-Jean d' Angely

Euroscola é un programa do Parlamento Europeo dirixido a estudantes de 15 a 18 anos. Cada país elixe de forma autónoma os estudantes que participan no programa. En España selecciónanse mediante un concurso en liña. Os equipos gañadores –9 en total– reciben unha subvención económica para acudir á sede do Parlamento Europeo en Estrasburgo e participar nunha sesión de debate con outros estudantes europeos. A participación neste programa resulta moi interesante por tres razóns:

a) Implica o uso das novas tecnoloxías: o concurso realízase a través de Internet.

b) Supón utilizar un idioma estranxeiro (normalmente o inglés) para comunicarse cos outros estudantes europeos durante a estancia na sede do Parlamento en Estrasburgo.

c) Dá voz aos xoves europeos: os estudantes, organizados por grupos temáticos, preparan primeiro o debate e despois deféndeno no hemiciclo do Parlamento.

Gañadores do Premio Euroscola, co seu coordinador, o profesor Xabier Mouriño, diante do Parlamento Europeo en Estrasburgo

O noso instituto participou case de forma ininterrompida no concurso Euroscola desde o ano 1997. Conseguiu gañar en 4 ocasións. En total 114 alumnos e alumnas participaron no programa Euroscola en Estrasburgo. Tiveron a oportunidade de coñecer a sede do Parlamento e de convivir e debater sobre temas moi actuais con outros estudantes europeos. En tódolos casos, a visita a Estrasburgo completouse cun percorrido por outras cidades francesas: Burdeos, París, Reims, Chartres e Aviñón.

Sabemos que o vínculo que mantemos desde hai séculos con Europa a través do Camiño de Santiago aportou moitas cousas, pero sobre todo permitiu coñecer outras culturas e descubrir outras ideas; facernos, en definitiva, cidadáns máis completos. Nós queremos que o noso alumnado tamén teña unha formación moi completa e participe deses valores de compartir e reflexionar cos outros europeos e por iso seguiremos apuntándonos naqueles programas que nos leven Camiño de Europa.

4.2
UN CENTRO DE BACHARELATO INTERNACIONAL

José Filgueira Cobos / Ana Quintáns Vázquez

O Bacharelato Internacional é unha fundación educativa sen fins de lucro, fundada en Xenebra (Suíza) en 1968.

O que comezou sendo un único programa dirixido a alumnos que se desprazaban a outros países para cursar estudos preuniversitarios é, a día de hoxe, un ciclo educativo formado por tres programas para alumnos de 3 a 19 anos.

Os tres programas ofrecen un ciclo educativo completo e coherente que fai fincapé no desenvolvemento integral –intelectual, persoal, emocional e social– da persoa.

Nos tres programas, a educación integral alcánzase mediante a aprendizaxe de disciplinas de todos os campos do saber: linguas, humanidades, ciencias, matemáticas e artes.

Os programas do IB fomentan a mentalidade internacional en alumnos e educadores a través do perfil da comunidade de aprendizaxe, un conxunto de valores que reflicten os seus principios:

- O Bacharelato Internacional ten como meta formar xoves solidarios, informados e ávidos de coñecemento, capaces de contribuír a crear un mundo mellor e máis pacífico, no marco do entendemento mutuo e o respecto intercultural.
- En pos deste obxectivo, a organización colabora con establecementos escolares, gobernos e organizacións internacionais para crear e desenvolver programas de educación internacional esixentes e métodos de avaliación rigorosos.
- Estes programas alentan a estudantes do mundo enteiro a adoptar unha actitude activa de aprendizaxe durante toda a súa vida, a ser compasivos e a entender que outras persoas, coas súas diferenzas, tamén poden estar no certo.

Os programas do BI son os seguintes:

- O Programa da Escola Primaria (PEP), para alumnos de 3 a 12 anos, que se concentra no desenvolvemento holístico do neno tanto na aula coma fóra dela.

- O Programa dos Anos Intermedios (PAI), para alumnos de 11 a 16 anos, ofrece un marco para o desenvolvemento académico e habilidades prácticas para a vida cotiá, que integra e transcende as disciplinas tradicionais.
- O Programa do Diploma, para alumnos de 16 a 19 anos, ofrece un currículo amplo que responde ás necesidades de estudantes altamente motivados, e pode ensinarse en español, francés e inglés, todas elas linguas oficiais do BI. O Programa cúrsase en dous anos e outorga un título que recoñecen prestixiosas universidades de todo o mundo.

Nos primeiros anos da posta en marcha, o Programa do Diploma consistía nun currículo preuniversitario e unha serie de exames externos comúns para alumnos de colexios de todo o mundo co obxectivo de ofrecer unha auténtica educación internacional. Nun primeiro momento, a maioría dos colexios que ofertaban o Programa do Diploma do IB eran colexios privados internacionais, aínda que tamén había algunhas institucións nacionais do ámbito privado e colexios públicos. Isto foi cambiando ao longo dos anos e na actualidade máis da metade dos Colexios do Mundo do IB son colexios públicos.

En cumprimento dos desexos e ideais dos seus fundadores, a Organización do IB ten como obxectivo ofrecer unha educación de calidade para construír un mundo mellor, tal como expresa a declaración de principios antes mencionada.

O obxectivo fundamental dos programas do Bacharelato Internacional (BI) é formar persoas con mentalidade internacional que, conscientes da condición que os une como seres humanos e da responsabilidade que comparten de velar polo planeta, contribúan a crear un mundo mellor e máis pacífico.

Os membros da comunidade de aprendizaxe do IB esfórzanse por ser:

- Indagadores
- Pensadores
- Íntegros
- Solidarios
- Equilibrados
- Informados e instruídos
- Bos comunicadores
- De mentalidade aberta
- Audaces
- Reflexivos

En España, 55 Colexios do Mundo do BI ofrecen os tres programas do Bacharelato Internacional: 6 centros ofrecen o Programa da Escola Primaria, 8 centros ofrecen o Programa dos Anos Intermedios e 54 centros ofrecemos o Programa do Diploma.

O noso Centro obtivo a autorización para impartir este programa no ano 1989, gracias en gran medida ás xestións do entonces senador Xaime Barreiro Gil membro do Consello Escolar do Instituto. O Rosalía de Castro foi así o primeiro Centro público da nosa Comunidade en impartir este Bacharelato, e naquel momento un dos oito centros públicos de España.

D. Xaime Barreiro Gil con D. Xesús Pérez Varela e D. Xosé S. Bugallo

A primeira promoción do BI, graduouse en 1991, e desde entón foron sucedéndose exitosas promocións ata chegar ao momento presente. Estes alumnos colleitaron moitos éxitos na súa vida universitaria e profesional, e son a mellor publicidade e carta de presentación deste programa de estudos.

Sen embargo, os comezos non foron fáciles. Logo de todo o papelorio necesario, por fin chegou o recoñecemento do Ministerio de Educación para impartir o BI no noso Centro con data 11 de outubro de 1988, firmado polo entonces Director Xeral Álvaro Marchesi. No ano 1989 publicouse a orde ministerial pola que se aprobaba o Plan de Estudos Integrado dos Bacharelatos Español e Internacional regulando a súa autorización e desenvolvemento con carácter experimental en centros españois.



Primeira promoción de Bacharelato Internacional 1989-1991

Moitas dúbidas e confusións xurdiron nun primeiro momento: era un tipo de ensinanza elitista?, dado o seu coste, debería impartirse só en centros privados?, terían que pagar os alumnos os seus dereitos de matrícula, e de ser así, non quedaba entonces o BI restrinxido só aos economicamente máis favorecidos que podían cursar esos estudos nun centro privado?

O plantexamento do director do Instituto e impulsor do proxecto, Ubaldo Rueda Soto, era que este tipo de ensinanza de calidade non quedase precisamente reservado a aqueles con máis oportunidades, e facelo asequible aos alumnos que estivesen dispostos a aceptar o reto que supón o cursar un currículo distinto, con unha metodoloxía diferente, e ao mesmo tempo simultanear os estudos do BI cos do bacharelato reglado para poder presentarse aos exames de Selectividade. Isto supuxo algunhas dificultades á hora de conseguir financiamento para cubrir os gastos que en calquera centro privado ten que aboar o alumno.

Con esa intención, o director conseguiu ilusionar a un grupo de profesores que se embarcaron no proxecto ben dispostos a afrontar os problemas que todo comezo supón: preparación de novos currículos sen o apoio dun libro de texto, preparación dos alumnos para uns exames de avaliación externa (os exames prepáranse en Cardiff, e son corrixidos en distintos países do mundo), que ao mesmo tempo está avaliando o labor do profesor, etc.

Como coordinador do BI, o director nomeou a José Filgueira Cobos, profesor de Física, que desempeñou o seu labor ata que se retirou no 2007, ano no que Ana Mª Quintáns Vázquez, profesora de Inglés, foi nomeada para continuar o seu traballo de coordinación contando sempre coa súa experiencia e total colaboración.

Nos primeiros anos o BI estivo cofinanciado polo Ministerio de Educación e o Concello de Santiago de Compostela que desde sempre apoiou o proxecto. Unha vez transferidas todas as competencias educativas ao goberno galego, o Ministerio argumentou que este pago correspondía á Consellería de

José Filgueira e Ana Quintáns cos alumnos de 2º de Bacharelato Internacional 2012

Educación da Xunta de Galicia. Isto levou a unhas duras negociacións e puxo en perigo a continuidade do proxecto, pero afortunadamente conseguiron solventarse as diferencias e actualmente tanto a Xunta coma o Concello están totalmente implicados no desenvolvemento deste tipo de ensino.

No ano 1992, do 28 de febreiro ao 1 de marzo, o Instituto Rosalía de Castro foi anfitrión do seminario do BI sobre as seguintes materias: Historia, Filosofía, Teoría do Coñecemento, e Español A1.

Ao ano seguinte, do 12 ó 14 de novembro celebróuse no Instituto o Congreso Anual do BI, xunto cos seminarios de Español A1, Química, Matemáticas e Teoría do Coñecemento.

O Bacharelato Internacional quedaba así consolidado.

Hoxe en día, o noso Instituto leva xa formadas 20 promocións de alumnos neste programa de estudos con grandes éxitos académicos. Todos eles recordan o paso polo Centro como algo que marcou as súas vidas, e non perden ocasión de volver a visitarnos, e de recomendarlle a outros posibles candidatos, sobre todo irmáns e familiares, que non perdan a ocasión de acceder a este tipo de formación. Neles temos a mellor estímulo posible para poder seguir formando xoves cualificados e competentes para o futuro.

Cada vez son máis e máis as persoas interesadas en aceptar o reto que supón o cambio a un sistema académico e metodolóxico diferente, e coa mesma ilusión coa que empezamos, seguiremos a formar a estes alumnos de mentalidade internacional que van integrarse nun mundo sen fronteiras.

4.3
ANTE O RETO DA GLOBALIZACIÓN: O PROXECTO LINGÜÍSTICO

María José Enríquez Morales

O proxecto lingüístico do Rosalía de Castro é froito dun traballo, rigoroso e moi meditado, que comezou a xestarse case ao tempo que entrabamos no novo século. O punto de partida foi realizar unha análise das ensinanzas de todas as linguas que nel se imparten. O dominio das linguas propias é unha prioridade para a Unión Europea que, asemade, considera preciso o coñecemento de, cando menos, unha lingua estranxeira, maiormente o inglés. Todos os informes (PISA…) abondan na necesidade de incrementar, neste aspecto, os niveis de competencia do noso alumnado, por canto están por debaixo dos alcanzados na maioría dos países da nosa contorna.

De entrada, había que facer un esforzo para que o nivel oral e escrito das linguas galega e española fora mellorado, tendo en conta a situación na que se atopa cada unha delas; e facelo axiña, e desde o primeiro curso da ESO. Ao rematar a escolarización obrigatoria todos os alumnos deberían ter acadado os obxectivos mínimos esixibles.

Por outra parte, o alumnado, despois de estudar unha lingua estranxeira desde a Primaria, tamén debería ser capaz de contar cos coñecementos suficientes para ler, escribir, entender e falar, coa fluidez esperable, dita lingua.

O Departamento de Galego realizou unha enquisa entre o alumnado de ESO para saber se, fóra do ámbito escolar, era o galego a lingua que adoitaban utilizar. Os resultados non foron todo o alentadores que se esperaba, aínda que non exista ningún rechazo ao uso desta lingua. Neste aspecto cómpre que o alumnado sexa consciente de que a aprendizaxe da lingua galega ten un interese engadido por

canto nos permite entrar con facilidade no mundo da lusofonía. Non só galegos e portugueses somos veciños, senón que a importancia do portugués no futuro incrementarase por mor da posta a punto de áreas económicas como a do BRIC, na que, xunto con Rusia, India e China, Brasil é un dos países integrantes. Dominando a lingua galega, resulta moito máis doado comunicarse con centos de millóns de falantes. Tal cousa, engadida ao coñecemento da lingua española, reporta avantaxes que non precisan comentario. Dominando ambas somos quen de entendérmonos con 440 e 200 millóns de falantes que, respectivamente, teñen como lingua materna o español ou o portugués.

Item máis, e xa que citabamos a Rusia, cómpre referirse aos intercambios que, cunha duración de catorce días, foron realizados en 1992, 1993 e 1994 coa Escola 1023 de Moscú. O noso alumnado, despois dunha breve introdución á lingua rusa (por mor de coñecer o alfabeto cirílico e poder, en caso de necesidade, moverse polo metro), sacou moito proveito dunha experiencia que, ademais de Moscú, permitiulles coñecer San Petersburgo e realizar unha viaxe cultural polo Volga. En xusta reciprocidade, os estudantes rusos e os seus profesores ficaron moi satisfeitos das súas estadías en Compostela –que gozo románico e barroco! –, da visita a Coruña e da beleza das Rías Baixas. Tan satisfeitos que a Escola 1023 pasou de ser un número a ter nome: Instituto Rosalía de Castro de Moscú, e unha enorme fotografía da nosa escritora dá a benvida a quen accede ao Centro. Desde logo, para nós foi unha honra a ampla representación de autoridades rusas e galegas que, en 1994, asistiron en Moscú ao acto de "bautismo" da Escola 1023 cun nome de tanto significado como Rosalía de Castro.

Ubaldo Rueda, Rafael Romero e Benigno Miranda coa Directora do Colexio Rosalía de Castro de Moscú, Galina Yusupova, na inauguración do Centro en 1993.

Polo que fai ás linguas clásicas resulta obvio sinalar que o galego e o castelán son fillos do latín e, ao cabo, del proveñen o portugués, francés, italiano, catalán…, sen esquecer a importancia que posúe, nun mundo cada vez máis globalizado, coñecer cal son as nosas raíces. Xa que logo, unha boa anclaxe nas linguas clásicas é de gran utilidade, polo que propiciar na medida do posible un achegamento ás mesmas por parte do alumnado é, asemade, obxecto do noso interese. Todo o que se faga a prol do coñecemento da cultura grega –berce do pensamento racional– e mais latina debe ser apoiado e impulsado. Coñecer quen somos e cal son as nosas orixes resulta necesario para saber a onde queremos chegar.

O que pretendemos é facer do noso alumnado homes e mulleres satisfeitos do seu país, orgullosos de falar dúas linguas que teñen por diante un fabuloso porvir, e plenamente insertos na Europa á que pertencen e coa que deben ser capaces de entenderse. Para que tal cousa aconteza é necesario, ademais, o coñecemento de, cando menos, outra das súas linguas, e no noso Instituto impártense alemán, francés e inglés.

Como primeira lingua estranxeira todos os nosos alumnos cursan inglés e, no primeiro ciclo de ESO, deben optar, de xeito obrigatorio, por unha das outras dúas. Tal feito non quita para que sexa preciso referirse ao esforzo dos Departamentos de Alemán e Francés por despertar o interese do alumnado (viaxes, ensinanza activa, actividades lúdicas, etc.) e, de feito, conseguir que, nunha porcentaxe significativa, alumnos haxa que opten, agora voluntariamente, por continuar estudándoas no segundo ciclo de ESO e no Bacharelato.

Así, o Departamento de Alemán organiza todos os anos unha viaxe de estudos a un país de fala alemana (Alemaña, Austria, Suiza) dirixida sempre ao seu alumnado de 4º de ESO e 1º de Bacharelato, e o de Francés adoito participa nos encontros trinacionais que se celebran en Saint Jean d´Angély con alumnos de 1º de Bacharelato, o que non obsta para que poidan organizarse outras viaxes de estudos, coma a do curso 2011-2012 a París con alumnos de 1º de ESO.

Alumnado que participou no intercambio con Alemaña, coa profesora Gemma Paredes, no curso 2002-2003

Alumnado que participou no curso de Cultura Europea en
Saint Jean d´Angély, coas profesoras Carmen Alonso e Carmen Touza

Agora ben, negar a primacía do inglés non leva a ningures e, xa que logo, o noso interese centrouse na potenciación do seu coñecemento. No mundo actual, a Unión Europea tenta cobrar entidade coa creación de espazos integrados que garantan a mobilidade crecente dos seus cidadáns. A posta a punto do espazo europeo de educación superior, e os criterios de converxencia de Bolonia, son unha realidade que obrigou a adoptar unha serie de medidas. Goste ou non, hoxe en día resulta innegable que a *Koiné*, a lingua de relación básica nestes espazos, ven sendo o inglés, e as diversas administracións educativas, conscientes do que acontece, e convencidas da necesidade dun uso máis fluído do inglés por parte dos nosos estudantes, introducen novidades como os cursos de verán ou os "mini Erasmus".

Sabemos que o alumnado sae do sistema sen competencias suficientes para entenderse e/ou comunicarse con outros falantes desa lingua. Esa realidade explica a proliferación de entidades que imparten clases de inglés baixo as modalidades máis diversas (para médicos, xuristas, técnicos varios, nenos, mozos ou adultos; por correspondencia ou "on line"; impartidas por nativos ou do país; en cursos de verán ou de inverno; para empresas ou particulares; pola mañán, pola tarde ou nocturnas; en fin, como, cando e do xeito que a cada quen lle conveña). En todo caso, e tomando como referencia o documento *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas*, que propón un total de seis niveis de referencia, a nosa intención era facilitar ao noso alumnado a posibilidade de acabar o bacharelato co certificado FIRST na man (nivel B2).

A: Usuario básico		**B:** Usuario independiente		**C:** Usuario competente	
A1 (Acceso)	**A2** (Plataforma)	**B1** (Umbral)	**B2** (Avanzado)	**C1** (Dominio operativo eficaz)	**C2** (Mestría)

Co obxecto de non cansar ao lector enumeramos algunha das medidas que puxemos en marcha ao longo da primeira década deste século, contando co respaldo da ANPA e a receptividade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Sempre son debedores estes proxectos do entendemento, interese e colaboración de diversas instancias e, sen elas, pouco ou nada poderiamos ter feito.

Durante varios anos, houbo alumnos que, con carácter voluntario, cursaron na ESO unha hora máis de Matemáticas e de Lingua (galega ou castelá) á semana co obxectivo de preparalos, se ese era o seu desexo, para o BI. Ademais, ese alumnado estaba obrigado a realizar unha pequena monografía, dirixida por profesores que amablemente se prestaban a facelo, sobre un tema do seu interese, pero sempre relacionado coas distintas materias do currículum. Ao remate da ESO debían presentala non só en soporte papel e/ou informático senón expoñela oralmente, tanto na lingua propia coma en inglés, nunha breve intervención realizada perante un tribunal integrado polo director do traballo, un membro do Departamento de Inglés, e os profesores encargados de coordinar este plan. Tales traballos amosaban ao alumnado que, con independencia da futura vocación profesional de cada quen (enxeñeiro ou economista, historiador ou médico, xurista, editor, xestor administrativo, arquiveiro, traductor, técnico informático e todos os etcéteras posibles), o inglés é unha competencia necesaria no mundo actual, un engadido que non pode obviarse.

Coa anuencia dos pais ofertamos a posibilidade de preparar, en clases extraordinarias no propio Centro e con profesores miormente nativos, as probas para obter os certificados PET e FIRST. Os intercambios con algunha High School durante o curso académico (dúas ou tres semanas) e as estadías durante o verán (catro semanas), en Inglaterra ou Irlanda, foron alentadas o máis posible e convertéronse en actividade habitual do Instituto.

No curso 2011-2012, por vez primeira e nunha experiencia de inmersión total, saltamos o charco e un fato de estudantes de 4º de ESO cursou o primeiro trimestre en Canadá. Para abreviar, e a título de exemplo, incluimos a planificación feita para o antedito ano académico:

NOME DA ACTIVIDADE
Clases preparatorias do PET e do FIRST

DATA
Dúas clases semanais de outubro a maio

CARÁCTER
Complementario

NIVEIS AOS QUE VAI DIRIXIDA
ESO e Bacharelato

NOME DA ACTIVIDADE
Intercambio coa Queensland Academy for Creative Industries, centro de BI en Brisbane (Australia)

DATA
Brisbane-Santiago: tres semanas en xaneiro
Santiago- Brisbane. Tres semanas en xullo

CARÁCTER
Complementario

NIVEIS AOS QUE VAI DIRIXIDA
1º e 2º de Bacharelato Internacional

NOME DA ACTIVIDADE
Intercambio co *Hockerill Anglo-European College*

DATA
Hockerill a Santiago: 10/2 – 17/02
Santiago a Hockerill: 24/2 – 02/03

CARÁCTER
Complementario

NIVEIS AOS QUE VAI DIRIXIDA
3º de ESO e 1º de Bacharelato Internacional



Hockerill Anglo-European College

NOME DA ACTIVIDADE
Estadía en Canadá, cursando estudos reglados nunha High School e aloxados por familias

DATA
Primeiro trimestre (en Canadá o curso comeza o primeiro día hábil do mes de setembro)

CARÁCTER
Complementario

NIVEIS AOS QUE VAI DIRIXIDA
4º ESO

NOME DA ACTIVIDADE
Estadía en Inglaterra

DATA
4 semanas no mes de xullo

CARÁCTER
Extraescolar

NIVEIS AOS QUE VAI DIRIXIDA
Todos os cursos de ESO e Bacharelato

As profesoras María José Enríquez, Gemma Paredes, Ana Quintáns e Pilar Coo, co alumnado que participou na estadía en Canadá durante o primeiro trimestre do curso 2011-2012

Resulta obvio sinalar que somos conscientes de que non todas as familias, e menos en tempos de crise económica, poden participar neste tipo de experiencias. De aí o noso interese en poñer ao alcance de todo o noso alumnado outras alternativas.

De entrada, dado que temos un número elevado de estudantes por aula, conseguimos que, gracias á receptividade da Consellería, as clases de inglés na ESO non rebasaran os doce / catorce alumnos, co obxecto de incrementar, cando menos, a práctica do "speaking". De saída, o Rosalía de Castro tomou a decisión de sumarse ao proxecto dos Centros Plurilingües, por canto iso supón que deben estudarse materias como xeografía, historia, ciencias naturais, etc., en inglés. Tal cousa contribúe, por un lado, a desbotar a idea do inglés como asignatura para convertelo no "engadido" do que antes falabamos e, por outro, a garantir o principio de igualdade de oportunidades porque, no noso proxecto, todos e cada un dos alumnos, sen ningún tipo de exclusión e desde primeiro de ESO, participan nesta experiencia. Iniciada no curso 2010-2011 non estamos aínda en condicións de avaliala, pero o máis que estimable esforzo do profesorado ao cargo destas materias, o moi necesario labor dos auxiliares de conversación, e a receptividade da maioría dos pais, fan pensar que o saldo será positivo.

Os profesores Carmen Maril e Leopoldo Fernández Gasalla, coas auxiliares de conversación Alison Berlinski e Luisa Blanco nunha das aulas de primeiro ciclo de ESO do proxecto plurilingüe

4.4

O ROSALÍA ABRINDO HORIZONTES

Cartel deseñado por José Arca

4.4.1
PREMIO ARCEBISPO JUAN DE SAN CLEMENTE

Maribel Martín

O Premio de narrativa Arcebispo Juan de San Clemente ten como obxectivo converter ao alumnado de Bacharelato en protagonista á hora de outorgar un Premio Literario. O Xurado deste Premio está formado por alumnos de Bacharelato do Instituto Rosalía de Castro de Santiago, organizador do Certame, e de catro Institutos máis, elixidos por sorteo, un de cada provincia galega. Isto é o novidoso do Premio, pois, normalmente, os mozos e as mozas son os grandes esquecidos dos Xurados Literarios e eles poden ter uns gustos e unhas opinións moi diferenciadas que non debemos ignorar. O Premio ten tres modalidades, Novela Galega, Novela Castelá e Novela Estranxeira.

O día da entrega do Premio os alumnos son os auténticos protagonistas do acto e cada xurado de alumnos comparte mesa e mantel co escritor premiado no marco dunha gran festa.

Sen dúbida, e desde o primeiro momento, este Premio foi para o noso Instituto unha das iniciativas máis ambiciosas e tamén máis satisfactorias. Agora xa é un sinal de identidade cun prestixio recoñecido en todo o Estado español.

A idea de acercarlles aos nosos alumnos os mellores escritores do momento, facéndoos partícipes da elección a través da lectura, fervía na cabeza de Ubaldo Rueda case desde o momento de tomar a dirección do centro no ano 1985, pero ao principio había cousas que tiñan máis prioridade e ademais o proxecto deste premio precisaba de certa colaboración económica. Había que traer a tres escritores, desprazalos desde onde vivisen, darlles aloxamento, dotar o premio cunha pequena cantidade económica, facer unha cea festiva na que os alumnos lectores compartiran mesa cos escritores, en fin non era doado nun principio.

Don Luis Alonso, Don Francisco L. Piñeiro e Don Antonio Fraguas, na presentación das novelas finalistas do Premio San Clemente

Dona Maribel Martín, Dona Carme Ríos, Don Luis Toxo e Dona Margarita Prado. Presentación do fallo do Xurado na sexta edición

Francisco Osuna e Ubaldo Rueda cos escritores Vargas Llosa e Suso de Toro

Estabamos nos 90, as obras do Pavillón Polideportivo e do Auditorio, que tanto necesitaba o Instituto e foron tan difíciles de levar a cabo, xa se acercaban ao seu fin e polo medio delas, como responsable, andaba Francisco Osuna, para todos Paco Osuna. Ubaldo Rueda e Paco Osuna estaban sempre negociando sobre as obras, como é de supoñer Ubaldo esixindo melloras e Paco como responsable da empresa poñendo o freo pero, ao mesmo tempo, a cabeza e o corazón pedíanlle facer un traballo digno dun Centro de Ensino. E con este espírito Paco participaba das ilusións de Ubaldo para o Centro, entre outras a do Premio San Clemente e el foi quen de aportar o empuxe que se necesitaba: a súa empresa *Cubiertas* apoiaría economicamente o proxecto.

Tamén desde un principio o *Hostal dos Reis Católicos* aloxou gratuitamente aos escritores e segue a facelo na actualidade.

O PREMIO PÚXOSE EN MARCHA. Precisábase tamén duns especialistas para a elección das novelas finalistas, é dicir dun "Comité de Lectura", e aí estivo desde o principio Carme Ríos Panisse á cabeza da selección de novelas en lingua galega. Tamén, deste comité en lingua castelá e lingua estranxeira, formaron parte nun primeiro momento Luis Alonso e Nieves de Paula, testigo que enseguida recollería Margarita Prado como responsable destas seccións.

Nese primeiro intento, o "Comité de Lectura" fixo a selección de nove novelas finalistas e os alumnos elixiron *Tic-Tac* de Suso de Toro, *Lituma en los Andes* de Vargas Llosa e *A la Sombra del Granado* de Tarik Alí. Pero aparecía de novo un problema: en Suso de Toro podíamos confiar, era un escritor dos nosos, vivía en Santiago, pero Vargas Llosa e Tarik Alí vivían en Londres. Poderíamos traelos?, aceptarían vir? Pois viñeron, se ben é certo que o día antes da entrega Tarik Alí anunciou a súa imposibilidade de desprazarse a Santiago por un problema familiar, pero veu uns meses despois. Todos viñeron e Suso de Toro dúas veces, a primeira con Vargas Llosa e a segunda con Tarik Alí.

O SOÑO FÍXOSE REALIDADE! e, desde ese momento, todos estivemos convencidos de que podería volver a repetirse tantas veces como quixéramos.

Probablemente eramos uns ilusos pero por sorte foi así.

Hoxe levamos xa 16 edicións entregadas, os nosos alumnos e os de 64 Institutos Galegos máis teñen disfrutado dos mellores escritores do momento, unha lista de 48 escritores, dos que todos excepto 3 viñeron, e foron 480 alumnos os lectores que formaron parte dos distintos xurados.

No noso Centro son moitos os alumnos que queren formar parte dos xurados e en Galicia moitos

os Institutos que desexan estar neste Premio. Na XVII edición, aínda sen entregar, aos cinco Institutos Galegos sumáronse un Instituto de Madrid, o Ramiro de Maeztu, e a Escola Secundaria de Santa Comba Dâo de Portugal.

O recoñecemento deste premio empeza a ser importante, os escritores desde o principio veñen encantados de ter sido elixidos por alumnos que só teñen 17 anos, pero o máis valorado e a posibilidade que proporciona aos alumnos do último curso de bacharelato de ser os protagonistas na "elección dos mellores escritores do momento" e de compartir con eles un momento da súa vida. O Premio é sen dúbida unha aposta pola literatura, pero é sobre todo unha aposta polos soños e pola ilusión, unha aposta pola confianza na nosa xuventude á que pretende aportarlle **UNHA EXPERIENCIA INESQUECIBLE!.**

Os apoios e os colaboradores foron aumentando pouco a pouco, Xesús Pérez Varela primeiro, despois Luis Toxo, Isaac G. Toribio, Néstor Rego, Patti Blanco e Alfonso Cabaleiro, sen olvidar aos editores, Jordi Herralde e Ana Jornet de Anagrama, e Beatriz de Moura e Juan Cerezo de Tusquets.

O maior apoio recibímolo dos escritores que contribuíron a esa experiencia inesquecible, non só

Vicente Molina Foix, Luis Landero, María Reimondez, Haruki Murakami e Anxos Sumai, na entrega das XIII e XIV Edicións

para os alumnos, senón para todos os que a disfrutamos. É de xustiza plasmar ese recoñecemento neste libro co nome de todos eles:

SUSO DE TORO / VARGAS LLOSA / TARIK ALÍ / X. BORRAZÁS / J. MARÍAS / J. GAARDER / M.A. MURADO / A.C. MALVAR / A. SOLER / A. TABUCCI / G. NAVAZA / J. SARAMAGO / M. RIVAS / C. MARTÍN GAITE / A. BARICCO / X. DE TORO / H.R. LETELIER / P. AUSTER / B. DA CRUZ / M. DE LOPE / M. ALEIXANDRE / L. RESTREPO / A. NOTHOMB / R. ANEIROS / A. GRANDES / J. COE / P. BUELA / C. FUENTES / J. EUGENIDES / T. MOURE / A. POMBO / M.G. MAZZUCO / I.NOVO / J. CERCAS /A.B. YEHOSHÚA / M. REIMONDEZ / V. M. FOIX / H. MURAKAMI /A. SUMAI / L. LANDERO / I. L. SILVA / I. DE PISÓN / H. MANKELL / A. ALFAYA / W. OSPINA / E. DE LUCA

Unha colaboración que non podemos esquecer é a de todos os Institutos que participaron ata o

Xurado da XVI Edición

momento de escribir estas liñas. Os seus nomes figuran a continuación:

Elviña, Otero Pedrayo, Valle Inclán, Xoan Montes, Concepción Arenal, Mixto de Carballiño, Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Francisco Aguiar, As Lagoas, Torrente Ballester, Lucus Augusti, Eusebio da Guarda, Taboada Chivite, Xunqueira I, Santiago Basanta Silva, Nº 1 Pontedeume, Blanco Amor, R.O. Uruguai, Sanxillao, Pontepedriña, Cidade de Antioquía, García Barros, Río Cabe, Xelmírez I, Ribeiro, Sánchez Cantón, Vilar Ponte, Virxe do Mar, O Couto, Carril, Xograr Afonso Gómez de Sarria, As Fontiñas, Celanova, Santa Irene, Dionisio Gamallo, Praia Barraña, Universidade Laboral, Ramón Mª Aller, Monte Castelo, Sofía Casanova, Martaguisela, Ramón Cabanillas, San Rosendo, Eduardo Pondal, Carlos Casares, A Guía, Fontem Albei, Cacheiras, Xermán Ancochea, Luís Seoane, Foz, Camilo José Cela, Lauro Olmo, Pintor Colmeiro, Nosa Sra. dos Ollos Grandes, Nº 1 de Ribeira, Xesús Ferro Couselo, María Soliño, Poeta Díaz Castro, Julián Magariños, Allariz, Castro, Perdouro, Becerreá, Melide, Carballeira, Valga, Enrique Murais, Ramiro de Maeztu, Escola Secundaria de Santa Comba Dâo.

Minuto de silencio polo falecemento de Don Gonzalo Torrente Ballester no acto de entrega do Premio aos escritores José Saramago e Gonzalo Navaza. 27 de Xaneiro de 1999

4.4.2
PREMIO BENTO SPINOZA

Ubaldo Rueda

O premio Bento Spinoza de ensaio, de recente creación, nace como irmán doutro premio xa consagrado, o Premio San Clemente de Novela, e proponse servir de canle para que os alumnos poidan expresar a súa opinión no campo do ensaio, premiando o mellor de cinco ensaios seleccionados polo Comité de Lectura entre os publicados no ano correspondente. O Comité de Lectura está presidido polo profesor Francisco L. Piñeiro e conta co asesoramento do Catedrático da USC Carlos Pajares e dos profesores Xabier Mouriño e Miguel Ríos. Este premio presentouse publicamente durante a estancia de Stephen Hawking en Compostela e no noso instituto onde pronunciou unha conferencia en 2008. A súa filla, Lucy Hawking actuou como madriña do premio na súa presentación.

Ubaldo Rueda con Stephen y Lucy Hawking

Por que leva como nome *Bento Spinoza*?

Por tres razóns fundamentais:

A primeira diriamos que é de orde científico, Spinoza é o pensador máis extraordinario dun século extraordinario, o XVII, no que se estableceron, como di Damastio, as bases do mundo moderno: Shakespeare, Bacon, Cervantes, Hobbes, Descartes, Pascal, Kepler, Leibniz, Newton, etc, un século

fabuloso. E Spinoza participou de todo ese florecer filosófico e científico ao mesmo tempo que residía no lugar onde a vivencia, o desfrute dese momento esplendoroso era posible: Amsterdam, a Haia, cidades claves do que hoxe chamamos Holanda.

A segunda razón é de orde ética: Spinoza, un pensador plenamente introducido no século, foi expulsado dunha forma radical da Comunidade Xudía aos 24 anos polas súas ideas, ideas que cuestionaban tanto o pensamento dominante na Comunidade Xudía como as bases do sistema político da Europa do momento. Spinoza vivirá sempre modestamente do seu traballo de fabricante de lentes, renunciando a todo tipo de honores e dedicado á reflexión e á escritura, participando activamente no debate permanente no que se encontraba a sociedade holandesa do XVII.

Son estas dúas razóns importantes pero non suficientes para xustificar o nome de Spinoza nun premio aquí en Galicia, en Santiago de Compostela. A razón última e a razón principal é a seguinte: Bento Spinoza tamén pertence, sen dúbida, ao noso entorno cultural xa que é orixinario dunha familia da península ibérica que posiblemente estivo afincada en Ourense e que, por mor da Inquisición, primeiro trasládase a Portugal e despois emigra a Amsterdam vía Nantes.

Amsterdam no século XVII

Na Amsterdam do século XVII na que nace Bento Spinoza existe unha florecente comunidade xudía toda ela orixinaria da península ibérica. O seu pai Michael de Spinoza fora un deses moitos emigrantes forzosos que tiveron que marchar, escapando do terror da Inquisición nos inicios do século XVII.

Esta comunidade aínda que está ben integrada no mundo económico e cultural dun país en plena ebulición como é a Holanda do século XVII, garda as súas raíces e as súas linguas:

- O galego-portugués, a lingua falada, a lingua da familia e da comunidade.

- O castelán, a lingua semi-sagrada, a lingua da escola.

Esta florecente comunidade de exiliados pouco a pouco aprenderá o holandés e na escola ademais do español estudarase o hebreo e o latín. Bento Spinoza como el mesmo recoñece non dominará

perfectamente o holandés escrito. Escribirá correctamente en latín sen ser un virtuoso, e en latín aparecerán todos os seus escritos filosóficos como anteriormente os de Descartes, que tamén residía nese espazo de liberdade que eran os Países Baixos. Spinoza afirmará que a súa primeira lingua, na que máis a gusto se encontra, é o galego-portugués, e aínda que será coñecido como Bento/Baruch/Benedicto, o nome co que foi inscrito, o seu primeiro nome é Bento. Baruch, tradución ao hebreo de Bento, sería o seu nome no marco da sinagoga; e Benedicto, o nome que el adoptará aos 24 anos, ao ser expulsado da comunidade polas súas ideas. Datos que nos confirman os seus principais biógrafos como Steven Nadler e Antonio Damasio:

> *"In most of the documents and records contemporary with Spinoza`s years within the Jewish community, his name is given as "Bento". The only exceptions are the membership roll of the Ets Chaim educational society, the book of offerings listing contributions to the congregation, and the "cherem" document in which he is excommunicated, all of which refer to him as "Baruch", the Hebrew translation of Bento: "blessed"[...]" "The language spoken in the Spinoza home was,of course, Portuguese. The men, at least, knew Spanish, the language of literature"* (**Spinoza, A Life**, Steven Nadler, p. 42 e 46).

> *"Bento fue el nombre que al nacer Spinoza recibió de sus padres, Miguel y Anna Debora, judíos sefarditas portugueses que se habían reinstalado en Amsterdam". Se le conocía como Baruch en la sinagoga y entre los amigos, mientras crecía en la próspera comunidad de comerciantes y estudiosos judíos de Amsterdam. Adoptó el nombre de Benedictus a los veinticuatro años de edad, después de haber sido expulsado de la sinagoga"[...] "Spinoza aprendió holandés y hebreo, y posteriormente latín, pero en casa hablaba portugués, y en la escuela portugués o castellano. Su padre siempre hablaba portugués en el trabajo y en casa. Todas las transacciones se registraban en portugués; el holandés se empleaba sólo para tratar con los clientes holandeses. La madre de Spinoza nunca aprendió holandés. Spinoza lamentaría que su dominio del holandés y el latín no igualara nunca el del portugués y el castellano. "Me gustaría mucho poderos escribir en el idioma en el que fui criado", le escribió a uno de sus corresponsales·"* (**En Busca de Spinoza**, Antonio Damasio, p. 22 e 218)

Michael Bonnot, Jean-Didier Vincent e a alumna do xurado Alicia Prol

O pensamento de Spinoza é de gran actualidade. Da súa filosofía reclámanse as teorías das emocións e dos sentimentos e persoeiros como Freud, Lacan, Nasio ou Deleuze; neurobiólogos como o americano Antonio Damasio ou o francés Jean Pierre Changeux e tamén científicos como Einstein.

O obxectivo final deste Premio é promover a reflexión e o espírito crítico dos nosos alumnos ao mesmo tempo que reivindicamos como noso un pensador inxustamente ignorado non só na nosa cultura senón tamén en todo o entorno da península ibérica.

Que quede constancia do agradecemento aos profesores Xosé Regueira, Antón Figueroa, José Carlos Quiroga e Miguel Ríos polas súas reflexións críticas, sempre oportunas.

No ano 2011 recolleu o Premio Bento Spinoza o científico e divulgador francés, Jean Didier Vincent, polo seu libro ***Viaje extraordinario al centro del cerebro.***

Jean-Didier Vincent, autoridades e público asistente ao acto de entrega do Premio Bento Spinoza. 2011

4.5
COMPROMETIDOS COA CIDADE: O ROSALÍA DE CASTRO COMO ESPAZO EXPOSITIVO

Soledad Pite Sanjurjo

Nos seus mil alvéolos,
o espazo conserva tempo comprimido.
Bachelard

Aínda que o chan se presenta, nas vellas lousas, espido de calquera posible motivo ornamental e que a vista percibe uns paramentos lisos, formando unha gran escuadra, na amplitude dun severo claustro renacentista –aberto ao silencio e á luz dun patio cadrado onde locen as rosas que o estanque arrola–, o espazo expositivo do IES Rosalía é, ante todo, un secreto labirinto. Si, reafirmo o dito:é un luminoso labirinto e, precisamente, na súa enganosa aparencia de simple estrutura lisa na que, de vez en vez, se amosan imaxes, radica parte do prodixio, do misterio que en el se opera e, mesmo, da maxia que o fixo posible.

Como todo labirinto, máis alá do evidente –espazo acoutado para o extraordinario– hai, sen dúbida, no seu cerne o desexo de ser lugar de encontro coa deusa nai, de ser o ámbito propiciatorio para achegarnos á que Jean Didier Vincent considera *a forma máis antiga de desfacernos da animalidade no estalido da alegría ou do sufrimento*: a Arte.

E como poderán ver se teñen a paciencia de acompañarnos, talvez por esa calidade relativa que é o espazo, este lugar expositivo do IES Rosalía amósase non só coma labirinto senón, sobre todo, coma crisol iniciático no que se desenvolve ese longo proceso de descubrimento, de busca e goce e mesmo, ás veces, de recuperación da memoria. Incluso, podería arriscarme a afirmar que é o cumprimento dun sentir telúrico que quedou prendido nos fíos do tempo.

Un taboeiro de 376 cm. x 190 cm., unha barra de ferro de 17 metros, uns cantos libros e unha "sobreparede", talvez poderían ser a síntese do invisible proceso construtivo que deu lugar a este espazo do que lles falo. Temos notas fiables –con enormes listados por se fose preciso formular rigoroso inventario– que acreditan con detalle o relato dos últimos trinta anos deste espazo expositivo do Instituto Rosalía de Castro (podemos incluso presentar algúns de hai máis de cen anos). Faremos, seguidamente, unha exposición cronolóxica dos feitos para que poidan comprobar como o traballo ordinario foi variando de seu, ata transmutarse no talismán do encanto. Mais non lles pedimos un acto de fe. Non, nós tan só nos atemos aos datos existentes que á súa disposición deixamos. Sexan de cadaquén as conclusións.

É moi posible –o espazo non é un absoluto– que sexan vostedes de diferente opinión. Polo que a nós respecta, o ámbito expositivo do Rosalía de Castro aínda está nese alborozado construírse dos días novos. O que vai ser no futuro dirao o paxaro que cante mañá pero, non nos estrañaría, –dado que habitamos xusto onde acaba o misterioso *Camiño* nacido dun nome e dun sepulcro, coa súa traza marcada no ceo– que, en verdade, este sexa o que lord Dunsany soñaba –tal e como oportunamente nos recordou Cunqueiro, que por aquí debeu andar tamén–, e, á vista do coñecido, atrevémonos a formular un vaticinio, situado entre a sospeita e o anhelo: moi ben puidese suceder que este lugar de exposicións do que falamos e onde sucederon os feitos que a continuación se narran, estea chamado a ser o *camiño por onde, seguro que poderán entrar todas as alegres mañás do mundo.*

UN TABOEIRO DE 376 cm. X 190 cm.

Le présent est chargé du passé, et gros de l´avenir
Leibniz

Poderiamos situarnos alá no maio do 78 ou do 79 cando a xenerosidade do Departamento de Francés, a cargo daquela de Don Uxío R. Raña nos permitiu empregar un taboeiro de anuncios –376 x 190 cm. sen cortiza e sen patas– para expoñer os traballos de cartel que, con motivo do Día das Letras Galegas, realizaran as alumnas de Deseño de 3º de BUP. Así, de xeito tan modesto e solidario, deu lugar a andaina expositiva do IES Rosalía de Castro nestes últimos trinta anos. Primeiro un taboeiro, logo dous, e finalmente, tres fixeron posible que o Claustro alto deixase de ser un simple lugar de paso e fose, día a día, traballo a traballo, transformándose nun espazo aberto no que se produce ese diálogo sen palabras entre o contemplado e quen pousa a mirada.

Talvez fose o ter un espazo no que amosar ou que o entusiasmo xera unha inmensa forza, pero a creatividade daquelas alumnas rebordou taboeiros e corredores para amosaren con orgullo as súas obras –máxico produto entre o exercicio ben feito e a arte que se albisca– nas magníficas salas de exposicións da Aula de Cultura de Caixa Galicia, na Carreira do Conde, onde a historia deixou memoria. Estreabamos daquela os anos oitenta.

Un espazo propio, como demostrou de xeito incontestable Virxinia Woolf, era imprescindible para que puidesen cumprirse as "irmás de Shakespeare" e acadalo, para poboalo de soños pintados, converteuse en tarefa cotiá para os profesores do Departamento de Debuxo do IES Rosalía de Castro que sempre –é preciso salientalo– tiveron o apoio da dirección do centro neste empeño.

Orballo da media noite, edición ilustrada

Hai veces que o espazo se multiplica: os espellos que o reflicten unha vez tras outra, as esveltas columnas que o elevan cara ao ceo, a perspectiva cónica que sobre dun papel deseña o horizonte máis fermoso que imaxinarse poida, o pensamento libre que non coñece fronteiras e os catálogos de exposición que obran o prodixio de rescatar as imaxes do tempo fuxidío e gardar, propiciando unha contemplación demorada, a beleza das obras que compuxeron a mostra.

Tamén este soño puido cumprirse e ir, ao tempo, abrindo camiños. Así, grazas á sensibilidade coa que o Conselleiro de Educación, Don Celso Currás, acolleu os debuxos creados polos nosos alumnos e alumnas de Educación Plástica de 4º da ESO para celebraren o Día das Letras Galegas do 1999, dedicadas a Roberto Blanco Torres, obrouse o prodixio e o traballo da aula saíu ao novo espazo expositivo

no Claustro alto, dotado agora dunha barra de ferro que habilitaba o paramento interior para colgar as obras. Despedímonos dos taboeiros e démoslles, gozosos, a benvida aos marcos de aluminio negro. O noso espazo expositivo ía progresando e puido transformarse en *tempo suspendido* ao se plasmar no magnífico catálogo que, recolléndoos, deu lugar á luminosa edición ilustrada de *Orballo da media noite,* aportando a aquelas verbas, escritas nun tempo triste, a súa xuvenil alegría.

Compostela en Ollos Novos

A nosa cidade, Capital Cultural Europea no ano 2000, foi obxecto de estudo e espazo de inspiración para, desde a plástica, coñecer, gozar e transmitir os valores dun patrimonio milenario do que somos herdeiros. O binomio campo-cidade, os espazos felices e os espazos sagrados, a cidade coma espazo ideal ou coma arquivo da historia e a visión dunha construción, por veces anónima, destinada a ordenar o cosmos na procura de acollemento e protección, foron debatidos na aula para serviren de canle a unha reflexión que se plasmou en memorias explicativas, tallas escultóricas en xabón, perspectivas de novos emprazamentos, carteis incitando a rehabilitar e a habitar a cidade e moitos outros produtos creados polos alumnos que, por veces, se acompañaron dalgúns dos fermosos textos que sobre Compostela escribiran Rosalía, Valle Inclán, Torrente Ballester, Gerardo Diego, Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro… E, unha vez máis, a creatividade rebordou do noso espazo expositivo para saír á rúa e amosarse no corazón da vila. Alí, onde durmía o silencio, no solemne espazo do Casino de Caballeros, na Rúa do Vilar, aos pés da Catedral, celebrouse a exposición *Compostela en Ollos Novos*, que así se ofrecía aos cidadáns para facelos partícipes das nosas inquedanzas, enchendo de vida e alegría as vellas paredes que, por aqueles días, esmorecían. As obras expostas foron recollidas nun espléndido libro grazas á colaboración do Concello, do Consorcio, do Colexio de Arquitectos así coma do centro Comercial Compostela e mesmo de Artes Gráficas Litonor.

UNHAS BARRAS DE FERRO de 18 metros

Ronsel gráfico para Castelao

É ben sabido que facer visible o invisible é un dos moitos sortilexios que poden obrar as artes plásticas. O que non contabamos é que tal privilexio nos fose concedido a nós. Pero vostedes convirán comigo que así foi. Como explicar senón o *Ronsel gráfico para Castelao*? Foi neste mesmo ano 2000 no que os alumnos e alumnas de 4º da ESO tiveron o honor de veren como os seus traballos de cartel para conmemorar o cincuenta cabodano de Castelao foron colgados no Salón dos Reis do Parlamento de Galicia, acompañando á presentación do libro *Sempre en Galiza*, edición crítica, 2ª edición, o 28 de febreiro e, logo de obteren a aprobación da Mesa, editáronos en fermoso libro, presentado polo presidente do Parlamento de Galicia, José María García Leira, en solemne acto no hemiciclo da Cámara.

Facer visible o invisible –diciamos–, facer visible a ilusión, a esperanza, recuperar a mensaxe dun home bo e xeneroso –profesor de Debuxo nun instituto de Pontevedra, parlamentario, debuxante, escritor– que tivo a Galicia coma alento e o soño de converter esta Terra en Paraíso. As verbas de Castelao, de Fernández del Riego, García-Bodaño, Paz Andrade, Villar Janeiro, Rábade Paredes, Seoane… acompañáronnos na tarefa de axudar a entender que, como Castelao dicía, *a Arte é un gran corazón.*

E talvez porque en cada latexo, este gran corazón que é a Arte pulsa outras cordas, por veces de misteriosa afinación, este *Ronsel Gráfico para Castelao* contou tamén coa colaboración da Obra Social de Caixa Galicia, a cal fixo posible o digno enmarcado da obra orixinal, podendo prolongar así, logo de ser exhibida no Claustro alto do noso Centro, máis alá de Galicia o espazo expositivo do Rosalía de Castro. Grazas ao bo facer do seu alumnado, constituíu unha exposición de referencia coa que conmemorar esta efeméride no fermoso palacete de Amezúa, en Casado del Alisal, fronte aos Xerónimos, na denominada *Milla da Arte*, onde se sitúa a Casa de Galicia en Madrid, que sentiu repicar, envolta en cores e trazos silandeiros, as notas máis alegres da fermosa *Alba de Groria.*

Pequena escolma ilustrada de Sarmiento

A homenaxe do Día das Letras Galegas do ano 2002 a Frei Martín Sarmiento foi para o Departamento de Debuxo a ocasión para introducir ao seu alumnado no campo do gravado xilográfico ao tempo que se achegaba, a través dos seus escritos, ás preocupacións de índole filosófica, naturalista, lingüística ou pedagóxica deste frade ilustrado, que lle confesara en carta ao seu irmán Javier: *Nada veo, nada oigo, nada palpo, nada leo, nada escribo, nada observo, nada experimento y nada discurro que no tenga a la vista Galicia y la Boa Vila.*

Os traballos de gravado en linóleo constituíron o corpo dunha gran exposición, plena de color, que puxo aos alumnos ilustradores e aos visitantes en contacto coa escolma de textos de Sarmiento que formaban parte de cada ilustración: unha selección de cartas ao seu irmán Xavier, ao Duque de Medina Sidonia, a Campomanes... As oitenta estampas que puideron ser contempladas no Claustro alto do noso instituto foron tamén recollidas en espléndido libro, *Pequena escolma ilustrada de Sarmiento*, editado mercé á sensibilidade con que este proxecto foi acollido polo Consello da Cultura Galega.

O espazo expositivo do Rosalía de Castro tamén con esta mostra quixo franquear as portas e, así, as obras dos rapaces para homenaxear a Frei Martin Sarmiento foron expostas na Casa Museo de Fernández Flórez, ao abrigo da máxica Fraga de Cecebre, onde seguro aínda florea, en esplendor de amarelos, a sanadora carqueixa pola que suspiraba Sarmiento en Madrid.

Agasallo de Cores para Xaquín Lorenzo

O ano 2004 deunos ocasión de render cumprida homenaxe a quen empregou o poder fascinador do debuxo non só para facer visibles as ideas senón tamén o mundo: Xaquín Lorenzo, etnógrafo de referencia, debuxou a casa, os oficios, os trebellos, a moblaxe…, recolleu, en magníficas *plumas*, a cultura material galega valéndose, para unha mellor comprensión, tanto da xeometría descritiva coma das perspectivas isométricas. Por iso, ao serlle dedicado o Día das Letras Galegas, os seus debuxos foron a canle para entrar, desde a Educación Plástica, en contacto cos diversos artefactos e construcións recollidas no seu traballo de campo, é dicir, coa forma de vida da que somos herdeiros.

No Claustro alto non sobrou un milímetro e iso que, para poder colgar esta mostra, case se duplicou o espazo expositivo, situando barras de ferro nos paramentos a carón dos vanos. As imaxes de Xaquín Lorenzo, ampliadas de escala, foron gravadas sobre pranchas de madeira e logo impresas no tórculo manual da aula, sobre papel en formato de 50cm x 70cm. O aditamento do *papier collé* deulle o toque de cor a tantos e tantos útiles de traballo, transformados así en suxeito artístico, nun tempo en que xa case non se escoitan cantar os eixos dos carros nas corredoiras. Das paredes brotou un festín para os ollos, un agasallo para a mirada e un eco –tal vez prendido no tempo dos avós– dicía baixiño canda nós, ao ollar a exposición: *fungueiro, cheda, soallo, eixo, chumaceira…*

Si, foi un acto solemne o que tivo lugar no Salón de Claustros do Rosalía cando o Presidente do Consello da Cultura Galega, Don. Alfonso Zulueta de Haz, e outros ilustres membros tiveron a ben inaugurar a exposición e presentar o libro que recolle este noso *Agasallo de Cores para Xaquín Lorenzo*. Aos que alí estabamos pareceunos que a vella lámpada, de torneada madeira, daba máis claridade ou, talvez, fose que o antigo salón se amosaba orgulloso de acoller un acto tan brillante. Totalmente ocupado nesta ocasión polos alumnos– gravadores, os vellos muros semellaban mocear e mesmo o escudo de San Clemente y Torquemada, gofrado por un anónimo artesán no coiro dos vetustos sitiais, parecía alegrarse de verse replicado en cada un dos traballos, presumindo coa fermosa serea que sempre acompaña aos produtos e actos do consello da Cultura Galega. Temos para nós que, unha vez máis, foron os

alumnos os que, coa súa alegría, engrandeceron aínda máis o noso espazo expositivo ata facelo chegar a esa outra dimensión, lugar misterioso e máxico, da memoria feliz.

Tamén estas obras foron viaxeiras e continuaron lucindo arte e cultura no pavillón do xardín da Casa de Fernández Flórez, a carón da centenaria carballeira, que debeu dar, cando era preciso, bos cabezallos, por non falar das corres, loros e vincallos que, segundo recolleu Xaquín Lorenzo, sempre se fixeron con pólas de carballo.

UNHA "SOBREPAREDE"

Hai outro mapamundi cuxos océanos son os recordos, cuxos continentes son os pensamentos depositados no tempo, cuxos ríos arrastran as emocións de tantas horas, cuxos polos están cheos de vacío e cuxo ecuador atrapa o infinito. Pero é un mapamundi secreto. Unicamente a esperanza o desenvolve diante dos nosos ollos.

Rafael Argullol.

A finais de setembro do 2004, tivo lugar a clausura da exposición de *Compostela e o Colexio de San Clemente de Pasantes*. Era preciso desmontala para que o centro puidese volver á normalidade académica e iniciarse un novo curso escolar. Pero, afortunadamente, mantívose parte da arquitectura efémera que se construíra. O IES Rosalía decidiu conservar aquelas instalacións nadas con vocación temporal. Deste modo, o espazo expositivo do centro volveu multiplicarse: as sinxelas estruturas do Claustro alto seguirían funcionando para pequenas mostras e as novas do Claustro baixo –digamos "sobreparede" de madeira adosada aos vellos muros– amosábanse coma un mundo de posibilidades aínda por explorar.

Verbas de Rosalía, Grafías do Rosalía

Coa finalidade de promover entre os escolares un mellor coñecemento de Rosalía de Castro, a *Fundación Rosalía de Castro* convocou no 2005 o *I Premio para Experiencias Pedagóxicas*. Non é preciso que lles diga que para os profesores deste Instituto participar era un imperativo dado que o Centro loce con orgullo, desde a súa creación, o nome da ilustre escritora. Os Departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega, Xeografía e Historia, así como o de Educación Plástica traballaron, desde as súas disciplinas, co alumnado tanto no 1º coma no 2º ciclo da ESO, arredor da figura de Rosalía de Castro. Un ambicioso proxecto que se sacou adiante con arduo traballo e moita ilusión. O resultado: un traballo coral de alumnos e profesores, no que os exercicios da aula se transformaron en produtos de cultura. Así naceu *Verbas de Rosalía, Grafías do Rosalía.*

Unha vez máis, o espazo expositivo do Rosalía quixo ser viaxeiro e, ao igual que os demais traballos participantes na mostra, tamén o noso estivo lucindo exposto nas paredes da Fundación Rosalía de Castro, na Matanza, a carón da antiga casa na que Rosalía viviu. A fortuna fixo que o primeiro premio lle fose concedido á experiencia didáctica que o noso centro presentou: un estudo da obra de Rosalía, tanto a composta en lingua castelá coma a composta en lingua galega; un achegamento ao período histórico en que viviu, con especial atención á situación de Galicia e da muller, elaborado a partir da obra da escritora; e unha edición ilustrada da súa obra, poema a poema, polos alumnos de 1º, 3º, 4º da ESO. Este corpus constituíu *Verbas de Rosalía, Grafías do Rosalía.*

Finalizada a exposición en Padrón, a Fundación tivo a ben prestarnos o conxunto que presentaramos e, así, o novo espazo expositivo do centro no Claustro baixo gabouse de contribuír, de forma tan fermosa, non só ao espallamento da obra de Rosalía senón tamén de poder amosar á cidadanía o traballo interdisciplinar que se fora realizando nas nosas aulas.

Diciamos antes que os espazos poden prolongarse no papel e así foi neste caso cando, meses despois, algúns dos gravados sobre acetato con aditamento de carborundo –que para ilustrar os versos de Rosalía fixeran os alumnos de 4º da ESO– luciron iluminando os libros *Poetas con Rosalía I e II* que a Fundación editou no 2006 e no 2007 e que saíron do prelo con data do 15 de xullo, aniversario do pasamento de Rosalía de Castro.

Auga e Cultura, achegamento gráfico

Cando no ano 2006 a UNESCO coordinou as súas propostas medioambientais arredor da idea "Auga e Cultura", o Departamento de Artes Plásticas, seducido por tal lema, embarcouse nunha experiencia gráfica arredor da auga que, por unha parte, achegase aos alumnos ao coñecemento das técnicas pictóricas que a teñen como disolvente e, por outra, os axudase a reflexionar sobre a importancia de conservar este ben tan imprescindible coma escaso.

Para achegarnos ao tema, tomouse prestada a voz de diversos estudosos. Así, mergullámonos na simboloxía da auga grazas aos textos dos profesores e compañeiros de claustro: Antón Fraguas, Xosé Chao Rego e Xosé Manuel Gónzález Reboredo. Para coñecer os ríos de Galicia utilizamos os estudos dos profesores Río Barja e Rodríguez Lestegás e a obra coordinada por Díaz Fierros, *As augas de Galicia,* fixo posible o achegamento a outros múltiples aspectos relacionados con ela. Tamén examinamos o fermoso texto *A auga e nós* de M. P. Jiménez Aleixandre. Por outra parte, a socioloxía da auga, da man de Ricardo Petrella, axudounos na nosa reflexión xunto co *Informe das Nacións Unidas sobre o Desenvolvemento dos Recursos Hídricos no Mundo*, que se inxire no programa "Auga para todos, Auga para a Vida". Asemade, a *Carta Europea da Auga*, promulgada no 68 polo Consello de Europa, foi obxecto de análise, estudo e posterior ilustración.

Deste estudo xurdiron setenta e tres traballos gráficos, elaborados con diversas técnicas á auga, que deron lugar á mostra *Auga e Cultura, achegamento gráfico,* que se amosou á cidadanía no novo espazo expositivo do Rosalía de Castro. A inauguración, a cargo do Presidente do Consello da Cultura Galega, contou coa presenza de varios dos investigadores citados, que celebraron a interpretación dos seus textos nas fermosas imaxes feitas polos novos, indisolublemente cinguidos xa no fermoso libro que recolle a mostra, editado polo Consello da Cultura Galega, cuxa presentación serviu de broche á celebración do "Día Mundial da Auga".

María Mariño, Palabra no tempo, Verba que comeza, escolma ilustrada

O ano 2007 no que se conmemora o 75 aniversario da conquista pola muller do dereito ao Voto é tamén o centenario do nacemento de María Mariño, a quen se lle dedica o *Día das Letras Galegas.* Pareceunos que, máis alá dos seus indubidables merecementos, o recoñecemento dunha muller do pobo, costureira sen estudos, que sente a necesidade de verter a súa anguria, o seu devezo, as súas inquedanzas na palabra, ben podía constituír un símbolo das moitas mulleres galegas que loitaron a cotío coas obrigas de cada hora, sen perder a confianza no porvir nin a precisa tenrura para seguir alimentando as nosas vidas. E, acaso, esta fose a motivación para que na Aula de Plástica se debullasen as súas obras: *Palabra no Tempo* (1963) e *Verba que comeza* (edición póstuma, 1990), intentando desvelar as súas metáforas para poder vestilas de formas e de cores de xuvenil autoría.

O achegamento ás antigas técnicas do gravado desde unha perspectiva actual deu froito en fermosas estampas elaboradas mediante a mestura da punta seca e do carborundo, que constituíron o corpo da gran mostra realizada no espazo expositivo do Rosalía con motivo de festexar o Día das Letras Galegas.

A exposición, *María Mariño, Palabra no tempo, Verba que comeza, escolma ilustrada* foi posible recollela nun fermoso catálogo ao carón dos poemas da escritora grazas a boa acollida que o noso proxecto tivo tanto na Fundación Caixa Galicia coma en Artes Gráficas Litonor, talvez porque os seus responsables comparten con nós a crenza nas posibilidades salvadoras da Arte. Unha vez máis, o espazo expositivo do Rosalía alongouse ata chegar ao libro para ficar prendido nos fíos do tempo.

Novoneyra Iluminado

As Letras Galegas do 2010 supuxeron unha nova oportunidade para que na aula de Plástica volvese voar a poesía e, así, os versos de Uxío Novoneyra foron, de boca en boca e de mesa, en mesa ata debuxarse as palabras e encherse de cores coas máis diversas técnicas. *Os Eidos, Tempo de elexía, Poemas de doada certeza, I este brillo premido entre as pálpebras, Do Caurel a Compostela* acompañáronnos máis alá das horas de docencia. O Claustro baixo volveu lucir coa beleza da palabra ilustrada polos alumnos de 3º da ESO e unha nova exposición, *Novoneyra Iluminado,* veu dar vida ao espazo expositivo do IES Rosalía de Castro. Daquela, xa esta crise que hoxe nos engule se albiscaba e non nos foi posible prolongar a mostra nun catálogo coma en anos anteriores, aínda que non foi menor a beleza que nela puido contemplarse. A memoria do traballo ben feito puido recollerse nun fermoso tríptico, grazas ao persoal empeño do profesor Luís Cochón e da libraría *Follas Novas*, lugar de referencia na cidade de Compostela.

EXPOSICIÓNS DE LUGAR ESPECÍFICO

Seoane revisitado

No ano 2010 cumpriuse o centenario do nacemento de Luís Seoane, un dos pintores galegos de máis resonancia internacional tanto pola súa obra de creación artística coma pola súa traxectoria de editor e teórico das Artes. Con este motivo, foron moitos os actos de homenaxe e as exposicións que, tanto desde a Consellería de Cultura coma desde a propia Fundación Seoane, se realizaron salientando as múltiples facetas creativas deste significativo persoeiro da cultura galega. A súa pintura, na que as formas e tipos galegos se tratan en amplos planos de cor sobre os que a liña constrúe formas de extraordinaria sinxeleza, resalta a tradición desde unha factura rotunda na que impera a linguaxe da modernidade. Por iso, os profesores do Departamento de Artes Plásticas consideraron que era axeitada para traballar sobre ela co seu alumnado. A técnica elixida, o mosaico, fora empregada tamén por Seoane en diferentes *traballos aplicados* que realizara na Arxentina e ofrecía a posibilidade de achegamento á súa obra desde unha técnica, nova para os alumnos, que permitía un traballo en colaboración.

Explicouse a técnica, estudouse o seu desenvolvemento histórico, elixíronse as obras que ían "traducirse", subdividíronse, e repartiuse a tarefa entre os diferentes cursos… Poden imaxinar vostedes a 320 rapaces e rapazas, desde os doce ata os dezaseis anos, cada grupo na súa aula, partindo azulexos, elixindo os anacos, comprobando as cores no modelo, pegándoos coa intención de resaltar a forma? Poden imaxinar o ir e vir preciso para a reposición do material? Poden imaxinar o seu escepticismo, ao inicio do traballo, e a alegría desbordante ao rematar?

A satisfacción enseñorouse do espazo expositivo do Instituto Rosalía de Castro cando a fins do primeiro trimestre se colgaron os catro mosaicos de gran tamaño: *O bispo de Tui, prisioneiro de Pedro Madruga* (1,80cm. x 2,80cm), *Muiñeira* (180cm x 200cm.), *Trapecistas* e *Gozo e alborozo* cada un de (180 x 120). E puideron contemplar a parte que cada grupo construíra, configurando a totalidade da obra. A alegría que desde estes murais se desprende acompañounos ao longo do ano 2011 e, proximamente, serán situados no Salón de Actos para seguir iluminando o espazo. Cómpre dicir que, se este traballo se puido realizar, foi grazas á especial relación do centro coa cidade e coa súa cidadanía. Neste caso, á xenerosidade de Jesús Babío e Carpintería Neira que nos dotaron dos materiais precisos.

Non é preciso sinalar que, sen o espazo expositivo que herdamos da exposición *Compostela e o Colexio de San Clemente de Pasantes*, non poderíamos levar a cabo estas propostas, que precisan amplos espazos para ser contempladas e armazóns debidamente ancorados para servir de soporte con seguridade, tanto para a obra como para o espectador.

Polo tanto, dispoñer destes medios repercute tamén na programación docente do Departamento de Artes Plásticas. Como vemos, o espazo expositivo actúa tamén coma fermento nai, abrindo as nosas aulas a experiencias novas.

Lorca, Compostela e os Seis Poemas Galegos

O lapis de Seoane levounos ata Lorca, –e aínda hai quen dubide do fermoso trazo da mina de prata?– pero, como noutro capítulo terán cumprida información, abonde dicir aquí que o espazo expositivo do Instituto Rosalía luciu de novo cunha exposición de factura propia: *Lorca, Compostela e os Seis Poemas Galegos*. A mostra estruturouse en dúas partes: unha documental e outra con diferentes versións ilustradas dos *Seis Poemas Galegos*, elaboradas polos alumnos de 4º da ESO de Educación Plástica e Visual que, nesta ocasión, empregaron a técnica do *Falso Gravado*, tanto en cera como en témpera, para, valéndose do "velo escuro" que nesta maneira impera, potenciar, tamén de xeito visual, o misterio que envolve estes poemas.

Álvaro Cunqueiro

Por oír a unha rula, dicir de amor

Onde a arte entra, a melancolía esvaécese,
arrastrando con ela valixas cheas de negros suspiros.
Jean Arp

O ano 2011 tróuxonos a celebración do centenario do gran escritor galego Álvaro Cunqueiro, multiplicándose os actos culturais arredor da súa figura. Tamén no Instituto Rosalía de Castro quixemos achegarnos ao imaxinario deste gran fabulador, poeta e narrador. Dado que as ferramentas do seu traballo foron a palabra e a imaxinación creadora, pareceunos axeitado renderlle homenaxe desde as di-

ferentes linguas que se imparten no centro, xa que somos un centro plurilingüe e, como non, desde a Educación Plástica e Visual, que desde o saber ver e o saber facer, nos capacita para inventar as formas que seguramente el viu xurdir entre os fíos da néboa, mañanciña ou serán, a carón da ribeira cando ficou prendado escoitando a rula.

Así traballamos, desde cada disciplina, diversos textos de Álvaro Cunqueiro: En castelá achegáronse a pequena xoia que forman *Siete Cuentos de Otoño*. En lingua alemana traballouse a súa figura e obra desde a finxida correspondencia entre un rapaz galego e outro alemán. En lingua inglesa elaboraron todo un menú: almorzo, xantar e cea, entresacados das súas obras, que os alumnos traduciron ao inglés. En lingua galega rastrexaron na rede na procura dos actos que sobre a súa figura tiveran lugar, ao tempo que se achegaron ás súas creacións. Os alumnos de Cultura Clásica tiveron tamén mediante os seus textos a oportunidade de ver os antigos mitos reinterpretados. Desde a lingua francesa elaboráronse caligramas e acrósticos sobre o fermoso e afortunado desexo que un emocionado Cunqueiro formulou no acto de nomeamento como Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago, e que xa é patrimonio da Cultura Galega*: MIL PRIMAVERAS MÁIS.*

Don Xosé Manuel Pinal, Director Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, cos profesores de plástica do Instituto Rosalía de Castro, ultimando os preparativos da exposición do centenario de Cunqueiro

Queremos sinalar a especial achega da catedrática de Grego, Mª Xosé Graña, que realizou para esta exposición, a tradución ao grego clásico do citado texto e tamén agradecer a xenerosa aportación do profesor Luís Cochón, amigo de Cunqueiro, quen nos fixo achega dun fermoso texto (radiado o 26 de setembro do 1956), no que o autor narra como, ao ser ofrecido a San Cosme cunha cabeciña de cera na man, –que debía ir chea de "*bolboretas coloradas*–", a súa encheuse de fábulas e fantasías. Relato de singular significado nesta mostra pois pon de relevo a transcendencia que os feitos significativos teñen na nosa construción vital.

Desde o Departamento de Educación Plástica e Visual quixemos render homenaxe a este soñador desde tres propostas diferentes: co alumnado de 4º da ESO que ten esta materia como asignatura optativa, realizáronse ilustracións, en moi diversas técnicas, para unha selección dos seus textos: poemas, relatos, artigos de xornal e novelas. Ademais, quixemos deseñar os gardiáns de tan singular mostra: para quen soñou un heroe que non se vinga e un mariñeiro que non navega, que mellor que inventar unha sereas portadoras de novas ventureiras?. Cos alumnos, de 1º, 3º e 4º da ESO, propúxose realizar un traballo en plaquetas de arxila, arredor de *MIL PRIMAVERAS MÁIS*. A partir deste lema, a plasticidade da arxila como porta aberta á creación, a través dun proceso xa de por si significante: cortar o barro, estiralo, modelalo ou gravar texturas…afundir as mans na terra. Ver como a presión que exercemos fai xurdir os volumes, dar forma as ideas que se van construíndo na cabeza… –nós, feitos de arxila, alfareiros somos– e darlle tempo ao tempo –divina paciencia– para que seque.

Viría logo o momento da color. As placas traballadas serán un mar azul: 340 pezas como se fosen olas, ou coma rulas, porque o seu é construír un canto: cada plaqueta será unha voz e, tal vez, no proceso se obre o milagre que en Cunqueiro neno se logrou: encher as cabeciñas dos nosos alumnos de xogo e fantasía, de arte e de ilusión.

Polo que respecta aos posibles espectadores desta exposición arredor de Cunqueiro *Por oír a unha rula, dicir de amor*, que no primeiro trimestre deste bisesto ano 2012, se amosará no espazo expositivo do Rosalía, desexamos que poidan gozar das súas creacións re-interpretadas polos rapaces desde diferentes disciplinas. O traballo da aula vístese aquí de domingo para engaiolar os seus ollos. Os nosos xa quedaron, ao facer a tarefa, impregnados de maxia, cheíños de estrelas.

SIMULTANEIDADES, NON MENORES

Ese constante sucederse, ese fluír inherente ao tempo, fai que os feitos se encabalguen uns sobre outros conformando un urdido no que se mesturan os días e só locen con intensidade propia aqueles que, de xeito especial, acadaron un lugar sinalado na memoria. Pero todos eles, incluso os que non acordamos, foron precisos para acadar eses intres de fulgor. Así sucede, cos días de monótonas explicacións, de bocexos e bocexos desbotados, de exercicios formais ata acadar un certo manexo na expresión. E así tamén, estes momentos de "excelencia", estas grandes exposicións están acompañadas doutras moitas de índole doméstica, que só quedaron recollidas nas memorias de fin de curso, pero sen as que non serían posibles estoutras mostras de especial significación.

MOSTRAS NO CLAUSTRO ALTO

Ao mesmo tempo que as exposicións citadas, –que se celebraron no Claustro baixo desde o 2004, nas barras de ferro do primeiro andar–, seguiron tendo lugar mostras, de non menor interese, pero si de menor duración temporal. Non faremos un relato exhaustivo pero, por fidelidade aos feitos, permítasenos alomenos citalas:

- Exposicións de cadernos de artistas, arredor do libro coma obxecto, instalacións e performances arredor do libro como porta, e construción do *Libro dos Libros.*
- Ilustracións para Edgar Alan Poe, conmemoración no centenario do seu nacemento
- Ilustracións de diversos cursos arredor dos persoeiros aos que lles foi dedicado o *Día das Letras Galegas.*
- Exposicións de gravado arredor do tema: *Guerra e Paz e* de murais en homenaxe aos mariñeiros e aos voluntarios que axudaron a limpar as nosas costas cando foi o desastre do Prestige.
- Exposicións de *Caligramas.* Exposicións sobre o autorretrato: *Mírome, pénsome, habítome*.
- Exposicións sobre o tema da non violencia contra as mulleres, con motivo da celebración o día *25 de novembro, día internacional contra a Violencia de Xénero*.
- Exposicións arredor dos cambios estacionais, coma *O Outono e as cores da contorna.*
- Exposicións de Videos e Debuxos Animados, que tamén aquí, exploramos os novos medios. Exposicións de Debuxo Técnico...

EXPOSICIÓNS DOUTROS DEPARTAMENTOS

Tamén para albergar mostras doutra índole, houbo tempo e espazo no corredor alto. Así conviviron, en perfecta sintonía, algunhas das mostras citadas con outras de maquetas realizadas polos alumnos de Tecnoloxía ou dos diversos idiomas que se estudan no centro: alemán, inglés e francés.

O Certame de Fotografía que o Instituto Rosalía convoca desde hai máis de vinte anos, nas diferentes seccións (fotografías sobre o centro, sobre a cidade e de tema libre) ofrécenos, cada curso escolar, a posibilidade de marabillarnos ante a diversidade de visións que, ano tras ano, os nosos alumnos son quen de obter duns mesmos espazos.

Neste curso 2012 incluso o Departamento de Ciencias Naturais sacou o seu instrumental ao corredor baixo organizando, durante unha semana, o que poderíamos denominar " laboratorio ambulante", no que cun equipo de alumnos voluntarios, achegaron ás marabillas da observación microscópica a todos os alumnos que o desexaron.

EXPOSICIÓNS DE LUGAR ESPECÍFICO: *BIENAIS DE ARTE DO ARCEBISPO SAN CLEMENTE NO INSTITUTO "ROSALÍA" EN COMPOSTELA*

Como nace a arte? Como un remedio ao coñecemento. A vida non é posible si non é gracias ás ilusións da arte.

Nietzsche

O espazo expositivo do Instituto Rosalía de Castro inicia unha nova andaina no 2006, cunha mirada cara ao lonxe desde o cerne –desde a Arte máis propia– coa instauración das *Bienais*, exposicións que se celebran no mes de xullo, e con artistas de fonda traxectoria. Claro contrapunto a esoutras que, de autoría xuvenil, colgan dos seus muros ao longo do curso.

1ª Bienal, 2006: Virxilio



Con motivo da celebración no ano 2006 dos 400 anos do Colexio de San Clemente de Pasantes e dos 65 anos do Instituto Rosalía de Castro, celebrouse a 1ª Bienal, sendo o gran pintor galego, Virxilio, o artista invitado. A mostra *Os oitentas* exhibiuse neste espazo do 26 de xuño ao 26 de xullo; Os comisarios da mesma foron: Santiago Lamas e Luís Cochón, e o coordinador, Daniel Férnández Rey.

Unha selección de pinturas, de diferentes épocas, como os días da vida pero co mesmo ton vital, luciron para galano de todos nas vellas paredes do Rosalía. Os rostros redondos, con ollos admirados, e as cabezas cubertas con panos de cores puxeron ante nós toda a tenrura das mulleres labregas da súa nenez e mocidade. Tamén a abstracción que nos últimos anos realizou, de menor formato, tiveron cabida para amosarnos como é sempre nova a ollada dun vello creador.

Os oitentas constituíron un agasallo para o pintor, gustoso de ver as súas obras contempladas, e para cada visitante do Instituto Rosalía de Castro, que podía deixar pasear a mirada por tanta beleza.

2ª Bienal, 2008: Xulio García Rivas

As pinturas sobre táboa nas que o pintor xoga coas texturas, sempre medidas, e cos contrastes cromáticos, temperados polos grises, encheron de resonancias en voz baixa, suxeridoras de misterio, as antigas paredes do Claustro baixo. Os ocres, resaltando en luces; os azuis, na procura da sombra; e o xesto amplo, no que, por veces, se observa que rebordou das marxes… toda a contorna pode se o cadro… e o pintor,traballando a vida, naquel seu mundo de materia e de luz…

3ª Bienal, 2010: Xan Vieito

Nesta mostra, a investigación coas máis diversas técnicas mixtas que desde as superficies das súas obras o artista nos ofreceu, constituiu todo un agasallo para a imaxinación. As cores e as formas, tiveron un diálogo constante coa materia e cos materiais. O resultado dunha busca, dun perseguir sempre outra cousa. O pracer de vivir construíndo coas mans unha arela de luz.

Recollemos do tríptico da exposición estas palabras de Luís Cochón: *Pero Xan ten nostalxia da súa infancia labrega –nin labregos temos–, dos xogos cos que enredaba, tan presentes na súa pintura, no seu labirinto, se é verdade que os labirintos son circulares ou esféricos aínda que adoitan ser reticulares.Todo o que veña na rede é peixe, e mais se pesca ao corricán, que segue a corrente.*

Xan Vieito non deixa contestada ningunha pregunta. Sabe que son as respostas as que xeran a interrogación. O mundo está cheo de respostas nunca preguntadas, que andan soltas como cans de ninguén:

Un desplome
de ósos
como o que fixo dun muro
este monte de pedras.

EXPOSICIÓNS SINGULARES

Era unha mágoa ver espidos os paramentos, noviños, que constituían o flamante espazo expositivo ao concluír a exposición *Compostela e o Colexio de San Clemente de Pasantes*. Non podería precisar de quen foi a fermosa idea, pero viñeron a enseñorarse deles as imaxes que recollen os momentos singulares, daqueles, xa para sempre, cinguidos ás vellas pedras deste centro educativo.

Do 18 ao 30 de marzo de 2005, todos puidemos contemplar a mostra fotográfica: *O INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO, 65 ANIVERSARIO.* Nela, e gracias ao traballo de selección e montaxe de Carme Alonso, Dionisia Gª. Fraguela, Daniel Rey e Miguel Fariña, puidemos contemplar a mudanza das xentes, o paso do tempo, os corredores sempre ledos cheos de rapazas –era daquela o Instituto Feminino– e os cambios cando pasou a ser mixto e víu correr tamén os rapaces. Foi para nós o tempo recobrado.

No ano 2007 celebrouse en Santiago a *VII Edición da Copa da Liga Española de Baloncesto (Adecco LEB 2)* Con este motivo, a vida do Instituto xirou arredor do tema deportivo desde moi diferentes ángulos. Tamén desde a Arte, polo que o espazo expositivo do Rosalía de Castro albergou a excelente mostra *CORPUS, CORPORIS,* do pintor, e profesor de Debuxo deste Centro, Pedro Ávila Durán.

A exposición ía encher o espazo de rotundas anatomías nas que as antigas relacións entre corpo, arte e deporte, volvían a ser refiguradoras de actitudes, de formas e, asemade, de espazo pictórico, no que con mestría, tanto desde a liña coma desde a cor, se amosa un repertorio iconográfico onde corpo e tempo se dan a man.

TOPOGRAFÍA PROBABLE do Espazo expositivo do IES Rosalía de Castro

Se foron quen de acompañarnos ata aquí neste relato –rigoroso, mais non exhaustivo– sobre a evolución deste singular espazo expositivo, talvez estean a piques de preguntarse acerca doutros pormenores, por exemplo: no día a día, como resulta o tránsito diario xa que por el circulan case 1600 alumnos? E teño que informarlles que, tamén neste aspecto, se observa o rastro do prodixio: non se produciu ningún acto vandálico. Nin unha soa raia fixeron os rapaces. O respecto foi, e segue sendo, o realmente salientable.

Pero, ademais, podemos dicir que a intervención desa maxia, –que sempre opera a arte–, quedou máis que probada polo xeito, non so de sucederse os feitos, senón polo cariz que foi tomando a propia constitución deste ámbito, a saber: realizouse sen violencia, sen rivalidade, o que nos sitúa na dimensión que Böllnow, no seu fermoso libro *Home e espazo*, denomina a *espacialidade do prudente coidado,* caracterizado por unha harmónica convivencia, baseada no respecto ao outro, constituíndo un espazo común onde a colaboración na tarefa educativa ensancha o noso horizonte vital. Como puideron ver, se seguiron atentos o relato, este é un espazo sustentable, que humaniza e conxuga, ao mesmo tempo, o habitar e o compartir, axúdanos polo tanto a conversar e moi seguro que, dalgún xeito, nos permite reconciliarnos coa dureza, que tamén acompaña ao feito de vivir.

Entre os 42º 52´ 39´´ latitude N. e os 4º 51´32´´ lonxitude W. (Madrid) sitúase o lugar que hai catro centos anos, na tona da terra, abriu o arado. Extramuros da cidade debuxouse a ferro o cadrado que puidese albergar esta utopía. No seu centro, cavouse un "mundo" para que fose o berce dos soños que impulsasen un navegar ventureiro e, coa primeira pedra chantada neste chan, un desexo de paz foi erixíndose en forma. A porta que aínda dá acceso a este novo cosmos, concebido como espazo educativo, enxírese na misteriosa proporción do rectángulo aúreo –que tamén en nós levamos gravado– Velaí a beleza que persiste no tempo. Penetrar neste "sitio", percorrer o patín, albiscar ese patio –catro portas para catro ventos– virar á esquerda e situarse xa fronte a "sobreparede" da que vimos falando, é descansar, un tanto cada día, no gozo interior que brota do misterio.

Para os escépticos –que haber hainos– e para aqueles que ata aquí chegaron sen ver máis que a fatigosa diacronía do relato, diremos que este espazo cumpre con todas as instrucións que para o eido educativo formula a UNESCO, con respecto ás artes, no currículo obrigado. E agora, que compartiron con nós o percorrido, abreviado, deste singular labirinto, quererían vostedes sumarse ao brinde por un longo futuro deste espazo que, situado entre a loita diaria e a soñada promesa de bondade, quere traspasar a rigorosa cartografía cartesiana para situarse na xeografía do anhelo ?

Nas noites claras, segue a lúa bicando ás vellas lousas, engaiolando con suave luz as súas fiestras. Sabemos que bicou, de vez en vez, as mostras, competindo co sol, que polo día xoga a cotío con elas. –Tivo algo de ciumes, viunas tan fermosas que as creu estrelas–. Por iso, nós non temos dúbida, de que este sitio noso, o *espazo expositivo do IES Rosalía de Castro*, pode ser o lugar por onde sigan entrando as máis fermosas mañás deses xílgaros que cantan ledos, anunciando que volve rexurdir, unha vez máis, plena de aromas e de cores, unha nova primavera.

4.5.1
XACOBEO 2004: COMPOSTELA E O COLEXIO DE SAN CLEMENTE DE PASANTES

Mª José Enríquez Morales

No ano 2004 o Instituto *Rosalía de Castro* cumpría 65 anos. Decidimos conmemorar tan xubilar data cunha exposición que puido organizarse gracias á boa acollida dispensada pola Consellería de Cultura e o Comisariado Xeral das Exposicións do Xacobeo que, asemade, celebraba o primeiro ano xubilar do milenio.

En *Compostela e o Colexio de San Clemente de Pasantes*, aberta a todos aqueles que desexaran visitala, podían contemplarse as obras de vintenove creadores que tiñan como nexo común a súa vinculación á cidade de Compostela e ao noso Instituto, por teren sido nel profesores ou alumnos. Organizada en catro seccións, introducidas por cadanseu poema dos profesores Aquilino Iglesia Alvariño, Ricardo Carvalho Calero, Xesús Rábade Paredes, e da exalumna Mª do Cebreiro, desenvolvíase no espazo da actual aula de música e no claustro.

Na primeira sección, adicada aos *Profesores artistas de onte*, disfrutamos da escultura de Asorey, Castor Lata ou Rafael Rivera, e da pintura de López Carballo, Garabal, Vidal Abascal, Mayer Viña ou Ángel Sevillano. Os mestres dos menceres prometían as luces da segunda sección, onde se agrupaban os *Profesores artistas de hoxe*, nados despois de 1945. As obras de Clara F. Marín, Aurora Gil, Lois L. Rico, Marisa Calderón, Pedro Ávila Durán, Soledad Pite Sanjurjo ou Juan José Raíces, amosaban a plural concepción que do feito artístico posúe cada un deles. Os tres últimos impartían, e imparten actualmente, as súas ensinanzas nas nosas aulas.

A semente dos profesores de onte e hoxe propiciaba a colleita das seccións terceira e cuarta, adicadas ao quefacer dos que foran alumnos (*Profesores artistas, alumnos de onte* e *Exalumnos artistas*). Abundaban os nomes de muller porque, neste exercicio de recuperación da memoria, non podía esquecerse a condición de Feminino que tivo o Instituto ata a década dos oitenta do pasado século. Un amplo percorrido permitía achegarse ao traballo de Mª Jesús Reboredo, Estela Pintos, Rosa Vázquez, Carmen Ferrán, Pilar Montero, Silvia Rodríguez; Mª José Pampín, Marcos Vilariño, Rosana Carnero, Gemma Aguilar,

Purificación Lema, Laura Malvárez, Horacio González ou Santi Jiménez. Fotografía, videoinstalación, escultura, fotocollage, pintura, emprego de moi distintas técnicas, materiais e soportes, eran proba da ampla gama de posibilidades estéticas que caracterizan ao noso tempo.

Se toda arte pugna por chegar a ser música, se, como sostiña Henri Matisse, a pintura ha resultar un vivo acorde de cores, unha harmonía análoga á dunha composición musical, nós tiñamos a oportunidade de acompañar as obras expostas coa voz da soprano Laura Alonso e o piano de Abe Rábade. Malia a súa mocidade, ambos exalumnos desexaban abrirse camiño no mundo da lírica e do jazz. Tal desexo é hoxe unha realidade para ámbolos dous.

O visitante da exposición atopaba indicado o itinerario a seguir a través das verbas de dous ilustres claustrais: comezaba o seu percorrido ao abeiro dun fragmento de Gonzalo Torrente Ballester e rematábao cunhas verbas de Xosé Chao Rego.

O Rosalía de Castro, a un paso da Porta Faxeira, por onde accedían á cidade os colexiais sanclementinos, abría a súa aos cidadáns de Compostela e a todos os que a visitaban no primeiro Xacobeo do século XXI. Desde aquela, utilizar o noso claustro como espazo expositivo foi xa un costume que non queremos abandoar.

Para Soledad Pite e para min mesma, primeiro como exalumnas e despois na nosa condición de profesoras, ser comisarias desta exposición foi unha grata experiencia. De *Compostela e o Colexio de San Clemente de Pasantes* quedou memoria impresa no libro que se acabó *de imprimir nos talleres de Gráficas Varona, o 29 de xuño de 2004... no ano en que se conmemoran o 400 aniversario da fundación do Colexio de San Clemente de Pasantes e o 65 aniversario da creación do Instituto Rosalía de Castro*.



4.5.2
2009: A EXPOSICIÓN REXIONAL GALEGA DE 1909

José Arca

O século XIX sobre todo na súa segunda metade estivo caracterizado polo optimismo e a confianza no progreso da sociedade simbolizado pola electricidade e o ferrocarril. Unha manifestación desta maneira de sentir serían as Exposicións Universais, Nacionais e Rexionais que se desenvolven en Europa. As exposicións que se realizan en Londres, París, Barcelona e Zaragoza serán os espellos nos que se mirará a que vai ser a gran Exposición Galega de 1909. A Galicia da primeira parte do século XX, anterior a Guerra Civil, é un país en movemento, un país que recibe importantes recursos da emigración americana e na que xorden iniciativas de gran interese tanto no campo cultural e educativo como no campo da agricultura e da industria. O que pretende a Exposición de 1909, cunha ambición digna de encomio, é colocar a Galicia no mapa, no mapa do Estado Español e no mapa da Europa do momento. Para conseguilo non escatimaron esforzos o grupo de compostelás que con Pedro Pais Lapido ao fronte protagonizan unha aventura, que podemos considerar histórica como recolle Henrique Alvarellos no excelente libro recordatorio do centenario da exposición: *Santiago 1909, centenario da Exposición Rexional Galega*. Aventura que sintetiza moi ben o historiador Xosé Ramón Barreiro citado por Henrique Alvarellos no seu libro:

> *A Sociedade Económica de Amigos do País era unha institución parauniversitaria, un organismo dinamizador de primeira orde. Un faro que irradiaba iniciativas continuamente: económicas, sociais, culturáis. Quen consegue, por exemplo, que Manuel Murguía sexa nomeado Cronista Oficial de Galicia. Constitúena os burgueses, pero tamén os intelectuais da cidade. Dase a circunstancia de que hai importantes comerciantes vinculados á élite intelectual. Estaba comprometida coa realidade social e era o contrapunto a unha universidade desgaleguizada e allea ás demandas da sociedade galega. Xa no ano 1858 fixo posible a Exposición Rexional á que asistiu a raíña Isabel, e no ano 1864 tivo a valentía de organizar o Congreso Agrícola para debater a reforma agraria de Galicia a través da posible supresión do sistema foral.*
>
> *Logo está a personalidade de Pedro País Lapido, home de fortuna pero sobre todo soñador de utopías, que foi o grande impulsor, a máquina motora desta Exposición.*

A exposición, pois, como outros moitos proxectos modernizadores no Santiago do século XIX e de inicios do XX, é en gran medida unha iniciativa da Sociedade de Amigos do País e logra aglutinar unha parte importante do que había de inquieto e influinte na Galicia do momento, tanto en Galicia como en Madrid. O obxectivo é organizar unha grande exposición que sexa un proxecto común por encima de partidismos e ideoloxías e presente unha imaxe de conxunto da Galicia do momento: unha Galicia na que xa se ven signos que anuncian cambios importantes e por outra parte un país orgulloso de seu pasado artístico e cultural.

A exposición divídese en dúas seccións principais: A *Sección Contemporánea* ubicada na Alameda e no que hoxe chamamos Campus Vida e a *Sección Arqueolóxica* instalada no edificio de San Clemente. Nun primeiro momento pensouse en organizar toda a exposición no edificio de San Clemente e na súa horta (actuais instalacións deportivas do Instituto Rosalía de Castro). San Clemente era a sede da Sociedade de Amigos do País que, como promotora, cedía compracida a maior parte das súas instalacións. Pero rapidamente o proxecto tomou unhas dimensións máis ambiciosas e ante o reducido do espazo decidiuse instalar a *Sección Contemporánea*, como xa dixemos, na Alameda e no actual Campus Vida.

O profesor do noso Centro, Alberto R. Rogina, deseñou o cartel anunciador da exposición

Os pavillóns modernistas da *Sección Contemporánea*, herdeiros do art-deco, presentarán a Exposición da Innovación, da Industria e da Arte Contemporánea, é dicir un país vivo e dinámico, que xa adianta a Galicia dos anos vinte que retrataría Matilda Anderson.

Por outra parte en San Clemente preséntase a imaxe dunha Galicia cun pasado rico e culto como explica Henrique Alvarellos no libro recordatorio da exposición: *A poucos metros da Alameda, desa Galicia dos pavillóns modernistas e da industrialización, érguese, como contrapunto e reforzo, a Galicia histórica no senso máis ambicioso que se teña pensado nunca. É a primeira vez que se idea un certame que mostra a propios e foráneos 2.000 anos de creación: pezas do puzzle que foi conformando a identidade desta terra.*

Nas galerías de San Clemente e no propio claustro xa se encontraba o incipiente Museo Arqueolóxico, creado pola sociedade de Amigos do País en 1884, e ao que se accedía pola famosa *Arcada Gótica* que continúa recordando a historia no claustro do actual Instituto. O Museo Arqueolóxico quedaría integrado dentro da Exposición rexional e polo tanto a Arcada Gótica sería tamén unha das portas de entrada á Sección Arqueolóxica.

A comisión organizadora fixo coincidir a exposición co primeiro ano xubilar do século, o que axudaría ao seu éxito, tanto polo número de visitantes como pola repercusión nos medios de comunicación da época. O rei Alfonso XIII inauguraría a exposición o 24 de xullo e o 25 presentaría a ofrenda ao Apóstolo.

En 2009, o Instituto quixo recordar este

evento, importante tanto na Historia de Compostela como na de toda Galicia, cunha exposición dunha excelente mostra de fotografías que facían revivir os fermosos pavillóns modernistas e a extraordinaria colección de obxectos artísticos da *Sección Arqueolóxica.*

Obras expostas no Claustro de San Clemente. A sección arqueolóxica

Esta mostra completábase cunha recreación virtual na que pretendíamos recrear con toda a súa viveza e fermosura os edificios desta extraordinaria exposición. Só queda en pé o chamado *Pavillón Recreativo,* obra do arquitecto Antonio Palacios e actualmente sé dunha escola infantil da Xunta de Galicia. Esta recreación proxectouse na fachada do instituto, polas noites durante o período da exposición.

A exposición-centenario inaugurouse cunha ambientación da época interpretada polos alumnos de Animación Turística do Instituto na que se puideron degustar, acompañadas por unha copa de champán, as rosquillas *Tábora*, gañadoras dunha medalla de ouro no concurso da Exposición Rexional. Toda unha xentileza da confitería de *Tábora* de Silleda en Santiago.

Proxección da recreación virtual na fachada do centro

Alumnos do Ciclo de Animación Turística, vestidos de época na inauguración

Federico García Lorca, acompañado por Ernesto Guerra da Cal, nunha terraza en Madrid

4.5.3
2011: LORCA, SAN CLEMENTE, COMPOSTELA E OS SEIS POEMAS GALEGOS

Ubaldo Rueda

O Instituto Rosalía de Castro conmemorou a presenza de Lorca en San Clemente e en Compostela, en 1932, e tamén o 75 aniversario da publicación dos *Seis Poemas Galegos* cunha exposición, a modo de relato, duns feitos moi significativos nun momento doce da nosa cultura e do noso país, no primeiro terzo do século XX. Este relato desenvólveno nesa exposición algúns dos seus propios protagonistas como Carlos Martínez-Barbeito, Luís Seoane, Ernesto Guerra da Cal e Eduardo Blanco Amor ou o mesmo Federico García Lorca; historiadores e investigadores como Ian Gibson e Joel Gómez, e tamén xornais como *El Eco de Santiago e El Pueblo Gallego.*

Lorca desprázase a Santiago o 7 de maio de 1932, convidado polo recente creado Comité de Cooperación Intelectual de Compostela, para pronunciar unha conferencia no pazo de San Clemente, o edificio que hoxe alberga o Instituto Rosalía de Castro. Da súa estadía en Compostela quédannos as reseñas da prensa e un retrato realizado por Luís Seoane, estudante de Dereito apaixoado polo debuxo e pola pintura, retrato que será publicado no xornal *El Pueblo Gallego,* o 10 de maio de 1932.

Lorca é acollido en Compostela polo Comité de Cooperación Intelectual, ao redor do que pulula un grupo de estudantes e artistas cheos de inquedanzas e de ilusións, entre outros Carlos Martínez-Barbeito, Luís Seoane, Arturo Cuadrado, Carlos Maside, Luís Manteiga, F. del Riego, Ricardo Carvalho Calero, José Eiroa, Feliciano Rolán, Álvaro Cunqueiro e Domingo García Sabell. Un ramallete de mozos dunha extraordinaria dimensión humana e intelectual. Do grupo que acolle a Lorca dirá Carlos Martínez-Barbeito: *Antes de que todos estos confluyeran en la sede universitaria de Santiago no se había conocido semejante eclosión de entusiasmo, de frenesí y de pasión por las letras, las artes y la política; creo que tampoco ha vuelto a repetirse el fenómeno. (Grial 43, 1974).* Neste Comité de Cooperación Intelectual convivían membros da clase política con persoeiros da sociedade civil compostelá como os catedráticos da Universidade Abelardo Moralejo e Ciríaco Pérez Bustamante, e o xove profesor de Dereito Administrativo Feliciano Rolán.

Lorca na Praza da Quintana. 1932

Lorca queda impresionado pola cidade, polas súas rúas, as súas prazas e polo ambiente que estes mozos lle transmiten. Con eles, interpretando ao piano cancións populares, algunhas delas galegas, pasa unha velada inesquecible no Hotel Compostela onde se aloxa. Lorca na compaña destes mozos, percorrerá as rúas e prazas da cidade, visitará o Café Suízo e o Café Español e, como home de teatro, quedará impresionado pola dimensión escénica de distintos espazos de Compostela, sobre todo das prazas de Praterías e da Quintana, á que xa sempre chamaría *plaza-butaca*, e onde nunha posterior visita, nese mesmo ano, actuaría o seu grupo de teatro *La Barraca.*

Lorca chegaba a Santiago xa cun caldo de cultivo de cultura galega: folclore, música e lecturas, que traía das súas estreitas relacións coa colonia galega en Madrid no entorno da Residencia de Estudantes. Bal y Gay, Guerra da Cal, Serafín Ferro e tamén Valle Inclán e máis tarde Blanco Amor que incluso o visitará en Fuente Vaqueros, estaban entre os seus interlocutores preferidos.

Lorca volve a Madrid, fascinado pola cidade e polo grupo de estudantes que o acolleu. Envíalles libros dedicados e mantén sobre todo con C. Martínez-Barbeito unha relación epistolar intensa e familiar. Nunha primeira carta do 29 de maio de 1932, poucos días despois da súa estadía en Santiago di textualmente: *Recuerdo con verdadero encanto los días de Santiago y la alegría de ese grupo de amigos a quienes no olvido y espero ver muy pronto.* En carta posterior ao mesmo Martínez-Barbeito insiste: *Saluda a Maside y anímalo para que siga pintando. Saluda a todos con verdadero cariño. Recibí una cordial tarjeta de Manteiga. Cuando pases por la plaza-butaca, déjame un pequeño sitio para mí. Ya estaremos al corriente para el homenaje a Rosalía.* Inmediatamente despois da visita a Santiago a prensa tamén se fai eco das consecuencias desta visita: *tendrá muy gratas derivaciones pues tan genial poeta se propone escribir un poema sobre asuntos gallegos* e tamén *organizar un gran homenaje a Rosalía* como recolle o xornal *El Pueblo Gallego* do 14 de maio de 1932. A primeira destas intencións vai cristalizar nos *Seis Poemas Galegos*, coa colaboración de Ernesto Guerra da Cal como incitador e dicionario vivente, e de Eduardo Blanco Amor como depositario dos manuscritos e prologuista, e evidentemente con Anxel Casal como editor. Estos poemas foron publicados o 27 de decembro de 1935, hai agora *75* anos.



A emoción desta viaxe a Galicia, especialmente a Santiago así como os propósitos de Lorca á súa volta a Madrid son confirmados polo seu amigo máis próximo naquel momento, Ernesto Guerra da Cal: *Falou-me de Seoane, de Maside, de Arturo Cuadrado, de Feliciano Rolán, e especialmente de Carlos Martínez-Barbeito. Disse-me nessa altura que ele quería corresponder a todas as amabilidades e gentilezas de aquel grupo de Santiago que el destacava como aquel com que ele se tiña mais profundamente identificado. […] Esses poemas seriam a resposta lírica a esse grupo de homes e rapazes que lhe tinham tornado a sacra Compostela uma verdadeira revelação, poeticamente deslumbrante*. Esta pequena cita pertence a *Os Seis Poemas Galegos de Federico García Lorca,* libro inédito de Guerra da Cal, confirmación que lle debemos ao extraordinario traballo de investigación de Joel Gómez, *A trajectória de Ernesto Guerra da Cal nos campos científico e literario, t*ese de doutoramento editada na USC.

Federico García Lorca, Pura Maortua de Ucelay e Ramón María del Valle-Inclán. *Madrid 1934*

O papel de Ernesto Guerra da Cal nestes feitos é de primeira importancia. El colaborará con Lorca como dicionario vivente na elaboración dos *Seis Poemas Galegos* e cinco deles son manuscritos de Ernesto. O ferrolán Guerra da Cal foi un dos máis grandes amigos de Lorca, e é un auténtico personaxe de novela. Nace en Ferrol en 1911, de avó italiano, orfo de pai moi cedo, críase en Quiroga coa súa familia materna e aos 10 anos márchase para Madrid onde se desprazara a súa nai, á morte do seu home, para estudar Maxisterio. O pai de Guerra da Cal licenciarase en Medicina en Santiago e foi un dos grandes amigos de Castelao na súa época universitaria. Guerra da Cal realiza os estudos de secundaria no Instituto San Isidro en Madrid, e inicia Arquitectura, que posteriormente abandonará pola carreira de Letras na Universidade Central. Guerra da Cal participa intensamente na vida social e cultural de Madrid. Entrará en relación con Lorca, do que será un dos seus mais íntimos amigos, con Buñuel, Dalí etc. Será tamén, coa súa planta de galán, un dos principais protagonistas dun dos grupos de teatro máis de moda no dinámico mundo cultural do Madrid dos anos trinta, o *Club Anfistora* que creara Pura Maortua de Ucelay e na dirección do cal colabora activamente Lorca.

Outro personaxe galego co que Lorca ten estreita relación en Madrid é Valle Inclán que incluso acompañará a Lorca e a Pura Maortua durante os ensaios de *Yerma* antes da súa estrea.



Ernesto Guerra da Cal casará en primeiras nupcias cunha compañeira de estudos e de teatro, Margarita Ucelay Maortua, filla de Pura Maortua. Margarita Ucelay, que aínda vive na actualidade en Madrid, é unha das grandes especialistas en Lorca e irmá doutra gran intelectual, Matilde Ucelay que faleceu en 2008 con 96 anos. Matilde, a primeira muller que cursou Arquitectura en España, acadou o Premio Nacional de Arquitectura en 2004. Despois da guerra, Ernesto exiliarase en Nova lorque e comezará a súa extraordinaria carreira universitaria, sendo catedrático das universidades New York University e City University of New York onde compartirá aulas con Einstein e Severo Ochoa. Renunciará á súa carreira de actor de Hollywood que o seu amigo Buñuel lle propoñía e converterase nun especialista de recoñecido prestixio nas linguas ibéricas, chegando a ser o máis grande experto en Eça de Queirós coa súa tese, *Lingua e estilo de Eça de Queiroz;* coordinará a edición dun *Diccionario Inglés-Español,* publicará con Margarita Ucelay *Literatura del siglo XX* e tamén poesía de alta calidade en galego, castelán, portugués e inglés. Morre en Portugal en 1994 e está enterrado en Lisboa.

A día de hoxe, Ernesto Guerra da Cal é un gran descoñecido en todo o Estado Español, non así en Portugal e outros países como Brasil e EE.UU., onde goza de gran prestixio. O seu fillo Enric Ucelay Da Cal é un brillante catedrático de Historia Contemporánea da universidade Pompeu Fabra de Barcelona, e autor de importantes traballos de investigación como *El imperialismo catalán.*

Se a colaboración de Guerra da Cal foi fundamental para a elaboración dos *Seis Poemas Galegos,* a de Eduardo Blanco Amor non o foi menos para a súa publicación. Blanco Amor coñece a Lorca a través de Guerra da Cal que llo presenta en Madrid en 1933 e manterá con el unha estreita relación como atestiguan a súa correspondencia e mesmo as estadías de Eduardo en Fuente Vaqueros.

En 1933, Blanco Amor xa era un home coñecido tanto no mundo cultural galego como español. Dende moi novo empezara a traballar no *Diario de Orense* e aos 22 anos, en 1919, emigrará a Arxentina onde desenvolverá un extraordinario labor cultural. En 1925 empeza a colaborar nun dos xornais máis prestixiosos de Arxentina, *La Nación* e en 1928 publica o seu primeiro libro, *Romances Galegos,* que máis tarde enviaría a Federico García Lorca.

Federico García Lorca e
Eduardo Blanco Amor, en Ortigueira. 1934

En 1929 realiza unha viaxe a Galicia e outra nova en 1933, as dúas como corresponsal de *La Nación.* Na primeira viaxe contactará con Castelao e co Partido Galeguista e tamén cos membros da Xeración Nos**.** Na segunda entrará en relación cos círculos intelectuais de Madrid**.** Por estas datas coñecerá a Lorca, Guerra da Cal, Dalí e Alberti e traballará como redactor-xefe da revista madrileña *La Ciudad.* En 1935 volverá a Arxentina e converterase nun escritor de recoñecido prestixio, primeiro en español con *La Catedral y el niño e Chile a la vista* e despois en galego con *A Esmorga e Xente ao lonxe.* Antes do seu retorno a Arxentina convencería a Lorca para que lle confiase os manuscritos dos *Seis Poemas Galegos* que el entregaría a Anxel Casal**,** e este publicaríaos o 27 de decembro de 1935 con prólogo de Blanco Amor.

Os distintos relatos desta exposición conmemorativa completáronse cunha magnífica mostra de traballos dos alumnos de plástica de 4º da ESO, que realizaron uns fermosísimos falsos gravados ao redor dos textos manuscritos dos *Seis Poemas Galegos,* coordinados polos profesores do Departamento de Plástica, Soledad Pite, Pedro Ávila, Juanjo Raíces e Ignacio Pascual.

Soledad Pite, Pedro Ávila e
Juanjo Raíces cos alumnos que
realizaron os falsos gravados
para a exposicion

Con esta exposición pretendemos contribuír ao relato duns feitos moi importantes tanto para o Instituto Rosalía de Castro como para a cidade de Santiago de Compostela e para a nosa Cultura. Resaltamos a importancia da estadía de Lorca en Compostela en maio de 1932, punto de partida da elaboración dos *Seis Poemas Galegos,* recordamos a decidida implicación de Blanco Amor e Anxel Casal nesta publicación e finalmente a importancia dese extraordinario e incontornable personaxe que foi o ferrolán Ernesto Guerra da Cal, dicionario vivente e incitador deste poemario en lingua galega.

A exposición non sería posible sen os sabios consellos de Joel Gómez e de Jesús Álvarez Flórez, e o apoio loxístico de José Arca, Xabier Mouriño, Luz González, Xavier R. Madriñán, Ruth Pardal, Chus Mendoza e Xosé Neira.

Unha placa na fachada do Instituto, fai función de recordatorio da estancia de Lorca en San Clemente e do proceso de creación dos *Seis Poemas Galegos.*

Mercedes Rosón, Alfonso Cabaleiro, Francisco L. Piñeiro e Marta Pita con Henning Mankell descrubrindo a placa, o día 9 de maio de 2011

Joel Gómez, Dorsey Boatwright e Enric Ucelay da Cal visitando a exposición.

O profesor do noso Centro, Alberto R. Rogina, deseñou o cartel anunciador da exposición

4.6
MENS SANA IN CORPORE SANO: O CLUB DEPORTIVO

Francisco Montero

O Club Deportivo, plenamente estruturado, xurde en 1994 despois da inauguración das novas instalacións deportivas, que xiran ao redor do polideportivo ideado por Paul Kleihues. Isto non significa que no centro non existiran antes actividades deportivas, incluso no marco das competicións federadas. Actividades que organizaba tanto o Departamento de Educación Física como profesores con paixón polo deporte ou a vicedirección do Centro, sobre todo no momento en que ocupaba este posto Francisco López Piñeiro. En 1994, dotado o Centro de boas instalacións para a práctica deportiva, un grupo de pais, relacionados co mundo do deporte, deciden crear un club deportivo que acolla aos alumnos que desexen participar en competicións federadas e non se sintan obrigados a acudir aos clubs deportivos dos centros privados da cidade. Entre este grupo de pais encóntranse moitos dos que mantiveron ao longo dos anos a estrutura deportiva do Rosalía de Castro: Tonecho Lorenzo, Ramón Boullón, José Caldas, Delmiro Prieto, Víctor Rodríguez, Pilar de la Fuente, Jorge Pérez, Eduardo Gutiérrez, Alfonso Paredes, Pancho Leis, Manel Martínez, que xunto cos profesores do centro aunaron esforzos co obxectivo de ofertar aos alumnos as mellores condicións para a práctica deportiva.

O equipo do ascenso a Liga EBA

Todo isto era imposible sacalo adiante sen patrocinios e, neste

mesmo ano, un grupo de empresarios e profesionais ao redor de Ruth Gómez e de Enrique Suárez Noche, que sería o primeiro Presidente do Club, forman o que sería o primeiro nucleo patrocinador do Rosalía. Nese grupo encontrábanse tamén Domingo Aller, José Lorenzo, José Otero, Segundo Rey, Santiago Seoane e Antonio Maroñas.

Os primeiros patrocinadores con Xosé Sánchez Bugallo, Jesús Pérez Varela, María Luisa Segade e José Luis Sáez, no salón de claustros do Instituto

O Club inicia a súa andadura fundamentalmente en dous deportes, baloncesto e fútbol campo, pero tamén se fomenta o fútbol sala, o balonmán, e comeza a medrar rapidamente de tal xeito que os alumnos que ata ese momento estaban practicando deporte federado en centros privados, intégranse rapidamente no proxecto deportivo do seu propio Instituto. Pouco a pouco incorpóranse tamén novos patrocinadores, que serían claves no desenvolvemento do proxecto, cabe destacar a ULLA OIL que desde o principio involucraríase e identificaríase coa filosofía do proxecto Rosalía. Quen lle diría a Jesús García Rendo e a Alejandro Martínez que co paso dos anos chegaríamos a antesala da ACB desde un Centro de Ensino.

As seccións máis importantes do Club son as de baloncesto e de fútbol, que iniciará a súa andadura ao carón da catedral, no campo de fútbol de San Martiño Pinario, cedido amablemente ao Instituto polo arcebispado compostelán. Posteriormente contaríamos cunhas magníficas instalacións no Colexio Maior Xelmírez dos Irmáns Maristas en Vista Alegre. Un excelente regalo dun personaxe extraordinario, o irmán Marcelino, que se convertería xa ata a súa morte nun dos nosos principais protectores. Hai que sinalar tamén que o Rosalía desde o primeiro momento mantén unha relación moi estreita co club Pío XII. O Colexio será un dos principais viveiros do Rosalía tanto académica como deportivamente. Incluso pais de alumnos, coordinadores, e entrenadores colaboraban ao mesmo tempo nos dous clubs, como foi o caso de Ramón Boullón e Kiko Montero. Estas converxencias e complicidades facilitarán un convenio de colaboración entre os dous clubs polo que os alumnos xogarían nos equipos do Instituto e as alumnas no do Colexio PIO XII.

O irmán Marcelino con Ricardo Aldrey no Pavillón do Rosalía

A filosofía do Club é, desde o primeiro momento, fomentar o deporte base. Non podemos falar do Club Deportivo sen falar do Instituto, dos pais e dos patrocinadores. Os tres piares nos que o Instituto se cimenta, EDUCACIÓN, CULTURA e DEPORTE, son claves para a formación integral dos nosos fillos e fillas.

Equipo Xuvenil en 1993, no campo dos Maristas

Co paso do tempo, o Club vai centrándose máis no mundo do baloncesto, isto basicamente é debido

a que o fútbol está moi enraizado nos diferentes barrios da nosa cidade, con proxectos de gran tradición e o Rosalía foi pouco a pouco orientándose no mundo da canastra. Paseniñamente, e gracias ao traballo dos xogadores e dos adestradores, o proxecto Rosalía vai collendo peso no baloncesto galego. Proba diso é a participación nas fases finais dos campionatos, tanto autonómicos como estatais, e que os nosos xogadores e adestradores forman parte importante das seleccións autonómicas galegas.

Equipo campeón galego infantil no ano 2009

Este traballo de base e o crecemento deportivo de xogadores provoca que os nosos alumnos necesiten ter unha referencia deportiva, unha ilusión, e pouco a pouco aqueles que chegaron ao club sendo infantís vanse asentando no equipo senior. Este equipo vai queimando etapas, autonómico, nacional, EBA e LEB. O Rosalía, ata a reaparición do Obradoiro, converteuse no máximo referente do baloncesto compostelán, competindo durante moito tempo na segunda categoría do basquet estatal. Ningún de nós podería pensar que un club de PATIO DE COLEXIO, podería competir con moitos clubs con estrutura de ACB. Polo noso club pasaron xogadores de gran nivel, algúns afincados en compostela, Koke Rama, Fernando Vicario, Lolo Castro, Eduardo Lada, Camilo Ribeiro, Rogelio Legasa, entre outros, e para algúns fomos o club que lles permitiu seguir formándose para dar o salto á ACB, David Doblas, Albert Fontet, David Navarro, Tom Wideman, Josh Asselin e Brad Oleson que sen dúbida foi o xogador máis importante dentro do noso Club. Brad Oleson foi o xogador clave, pola súa calidade humana e deportiva, naquel equipo que dirixido por Félix Muñoz e César Iglesias, estivo preto de xogar o ascenso á ACB.

Brad Oleson na súa etapa no Rosalía

O Club organiza múltiples actividades relacionadas co deporte de base, en colaboración coa Federación Galega e coa Federación Española de Baloncesto: cursos para adestradores e árbitros, Campionatos autonómicos e estatais en diferentes categorías. Moitos xogadores que agora están en ACB ou NBA, xogaron nestes campionatos como por exemplo Riki Rubio. O obxectivo era e é achegar o mellor deporte base do estado a nosa cidade, que servira de motivación para que os nenos/as de Santiago fixeran deporte. Estes eventos foron dinamizadores de outras actividades como os Campus de Basquet (con máis de 1000 participantes nas súas diferentes modalidades), Basquet na Escola (máis de sesenta colexios e institutos visitados), Campus itinerantes (realizáronse en máis de 20 concellos de Galicia), actividades que xorden desde o Rosalía e que, coa colaboración das Institucións e dos patrocinadores, poden chegar a bo porto.

Julio Gayoso e Laura Sánchez Piñón, reciben a Insignia de Ouro do club, no pavillón do Rosalía

Finalmente a reaparición do Obradoiro e a crise económica, que dificultaba enormemente os patrocinios deportivos, obrigou ao Instituto, a través da Fundación Educación e Deporte a apostar soamente polos equipos de base. Na actualidade case 300 nenos/as participan nos diferentes equipos e escolas que realiza o Rosalía tanto no propio Centro como en colaboración co Colexio López Ferreiro e os concellos de Oroso e Teo onde temos escolas

Patrocinadores e apoios do Rosalía, co Conselleiro de Educación Don Jesús Vázquez en 2010

deportivas. Por outra parte apostamos polo fomento de actividades formativas entre as que destacaríamos na actualidade o CAMPAMENTO URBANO, que nos meses de verán intenta dar unha oferta lúdica, deportiva e de idiomas nun marco de grande calidade.

Como podedes entender todo isto e ao longo de tanto tempo sería imposible sen a colaboración de moitas persoas, difícil recollelas todas, sempre quedaría algunha no tinteiro, polo que quero recordar aos nosos principais protectores: Jesús Pérez Varela, Francisco Campos, Manuel Portas, Laura Sánchez Piñón e Fernando Blanco e o noso amplo entorno empresarial que vai de Ulla Oil, Segundo Rey, Babío, Noyamóvil e Toyota, a Viaxes Peillet, Viaxes San Yago, Plexus e Roymel pasando por Caixanova, Kotlas e Beirasar. Finalmente facer referencia a dúas persoas: por un lado Ángel Castro, xogador, adestrador e persoa clave en moitos momentos difíciles do día a día do club, mantendo ilusión e ganas xunto co grupo de adestradores (Txitxon Soares, César Fernández, Gerardo Anllo, Álvaro Abuín, Carlos Souto, Ana Masaguer, Nerea Arca, Pablo Posse, Pablo Cereijo, Daniel Fuentes, Santiago Lorenzo, Marta Posse, Rocío Botana, Javier Pérez, Martín Camba, María del Mar Fernández) e, por outro lado Ubaldo Rueda, o *gran culpable* (isto con todo o cariño do mundo), de que este Proxecto Rosalía, Educación, Cultura e Deporte, clave na formación integral das persoas, nacera, crecera e se asentara como referente de proxecto de centro de ensino en todo o Estado. Como pai de alumnos, compostelán e sobre todo amigo, gracias Ubaldo pola ilusión e entusiasmo que nos contaxiaches a todos e polas moitas horas que compartiches con nós.

Xogadores do Rosalía que formaron parte das seleccións galegas no 2010

Campamento urbán no ano 2010

4.7
ARTES ESCÉNICAS NO ROSALÍA

Xabier Mouriño

O TEATRO é unha actividade de longa tradición no centro. Sempre houbo alumnado con ganas de subir a un escenario e profesorado ilusionado con levantar unha obra teatral cos medios máis elementais, ás veces incluso sen escenario. Pero é normal que onde hai adolescentes haxa interés polo teatro, porque poñerse na pel dun personaxe e tratar de cativar a atención dos espectadores a través do diálogo e das emocións é algo que engancha aos rapaces xa desde pequeniños –pensemos que moita da súa primeira aprendizaxe deriva do xogo simbólico, que non é máis ca unha representación dos roles sociais– e que continúa na adolescencia, que é cando se atopan no instituto.

No centro sempre houbo disposición e interés para que o alumnado puidese desenvolver a súa afección teatral. Durante os anos 80 e principios dos 90 do século pasado, a dirección das artes escénicas estivo en mans de dous profesores de materias ben antagónicas: José Filgueira, profesor de Física e Química, e Maripaz Padín, profesora de Literatura Española. Ámbolos dous, con moito traballo, capacidade de motivación e ilusión, conseguiron manter a actividade teatral case durante dúas décadas a un nivel altísimo. Da escola

Alumnado que participou na representación de *Fuenteovejuna*

de Filgueira saíu Gloria Ferreiro, unha actriz con temperamento que triunfou na Televisión de Galicia. Baixo a dirección de Maripaz Padín representáronse no centro obras de autores consagrados. Coa súa extraordinaria sensibilidade para interpretar os texto literarios, Maripaz conseguía que os actores representasen os seus personaxes cunha fonda carga emotiva. Entre as moitas obras que dirixiu, hai dúas que tiveron moito éxito: a representación de *Fuenteovejuna*, con Marta Iglesias Platas e David Ferro como protagonistas principais, e a adaptación que fixo da novela *La Colmena*. Durantes estes anos colabarou co teatro Adela Moldes, unha auténtica experta no deseño de vestiario.

A finais da década dos 90 responsabilizouse desta actividade o profesor de teatro José Arca. Co seu extraordinario labor, o teatro converteuse nunca das actividades estrela do instituto. Comezou con un grupo de teatro e na actualidade ten tres grupos. Ademais, é o coordinador do Equipo de Normalización Lingúísitica. En realidade, Arca é un auténtico dinamizador das actividades complementarias do instituto. Baixo a súa coordinación, e en colaboración co alumnado do Ciclo Superior de Animación Turística, organízanse dúas actividades –de grande aceptación entre o alumnado– moi relacionadas coas artes escénicas: o concurso de coreografías e o concurso de monólogos.

Representación da obra gañadora do Certame Intercentros. Teatro Principal, 2009

O concurso de coreografías é unha actividade que se realiza no Salón de Actos o último día previo ás vacacións de Nadal. Ten como finalidade que os alumnos participantes interpreten mediante o baile a música dunha canción que eles escolleron previamente e que ensaiaron, baixo a supervisión de Arca, durante os recreos dos meses de novembro e decembro. Adoitan participar arredor duns 10 grupos que un xurado avalía e decide quen son os gañadores.

Coreografía gañadora dos Cursos Superiores. Decembro 2011

Coreografía gañadora 1º Ciclo ESO. Decembro 2011

O concurso de monólogos organízase no Salón de Actos a véspera das vacacións de Semana Santa. Participan arredor duns 15 alumnos. Un xurado decide quen son os gañadores, que serán os que representen ao centro no Concurso galego de monólogos Conta Con Nós. En 5 ocasións, os gañadores do instituto acadaron tamén o primeiro premio nese concurso.

Antía Costas, gañadora do Concurso de Monólogos de Galicia en 2008

Xabier Mouriño Pereiro, gañador do Concurso de Monólogos de Galicia en 2009

O intenso traballo que Arca adica aos tres grupos de teatro foi recoñecido en varias ocasións nos premios Buero: premio mellor director en tres convocatorias, premio mellor vestiario e premio mellor actriz. Así mesmo, tamén conseguiu acadar en tres ocasións o premio intercentros de teatro da comarca de Compostela. Nestes casos, a obra premiada representouse no Teatro Principal de Santiago.

Precisamente, e debido a estes éxitos, o curso 2010-2011 instaurouse por primeira vez no Centro o grupo de Artes do Bacharelato Internacional, coa asignatura Artes Teatrais, a cargo do profesor Xosé Arca.

A LIGA DE DEBATE. Aínda que non é estrictamente unha actividade escénica, as competicións de debate teñen algo de teatro, en canto que implican asumir e defender posturas coas que un ás veces non está moi de acordo. As competicións de debate son a posta en escena dun enfrontamento entre dous equipos que defenden un mesmo tema desde posturas contrarias: un a favor e outro en contra. Como as posturas se deciden por sorteo, cada equipo debe preparar as dúas posturas.

Estas competicións teñen unha extraordinaria dimensión educativa, porque axudan a desenvolver no alumnado as habilidades propias da oratoria: saber falar en público, presentar argumentos convincentes e desenvolver a axilidade para contraargumentar.

O noso Instituto participou en varias ocasións nesta actividade de debate organizada pola Dirección Xeral da Xuventude. Estivemos nas dúas edicións da Liga de Debate. Na primeira obtivemos o premio á mellor oradora (para Silvia Fernández) e na segunda fomos os campións entre 48 equipos e conseguimos o premio á segunda mellor oradora (para Elena Forján). Catro alumnos: Gabriel Álvarez, Silvia Fernández, Santiago Romero e Elena Forján, xunto co seu capitán, o profesor Xabier Mouriño, e a colaboración do profesor de teatro Xosé Arca, foron os protagonistas deste triunfo. Na segunda etapa desta actividade, o Parlamento Xove, participamos de momento nunha ocasión, na que conseguimos o premio aos mellores argumentos.

Xabier Mouriño e o seu equipo foron os gañadores da Liga de Debate en 2009

4.8

APOSTA POLA INNOVACIÓN CIENTÍFICO TECNOLÓXICA

María Ascariz

Un dos obxectivos do proxecto educativo do IES Rosalía de Castro é o de fomentar a cultura científico-tecnolóxica xa que a formación neste ámbito contribúe a desenvolver capacidades e estimula a curiosidade e o espírito crítico do alumnado. Ademais, axuda a espertar o interese e a vocación científica dos xoves estudantes, nos que radica o futuro da investigación, factor fundamental para o desenvolvemento dun país.

Estes anos puidemos disfrutar de charlas e eventos de divulgación científica de gran interese para a nosa comunidade educativa, tendo incluso algúns deles unha gran repercusión na cidade. Como exemplo destacado destas actividades podemos mencionar a presenza no Instituto de Stephen Hawking en setembro de 2008 e a celebración da undécima edición do concurso internacional *Ciencia en Acción* do 1 ao 3 de outubro do 2010.

✻ STEPHEN HAWKING ANIMA A PROMOVER A CULTURA CIENTÍFICA DESDE A INFANCIA. Stephen Hawking, físico, cosmólogo e divulgador científico foi galardoado co premio Fonseca de divulgación científica no ano 2008, o que motivou a súa presenza en Santiago de Compostela durante cinco días, nos que ademais de recibir este galardón ofreceu charlas e roldas de prensa que propiciaron o seu encontro con numerosos estudantes, profesores e público en xeral.

O IES Rosalía de Castro foi o lugar elixido para falar do seu libro *Brevísima historia del tiempo* e facer a presentación en España de *La clave secreta del universo*, novela xuvenil que Stephen Hawking escribiu xunto a súa filla Lucy. *Brevísima historia del tiempo* foi comentado polo propio Hawking sinalando como conclusión que "o mundo depende cada vez máis da tecnoloxía e da ciencia. Polo tanto, é moi importante que a xente comprenda a ciencia e a mellor maneira de conseguilo é facer que se interesen por ela cando son xoves".

Stephen Hawking, no IES Rosalía de Castro

✻ **CIENCIA EN ACCIÓN: 112 PROXECTOS CIENTÍFICOS NO IES ROSALÍA DE CASTRO**. A ilusión, dedicación e empeño que puxeron o director do instituto, Ubaldo Rueda, e o profesor de Tecnoloxía Constantino Álvarez en asumir o reto de organizar este certame internacional fixeron posible que por primeira vez se celebrara nun centro de Ensino Secundario.

Dous pares de bois de Quiroga foron utilizados para escenificar o experimento das "esferas de Magdeburgo" no claustro do IES Rosalía de Castro

Durante tres días máis de 3.000 participantes, estudantes de primaria e secundaria, universitarios, profesores, investigadores e divulgadores científicos de toda España, Latinoamérica e Portugal, puideron asistir, no incomparable marco do edificio do IES Rosalía de Castro, á presentación de proxectos, conferencias, vídeos, obras de teatro e experiencias que serviron para achegar a todo o público a ciencia e a tecnoloxía.

✻ ***OLIMPÍADAS.*** O alumnado do IES Rosalía de Castro sempre tivo unha ampla participación en concursos entre xoves estudantes nos que o obxectivo primordial é estimular o estudo e o desenvolvemento. É o entusiasmo dalgúns alumnos os que animan aos profesores a dedicar parte do seu tempo á preparación destas actividades extraescolares.

Cabe destacar a participación do alumnado de ESO e Bacharelato na **OLIMPÍADA DE MATEMÁTICAS,** pois en tódalas finais olímpicas a nivel de Galicia hai algún representante do IES Rosalía de Castro.

Entre os alumnos de Bacharelato, Lucas Rey gañou o Segundo Premio no ano 2003 e o Primeiro no 2004. En 2005 Félix Ares foi Segundo e Pablo Cereijo Terceiro no ano 2008. Pablo Almuíña obtivo o Segundo Premio nas edicións, do 2009 e 2010. Diego Abel e David Mosquera no ano 2011 acadaron o Segundo e o Terceiro premio respectivamente. Todos eles **representaron a Galicia a nivel Nacional,** onde Lucas Rey acadou a **Medalla de Prata** no ano 2004.

Ana Quintáns, Coordinadora do BI, os alumnos Diego Abel e David Mosquera e o seu profesor de matemáticas Rafael Romero.

Tamén a participación dos máis pequenos ten boa acollida entre o noso alumnado de ESO e moitos deles participaron na final, como Daniel Barros, Marcos Oro, Pablo Forján, Telma Lago, Fernando Castro, Iago Larrinaga, Alberto Rama e José Fernández. Ana Juanatey e Elena Rodríguez Lois foron premiadas nas Fases Galegas de 2003 e 2010 respectivamente e ambas foron representantes de Galicia na **Fase Nacional.**

Ana Fandiño, André Bernal e Telma Lago, as súas profesoras C. González-Adán e M. Ascariz e o director U. Rueda

No ano 2011 o IES Rosalía de Castro participou por primeira vez na **OLIMPÍADA DE XEOLOXÍA,** na que tres alumnos de Primeiro de Bacharelato, Ana Fandiño, André Bernal e Telma Lago, obtiveron o Primeiro, Segundo e Cuarto Premio na fase galega, pasando a formar parte do equipo que representou a Galicia a **nivel Nacional**. Os tres quedaron clasificados entre os dez primeiros e Ana Fandiño, tras acadar o cuarto posto, formou parte do **equipo Nacional** que representou a España na **Olimpíada Internacional** que se celebrou en Módena en setembro de 2011.

✻ **PROXECTOS CIENTÍFICOS.** O importante número de premios acadados polo noso alumnado en distintos certames é un recoñecemento ao dinamismo, á implicación e á ilusión cos que o alumnado e o profesorado afrontan estes proxectos.

■ ***CERTAME DE XOVES INVESTIGADORES***

Este certame anual está organizado polo Ministerio de Educación e o Instituto da Xuventude. De tódolos traballos presentados, corenta son seleccionados para participar nun congreso que se celebra no Centro Eurolatinoamericano da Xuventude de Mollina en Málaga onde, ademais de conceder os premios convocados, son elixidos un máximo de tres para representar a España no Certame Europeo de Xoves Investigadores do ano seguinte.

Hai que destacar a importante labor realizada polos profesores coordinadores e especialmente reseñable é o traballo realizado por Dª Rosario García-Echave profesora de Bioloxía e Dª Carmen Touza profesora de Química na dirección dos proxectos presentados cada ano neste certame, no que son moi valorados polo seu rigor e orixinalidade.

PREMIO MENCIÓN ESPECIAL DO XURADO

Alejandro Rivero de Aguilar obtivo no ano 2008 o **máximo galardón** que concede este certame polo traballo *El microcosmos de los osos de agua: Primer estudio sobre los tardígrados en Galicia.* Este estudo foi elixido para representar a España no Certame Europeo de Xoves Investigadores que se celebrou en París no ano 2009 onde recibiu o **Premio Especial do Centro Nacional de Investigacións Científicas Francés.**

Alejandro Rivero representando a España no Certame Europeo de París

Pablo Almuíña representando a España no Certame Europeo de Helsinki

PREMIO ESPECIAL "ANO INTERNACIONAL DA BIODIVERSIDADE"

Pablo Almuíña recibiu este premio no 2010 polo traballo titulado *Arácnidos viviendo en nuestra piel. Estudio de los ácaros del género Demodex* que así mesmo foi elixido para participar como representante de España no **Certame Europeo de Xoves Investigadores** que se celebrou en Helsinki no ano 2011.

Ambos traballos foron coordinados pola profesora Rosario García-Echave

PRIMEIROS PREMIOS

Foron varios os primeiros premios acadados na Área de Ciencias da Terra e da Vida. Ángel Abuelo, no ano 2005, coa investigación *¿Por qué muchos jóvenes rechazan la leche en su dieta? El problema de la mala absorción de la lactosa y su intolerancia.* No ano 2006, Alba Velo analizou a visión dos animais para o traballo *Veo, veo…¿cómo ven?* e Sara Bernárdez no 2008 recolleu nos municipios de Galicia con maior



Ubaldo Rueda, Sara Bernárdez, Alejandro Rivero e Rosario García-Echave

lonxevidade mostras de viño, para facer o traballo *¿El vino… elixir de larga vida? Determinación de polifenoles en vinos de localidades gallegas de población más longeva.* A coordinadora destes traballos foi Rosario García-Echave.

Miguel Mas coa súa profesora Carmen Touza

Na área de Ciencias Físicas, Químicas e Matemáticas, a investigación coordinada pola profesora Carmen Touza *Una alternativa a los detergentes tradicionales: la nuez de Sapindus mukorossi* de Miguel Mas conseguiu o premio na edición do ano 2009.

SEGUNDOS PREMIOS

No ano 2007, Cristina Gómez fixo un estudo xenético para elaborar *¿Soy portadora de un alelo P*Z que provoca deficiencia de α-1 antitripsina?* e no 2011 Luís Miguel Martínez comprobou a actividade antibiótica do allo para a investigación *O allo e o limón medio cirurxiáns son*, ambos coordinados pola profesora Rosario García-Echave, acadaron este premio na área de Ciencias da Terra e da Vida.

Adrián Regueira, Francisco Manteiga e Luis Miguel Martínez

Na Área de Ciencias Físicas, Químicas e Matemáticas os traballos, coordinados por Carmen Touza *¿Cómo afectan las distintas condiciones ambientales a la degradación de la Vitamina C a lo largo del tiempo?* de Julio Quintela presentado no ano 2010, e *El chocolate, fuente de salud* de Adrián Regueira no ano 2011, foron merecedores desta distinción.

OUTROS PREMIOS

Noelia Gómez acadou un **Accésit** por *¿Tomo suficiente cantidad de Vitamina C con mi dieta?* na edición do 2010 e Francisco Manteiga o **Terceiro Premio** co estudo *Pementos de Padrón…¿pican ou non?* no ano 2011.

Na Área de Ciencias Sociais e Xurídicas, María Viñal acadou un **Accesit** no ano 2006 co traballo *Clonación un arma de dos filos,* coordinado polo profesor de filosofía Manuel Rivas.

¿Como pode un centro de Secundaria motivar e iniciar aos xoves nas primeiras fases da investigación científica?

Sen ningunha dúbida só a dedicación e o entusiasmo do profesorado pode logralo e así o valorou o Xurado do Congreso de Xoves Investigadores de España ao conceder os seguintes galardóns:

PREMIOS ESPECIAIS DO XURADO AOS PROFESORES COORDINADORES pola súa destacada labor do fomento da cultura científica, tecnolóxica e investigadora no ámbito da xuventude a:

Mª Rosario García-Echave López, na XIX Edición do Certame, ano 2006 e na XXI Edición, 2008

Mª del Carmen Touza Prieto, na XXII Edición do Certame, ano 2009.

Carmen Touza, Rosario García-Echave, Pablo Almuiña, Ubaldo Rueda e Noelia Gómez

PREMIO ESPECIAL AO CENTRO DOCENTE ao IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, na XXIII Edición do Certame, ano 2010.

A Asociación Cultural Instituto Rosalía de Castro concedeu a **INSIGNIA DE OURO** no ano 2010 á profesora Rosario García-Echave pola súa profesionalidade, dedicación e a extraordinaria labor realizada na dirección de monografias e traballos de investigación e a Alejandro Rivero de Aguilar en recoñecemento ao brillante traballo realizado durante os seus estudos neste Instituto.

Alejandro Rivero, Alfonso Cabaleiro, J. Luis Mira e Rosario García-Echave.

■ *A INNOVACIÓN TECNOLÓXICA*

A aposta pola innovación tecnolóxica e a creatividade é un empeño que os profesores do departamento de Tecnoloxía, fomentan desde o alumnado máis xoven. Na aula de tecnoloxía hai réplicas de muíños, maquetas de casas, engrenaxes e baterías de todo tipo que son un verdadeiro paraíso para os nosos pequenos aprendices.

"Todo o mundo pode innovar. É cuestión de ver unha necesidade e procurar o modo de resolvela. A innovación está na base dos países máis desenvolvidos e iso e o que tentamos comunicar nas nosas aulas" explica o profesor Constantino Álvarez.

PREMIOS GALICIA INNOVACIÓN JUNIOR

Desde o ano 2003, este certame organizado pola Dirección Xeral de I+D da Consellería de Industria, Innovación e Comercio conta cunha ampla representación do alumnado do IES Rosalía de Castro onde os seus proxectos innovadores son recoñecidos con numerosos premios.

PRIMEIROS PREMIOS

Alejandro Rivero de Aguilar acadou este premio no curso 2005-2006 co proxecto titulado *Sistema de guiado para conductores con discapacidades auditivas* e Rosalía Gómez no curso 2006-2007 por *Sistema de cuberta automática para piscinas*, onde propón unha solución inxeniosa e práctica para protexer da chuvia ás piscinas.

Un guante para o control de ordenadores cos *movementos da man* foi o invento de Pablo Dobarro gañador do Primeiro Premio na VII edición, ano 2008-2009. O seu *Handtracking*, destaca por ser sinxelo no manexo e permitir, sen embargo, unha gran variedade de funcións cun costo de produción de só cinco euros.

Pablo Dobarro, Juan Fraile, Iago Domínguez e Iago Rodríguez

SEGUNDO PREMIO

No curso 2005-2006 Casandra Gómez acadou este premio polo proxecto *Peche para bolsas de pan de molde.*

OUTROS PREMIOS

Algúns premios merecedores de **Accésit** foron: *Xiringa dun só uso con agulla retráctil de seguridade* de Alejandro Rivero de Aguilar, *Tendal intelixente* de Julián Novoa, *Alarma antirroubo para mochilas* de Álvaro Rodríguez, *Sistema de eliminación de dióxido de carbono* de Beatriz De Uña, *Cepillo-aspirador para*

animais de Marina Lamas e Raquel Noia, *Sistema de repostaxe de combustible diferenciado* para evitar confusións á hora de repostar combustible de André García, *Funda de coitelos fabricada en silicona* ideada por Iago Domínguez para evitar cortes accidentais e manter a hixiene ou *Chaveiro antipérdidas* de Juan Fraile e Iago Rodríguez. Son todos, en palabras dos seus profesores de Tecnoloxía, inventos moi prácticos que poden ter aplicación para mellorar a calidade de vida das persoas.

Os profesores de Tecnoloxía Constantino Álvarez e Jorge Gómez foron agasallados con Premios Especiais nas tres edicións dos Premios Galicia Innovación Júnior.

Os profesores Constantino Álvarez e Jorge Gómez cos alumnos Casandra Gómez e Alejandro Rivero

PREMIO DO CENTRO TECNOLÓXICO DE TELECOMUNICACIÓNS DE GALICIA

Elio Guion coa viseira gañadora

No ano 2008 Elio Guion gañou o **Primeiro Premio** por fabricar unha viseira que emite luces infravermellas que permiten cambiar a pantalla do PC ou activar o zoom só cun leve movemento de cabeza.

PROGRAMA TIC-TAC

Programa Talentos da Innovación e a Creatividade organizado pola Fundación Empresa - Universidade Galega e o Parque Tecnolóxico de Galicia.

No ano 2009 dous traballos do IES Rosalía de Castro foron premiados neste certame: *Sistema para manejar el ordenador con el movimiento de las manos,* elaborado por un equipo de alumnos de 3º de ESO, e *Utilización dos microchips na industria téxtil e no fogar,* presentado por alumnos de 4ºde ESO.

Alumnos participantes en TIC-TAC co seu profesor Constantino Álvarez

GALICIENCIA

Feira científica organizada polo Parque Tecnolóxico de Galicia co patrocinio da Xunta de Galicia.

Carlos Almuíña e Pablo Dobarro co Director Xeral de I+D+I e a Directora de Tecnopole

O noso centro leva participando os últimos tres anos nesta feira. No ano 2010, foron escollidos dous traballos do IES Rosalía de Castro para participar en Barcelona na XXII edición de Exporecerca organizada pola asociación MAGMA.

No ano 2011 Pablo Dobarro e Carlos Almuíña acadaron o **Primeiro Premio** co proxecto, *Zambuseta Laboratories,* baseado no uso "Arduino", unha plataforma de hardware libre deseñada para facilitar o desenvolvemento de proxectos de electrónica.

■ *PREMIO NACIONAL EXPORECERCA*

Pablo Fernández Garrido obtivo este premio organizado pola Universidade Pompeu Fabra no ano 2011 co traballo titulado *Estudio de la velocidad de enfriamiento de los líquidos. Establecimiento de la ley de la disminución de la temperatura* no que demostra, aínda que pareza paradóxico, que a velocidade de enfriamento de un líquido é maior canto máis quente está.

Pablo Fernández, xunto ao secretario do IES Rosalía, Xabier Mouriño, e o seu "mentor", o profesor Antonio Vidal

4.9
A IMPORTANCIA DE EDUCAR

Pilar Fernández Mira / Maribel Martín Misol

O Instituto Rosalía de Castro leva moitos anos promovendo accións de tipo solidario e de denuncia de situacións de inxustiza social, sempre desde a perspectiva de facer do seu alumnado, ao cabo mulleres e homes do inmediato futuro, un alumnado solidario, coñecedor e con criterio ante os problemas sociais.

Así, desde o Departamento de Educación Plástica poténciase todos os anos a participación en concursos sobre a **Igualdade** e a **Violencia de Xénero**, acadándose moitos premios tanto pola calidade artística como polo seu valor informativo e de denuncia.

A concelleira Mar Martín con Carmen Míguez e Sara Mouriño, gañadoras do X Concurso Educando na Convivencia en Igualdade

Cartel de María Ignacia Camiña Ceballos, seleccionado como mostra dos mellores carteis presentados polo Instituto

Tamén é necesario sinalar o labor que os alumnos do Bacharelato Internacional, dentro do **Programa das actividades CAS** (Creatividade, Acción e Servizo), propio dos estudos que cursan, veñen desenvolvendo con traballos con nenos hospitalizados ou con actividades de axuda contra a fame no mundo.

Venda de libros dos alumnos do BI co obxecto de conseguir fondos para o Corno de África

Por outra parte, resulta habitual a participación e colaboración dos noso alumnado en accións puntuais de axuda cando ocorren catástrofes similares ás do terremoto de Haití ou en defensa, por exemplo, do noso patrimonio natural. Así, o Rosalía participou na Marea Humana de Solidariedade e dignidade de 4.500 persoas man con man na costa galega.

Non podemos esquecer a xa tradicional colaboración do Instituto coa ONG Intermón Oxfam, colaborando ano tras ano na festa solidaria **Un día para a Esperanza**

Alumnos participando na festa solidaria de Intermón-Oxfam *"Un día para a esperanza"*

Finalmente, desde hai unha década os alumnos de 2º da ESO, dirixidos polas súas profesoras María Potel, Rosa Quintas e na actualidade Pilar Fernánde Mira, veñen participando no Concurso **Cidades Patrimonio** á proposta do Departamento de Educación do Concello de Santiago, sendo premiados en case todas as edicións polos seus traballos. Neste caso o que se pretende é educar no compromiso e responsabilidade co cuidado e conservación do legado das cidades e, en especial, daquelas que a UNESCO polos seus conxuntos históricos ten declarado Patrimonio da Humanidade.

Alumnos gañadores do concurso Cidades Patrimonio 2011

5

REMATE

PASEO GRÁFICO POLOS 70 ANOS DO ROSALÍA

Carmen Alonso / Mª José Ascariz / Francisco L. Piñeiro
Maribel Martín / Xabier Mouriño / Gemma Paredes

Nesta apartado preténdese completar a exposición da vida no Instituto Rosalía de Castro, facendo que sexan as imaxes as que trasladen ao lector a momentos, situacións e mesmo emocións que doutro xeito non poderían transcribirse.

Dase unha pequena mostra do arquivo fotográfico, seleccionada con boa vontade e sen outro criterio que o de abranguer a máis ampla participación das persoas que fixeron camiño na historia do Rosalía de Castro.

INAUGURACIÓN DE CURSO E ENTREGA DE DIPLOMAS

Dª. Mª Luisa García-Rodeja, D. Salvador Parga Pondal, D. Hilario Sainz e D. Eduardo García-Rodeja na inauguración do curso 1958-59

Inauguración do curso 1961-62, no corredor da planta alta

Consello escolar no Salón de Claustros, 1993

Salón de actos na actualidade

Xunta de avaliación no Salón de Claustros, 2009

D. Hilario Sainz na inaguración do curso 1961-62

Dª. Pura Lorenzana no acto de inauguración do curso 1993

Acto de fin de curso de 2º de Bacharelato, curso 2010-11

Inauguración do curso 2008-09

ACTIVIDADES

ARTES ESCÉNICAS

CREACIÓN LITERARIA

Cristina Padín, Beatriz G. Turnes e Isabel Iglesias Platas



EXPOSICIÓNS

MÚSICA

Iago Domínguez

Belén Bermejo e Laura Alonso Padín

VIAXES



Coimbra. 1961

Alumnas con D. Antonio Fraguas. Madrid. 1962

VIAXES

Almagro. 2011

Andorra. 2007

Cidades Patrimonio. 2011

Illa de Ons. 2011

INTERCAMBIOS

Irlanda. 2009

Alemaña. 2005

Intercambio con Francia

Paris. 2003

ENTROIDO

CIENCIA

Stephen Hawking no Instituto Rosalía de Castro

DEPORTE

Balonmán. 1965

Atletismo. 1975

ÉXITO La 'marea naranja' en la carrera de los escolares dio un gran colorido a la trigésima tercera edición de la pr

El IES Rosalía de Castro, el mejor en la Carreira de EL CORREO

El instituto santiagués fue primero, por delante de La Salle y del colegio Peleteiro// La organización sorteó ayer los MP3, MP4 y ordenadores

ANTÓN LINLA
Santiago

Ayer, la organización de la XXXIII Carreira Pedestre de Santiago EL CORREO GALLEGO dio a conocer los resultados de la prueba, celebrada el pasado domingo, en la categoría de centros educativos, cuyo vencedor resulta de un baremo realizado en función de los tiempos logrados por sus representantes.

Así, el compostelano IES Rosalía de Castro, con un total de 1.996 puntos se subió a lo más alto del podio, que completaron los también santiagueses Las Salle, segundo con 3.534 puntos, y el Colegio Peleteiro que se colgó el bronce con un total de 3.787 puntos.

El centro de enseñanza vencedor, es decir el Rosalía, recibirá una placa conmemorativa y 400 euros; mientras que a La Salle y a Peleteiro les correspon-

derán, además de la p
300 y 200 euros de pr
respectivamente.

También tendrán
cho a una placa el cua
el quinto clasificado, q
esta edición fueron la
pañía de María de San
y el Salustiano Bei Eir
Pobra do Caramiñal.

Pero como cada a
más aún ante el valo
tiene la prueba de e
res, la organización
ta que nadie se march
las manos vacías y po
todos los años sortea
rentes regalos entre l
ños y los centros. En
ocasión se trata de 10
nadores portátiles, y
co MP3, para los col
mientras que entre l
ños participantes se
sorteado 25 MP4, cuy
se puede consultar en
cuadro apoyo de esta
mación.

Así, los colegios
los que les han tocad
ordenadores, en el

CULTURA

Srs. Filgueira, Fraguas, Pousa Antelo, Carvalho Calero, *Borobó*, Pura Lorenzana, E. Peña e C. Nogueira

Srs. G. Reboredo, Fraguas, Filgueira e A. Blázquez

Ser Galego Hoxe con M. Gondar, B. García Turnes, Manteiga e Chao Rego. 1992

Alumnos no Parlamento Galego. 2011

V. Vázquez Portomeñe, Ceferino Díaz, Xosé A. Gómez Segade, Camilo Nogueira e Xosé Luis Barreiro. Cartel de Soledad Pite. 1989

PREMIOS SAN CLEMENTE E BENTO SPINOZA

17

©Sonia Alvite

CLUB ROSALÍA DE CASTRO

FOTO: SANTI ALVITE


El Correo Gallego
correo
DURHAM, NC

GALIZA É DA ROSALIA

Avda. Villagarcia, 2
Santiago

MOMENTOS LÚDICOS

Xubilación de
D. Alfredo Llecha

Xubilación de
D. Isidoro Millán e
D. Ricardo Mosquera

Xubilación de
Dona Agripina Gamallo

Xubilación de
Dona Carmen Pensado

Xubilación de
D. Xosé Manteiga e
Dona Josefina de la Torre

Xubilación de
D. Miguel Quintanilla

Excursión de profesores
a Portomarín. 1996

Comida de profesores con
D. José Luis Aranguren e
D. Carlos Mella

Profesoras con
Saramago. 1999

Profesores con
Saramago. 1999

D. Santiago Carrillo e
D. Xaime Barreiro Gil,
nunha comida con
profesores e amigos. 1990

Despedida de
Margarita Souto.
2011

PAGINA OCHO EL CORREO GALLEGO DOMINGO, 9 DE OCTUBRE 1960

EL ECO DE SANTIAGO

Misa de principio de curso y entrega de diplomas, en el Instituto "Rosalía Castro"

El catedrático Sr. Llecha, dando lectura a la Memoria del pasado curso, en el acto de la entrega de diplomas en el Instituto "Rosalía Castro"

Con gran brillantez se celebró en la mañana de ayer en la capilla del Instituto de Enseñanza Media "Rosalía Castro" la misa de principio de curso, acto al que concurrió el claustro de Profesores luciendo el traje académico. Presidió el director del Centro don Gonzalo Anaya Santos.

El recinto se hallaba abarrotado de alumnas y familiares.

Seguidamente se procedió a la distribución de los Diplomas a las alumnas que en el anterior curso obtuvieron matrícula de honor en un total de 64.

En el mismo acto fué leída por el secretario del Centro don Alfredo Llecha la memoria de las actividades del curso anterior y finalmente el director Sr. Anaya en breves y elocuentes palabras presentó la bienvenida a las alumnas del primer curso exhortando a todas a imitar el ejemplo en aplicación de las que fueron galardonadas.

REVISTA LA CLAVE, Nº 36, 21-27 DICIEMBRE 2001

PREMIOS

Paul Auster, el flautista de Santiago

Los estudiantes de Galicia le dieron un premio y él viajó desde Nueva York a recogerlo. Pasó veinticuatro horas en Santiago de Compostela y revolucionó a la ciudad.

El jurado del Premio Arzobispo San Clemente está formado por alumnos de Bachillerato del Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela y de cuatro institutos más, elegidos por sorteo, uno de cada provincia gallega. Está dotado con 1.500.000 pesetas y premia a las mejores novelas del año en lengua gallega, en lengua castellana y en lengua extranjera. Xelís de Toro, por 'Os saltimbanquis no paraíso', Hernán Rivera Letelier por 'Fatamorgana de amor con banda de música' y Paul Auster por 'Tombuctú' (Ed. Anagrama) fueron los elegidos para la que ya es la VI edición.

y quiso viajar en persona a recoger el galardón. Se instaló en el Hostal Reyes Católicos y cada uno de sus paseos provocaba un seguimiento parecido al del flautista de Hamelin. Tras la cena la tertulia duró hasta altas horas de la madrugada y Auster, siempre encantador, contestaba amablemente a todas las preguntas de sus jóvenes lectores. Sólo pedía tiempo para encender sus cigarros holandeses que degustaba con auténtico placer alrededor de una botella de vino de Amandi.

Jordi Herralde, Xelis de Toro, Hernán R. Letelier, Paul Auster y Ubaldo Rueda

Los alumnos se concentran en los pasillos de un centro ubicado en un hermoso y señorial palacio compostelano

Ubaldo Rueda Soto y Maribel Martín, director y jefa de estudios del Instituto, durante un momento de la entrevista

El centro «Rosalía de Castro» será mixto el año próximo

Angel Luis Amieiro - Durante el próximo curso académico, que comienza el día 1 de octubre, un total de 1.700 alumnos conformará el número total del alumnado del Instituto «Rosalía de Castro». El centro recoge el 50%, aproximadamente, de las solicitudes de plazas escolares que se producen en Santiago. Se han admitido 288 nuevos alumnos para el primer curso de B.U.P., 12 para el segundo, 10 para el tercero y 73 para C.O.U..

La novedad está en el contingente de alumnado masculino que comenzará primero de B.U.P. y que irá pasando los cursos paulatinamente hasta llegar al C.O.U. será de 54.

Siguiendo la política que la Consellería de educación ha llevado, el instituto cuya tradición de muchos años contemplaba unas mínimas condiciones, un salón de actos y otra serie de detalles que están en mente de los rectores del centro y de la propia las instalaciones docentes con que cuenta el centro.

El precioso edificio donde está instalado el instituto fue «objeto

COURRIER JAPON Vol.055 MAY 2009

5

Madrid, SPAIN

日本車販売店を通じてラブコール！「僕らの学校に村上春樹がやってきた」

エルサレム賞を受賞した翌月、村上が訪れたのは、スペイン北西部の小さな高校だった――。

Text by Jesús Ruiz Mantilla

3

月12日、作家の村上春樹はガリシア地方サンティアゴ・デ・コンポステラにいた。著書である「海辺のカフカ」にサン・クレメンテ賞を授与する高校生たちに会うためだ。創年および極年の受賞者として、同賞はジュリアン・バーンズやルイス・ランデーロらにも贈られた。

しかし、名だたる作家たちのなかでも村上は特別な存在だった。これまでスペインの出版社をはじめ、大学や権威ある文化機関も彼を国境まで呼び寄せることはできなかったのだから。にもかかわらず、熱心な読者たちがこの偉業をやってのけた。それも18歳にも満たない、一握りの生徒たちが――。

著書が世界中で読まれ、日本にも熱狂的なファンがいる村上だが、自身は、外界と距離をおく生活を選んできた。小説に籠る孤独を探して東京の街を歩くときも、人目を避け、周囲に戒だと思られないようにする。だが、そんな村上もスペインの生徒たちの熱心な呼びかけには応じてくれた、というわけだ。サンティアゴの高校、インスティトゥト・ロサリア・デ・カストロで14年前に創設された同賞は、ささやかな賞ではあるが、審査員である生徒たちにとっては、大きな夢を叶えてくれる賞でもある。

「これは私たちのお気に入りの作家に、人生の一日をともに過ごしてもらうための賞なのです」と授賞式を取り仕切った生徒は言う。こうしてこの地を訪れた作家には、ボール・オースター、ジョゼ・サラマーゴ、マリオ・バルガス・リョサらがいる。

「もっとここにいたい」

スペインの出版社は当初、生徒たちに「村上を呼び寄せるのは至難の業だろう」とアドバイスした。それでも「とにかく、やってみるつもりです」と生徒たちは答えたという。

でも、いったいどうやって？

「日本に関係のあることを調べているうちに、トヨタの販売店へ行くことを思いついたのです」と同校の校長は振り返る。こうして村上とのコンタクトに成功し、彼を説得した。仲介役は、自動車メーカーだったというわけだ。

村上はガリシア名物のタコを食べ、ワインを飲み、著書にサインし、公園や街の歩道を走った。

「もう少しここにいたいものです」賞を受け取る際、村上は生徒たちにそう語った。生徒たちは、というと、村上の作品について次のように評した。

「彼の文章はポップなリズムがベースにありながら、アルゼンチンの作家ホルヘ・ルイス・ボルヘスにも通じる、より深い境地に達している。また音楽性に富み、言葉をまるでメロディーであるかのように紡いでいく」

授賞式のあと、作家を囲む夕食会が開かれた。その頃には村上も、初日に彼を困惑させたカメラを嫌がらなくなっていた。くつろいだ様子で、作家になる前、どれほど熱心に本を読んだかを語った。

「読者は人生でもっとも大切なこと」でした。恋人以外にね」

小説を書きたいという欲求は、村上の人生を変えた。それは「天から降ってきたもの、一種のひらめきでした」と彼は言う。つまり魔法のようなもの、「神さんと分かち合えるうれしい魔法」なのだ、と。そして、こう続けた。

「日本人は電車の中で本を読みます。往復の通勤時間が3時間に及ぶ人もいて、そのため私はよく短い物語を書いてほしいと言われます。地下鉄の中で、立ったままでも読みやすいようにね。でも、無理なのです。どうしても長くなってしまう。止まらない。私はランナーなのです」

一方的に語るだけでなく、彼は生徒たちに熱心に質問を投げかけた。「スペインで話されているさまざまな言語や肉類、食べ物などについて聞かれました。またバルガス・リョサやガルシア・マルケスを尊敬していると話し、ほかにどんなスペイン語圏の作家を読めばいいかを聞かれました」と夕食会で隣に座った生徒は言う。

生徒たちは、いわく、「ビーターパンのような」村上の秘密に迫ろうとした。そんな生徒たちに心動かされたのか、ついに彼は自身にまつわる「神話」をいくつかもらした。

「彼は私たちとの写真撮影に応じてくれたのです」

そう、まさに彼らは偉業を成し遂げたのである。

「審査員」は10人の生徒たち。彼らは村上との写真撮影を心から喜んだ

A COMUNIDADE EDUCATIVA

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

FOTO: SANTI ALVITE

GALERIA DE DIRECTORES

DONA Mª PURA LORENZANA PRADO
03-11-1942 — 01-02-1956

DON HILARIO SAINZ SAINZ-PARDO
02-02-1956 — 30-06-1960 / 01-07-1962 — 05-02-1985

DON GONZALO ANAYA SANTOS
01-07-1960 — 30-06-1962

DON ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ
05-02-1985 — 30-06-1985

DON UBALDO RUEDA SOTO
01-07-1985 —

LISTADO DE PROFESORES: 1940-2012

Carmen Alonso / Francisco L. Piñeiro

Abalo Martínez, Manuel
Abruñedo Fernández, Ana Isabel
Abuín Méndez, Concepción
Abuín Soto, Manuel
Acuña Pérez, José Manuel
Aguerre Taborda, Ana Cristina
Aguirre López, Victoria
Albela Caramés, Cristina
Alcalá Pérez, José Manuel
Alonso Arriaga, Manuel
Alonso Pérez, Mª del Carmen
Alsina Gómez-Ulla, Mercedes
Álvarez Álvarez, Felisa
Álvarez Vázquez, Mª Luz
Álvarez Corral, Eloy
Álvarez Fernández, Carmen
Álvarez Fernández, Isaac
Álvarez Fernández, Mª Carmen
Álvarez López, Cristina
Álvarez López, Julio
Álvarez Montes, Marta
Álvarez Mosquera, Francisco Javier
Álvarez Muíña, Constantino
Álvarez Yagüe, Jorge
Amor Ruibal, Gloria
Anaya Santos, Gonzalo
Arango Menéndez, Fernando
Araújo Menéndez, Fernando
Arca Camba, Mª Carmen
Arca Núñez, Xosé Manuel
Arce Pena, Josefa Mª
Arias Abelleira, Leonardo
Armesto Ramón, Constantino
Ascariz Arias, Mª José
Asorey González, Francisco
Astray Sanmartín, Teresa
Ávila Durán, Pedro

Balboa Fuentes, Josefa
Baliñas Pérez, Rafael
Bande Castro, José
Bao Forns, Mercedes
Bará Torres, José Luis
Barca Guitián, Dolores
Barcia Bouzas, Juan Carlos
Bardán Barrera, Purificación
Barreiro Barreiro, Clara
Barreiro Carneiro, Mª Jesús
Barreiro Felpeto, Lidia
Barreiro Suárez, José María
Barreiro Suárez, Plácido
Barreiro, Jesusa
Barros Díos, Irene
Basanta, Angelines
Batalla Larrieu-Let, Lea Sofía
Becerra de Gil, Vicente
Becerra López, Milagros
Begue Montañés, Samuel
Bel Ortega, Fernando
Bello Castiñeiras, Paz
Bello Prada, Isabel
Benito Torres, Mª Carmen
Berdullas Guerra, Juan
Bermejo Mateo, Isabel
Bermúdez Casáis, Dolores
Bértolo Pichel, Purificación
Blanco Baluja, Susana
Blanco Rivero, Consuelo
Blanco Rúa, Antonio
Boado Vázquez, Mercedes
Bogo López, Carmen
Bongiorno García, Minia
Boullón da Torre, Rafael
Bouvier, Muriel
Bouza Bellas, Mónica
Bóveda Bello, Francisco
Bravo Cores, Daniel Manuel
Breñilla Blanco, Angeles
Breñilla Blanco, Mª Eugenia
Briones Varela, Mª del Pilar.
Buíde García, Benito
Buíde Pollán, Mª Esther
Bustamante Parga, Joaquina
Buxán Saco, Carmen

Caballero Yribarnegaray, Concepción
Cabanelas Pousa, Ana Belén
Cabero de Vega, Delia
Cabezas Gelabert, Juana
Calderón Fernández, Luisa
Calvete de la Iglesia, Mª Luisa
Camafeita Pazos, Josefina
Cambeiro López, A. María
Camellas García, José Luis
Camino Sánchez, Manuel
Campos Villar, Xabier
Campoy Vázquez, Carlos
Canedo Rodríguez, Antonio
Carballal Bascoy, Rosa Mª
Carballido Mugico, Rosa María
Carbalho Calero, Ricardo
Carreira Carballal, Mª Francisca
Carretero Pasín, Ángel
Carro Amigo, Mercedes
Casáis Álvarez, Teresa
Casal Lueiro, Azucena
Casal Pereira, Mª Dores
Casal Rubio, Antonio
Casanova Montpó, Josefina
Casillas Martín, Angel
Castillo Cofiño, Rosa
Castro Cotón, Matilde
Cebrián Franco, Genaro
Cela Folgueiras, Manuel
Cepeda Iglesias, Mª Carmen
Cobeta Jimeno, Manuel
Cochón Touriño, José Luís
Conde García, Mª de los Angeles
Coo López, Mª Pilar
Cores Transmonte, Pilar
Cornejo Alvarez, José Manuel
Cornes Iglesias, José Francisco
Costa Alcalde, Mª José
Costa Ramos, Mercedes
Costoya Santos, Rodrigo
Cruceiro González, Amparo
Couso Noya, Manuela
Crespo Álvarez, Mª de los Milagros
Creus Andrade, David
Criado Martín, Carlos
Criado Pérez, Antonio
Cumplido Vilariño, Jesús M.

Chao Rego, Xosé
Charro Salgado, Ana María
Chenlo Martínez, José Manuel
Chouza Noal, Juan José

Da Torre Lagares, Josefina
De Francisco Iglesias, Julia
De Latorre Navarro, Matilde
De Latorre Navarro, Enrique
De Paula Pombar, Nieves
De Santiago Rodríguez, Mercedes
De Toro Santos, Xesús Miguel
Deive Dapena, Leonor
Del Río Somoza, Antonio
Del Río Vázquez, Ángel
Del Valle Vázquez, Mª Luisa
Díaz Castro, Mª Luisa
Díaz Vidal, Ana
Domínguez Méndez, Alberto
Domínguez Reboiras, Mª Luisa
Domínguez Ríos, Mª Alicia
Dopazo Romero, Pedro
Dopico Calvo, Consuelo
Dopico Rodríguez, Mª José
Dosil Gago, Donato
Dubert Cuns, Abelardo
Dubert Cuns. Antonio
Durán Gómez, Mª José
Durán Pollán, Reyes
Durán Sotelo, Antonio

Enríquez Morales, Mª José
Enríquez Salido, Mª del Carmen
Escudeiro Salgueiro, Pío.
Escudeiro Salgueiro, Vicente
Esmoris Cambón, José
Espiñeira Caderno, Sonia
Espur Sánchez, Demetrio
Estévez Alonso, José Paulino

Fabeiro García, Dolores
Facal Méndez, Mª Victoria
Faci Muñoz, Alfonso
Fandiño Suárez, Mª Carmen
Feáns Landeira, Manuel
Feijóo Juarros, Begoña
Feo García, Julio
Fernández Agrafojo, Mª José
Fernández de la Gándara, Gonzalo
Fernández Ferro, Mª Dolores
Fernández Gasalla, Leopoldo
Fernández González, Manuel
Fernández Méndez, Soraya
Fernández Mira, Mª del Pilar
Fernández Ocampo, Mª del Carmen
Fernández Pardo, Casimiro
Fernández Piñeiro, Amada
Fernández Rey, Daniel
Fernández Rodríguez, Manuel
Fernández Sabín, Ricardo
Fernández Sánchez, Mª Teresa
Fernández Silva, Concepción
Fernández Sulleiro, Jesús
Ferrón Anegón, Fernando
Ferreiro Fernández, Santiago
Ferreiro Figueiras, Baltasara
Ferreiro Romarís, María
Ferrín Moreiras, María
Ferrín Moreiras, Pastora
Figueirido García, Juan José
Filgueira Cobos, José Antonio
Filgueira Fernández, Juan
Fins Vieito, Esther
Fraguas Fraguas, Antonio
Franco Toimil, Rosa
Freire Freire, Mª Marivel
Freire Rial, Angela .
Frieiro Diez, Mª José
Fuentes Mallo, José
Fuentes Ríos, Aránzazu

Gago Rodríguez, Pilar
Gamallo Pardo, Agripina
Gárate Castro, Alejandro
Garbayo Montabes, Javier
García Brea, Laura
García Brea, Mª Margarita
García Bruján, Dolores
García Caamaño, Alfredo
García Carril, Nemesio
García Castro, Jesús
García Castro, Manuel
García de Cortázar, Victoria
García Fernández, Encarnación
García-Echave López, Rosario
García Fraga, Mónica
García Fraguela, Dionisia
García García, Esperanza
García García, Mª José
García García, Manuel
García Grufao, Dolores
García Guerra, Consuelo.
García Madrazo, Mª Pilar
García Paz, Carlota
García Pereira, Esther
García Rivas, Enma
García- Rodeja Fernández, Carmen
García- Rodeja Fernández, Eduardo
García- Rodeja Fernández, Eugenio
García- Rodeja Fernández, Mª Luisa
García- Rodeja Fernández, Mª Teresa
García Sánchez, Carmen
García Sendón, Manuel
García Villamisar, Jesús
García-Echave López, Rosario
Garmendia Ydiáquez, Mª Dolores
Gay Pérez, Teresa
Gayoso Díaz, Eulalio
Gil Ruiz, Irene
Gilino Sanmartín, Mª Concepción
Giménez, Antonio
Girón Astral, Herminia
Gómez Galkina, Elena
Gómez Mejuto, Ana Isabel
Gómez Penas, Víctor
Gómez Suárez, Jorge
Gondell Delgado, Yolanda
González Adán, Concepción
González Albardonero, Rosalía
González Barja, Manuel
González Calvo, Juliana Victoria
González Cao, Lucía
González Cao, Mª Victoria
González Crespo, Elena
González de la Gándara, Gonzalo
González Fernández, Angel
González Fernández, Mª José
González González, Manuel
González Puga, Carina
González Reboredo, José Manuel
González Santos, Ángeles
González Varela, Mª Carmen
González Vázquez, Leoncio
González Vázquez, Olimpia
González Vázquez, Ricardo
González Velasco, Luisa
Graña Carrodeguas, José
Graña Fernández, Paula
Graña Núñez, Xosé
Graña Santos, Mª Xosé
Gregorio Gregorio, Montserrat
Gutiérrez Cabeza, Ángel

Hayet López, Ricardo
Hermida Santos, Manuel

Iglesia Alvariño, Aquilino
Iglesia Montero, Mª Cristina
Iglesias Castro, Francisco
Iglesias Estepa, Raquel
Iglesias Feijoo, Susana
Iglesias Garea, Elena
Iglesias López, Isabel
Iglesias López, Manuel
Iglesias Mareque, Baltasar
Iglesias Morales, Gabriel
Iglesias Rábade, J. Luís
Iglesias Riopedre, José Luís
Iriso Delicado, Mª Teresa

Jato Rodríguez, Cristina
Jorge Barreiro, Consuelo
Jorge Barreiro, Rafael

Lago Calvo Mª Luz
Langtry Grandel, Jaime
Lanzós Novoa, José Benito
Lapresta Fernández, Antonio
Lata Montoiro, Cástor
Ledesma Ramos, Trinidad
Lefèvre, Jean Claude
Leirós Fernández, Eladio
Lema Bouzas, Fernando
Lendoiro Esmorís, Margarita
López Amiama, Mª del Carmen
López Ayuso, Esperanza
López Baleato, Elisardo
López Becerra, Milagros
López Campo, Carmen
López Campo, Mª Soedade
López Cancela, Mª del Carmen
López Carballo, Francisco Luís
López Carballo, Mª Esther

López de Prado, Antonio
López Fariña, Miguel Angel
López Fernández, Luis Miguel
López García, Eulalia
López Gato, Rosa
López Íñiguez, Déborah
López López, Miguel Angel
López Lozano, Victorino
López Piñeiro, Francisco
López Ramón, Mercedes
López Ramos, Luis Carlos
López Rey, Ramona
López Rodríguez-Moldes, Enriqueta
López Sanchez, Mª Dolores
López Santos, Cristina
López Silva, Xosé
López Vázquez, Mª Teresa
Lorenzana Prado, Mª Purificación
Lorenzo Álvarez, Josefa
Lorenzo Cruz, Purificación
Lorenzo Penela, Mª del Carmen
Losada Álvarez, Dolores
Losada Lage, Luisa Irene

Llecha Ferrer, Alfredo

Macías Delgado, Jacinta
Maián Brocos, Mª France
Maïssa Rodrigo, Giselle
Malmierca Barros, Remedios
Manteiga Pedrares, Xosé
Marchite Llera, Pilar
Maril Sánchez, Mª Carmen
Mariño Bobillo, Mª Carmen
Mariño Mirazo, Clorinda
Mariño Sieiro, Mª del Carmen
Marque Marque, Manuel Xesús
Martín Doblado, Antonia
Martín Misol. Mª Isabel
Martín Sánchez, Adelaida
Martínez Abellán, Antonio
Martínez Álvarez, Xosefa
Martínez Bazarra, Mª Jesús
Martínez Espiñeira, Yolanda
Martínez Grela, José Antonio
Martínez Jiménez, Jorge
Martínez San Luís, Ana Mª
Martínez Torea, Margarita
Mateos Ramos, Elisa
Mayer Viña, Enrique
Mayo Mayo, Diego
Meijomín Carballo, Luisa Remedios
Melchor Mourenza, Juliana
Méndez Cea, Fernando
Méndez Morandeira, Esperanza
Míguez Iglesias, Mª Dolores
Míguez Rodríguez, José Luís
Milmanda Cajaraville, Mª Soledad
Millán González-Pardo, Isidoro
Modia Ferreiro, Mª Nieves
Molina Nieto, Victoria
Molina Poch, Concepción
Montero Botana, Juan
Montero López, Manuel
Montes Vázquez, Sofía
Morán López, Aurora
Moreira, Pernelle
Moreiras Plaza, Amalia
Moreno Castillo, Enrique
Moreno Castillo, Gloria
Moreno González, Mª Gemma
Moreno Varela, Socorro
Mosquera González, Ricardo
Mourelle Mosqueira, Josefa
Mouriño Cajide, Xabier
Mujico Valiño, Concepción
Muñoz Bárez, Severino
Muras González, Cecilia

Neira González, José Manuel
Nieto Caamaño, Dolores
Nieto Olano, Carmina
Nogales Sánchez, Carmen
Novo Iglesias, Marta
Núñez Bendara, Josefa
Novoa Pedreira, Mª Luisa
Núñez Millán, Concepción
Núñez Suárez, Mª Mercedes

Oliveros Oliveros, Concepción
Orjales Ramírez, Isabel
Ortega Romero, Mª Socorro
Osorio Núñez, Mª Teresa
Osuna Castillo, Mª Carmen
Otero Abalo, Rosina
Otero Fernández, Aníbal
Otero Pérez, Hilda
Otero Sánchez, Amparo
Otero Sande, Mª Teresa
Otero Soto, Rita
Otero Vázquez, Concepción
Outomuro Vázquez, Enrique

Pacoret Balsa, Consuelo
Padín Castro, Mª Paz
Palleja Brú, Jaime
Paniagua López, Mª Luz
Panisse Ferrer, María del Portal
Pardellas de Blas, Gonzalo
Pardiñas Blanco, José.
Paredes Suárez, Gemma
Parga Pondal, Salvador.
Pascual Vázquez, Ignacio José
Paz de Lema, Manuel
Paz Gago, María
Pazos Pardos, Mercedes
Pena Souto, Mª Cristina
Penelas Cortes-Bellas, Montserrat
Pensado Tomé, Carmen
Peralta Jiménez, Mª Luisa
Perdiguero Lago, Rosa
Pereira Cordido, José Manuel
Pereiro Loureiro, Elena
Pérez Edreira, Florencio
Pérez Fernández, Aurora
Pérez López, María
Pérez Mateos, Mª Teresa
Pérez Méndez, Serafín
Pérez Pereira, Carmen
Pérez Rodríguez, Mª Luisa
Perez Rubial, José
Pérez Varela, Emilio
Pérez Vidal, Germán Jesús
Picanes Mosquera, Enrique
Picón Romero, Margarita
Pimentel Novo, Manuela
Pintos Vieites, Carmen
Piñón López, Mª Lourdes
Pite Sanjurjo, Mª Marisol
Plata Astray, Gabriel
Platas Tasende, Ana Mª
Platero Fernández, Miguel
Pombo Arias, Rosa
Pombo Sánchez, Manuel
Porta Ribas, Belén
Posse Pena, Rita
Potel Torres, María
Pousa Ortega, Elena
Prada Cantalapiedra, Petra
Prado Fernández, Margarita
Prieto Rodríguez, Gloria
Prieto Díaz, Manuel
Pumar Fernández, Rosa
Puñal Rodríguez, Manuel Joaquín

Quintáns Vázquez, Ana
Quintas Losada, Rosa
Quintela Bermúdez, Cristina
Quintela Miramontes, Jesús

Rábade Paredes, Xesús
Rabanal Álvarez, Manuel

Rabanal Iglesias, Mª Carmen
Raíces Silva, Juan José
Rama López, José Antonio
Ramos Cruz, Felisa
Ramos Díaz, Ignacia
Ramos Jiménez, José
Rañal Loureiro, Manuel Francisco
Raposo Garín, Mª Angeles
Raposo Montero, Jesús
Raposo Rodríguez, Fernando
Rey Álvarez, Marta María
Rey Burillo, María
Rey Freire, Carmen
Rey López, Ramona
Rial Duarte, Marina
Riera Fernández-Reigosa, Mª Luisa
Rial Losada, Pilar
Ribas Crespo, Josefa
Ribas Fraga, Mª del Carmen
Ricón Molina, Mª del Rosario
Riera Fernández-Raigosa, Mª Luisa
Ríos Creo, Mª Jesús
Ríos Graña, Ana Mª
Ríos Panisse, Mª do Carmo
Ríos Quintás, Mª Pilar
Ríos Ronquete, Antonio
Ríos Torre, Miguel
Rivas Bentín, Olga
Rivas García, Manuel
Rivera Valle, Rafael
Rodrigo Alegre, Margarita
Rodríguez Bordallo, Ramón
Rodríguez Bruzos, Mercedes
Rodríguez Caamaño, Mª Teresa
Rodríguez Calo, Mª Dolores
Rodríguez Dacal, Carlos
Rodríguez Díaz, Laura
Rodríguez Domínguez, Ramón Antonio
Rodríguez Ferreiro, Hilario
Rodríguez Garabatos, Blanca Paula
Rodríguez González, Miguel Ángel
Rodríguez Labajo
Rodríguez Lema, Carmen Mª
Rodríguez Lojo, Valentín
Rodríguez López, Olga
Rodríguez Losada, Mª Esther
Rodríguez Madriñán, Javier
Rodríguez Miras, Mª Dolores
Rodríguez-Moldes Ramos, Adela
Rodríguez Muñoz, Esther
Rodríguez-Navas Sánchez, Teresa
Rodríguez Núñez, Laura
Rodríguez Osorio, Esmeralda
Rodríguez Pérez, Emilia
Rodríguez Raña, Eugenio
Rodríguez Rey, Mª Jesús
Rodríguez Rogina, Alberto
Rodríguez Ruibal, Mª Carmen
Rodríguez Somoza, Xiao
Rodríguez Vadillo, Francisco
Rodríguez-Navas Sánchez, Teresa
Roig Rechou, Margarita
Roig Rechou, Mercedes
Romero Baña, Manuel
Romero López-Grado, Rafael
Romero Rodríguez, Emilia
Rubiños Pérez, Mª Luz Divina
Rueda Soto, Ubaldo
Ruibal Amor, Gloria

Sainz García, Angel
Sainz García, Hilario
Sainz García, José Fernando
Sainz García, Mª Jesús
Sáinz Sáinz-Pardo, Hilario
Salgueiro Rodríguez, Ana
Samartín Cornes, Mª Carmen
Sampedro Ayaso, Mª Dolores
Sánchez Leira, Mª Josefa
Sánchez Sala, Mercedes
Sánchez Vigo, Antonia
Sanda Couceiro, Ángeles
Sanjuán Gestoso, Miguel A.
Sanmartín Outeiral, David Abdón
Sanmartín Penas, Corona
Santamaría Villaverde, Inés
Santana Penín, Plácida
Santiso Sánchez, Ana María
Santos Barroso, Montserrat
Segade Gómez, Jesús
Seoane Ballester, Mª Isabel
Sevillano Estremera, Angel
Shaw Fairman, Patricia
Sieira Álvarez, Rosa Mª
Simón López, Margarita
Sobrado López, Mª Rosario
Sobrino Lorenzo, Mª Jesús
Soler Pastor, Teresa
Soneira Lema, Ramón
Souto Negrete, Mª del Rosario
Suárez Casais, José
Suárez Cotelo, José Luis
Suárez Martínez, Adolfo

Taboada Fernández-Cid, Leonor
Tarrío Varela, Carmen
Tedín Conchado, Mª José
Tojo Alonso, Mª Carmen
Tojo Sierra, Emilia
Torrado Blanco, Mª Sagrario
Torrente Ballester, Gonzalo
Torres González, Ana Mª
Torres Rodríguez, Casimiro
Touza Prieto, Mª del Carmen
Trastoy Lage, Antonio
Turina Garzón, José Luís

Ulbritch Protze, Otilia
Urdiales Campos, José Millán
Usabel Hernández, Pilar

Varela Carreira, Carmen
Varela Duro, Manuel
Varela González, Milvia
Varela Gutiérrez de Caviedes, Gustavo
Vázquez García, Nuria
Vázquez González, Clemente
Vázquez González, Silvia
Vázquez Pérez, Paula
Vázquez Rodríguez, José Manuel
Vázquez Rozas, Marcos
Vázquez Uña, Mª Jesús
Vázquez Vázquez, Adela
Véliz Carril, Pascual
Véliz Carril, Isabel
Verao Pérez, Jesús
Vérez Pena, Josefa
Vicente Martín, Pilar
Vicente Martín, Rosario
Vidal Abascal, Enrique
Vidal González, Antonio
Vidal López, Santiago
Villar del Río, Ismael
Villar Nieto, María
Villar Somoza, Luis
Villar Vázquez, Vicente
Villena Pérez, Abilio
Viña Liste, Mª Jesús

Yebra-Pimentel Rodríguez, Isabel

O *Instituto Rosalía de Castro e O Colexio San Clemente*
rematouse de imprimir nos talleres de
Gráficas Garabal o 31 de xaneiro de 2012

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CONCELLO DE
SANTIAGO